# Programación didáctica

# Curso 2020 – 2021

# DEPARTAMENTO DE XEOGRAFÍA E HISTORIA

## ÍNDICE

0.Introdución e contextualización........8

0.1.Membros, etapas educativas e materias do departamento de Xeografía e Historia........8

.0.2.Marco lexislativo........9

0.3.Propostas para a revisión da programación didáctica........9

I.PROGRAMACIÓN DE XEOGRAFÍA E HISTORIA. EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA

1.XEOGRAFÍA E HISTORIA: PRIMEIRO CURSO ESO........9

1.1.Introdución e contextualización........9

1.2.Previsión do desenvolvemento da programación nos escenarios de actividade lectiva semipresencial e/ou non presencial........10

1.3.Contribución ao desenvolvemento das competencias clave........10

1.4.Concreción, de ser o caso, dos obxectivos para o curso........13

1.5.Concreción das aprendizaxes imprescindibles non adquiridas o curso anterior........13

1.6.Liñas xerais do plan de reforzo e recuperación das aprendizaxes imprescindibles non adquiridas o curso anterior. Medidas metodolóxicas e organizativas........14

1.7.Relación de estándares e concreción para cada estándar de aprendizaxe avaliable de:

- Obxectivos e contidos desenvolvidos........14
- Temporalización........14
- Grao mínimo de consecución para superar a materia........14
- Procedementos e instrumentos de avaliación........15

1.8.Concrecións metodolóxicas que require a materia........28

1.9.Materiais e recursos didácticos........32

1.10.Criterios sobre a avaliación, a cualificación e a promoción do alumnado........33

- Procedementos / Instrumentos de avaliación........33
- Criterios de cualificación........33
- Criterios de avaliación........33
- Proba extraordinaria........33

1.11.Deseño da avaliación inicial e medidas a adoptar en función dos resultados........35

1.12.Medidas de atención á diversidade e dificultades derivadas da fenda dixital........35

1.13.Concreción dos elementos transversais........35

1.14.Actividades complementarias e extraescolares........36

2.XEOGRAFÍA E HISTORIA: SEGUNDO CURSO ESO........36

2.1.Introdución e contextualización........36

2.2.Previsión do desenvolvemento da programación nos escenarios de actividade lectiva

semipresencial e/ou non presencial……………………………………………………………………………37

2.3.Contribución ao desenvolvemento das competencias clave……………………………………………..37

2.4.Concreción, de ser o caso, dos obxectivos para o curso…………………………………………………..40

2.5.Concreción das aprendizaxes imprescindibles non adquiridas o curso anterior………….…….41

2.6.Liñas xerais do plan de reforzo e recuperación das aprendizaxes imprescindibles non adquiridas o curso anterior. Medidas metodolóxicas e organizativas……………………………….41

2.7.Relación de estándares e concreción para cada estándar de aprendizaxe avaliable de:

- Obxectivos e contidos desenvolvidos…………………………………………………………………..42
- Temporalización………………………………………………………………………………………………...42
- Grao mínimo de consecución para superar a materia………………………………………….43
- Procedementos e instrumentos de avaliación……………………………………………………..44

2.8.Concrecións metodolóxicas que require a materia……………………………………………………….57

2.9.Materiais e recursos didácticos………………………………………………………………………………….57

2.10.Criterios sobre a avaliación, a cualificación e a promoción do alumnado……………………..58

- Procedementos / Instrumentos de avaliación………………………………………………………58
- Criterios de cualificación……………………………………………………………………………………..59
- Criterios de avaliación…………………………………………………………………………………………60
- Proba extraordinaria…………………………………………………………………………………………...60

2.11.Deseño da avaliación inicial e medidas a adoptar en función dos resultados………………...61

2.12.Medidas de atención á diversidade e dificultades derivadas da fenda dixital…………………61

2.13.Concreción dos elementos transversais……………………………………………………………………..62

2.14.Actividades complementarias e extraescolares……………………………………………………………63

3.XEOGRAFÍA E HISTORIA: TERCEIRO CURSO ESO………………………………………………………………63

3.1.Introdución e contextualización…………………………………………………………………………………..63

3.2.Previsión do desenvolvemento da programación nos escenarios de actividade lectiva semipresencial e/ou non presencial……………………………………………………………………………64

3.3.Contribución ao desenvolvemento das competencias clave……………………………………………..64

3.4.Concreción, de ser o caso, dos obxectivos para o curso…………………………………………………66

3.5.Concreción das aprendizaxes imprescindibles non adquiridas o curso anterior……………….67

3.6.Liñas xerais do plan de reforzo e recuperación das aprendizaxes imprescindibles non adquiridas o curso anterior. Medidas metodolóxicas e organizativas……………………………….67

3.7.Relación de estándares e concreción para cada estándar de aprendizaxe avaliable de:

- Obxectivos e contidos desenvolvidos………………………………………………………………….68
- Temporalización…………………………………………………………………………………………………68

- Grao mínimo de consecución para superar a materia……………………………………………..68
- Procedementos e instrumentos de avaliación…………………………………………………………70

3.8.Concrecións metodolóxicas que require a materia…………………………………………………….79

3.9.Materiais e recursos didácticos………………………………………………………………………………….79

3.10.Criterios sobre a avaliación, a cualificación e a promoción do alumnado……………………….80

- Procedementos / Instrumentos de avaliación…………………………………………………………80
- Criterios de cualificación……………………………………………………………………………………….81
- Criterios de avaliación…………………………………………………………………………………………..82
- Proba extraordinaria……………………………………………………………………………………………..82

3.11.Deseño da avaliación inicial e medidas a adoptar en función dos resultados…………………82

3.12.Medidas de atención á diversidade e dificultades derivadas da fenda dixital…………………83

3.13.Concreción dos elementos transversais…………………………………………………………………..83

3.14.Actividades complementarias e extraescolares……………………………………………………….84

4.XEOGRAFÍA E HISTORIA: CUARTO CURSO ESO……………………………………………………………..84

4.1.Introdución e contextualización……………………………………………………………………………….84

4.2.Previsión do desenvolvemento da programación nos escenarios de actividade lectiva semipresencial e/ou non presencial………………………………………………………………………………85

4.3.Contribución ao desenvolvemento das competencias clave……………………………………………85

4.4.Concreción, de ser o caso, dos obxectivos para o curso……………………………………………….87

4.5.Concreción das aprendizaxes imprescindibles non adquiridas o curso anterior……………….88

4.6.Liñas xerais do plan de reforzo e recuperación das aprendizaxes imprescindibles non adquiridas o curso anterior. Medidas metodolóxicas e organizativas…………………………….89

4.7.Relación de estándares e concreción para cada estándar de aprendizaxe avaliable de:

- Obxectivos e contidos desenvolvidos………………………………………………………………………89
- Temporalización……………………………………………………………………………………………….....89
- Grao mínimo de consecución para superar a materia…………………………………………………90
- Procedementos e instrumentos de avaliación…………………………………………………………91

4.8.Concrecións metodolóxicas que require a materia…………………………………………………….102

4.9.Materiais e recursos didácticos………………………………………………………………………………….102

4.10.Criterios sobre a avaliación, a cualificación e a promoción do alumnado………………………103

- Procedementos / Instrumentos de avaliación…………………………………………………………103
- Criterios de cualificación……………………………………………………………………………………….103
- Criterios de avaliación…………………………………………………………………………………………..105

- Proba extraordinaria……105
4.11.Deseño da avaliación inicial e medidas a adoptar en función dos resultados……106
4.12.Medidas de atención á diversidade e dificultades derivadas da fenda dixital……106
4.13.Concreción dos elementos transversais……106
4.14.Actividades complementarias e extraescolares……107
II.PROGRAMACIÓN DE XEOGRAFÍA, HISTORIA E ARTE. BACHARELATO
1.HISTORIA DO MUNDO CONTEMPORÁNEO. PRIMEIRO CURSO DE BACHARELATO……107
1.1.Introdución e contextualización……107
1.2.Previsión do desenvolvemento da programación nos escenarios de actividade lectiva semipresencial e/ou non presencial……108
1.3.Contribución ao desenvolvemento das competencias clave……108
1.4.Concreción, de ser o caso, dos obxectivos para o curso……109
1.5.Concreción das aprendizaxes imprescindibles non adquiridas o curso anterior……109
1.6.Liñas xerais do plan de reforzo e recuperación das aprendizaxes imprescindibles non adquiridas o curso anterior. Medidas metodolóxicas e organizativas……110
1.7.Relación de estándares e concreción para cada estándar de aprendizaxe avaliable de:
- Obxectivos e contidos desenvolvidos……110
- Temporalización……110
- Grao mínimo de consecución para superar a materia……111
- Procedementos e instrumentos de avaliación……112
1.8.Concrecións metodolóxicas que require a materia……161
1.9.Materiais e recursos didácticos……162
1.10.Criterios sobre a avaliación, a cualificación e a promoción do alumnado……163
- Procedementos / Instrumentos de avaliación……163
- Criterios de cualificación……163
- Criterios de avaliación……165
- Proba extraordinaria……165
1.11.Deseño da avaliación inicial e medidas a adoptar en función dos resultados……166
1.12.Medidas de atención á diversidade e dificultades derivadas da fenda dixital……167
1.13.Concreción dos elementos transversais……167
1.14.Actividades complementarias e extraescolares……168
2.HISTORIA DE ESPAÑA. SEGUNDO CURSO DE BACHARELATO……168
2.1.Introdución e contextualización……168
2.2.Previsión do desenvolvemento da programación nos escenarios de actividade lectiva

semipresencial e/ou non presencial……………………………………………………………………………168
2.3.Contribución ao desenvolvemento das competencias clave…………………………………………..169
2.4.Concreción, de ser o caso, dos obxectivos para o curso…………………………………………………169
2.5.Relación de estándares e concreción para cada estándar de aprendizaxe avaliable de:
- Obxectivos e contidos desenvolvidos………………………………………………………………….170
- Temporalización………………………………………………………………………………………..........170
- Grao mínimo de consecución para superar a materia………………………………………170
- Procedementos e instrumentos de avaliación…………………………………………………..171
2.6.Concrecións metodolóxicas que require a materia………………………………………………………..223
2.7.Materiais e recursos didácticos……………………………………………………………………………………..223
2.8.Criterios sobre a avaliación, a cualificación e a promoción do alumnado……………………….223
- Procedementos / Instrumentos de avaliación…………………………………………………..223
- Criterios de cualificación…………………………………………………………………………………..223
- Criterios de avaliación………………………………………………………………………………………..223
- Proba extraordinaria…………………………………………………………………………………………..223
2.9.Deseño da avaliación inicial e medidas a adoptar en función dos resultados…………………225
2.10.Medidas de atención á diversidade e dificultades derivadas da fenda dixital……………..225
2.11.Concreción dos elementos transversais…………………………………………………………………………225
2.12.Actividades complementarias e extraescolares…………………………………………………………….225
3.XEOGRAFÍA DE ESPAÑA. SEGUNDO CURSO DE BACHARELATO……………………………………….226
3.1.Introdución e contextualización……………………………………………………………………………………..226
3.2.Previsión do desenvolvemento da programación nos escenarios de actividade lectiva
semipresencial e/ou non presencial……………………………………………………………………………….226
3.3.Contribución ao desenvolvemento das competencias clave…………………………………………..227
3.4.Concreción, de ser o caso, dos obxectivos para o curso…………………………………………………229
3.5.Relación de estándares e concreción para cada estándar de aprendizaxe avaliable de:
- Obxectivos e contidos desenvolvidos………………………………………………………………….230
- Temporalización………………………………………………………………………………………………….230
- Grao mínimo de consecución para superar a materia………………………………………231
- Procedementos e instrumentos de avaliación…………………………………………………..231
3.6.Concrecións metodolóxicas que require a materia………………………………………………………..236
3.7.Materiais e recursos didácticos……………………………………………………………………………………..236
3.8.Criterios sobre a avaliación, a cualificación e a promoción do alumnado……………………….237

- Procedementos / Instrumentos de avaliación……237
- Criterios de cualificación……237
- Criterios de avaliación……237
- Proba extraordinaria……237

3.9.Deseño da avaliación inicial e medidas a adoptar en función dos resultados……238

3.10.Medidas de atención á diversidade e dificultades derivadas da fenda dixital……238

3.11.Concreción dos elementos transversais……239

3.12.Actividades complementarias e extraescolares……239

4.HISTORIA DA ARTE. SEGUNDO CURSO DE BACHARELATO……239

4.1.Introdución e contextualización……239

4.2.Previsión do desenvolvemento da programación nos escenarios de actividade lectiva semipresencial e/ou non presencial……239

4.3.Concrecións metodolóxicas……239

4.4-Concreción para cada estándar de aprendizaxe avaliable de:

Temporalización, grao mínimo de consecución, procedementos e instrumentos de avaliación……240

4.5.Materiais e recursos didácticos……242

4.6.Criterios sobre a avaliación, a cualificación e a promoción do alumnado……242

4.7.Actividades complementarias e extraescolares……243

4.8.Táboa de programación……243

III.Organización das actividades de seguimento, recuperación e avaliación de materias pendentes ……264

IV.Organización de procedementos para acreditar coñecementos previos (Bach)……264

V.Indicadores de logro para avaliar o proceso de ensino e a práctica docente……265

VI.Mecanismos de revisión, de avaliación e de modificación das programacións didácticas en relación cos resultados académicos e procesos de mellora……267

## 0-Introdución e contextualización.

O presente texto recolle a programación didáctica do Departamento de Xeografía e Historia para o curso 2020-21.

Comeza cunha presentación dos docentes que integran o Departamento este curso académico e a referencia ao marco lexislativo.

A continuación recóllense nun primeiro bloque as programacións para os cursos da ESO e nun segundo bloque as programacións para a etapa de Bacharelato.

Nos apartados finais faise referencia aos indicadores de logro para a avaliación da práctica docente e os procedementos para avaliar a programación.

### 0.1-Membros, etapas educativas e materias do Departamento de Xeografía e Historia

| DOCENTE | ETAPA EDUCATIVA | MATERIA |
|---|---|---|
| AGEITOS IGLESIAS, Estefanía<br>P.E.S. | 2º Bacharelato<br>2º Bacharelato | Historia de España<br>Xeografía de España |
| BESADA PÉREZ, Ana Belén<br>P.E.S. | 3º ESO<br>4º ESO | Xeografía e Historia<br>Xeografía e Historia |
| FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ, Francisco José<br>P.E.S. Xefe de estudos | 2º Bacharelato | Historia da Arte |
| PAREDES MIRÁS, María del Pilar<br>P.E.S. Xefa de departamento | 2º ESO<br>1º Bacharelato | Xeografía e Historia<br>Historia do Mundo Contemporáneo |
| PONTE PATIÑO, Pilar<br>P.E.S.Lingua Galega | 1º ESO | Ámbito Sociolingüístico (Grupo ) |

Cabe salientar neste curso, como novidade en relación ao habitual, o aumento do alumnado na materia de Xeografía de 2º de bacharelato, de xeito que por primeira vez contamos con dous grupos en lugar de un. Isto supón unha boa noticia que compensa da repercusión negativa que sobre a materia significa a nova optatividade dos itinerarios, que xa nos afectou en cursos anteriores. En calquera caso, a situación non deixa de ser preocupante pois, sendo como é unha disciplina clave no itinerario de Ciencias Sociais, poden volver verse afectados os intereses do alumnado que pretenda cursala e que por falta do mínimo esixido quede privado de facelo, pois a esta circunstancia súmase a diminución paulatina do alumnado de bacharelato. Recibimos polo tanto a excepcionalidade deste curso como unha "anomalía afortunada". Por outra banda, sen embargo, volve quedar vacante de alumnado a materia de Xeografía e Historia de Galicia, que sería desexable recuperar.

Ante a excepcionalidade provocada pola COVID19 este curso a direción do centro optou pola organización do nivel de 1º ESO en ámbitos, estando implicadas as nosas materias no Ámbito Sociolingüístico. Tendo correspondido ao noso departamento a carga horaria dun dos grupos (11 horas), e debendo asumir a inclusión na nosa organización dunha profesora de galego con afín de Historia, optamos por deixarlle este grupo, considerando que é a máis indicada para impartir as materias lingüísticas do ámbito e, sobre todo, mirando polo interese do noso departamento, descartamos destinarlle niveis superiores por non ser especialista na materia nin ter formación

específica. Por outra banda, esta mesma profesora impartiu xa o curso pasado, tamén como afín, a docencia en dous grupos de 1º ESO, polo que a práctica do curso anterior debe fornecer unha base para abordar o actual con máis seguridade. En calquera caso, debemos salientar como dato negativo para o departamento que ningún docente do mesmo, é dicir, ningún especialista, impartirá este curso a docencia das nosas materias neste nivel. Ante esta circunstancia, a xefatura deste departamento tratará de manter unha atención especial de cara á orientación do profesorado implicado, de xeito que o alumnado se resinta o menos posible desta situación. Manteremos con este equipo docente reunións trimestrais e atenderemos as dúbidas ou necesidades específicas que poidan trasladarnos.

### 0.2-Marco lexislativo.

O marco lexislativo de referencia para a presente programación didáctica é o seguinte:

◆*Decreto 86/2015, de 25 de xuño, polo que se establece o currículo da Educación Secundaria Obrigatoria e do Bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia.*

◆*Resolución do 11 de maio de 2018 da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento, no curso académico 2018/19, do currículo establecido no Decreto 86/2015, do 25 de xuño, da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.*

### 0.3-Prospostas para a revisión da programación didáctica.

Recollemos da memoria final do curso anterior as principais propostas de revisión.

Continuaremos implementando as medidas de revisión adoptadas nestes anos:

-valoración de cumprimento das programacións e logros nas reunións de departamento;

-elaboración dos seguimentos mensuais das programacións;

-autoavaliación do profesorado;

-análise da consecución das propostas desenroladas no apartado anterior;

-establecer un maior control sobre o programa de pendentes;

-poñer en marcha a aula virtual do departamento;

-desenvolver o plan e medidas alternativas á docencia presencial en caso de empeoramento da situación da pandemia

Tratarase igualmente de implementar a participación do Departamento de Xeografía e Historia no Proxecto Integrado de Linguas, xa posto en marcha polos departamentos lingüísticos. Consideramos moi importante a súa concreción posto que as dificultades neste ámbito por parte do alumnado redundan directamente nas propias das nosas materias.

# I-PROGRAMACIÓN DE XEOGRAFÍA E HISTORIA. EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA.

## 1-XEOGRAFÍA E HISTORIA: PRIMEIRO CURSO ESO.

### 1.1-Introdución e contextualización.

Esta primeira materia de Ciencias Sociais na etapa educativa de secundaria ten que ser capaz de concienciar aos novos alumnos de que somos animais sociais e que para comprender os mecanismos de funcionamento dunha sociedade temos que afondar nas súas dimensións xeográfica e histórica. Por un lado insistiremos en cal é o sentido que a nosa materia aporta (*para que estudar xeografía? para que*

*estudar historia?*) e por outro lado iremos introducindo as nenas e os nenos na linguaxe das ciencias sociais: os principais conceptos, a metodoloxía, as fontes, as técnicas, o vocabulario, os tipos de documentos que transmiten a información histórica e xeográfica... Pode ser discutible que períodos ben complexos da historia da humanidade ou aspectos xeográficos tamén complicados como son os da xeografía física, sexan abordados precisamente neste curso introdutorio, pero a metodoloxía e o nivel de esixencia tamén se vai ir graduando ao longo do curso.

Como xa indicamos, neste curso o nivel de 1º ESO impártese no marco do Ámbito Sociolingüístico. Do total 66 alumnos repartidos en 4 grupos ningún contará cun profesor do departamento especialista na materia. É unha situación que esperamos non se teña que volver repetir, tanto polo ben do alumnado como polos intereses deste departamento, pois tendo en conta que o alumnado chega da primaria cunha moi escasa base nas nosas materias, é especialmente importante dotalos duns alicerces seguros sobre os que fundamentar o avance nos cursos seguintes. Reiteramos a importancia que terá o labor de orientación ao profesorado do nivel por parte da xefatura do departamento, a traverso das reunións trimestrais e nas situacións en que se faga precisa a nosa intervención.

Polo que respecta ao alumnado repetidor así como doutras alumnas e alumnos que presenten un ritmo de aprendizaxe máis lento, teremos en conta as necesidades de apoio específico por cuestións de interese, motivacións e estilo de aprendizaxes persoais, facendo fincapé na motivación deste tipo de alumnado.

### 1.2-Previsión do desenvolvemento da programación nos escenarios de actividade lectiva semipresencial e/ou non presencial.

No caso de presentarse situacións particulares que obriguen ao desenvolvemento da actividade lectiva de xeito  semipresencial ou no caso de docencia non presencial (confinamento), o alumnado seguirá as clases polos seguintes medios telemáticos: aula virtual do centro, correo electrónico iespobra e de darse a circunstancia a través da plataforma Cisco Webex.

A posibilidade de celebrar videoconferencias quedaría pendente da disposición horaria que establecera a direción do centro e nese caso o alumnado estaría obrigado a conectarse para asistir a clase. A videoconferencia empregaríase para a exposición pola docente do tema que se estea traballando e a presentación de dúbidas ou preguntas por parte do alumnado. As tarefas presentaranse ben a través da aula virtual ou ben a través do correo, segundo se especifique en cada caso.

### 1.3-Contribución ao desenvolvemento das competencias clave.

Seguindo o decreto, o proceso de aprendizaxe basearase no desenvolvemento das diferentes competencias clave, entendidas como *a combinación de habilidades prácticas, coñecementos, motivacións, valores éticos, actitudes, emocións e outros compoñentes sociais e de comportamento que se mobilizan conxuntamente para lograr unha acción eficaz.* Entendemos que as competencias clave son esenciais para tres aspectos da vida:

1) Promoción do desenvolvemento persoal en todas as dimensións da vida do suxeito (capital cultural),
2) Inclusión nunha cidadanía activa (capital social),
3) Aptitude para o emprego (capital humano).

Dito doutra forma, as competencias son a aplicación dos contidos que ensinamos, de xeito que as alumnas e alumnos sexan capaces de resolver tarefas de forma que finalmente poidan alcanzar uns

obxectivos e adquirir así capacidades ou habilidades en relación con distintos ámbitos (saber dicir, saber facer e saber ser). En definitiva son saberes en execución, e responden xunto cos contidos á pregunta *que ensinar?* e xunto cos obxectivos á pregunta *para que ensinar?*.

A partir de todas estas premisas é necesario preguntarse pola aplicación concreta destas competencias ao contexto da nosa materia. Porén definiremos estas competencias así como a contribución da nosa materia ao seu desenvolvemento, coa intención de darlle á nosa materia o enfoque competencial que precisa:

**Comunicación lingüística (CCL):** Refírese á habilidade para expresar e interpretar pensamentos tanto de forma oral como na escrita (escoitar, falar, ler e escribir), e para interactuar lingüísticamente de xeito apropiado en distintos contextos ricos e variados. A nosa materia supón o desenvolvemento de habilidades e capacidades para interpretar, analizar e comprender os fenómenos. Polo tanto, para levar ao cabo estes procesos contribúe de xeito esencial a entender as ideas externas e a exteriorizar as propias dun xeito adecuado e coherente. Non existe aprendizaxe dos fenómenos históricos e xeográficos que non estea ligada á utilización dunha correcta linguaxe, en especial no referente á adquisición de capacidades de recepción e transmisión de ideas.

**Competencia dixital (CD):** Implica o uso creativo, crítico e seguro das tecnoloxías da información para alcanzar os obxectivos relacionados co traballo, o emprego, a aprendizaxe, o uso do tempo libre e a inclusión e participación na sociedade. A nosa materia contribúe ao uso da tecnoloxía para a obtención de información que dende unha perspectiva crítica axude a cuestionar e valorar os temas da historia e da xeografía. Para conseguir este resultado e non unha manipulación errónea da información que nos ofrece a tecnoloxía, promóvese a adquisición de competencias que permitan non só utilizar a información, senón xestionala de xeito adecuado.

**Aprender a aprender (CAA):** Caracterízase pola habilidade para iniciar, organizar e persistir na aprendizaxe. Supón a capacidade para motivarse, organizarse e xestionarse nos propios procesos de aprendizaxe. Consiste en que as alumnas e alumnos adquiran habilidades encamiñadas á creación de procesos de autoaprendizaxe non para un momento concreto, senón ao longo do tempo, enfocados a acadar obxectivos e necesidades persoais. A historia e a xeografía favorecen a autoaprendizaxe a través do fomento do espírito crítico, que permite que o alumnado poidan reflexionar e crear o seu propio coñecemento. A comprensión do mundo a través da análise do devir histórico das sociedades en distintos momentos aporta mecanismos fundamentais para que sexan capaces de construír procesos autónomos de aprendizaxe. Tamén é necesario promover a adquisición de ferramentas para que sexan capaces de organizar o seu estudo persoal, formas de organización e xestión do coñecemento para que finalmente o fagan de xeito autónomo.

**Competencias sociais e cívicas (CSC**): Implican a capacidade para utilizar os coñecementos e actitudes sobre a sociedade, entendida dende diferentes perspectivas, para interpretar fenómenos e problemas sociais en distintos contextos, para elaborar respostas, tomar decisións e resolver conflitos, interactuar con outras persoas e grupos baseándose sempre no respecto mutuo e nas convicións democráticas. A materia de Xeografía e Historia contribúe decisivamente á formación de cidadás e cidadáns responsables, conscientes dos seus dereitos e deberes. Os valores que atopamos de xeito constante no nos currículo exprésanse en clave histórica pero tamén dende as relacións entre o pasado e o presente como forma de interiorizar a importancia dos mesmos precisamente pola a súa ausencia en distintos contextos e épocas.

**Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE):** Relaciónase coa autonomía para desenvolver, planificar e levar á práctica proxectos e ideas persoais, asumindo un papel activo na superación dos obstáculos persoais, laborais, sociais e de calquera índole. Na nosa materia foméntase a partir da realización de actividades tanto de implicación individual como grupais. Promóvese que as alumnas e alumnos adquiran compromisos con outras persoas a través do desenvolvemento de capacidades cooperativas, e por outra banda, fomentando a autosuperación e a promoción das capacidades e a resolución dos obstáculos persoais.

**Conciencia e expresións culturais (CCEC):** Implica coñecer, comprender, apreciar e valorar con espírito crítico, con actitude aberta e respectuosa, as diferentes manifestacións culturais e artísticas, utilizadas como fonte de enriquecemento e o goce persoal e consideralas como parte da riqueza e patrimonio dos pobos. Require coñecementos que permitan acceder ás distintas manifestacións sobre o legado cultural a escala local, nacional e supranacional. Contamos con diversas ferramentas que nos permiten acadar capacidades de sensibilización cara os fenómenos artísticos e culturais, a través da súa análise como reflexo moitas veces dun contexto histórico, dunha mentalidade e dunha estética. Para realizar a esta análise as ciencias sociais aportan os instrumentos necesarios para coñecer os códigos cos que se elaboran as manifestacións artísticas. Así mesmo, dende a nosa materia é moi activa a contribución á valoración do patrimonio material e inmaterial dos pobos.

**Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCCT):** Permiten interpretar distintos contextos, xa sexan persoais, sociais, profesionais ou científicos, así como emitir xuízos fundados e seguir cadeas argumentais na realización de cálculos e análise de gráficos. Tamén proporcionan un achegamento á interacción responsable co mundo físico, dende accións responsables orientadas á conservación e mellora do medio natural, decisivas para a protección e mantemento da calidade de vida e progreso dos pobos. Na historia e na xeografía resulta fundamental o correcto manexo das táboas e gráficas e dos datos que nelas aparecen, sendo necesario facer relacións razoadas entre os mesmos cun contexto determinado. Por outra banda, dende a historia reflexiónase sobre a interacción do ser humano co medio físico, sobre a aplicación da tecnoloxía dentro do mesmo, e promóvese o respecto nas relacións entre ser humano-medio-tecnoloxía nos distintos momentos históricos e na actualidade.

En resumo competencias sociais e cívicas (**CSC**) e a de conciencia e expresións culturais (**CCEC**) son esenciais polos propios contidos da materia, e polo tanto son competencias que van estar traballando e traballándose en todas as unidades, actividades, proxectos... que se leven a cabo. Logo, atendendo á tipoloxía das tarefas que se deseñen, incidiremos máis nunhas competencias que noutras (análise de textos históricos; lectura de mapas, de gráficas, de obras artísticas...; elaboración de eixos cronolóxicos, de presentacións en ppt; exposicións orais; elaboración de pequenos traballos de investigación...) e trataremos sempre de que as competencias se traballen de forma conxunta e de dispoñer de medios de avaliación para cada unha delas: a lingüística (**CLC**), a matemático-tecnolóxica (**CMCCT**) e a dixital (**CD**). Tamén se potenciarán as tarefas encamiñadas a que a propia alumna ou alumno sexa consciente do seu propio proceso de aprendizaxe e organice de forma autónoma as estratexias necesarias para avanzar e resolver: a competencia de aprender a aprender (**CAA**) é dende logo clave nun mundo cambiante que esixe capacidade constante de adaptación. No tocante á competencia de sentido de iniciativa e espírito emprendedor (**CSIEE)** tratarase de forma transversal a partir de actividades de aula e fóra dela que fomenten a iniciativa persoal do alumnado.

E, por último, ao respecto da concreción que o propio currículo fai entre estándares de aprendizaxe e competencias clave, hai que valorar positivamente o traballo de relación que entre eles se establece pero entendemos que só a nivel orientativo, posto que a variabilidade de actividades e tarefas que se poden expor pode tamén cambiar o repertorio de competencias implicadas.

### 1.4-Concreción dos obxectivos para o curso.

Sen obviar que esta materia contribúe co resto a acadar todos os obxectivos marcados polo currículo para a etapa da educación secundaria obrigatoria, entendemos que a nosa contribución centrarase particularmente nos seguintes:

*a) Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ás demais persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e os grupos, exercitarse no diálogo, afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural, e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.*

*c) Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller.*

*e) Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información, para adquirir novos coñecementos con sentido crítico. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.*

*h) Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, textos e mensaxes complexas, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura.*

*l) Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e das outras persoas, así como o patrimonio artístico e cultural. Coñecer mulleres e homes que realizaran achegas importantes á cultura e á sociedade galega, ou a outras culturas do mundo.*

*n) Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.*

*ñ) Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia, participar na súa conservación e na súa mellora, e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ao exercicio deste dereito.*

En caso de confinamento, estes obxectivos manteranse basicamente, procedendo simplemente a reducir o grao do seu desenvolvemento.

### 1.5-Concreción das aprendizaxes imprescindibles non adquiridas no curso anterior .

O alumnado de 1º ESO comeza nova etapa educativa. Dada a escasa presenza que as nosas materias teñen na educación primaria -ou ben a escasa dedicación que se lles presta- atopámonos sempre cun alumnado co que temos que empezar de cero, tanto no que se refire aos contidos como nas estratexias de traballo. Por esta razón a situación sufrida o curso anterior non modifica nin perturba a nosa posta en marcha habitual. O noso punto de partida con este alumnado non varía, empezamos dende a base polo que non hai aspectos que retomar do curso anterior.

Por outra banda, tampouco existe unha continuidade entre o curso de 6º de primaria e 1º de ESO que nos leve a ter que recuperar ou retomar contidos do curso precedente. Por estas razóns, procederemos como é habitual, introducindo ao noso alumnado nas nosas materias dende a base e abordando, tras a realización da avaliación inicial, aqueles axustes individualizados que en casos particulares se poidan precisar.

### 1.6.Liñas xerais do plan de reforzo e recuperación das aprendizaxes imprescindibles non adquiridas o curso anterior. Medidas metodolóxicas e organizativas.

Non procede polo referido no apartado anterior.

### 1.7.Relación de estándares e concreción para cada estándar de aprendizaxe avaliable de:

- **Obxectivos e contidos desenvolvidos:** ver táboa
- **Temporalización:** a distribución das unidades por trimestres será a seguinte:

| Secuenciación | Unidade | | |
|---|---|---|---|
| 1ºTrimestre | *1. Hominización e prehistoria* | *2. As civilizacións urbanas: Mesopotamia* | *3. As civilizacións urbanas: Exipto* |
| 2º Trimestre | *4. O mundo clásico: Grecia* | *5. O mundo clásico: Roma* | *6. España e Galicia na Antigüidade* |
| 3ºTrimestre | *7. A Terra e os mapas* | *8. O relevo do mundo e de Europa* | *9. Os climas do mundo e de Europa* |

- **Grao mínimo de consecución para superar a materia:** os seguintes contidos mínimos considéranse imprescindibles para dar a materia por superada, ben avaliación por avaliación, ben nalgún tipo de proba final (recuperacións trimestrais, exame de suficiencia de xuño ou recuperación de setembro).

- Localizar puntos nos distintos medios de representación da Terra: mapas, globos terráqueos; segundo as coordenadas xeográficas.
- Razoar como se formaron as distintas formas do relevo terrestre e mariño, definilas con claridade e distinguilas no mapa.
- Entender e manexar vocabulario básico de situación xeográfica.
- Coñecer os trazos que determinan os principais dominios climáticos, saber facer unha lectura da paisaxe a través de imaxes.
- Interpretar un climograma.
- Valorar o medio, coñecer os riscos provocados pola acción humana e amosar unha actitude favorable para tentar corrixilos.
- Comprender a necesidade de achegarse ao estudio da historia, e ter unha idea da evolución do ser humano a través do tempo.
- Establecer diferenzas substanciais entre o home do Paleolítico e do Neolítico.
- Explicar dunha forma razoada a importancia da aparición da escritura, como arranque da historia.

- Coñecer e distinguir os principais trazos das primeiras civilizacións urbanas, tanto de Mesopotamia como de Exipto, e coñecer a realidade económica, política e social desta última.
- Achegarse a civilización grega, a través do estudo da Atenas do século V e establecer relacións coa sociedade actual.
- Coñecer os trazos máis salientables que marcaron a orixe, prosperidade e desmantelamento do Imperio Romano.
- Recoñecer o legado romano na península, a través de imaxes das construcións máis notables e determinar a súa función.
- Coñecer as obras e autores máis salientables da arte grega e romana.
- Lectura comprensiva de diferentes fontes de información tanto arqueolóxicas como escritas, obtendo as ideas principais que conteñen e relacionándoas con outras para formar esquemas explicativos, sendo capaz de comunicalas utilizando correctamente a expresión escrita.

•**Procedementos e instrumentos de avaliación:** ver táboa.

A continuación presentamos a relación entre os obxectivos, os contidos, os criterios de avaliación, os estándares de aprendizaxe e as competencias clave cos seguintes puntos: grao mínimo de consecución dos estándares para superar a materia, temporalización dos mesmos e procedementos e instrumentos de avaliación aplicables.

| | Xeografía e Historia. 1º ciclo de ESO. 1º curso | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave | Grao mínimo de consecución | Temporalización | Procedementos e instrumentos de avaliación |
| | Bloque 1. O medio físico | | | | | | |
| ▪ B<br>▪ e<br>▪ f<br>▪ g | ▪ B1.1. A Terra: a Terra no Sistema Solar. | ▪ B1.1. Coñecer o Sistema Solar e establecer as relacións entre os movementos da terra e a existencia das estacións e do día e da noite, e comprender a súa importancia na distribución dos climas e da Biota. | ▪ XHB1.1.1. Interpreta como inflúen os movementos astronómicos na distribución da radiación solar e nas zonas bioclimáticas do planeta. | ▪ CAA<br>▪ CMCCT<br>▪ CD | ▪ Recoñece as consecuencias dos movementos da Terra e as describe. | ▪ 2 semanas | ▪ Proba escrita |
| | | | ▪ XHB1.1.2. Analiza un mapa de fusos horarios e diferencia zonas do planeta de similares horas. | ▪ CAA<br>▪ CMCCT<br>▪ CD | ▪ Recoñece o mapa de fusos horarios e explica a súa función. | ▪ 1 semana | ▪ Proba escrita |
| ▪ B<br>▪ e<br>▪ f<br>▪ g | ▪ B1.2. Representación da Terra. Escala e linguaxe cartográfica. | ▪ B1.2. Identificar e distinguir os sistemas de representación cartográfica, en soporte analóxico e dixital, e as súas escalas | ▪ XHB1.2.1. Clasifica e distingue proxeccións, e compara unha proxección de Mercator con unha de Peters. | ▪ CAA<br>▪ CMCCT<br>▪ CD | ▪ Recoñece a proxección de Peters e de Mercator e explica a principal característica do mapa de Mercator | ▪ 1 semana | ▪ Traballo de aula |
| ▪ B<br>▪ e<br>▪ f<br>▪ g | ▪ B1.3. Proxeccións e sistemas de coordenadas. Imaxes de satélite e os seus principais usos. | ▪ B1.3. Analizar e identificar o mapa, e coñecer as imaxes de satélite e os seus usos principais. | ▪ XHB1.3.1. Clasifica e distingue tipos de imaxes de satélite e mapas. | ▪ CAA<br>▪ CMCCT<br>▪ CD | ▪ Recoñece as funcións dos mapas segundo o tipo | ▪ 3 semanas | ▪ Traballo de aula |
| ▪ B<br>▪ e<br>▪ f<br>▪ g | ▪ B1.4. Localización. Latitude e lonxitude. | ▪ B1.4. Localizar espazos xeográficos e lugares nun mapa ou imaxe de satélite, utilizando datos de coordenadas xeográficas. | ▪ XHB1.4.1. Localiza un punto xeográfico nun planisferio e distingue os hemisferios da Terra e as súas principais características. | ▪ CAA<br>▪ CMCCT<br>▪ CD | Distingue os compoñentes da representación da esfera terrestre a través de mapas de debuxos | ▪ 2 semanas | ▪ Proba escrita /Caderno |
| | | | ▪ XHB1.4.2. Localiza espazos xeográficos e lugares nun mapa, utilizando datos de coordenadas xeográficas. | ▪ CAA<br>▪ CMCCT<br>▪ CD | ▪ É capaz de localizar puntos xeográficos a través das coordenadas | ▪ 1 semana | ▪ Proba escrita /Caderno |

| | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| ▪ B<br>▪ e<br>▪ f<br>▪ g<br>▪ h | ▪ B1.5. Trazos principais do relevo do mundo. Clima: elementos e factores. Diversidade climática no planeta. | ▪ B1.5. Localizar no mapamundi físico as principais unidades do relevo mundiais, os grandes ríos e as grandes zonas climáticas, e identificar as súas características. | ▪ XHB1.5.1. Sitúa nun mapa físico as principais unidades do relevo europeo e mundial. | ▪ CAA<br>▪ CMCCT<br>▪ CD | ▪ Localiza nun mapa mudo o 50% das unidades de relevo que se tratan na aula por cada continente e describe as formas do relevo | ▪ 3 semanas | ▪ Proba escrita /Caderno |
| ▪ B<br>▪ e<br>▪ f<br>▪ g | ▪ B1.6. Medio físico do mundo e de Europa: relevo ehidrografía. | ▪ B1.6. Ter unha visión global do medio físico europeo e mundial, e das súas características xerais. | ▪ XHB1.6.1. Localiza nun mapa físico mundial os elementos e as referencias físicas principais: mares e océanos, continentes, illas e arquipélagos máis importantes, ríos e cadeas montañosas principais. | ▪ CAA<br>▪ CMCCT<br>▪ CD<br>▪ CCL | ▪ Describe e expón de xeito oral as caracteristicas do relevo do mundo a ravés dun exemplo concreto | ▪ 2 semanas | ▪ Exposición oral por grupos |

| | Xeografía e Historia. 1º ciclo de ESO.<br>1º curso | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Conti dos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave | Grao mínimo de consecución | Temporalización | Procedementos e instrumentos de avaliación |
| ▪ H | | | ▪ XHB1.6.2. Elabora climogramas e mapas que sitúen os climas do mundo e reflictan os elementos máis importantes. | ▪ CAA<br>▪ CMCCT<br>▪ CD<br>▪ CCL | ▪ Analiza os climas a través de climogramas e describe as súas principáis características | ▪ 3 semanas | ▪ Caderno/ Proba escrita |
| ▪ B<br>▪ e<br>▪ f<br>▪ g<br>▪ h<br>▪ m | ▪ B1.7. Medio natural europeo: principais trazos. | ▪ B1.7. Ser capaz de describir as peculiaridades do medio físico europeo. | ▪ XHB1.7.1. Explica as características xerais do relevo europeo. | ▪ CAA<br>▪ CMCCT<br>▪ CD<br>▪ CCL<br>▪ CAA | ▪ Describe e analiza as características do relevo europeo a partir de casos concretos, procurando información básica sobre os mesmos | ▪ 1 semana | ▪ Exposición oral por grupos |
| ▪ B<br>▪ e<br>▪ f<br>▪ g | ▪ B1.8. Unidades do relevo do espazo xeográfico europeo. | ▪ B1.8. Situar no mapa de Europa as unidades e os elementos principais do relevo continental. | ▪ XHB1.8.1. Localiza no mapa as unidades e os elementos principais do relevo europeo. | ▪ CAA<br>▪ CMCCT<br>▪ CD | ▪ Sitúa o 50% das unidades do relevo europeo tratadas na aula nun mapa mudo físico | ▪ 3 semanas | ▪ Proba escrita |

| | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| ▪ B<br>▪ e<br>▪ f<br>▪ h<br>▪ m | ▪ B1.9. Conxuntos bioclimáticos do espazo xeográfico europeo. | ▪ B1.9. Coñecer, comparar e describir os grandes conxuntos bioclimáticos que conforman o espazo xeográfico europeo. | ▪ XHB1.9.1. Clasifica e localiza nun mapa os tipos de clima de Europa. | ▪ CAA<br>▪ CMCCT<br>▪ CD<br>▪ CCL | ▪ Recoñece características específicas e a localización dos climas europeos | ▪ 3 semanas | ▪ Proba escrita /Traballo |
| | | | ▪ XHB1.9.2. Distingue e localiza nun mapa as zonas bioclimáticas do noso continente. | ▪ CAA<br>▪ CMCCT<br>▪ CD | ▪ Relaciona de forma oral os climas coas zonas bioclimáticas | ▪ 3 semanas | ▪ Proba escrita /Traballo |
| ▪ B<br>▪ e<br>▪ f<br>▪ m | ▪ B1.10. Diversidade de espazos naturais europeos. | ▪ B1.10. Coñecer os principais espazos naturais do noso continente. | ▪ XHB1.10.1. Localiza nun mapa e en imaxes de satélite de Europa os principais espazos naturais. | ▪ CAA<br>▪ CMCCT<br>▪ CD | ▪ Analiza imaxes de espazos naturais a través da procura de información e as explica de xeito visual e oral | ▪ 3 semanas | ▪ Traballo de investigación /Exposición oral por grupos |
| ▪ B<br>▪ e<br>▪ f<br>▪ g<br>▪ h<br>▪ m | ▪ B1.11. Medio natural: áreas e problemas ambientais. | ▪ B1.11. Coñecer, describir e valorar a acción do ser humano sobre o ambiente e as súas consecuencias. | ▪ B1.11.1. Realiza procuras en medios impresos e dixitais referidas a problemas ambientais actuais, e localiza páxinas e recursos da web directamente relacionados con eles. | ▪ CAA<br>▪ CMCCT<br>▪ CD<br>▪ CCL | ▪ Procura información sobre os problemas ambientais actuais | ▪ 1 semana | ▪ Traballo de investigación /Exposición oral por grupos |
| | Xeografía e Historia. 1º ciclo de ESO.<br>1º curso | | | | | | |
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencia clave | Grao mínimo de consecución | Temporalización | Instrumentos e procedementos de avaliación |
| | Bloque 3. A Historia | | | | | | |
| ▪ G<br>▪ l<br>▪ ñ | ▪ B3.1. Relación entre o pasado, o presente e o futuro a través da historia. | ▪ B3.1. Recoñecer que o pasado non está "morto e enterrado", senón que determina o presente e os posibles futuros e espazos, ou inflúe neles. | ▪ XHB3.1.1. Identifica elementos materiais, culturais ou ideolóxicos que son herdanza do pasado. | ▪ CSC<br>▪ CCEC | ▪ Incluír polo menos nunha das reflexións feitas na clase a relación entre o pasado e o presente | ▪ 2 trimestres | ▪ Traballo de aula / caderno/ Proba escrita |
| ▪ G<br>▪ l | ▪ B3.2. Fontes históricas. | ▪ B3.2. Identificar, nomear e clasificar fontes históricas, e explicar diferenzas entre | ▪ XHB3.2.1. Nomea e identifica catro clases de fontes históricas. | ▪ CSC<br>▪ CAA | ▪ Recoñece o concepto de fonte histórica e pon un exemplo | ▪ 2 trimestres | ▪ Traballo de aula e caderno |

| | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| ▪ ñ | | interpretacións de fontes diversas. | ▪ XHB3.2.2. Comprende que a historia non se pode escribir sen fontes, sexan estas restos materiais ou textuais. | ▪ CSC<br>▪ CAA | ▪ Comprende o concepto de fonte histórica | ▪ 2 trimestres | ▪ Traballo de aula e caderno |
| | | | ▪ XHB3.2.3. Compara dous relatos a distintas escalas temporais sobre as conquistas de Alexandre. | ▪ CSC<br>▪ CAA | ▪ Extrae conclusións persoais dos relatos | ▪ 1 sesión | ▪ Traballo de aula e caderno |
| ▪ L<br>▪ Ñ | ▪ B3.3. Cambio e continuidade. | ▪ B3.3. Explicar as características de cada tempo histórico e certos acontecementos que determinaron cambios fundamentais no rumbo da historia, diferenciando períodos que facilitan o seu estudo e a súa interpretación. | ▪ XHB3.3.1. Ordena temporalmente algúns feitos históricos e outros feitos salientables, utilizando para iso as nocións básicas de sucesión, duración e simultaneidade. | ▪ CSC<br>▪ CMCCT | ▪ Sitúa a maioría dos feitos históricos e establece unha orde mínima dos mesmos por séculos | ▪ 2 trimestres | ▪ Proba escrita/ Caderno/ Traballos |
| ▪ F<br>▪ I<br>▪ ñ | ▪ B3.4. Tempo histórico. | ▪ B3.4. Entender que os acontecementos e os procesos ocorren ao longo do tempo e á vez no tempo (diacronía e sincronía). | ▪ XHB3.4.1. Entende que varias culturas convivían á vez en diferentes enclaves xeográficos. | ▪ CSC<br>▪ CMCCT | ▪ É capaz de recoñecer a existencia de dúas culturas á vez no tempo | ▪ 2 trimestres | ▪ Traballo de aula e caderno |
| ▪ H<br>▪ I<br>▪ ñ | ▪ B3.5. Vocabulario histórico e artístico. | ▪ B3.5. Utilizar o vocabulario histórico e artístico con precisión, inseríndoo no contexto adecuado. | ▪ XHB3.5.1. Utiliza o vocabulario histórico e artístico imprescindible para cada época. | ▪ CSC<br>▪ CCL | ▪ Recoñece e comrpende a maioría do vocabulario | ▪ 2 trimestres | ▪ Proba escrita |
| ▪ F<br>▪ L | ▪ B3.6. Evolución das especies e a hominización. | ▪ B3.6. Entender o proceso de hominización. | ▪ XHB3.6.1. Recoñece os cambios evolutivos ata chegar á especie humana. | ▪ CSC<br>▪ CMCCT | ▪ Recoñece varios pasos no proceso de hominización | ▪ 2 semanas | ▪ Traballo / Proba escrita |
| ▪ F<br>▪ L | ▪ B3.7. Periodización da Prehistoria e a Idade Antiga. | ▪ B3.7. Datar a Prehistoria e a Idade Antiga, e distinguir a escala temporal de etapas como estas. | ▪ XHB3.7.1. Distingue etapas dentro da historia antiga. | ▪ CSC<br>▪ CMCCT | ▪ Sitúa de forma ordenada as estapas dentro da historia antiga | ▪ 2 trimestres | ▪ Proba escrita |
| ▪ F<br>▪ g<br>▪ I | ▪ B3.8. Prehistoria e Idade Antiga: visión global. | ▪ B3.8. Identificar e localizar no tempo e no espazo os procesos e os acontecementos históricos máis salientables da Prehistoria e da Idade Antiga, para adquirir unha perspectiva global da súa evolución. | ▪ XHB3.8.1. Realiza diversos tipos de eixes cronolóxicos e mapas históricos. | ▪ CSC<br>▪ CMCCT<br>▪ CAA | ▪ É capaz de elaborar e comprender eixes e mapas históricos | ▪ 2 trimestres | ▪ Caderno / Proba escrita |

| | Xeografía e Historia. 1º ciclo de ESO. 1º curso | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencia clave | Grao mínimo de consecución | Temporalización | Procedementos e instrumentos de avaliación |
| ▪ C<br>▪ g<br>▪ h<br>▪ l<br>▪ n<br>▪ ñ | ▪ B3.9.1. Paleolítico: etapas; características das formas de vida; cazadores colectores.<br>▪ B3.9.2. Neolítico: revolución agraria e expansión das sociedades humanas; sedentarismo; artesanía e comercio; organización social.<br>▪ B3.9.3. Prehistoria galega: megalitos e petróglifos. | ▪ B3.9. Coñecer as características da vida humana correspondentes aos dous períodos en que se divide a Prehistoria: Paleolítico e Neolítico. | ▪ XHB3.9.1. Explica a diferenza entre os dous períodos en que se divide a prehistoria e describe as características básicas da vida en cada un. | ▪ CSC<br>▪ CCL<br>▪ CAA | ▪ Enumera os dous períodos da prehistoria e explica caracterísitca principal que define a cada un deles | ▪ 2 semanas | ▪ Proba escrita |
| | | | ▪ XHB3.9.2. Analiza a transcendencia da revolución neolítica e o papel da muller nela. | ▪ CSC<br>▪ CAA | ▪ Sabe expoñer cas súas palabras a importancia da revolución neolítica e o papel da muller nela | ▪ 2 semanas | ▪ Traballo en grupo /Proba escrita |
| ▪ L<br>▪ N | ▪ B3.10. Aparición dos ritos: restos materiais e artísticos; pintura e escultura. | ▪ B3.10. Identificar os primeiros ritos relixiosos. | ▪ XHB3.10.1. Recoñece as funcións dos primeiros ritos relixiosos como os da "deusa nai". | ▪ CSC<br>▪ CCEC | ▪ Identifica visualmente ritos relixiosos | ▪ 1 semana | ▪ Traballo de aula /Proba escrita |
| ▪ A<br>▪ c<br>▪ d<br>▪ g<br>▪ h<br>▪ l | ▪ B3.11. Idade Antiga: primeiras civilizacións urbanas. Mesopotamia e Exipto. Sociedade, economía epolítica. | ▪ B3.11. Coñecer algunhas características da vida humana neste período, así como o establecemento e a difusión de diferentes culturas urbanas, despois do neolítico. | ▪ XHB3.11.1. Describe formas de organización socio- económica e política, novas ata entón, como os imperios de Mesopotamia e de Exipto. | ▪ CSC<br>▪ CAA<br>▪ CCL | ▪ Sabe enumerar e identificar características da organización de Exipto e Mesopotamia en diversos ámbitos | ▪ 3 semanas | ▪ Proba escrita /Xogo de rol /Traballo de investigación |
| ▪ G<br>▪ h<br>▪ l | ▪ B3.12. Idade Antiga: invención da escritura. | ▪ B3.12. Recoñecer a importancia da descuberta da escritura. | ▪ XHB3.12.1. Diferencia entre as fontes prehistóricas (restos materiais e ágrafos) e as fontes históricas (textos). | ▪ CSC<br>▪ CAA | ▪ Recoñece e sabe explicar coas súas palabras a trascendencia do paso da prehistoria á historia coa escritura | ▪ 1 semana | ▪ Proba escrita/ Traballo de aula |
| ▪ f<br>▪ g<br>▪ h | ▪ B3.13. Idade Antiga: historia de Exipto. | ▪ B3.13. Explicar as etapas en que se divide a historia de Exipto. | ▪ XHB3.13.1. Interpreta un mapa cronolóxico-xeográfico da expansión exipcia. | ▪ CSC<br>▪ CMCCT<br>▪ CAA | ▪ Recoñece nun mapa que se trata da expansión exipcia | ▪ 1 semana | ▪ Caderno /Proba escrita |

| | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| ▪ I | | | ▪ XHB3.13.2. Describe as principais características das etapas históricas en que se divide Exipto. | ▪ CSC<br>▪ CCL | ▪ Recoñece e describe varias características de Exipto | ▪ 2 semanas | ▪ Proba escrita /Xogo de rol /Traballo de investigación |
| ▪ G<br>▪ h<br>▪ I | ▪ B3.14. Idade Antiga: relixión exipcia. | ▪ B3.14. Identificar as principais características da relixión exipcia. | ▪ XHB3.14.1. Explica como materializaban os exipcios asúa crenza na vida do alén. | ▪ CSC<br>▪ CCEC<br>▪ CCL | ▪ Describe trazos da relixión exipcia | ▪ 1 semana | ▪ Traballo de investigación |
| | | | ▪ XHB3.14.2. Realiza un mapa conceptual cos principais deuses do panteón exipcio. | ▪ CSC<br>▪ CCEC<br>▪ CAA | ▪ Identifica os deuses exipcios e as súas características | ▪ 1 semana | ▪ Traballo de investigación / Proba escrita |
| ▪ G<br>▪ h<br>▪ I | ▪ B3.15. Idade Antiga: arte en Mesopotamia e Exipto. | ▪ B3.15. Localizar e describir algúns exemplos arquitectónicos de Exipto e de Mesopotamia. | ▪ XHB3.15.1. Localiza nun mapa os principais exemplos da arquitectura exipcia e da mesopotámica. | ▪ CSC<br>▪ CCEC<br>▪ CAA | ▪ Recoñece trazos da arquitectura exipcia e mesopotámica | ▪ 2 sesións | ▪ Caderno / Proba escrita/ Traballo de investigación |
| | Xeografía e Historia. 1º ciclo de ESO. 1º curso | | | | | | |
| Obxectivos | Contido | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave | Grao mínimo de consecución | Temporalización | Procedementos e instrumentos de avaliación |
| ▪ A<br>▪ c<br>▪ d<br>▪ g<br>▪ h<br>▪ I | ▪ B3.16. Mundo clásico. Grecia: as "polis" gregas e a súa expansión. | ▪ B3.16. Coñecer os trazos principais das polis gregas e a transcendencia do concepto de democracia. | ▪ XHB3.16.1. Identifica trazos da organización socio- política e económica das polis gregas a partir de fontes históricas de diferentestipos | ▪ CSC<br>▪ CAA | ▪ Recoñece trazos da organización grega e os describe | ▪ 2 semanas | Proba escrita /Traballo de investigación |
| | | | ▪ XHB3.16.2. Describe algunhas das diferenzas entre a democracia grega e as democracias actuais. | ▪ CSC<br>▪ CCL<br>▪ CAA | ▪ Reflexiona sobre dous tipos de democreacia diferentes e os compara | ▪ 1 semana | ▪ Xogo de rol /Proba escrita |
| ▪ G<br>▪ L | ▪ B3.17. Mudo clásico. Grecia: expansión comercial epolítica das polis gregas. | ▪ B3.17. Entender a transcendencia do concepto de colonización. | ▪ XHB3.17.1. Localiza nun mapa histórico as colonias gregas do Mediterráneo. | ▪ CSC<br>▪ CAA | ▪ Identifica e describe o concepto de colonia e localiza colonias gregas nun mapa | ▪ 1 sesión | ▪ Caderno /Proba escrita |
| ▪ A<br>▪ c | ▪ B3.18. Mundo clásico. Imperio de Alexandre Magno e os seus | ▪ B3.18. Distinguir entre o sistema político grego e o | ▪ XHB3.18.1. Elabora un mapa do imperio de Alexandre. | ▪ CSC<br>▪ CAA | ▪ Elabora un mapa do imperio de Alexandre Magno | ▪ 1 sesión | ▪ Caderno |

| | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| ▪ d<br>▪ g<br>▪ l | sucesores: helenismo. | helenístico. | ▪ XHB3.8.2. Contrasta as accións políticas da Atenas de Pericles co imperio de Alexandre Magno. | ▪ CSC<br>▪ CAA | ▪ Compara trazos políticos da época clásica e helenística a partir de fontes audiovisuais | ▪ 1 sesión | ▪ Caderno / Proba escrita |
| ▪ F<br>▪ g<br>▪ h<br>▪ l<br>▪ n | ▪ B3.19. Mundo clásico. Grecia e o helenismo: arte, ciencia, teatro e filosofía. | ▪ B3.19. Entender o alcance do clásico na arte e na cultura occidentais. | ▪ XHB3.19.1. Explica as características esenciais da arte grega e a súa evolución no tempo. | ▪ CSC<br>▪ CCEC<br>▪ CCL | ▪ Identifica a partir de obras concretas caracteñisticas xerais da arte grega | ▪ 1 semana | ▪ Traballo de investigación /Proba escrita |
| | | | ▪ XHB3.19.2. Dá exemplos representativos das áreas do saber grego, e discute por que se considera que a cultura europea parte da Grecia clásica. | ▪ CSC<br>▪ CCEC<br>▪ CMCCT<br>▪ CAA<br>▪ CCL | ▪ Reflexiona de forma oral e escrita sobre a herdanza da cultura grega | ▪ 1 sesión | ▪ Debate /Proba escrita |
| ▪ A<br>▪ c<br>▪ d<br>▪ g<br>▪ l | ▪ B3.20. Mundo clásico: orixe e etapas da historia de Roma. República e imperio: organización política e expansión colonial polo Mediterráneo. Cristianismo. | ▪ B3.20. Caracterizar os trazos principais da sociedade, a economía e a cultura romanas, e recoñecer os conceptos de cambio e continuidade na historia da Roma antiga. | ▪ XHB3.20.1. Confecciona un mapa coas etapas da expansión de Roma. | ▪ CSC<br>▪ CAA | ▪ Localiza nun eixe cronolóxico as etapas da expansión de Roma e é capaz de situalas no tempo | ▪ 1 sesión | ▪ Caderno |
| | | | ▪ XHB3.20.2. Identifica diferenzas e semellanzas entre as formas de vida republicanas e as do imperio na Roma antiga. | ▪ CSC<br>▪ CAA | ▪ Analiza e expón os conceptos de república e imperio de xeito oral escrito | ▪ 1 semana | ▪ Xogo de rol /Proba escrita |
| ▪ G<br>▪ l<br>▪ n<br>▪ ñ | ▪ B3.21. Mundo clásico. Arte romana: arquitectura, escultura e pintura. | ▪ B3.21. Identificar e describir os trazos característicos de obras da arte grega e romana, diferenciando entre os que son específicos. | ▪ XHB3.21.1. Compara obras arquitectónicas e escultóricas de época grega e romana. | ▪ CSC<br>▪ CCEC<br>▪ CAA | ▪ Distingue os trazos principais das distintas épocas da arte grega | ▪ 1 semana | ▪ Proba escrita/ Caderno |
| | Xeografía e Historia. 1º ciclo de ESO. 1º curso | | | | | | |
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Compet en cia s cla | | | |

| | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | | ve | | | |
| ▪ G<br>▪ I<br>▪ n<br>▪ ñ | ▪ B3.22. Península Ibérica: pobos prerromanos; Hispania romana; Gallaecia. Proceso de romanización. A cidade e o campo. | ▪ B3.22. Establecer conexións entre o pasado da Hispania romana e o presente. | ▪ XHB3.22.1. Fai un mapa da Península Ibérica onde se reflicten os cambios administrativos en época romana. | ▪ CSC<br>▪ CAA | ▪ Distingue as principais provincias romanas na península | ▪ 1 semana | ▪ Caderno/ Proba escrita |
| | | | ▪ XHB3.22.2. Analiza exemplos do legado romano que sobreviven na actualidade. | ▪ CSC<br>▪ CCEC<br>▪ CAA | ▪ Distingue e explica o legado romano a través de exemplos concretos | ▪ 2 semanas | ▪ Traballo oral/ Proba escrita |
| | | | ▪ XHB3.22.3. Entende o que significou a romanización en distintos ámbitos sociais e xeográficos. | ▪ CSC<br>▪ CCEC | ▪ Define romanización e pon exemplos da mesma | ▪ 1 semana | ▪ Proba escrita |

♦**ADAPTACIÓN**: APRENDIZAXES IMPRESCINDIBLES EN CASO DE DOCENCIA NON PRESENCIAL

| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias |
|---|---|---|---|---|
| B<br>E<br>F<br>G | B1.1. A Terra. | B1.1. Establecer as relacións entre os movementos da Terra e a existencia das estacións e do día e da noite | XHB1.1.1. Interpreta como inflúen os movementos astronómicos na distribución da radiación solar | ▪ CAA<br>▪ CMCCT<br>▪ CD |
| | | | XHB1.1.2. Calcula diferenzas horarias nun mapa usando os fusos horarios | ▪ CAA<br>▪ CMCCT<br>▪ CD |
| B<br>E<br>F<br>G | B1.2. Representación da Terra.<br><br>Escala e linguaxe cartográfica. | B1.2. Identificar e distinguir os sistemas de representación cartográfica, en soporte dixital, e as súas escalas | XHB1.2.1.Identifica as proxecións cilíndrica, cónica e cenital. | ▪ CAA<br>▪ CMCCT<br>▪ CD |
| | | | XB1.2.2.FAi cálculos sinxelos con escalas e diferenza entre pequena e grande escala | |
| B<br>E<br>F<br>G | B1.4. Localización.<br>Latitude e lonxitude. | B1.4. Localizar espazos xeográficos e lugares nun mapa ou imaxe de satélite, utilizando datos de coordenadas xeográficas | XHB1.4.1. Localiza un punto xeográfico nun planisferio e distingue os hemisferios da Terra e as principais características | ▪ CAA<br>▪ CMCCT<br>▪ CD |
| | | | XHB1.4.2. Localiza espazos xeográficos e lugares nun mapa, utilizando datos de coordenadas xeográficas. | |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| B E F G H | B1.5. Clima: Diversidade climática no planeta | B1.5.Identificar as grandes áreas climáticas do planeta | XHB1.5.1. Localiza no mapa e identifica Imaxes das zonas climáticas e recoñece características esenciais. | ▪ CAA<br>▪ CMCCT<br>▪ CD |
| B<br>E<br>F<br>G | B1.6. Medio físico do mundo Europa: relevo ehidrografía. | B1.6. Ter unha visión global do medio físico europeo emundial, e das súas características xerais. | XHB1.6.1. Localiza nun mapa físico mundial os elementos e as referencias principais: mares e océanos, continentes, arquipélagos máis importantes, ríos e cadeas montañosas principais<br>XHB1.6.2. Elabora climogramas e mapas que sitúen os climas do mundo e reflictan os elementos máis importantes. | ▪ CAA<br>▪ CMCCT<br>▪ CD<br>▪ CCL |
| B E F G | B1.8. Unidades do relevo do espazo xeográfico europeo | B1.8. Situar no mapa de Europa as unidades e os elementos principais do relevo continental. | XHB1.8.1. Localiza no mapa as unidades elementos principais do relevo europeo. | ▪ CAA<br>▪ CMCCT<br>▪ CD |
| B E G<br>H M | B1.9. Conxuntos bioclimáticos do espazo xeográfico europeo. | B1.9. Coñecer e describir os grandes conxuntos bioclimáticos que conforman o espazo xeográfico europeo | XHB1.9.1. Clasifica e localiza nun mapa os tipos de clima de Europa | ▪ CAA<br>▪ CMCCT<br>▪ CD<br>▪ CCL |
| B E F<br>G H M | B1.11. Medio natural: áreas e problemas ambientais. | B1.11. Coñecer, describir e valorar a acción do ser humano sobre o ambiente e as súas consecuencias. | B1.11.1. Realiza procuras en medios impresos e dixitais referidas a problemas ambientais actuais. | ▪ CAA<br>▪ CMCCT<br>▪ CD<br>▪ CCL |
| G L ñ | B3.1. Relación entre o pasado, o presente e o futuro a través da historia. | B3.1. Recoñecer que o pasado non está "morto eenterrado", senón que determina o presente e os posibles futuros e espazos, ou inflúe neles. | XHB3.1.1. Identifica elementos materiais, culturais ou ideolóxicos que son herdanza do pasado. | ▪ CSC<br>▪ CCEC |
| G L ñ | B3.2. Fontes históricas | B3.2. Identificar, nomear e clasificar fontes históricas | XHB3.2.1. Nomea e identifica catro clases de fontes históricas. | ▪ CSC<br>▪ CAA |
| L<br>ñ | B3.3. Cambio e continuidade. | B3.3. Explicar as características de cada tempo histórico e certos acontecementos que determinaron cambios fundamentais no rumbo da historia, diferenciando períodos que facilitan o seu estudo e a súa interpretación. | XHB3.3.1. Ordena temporalmente algúns feitos históricos e outros feitos salientables, utilizando para iso as nocións básicas de sucesión, duración e simultaneidade. | ▪ CSC<br>▪ CMCCT |
| F L ñH | B3.4. Tempo histórico. | B3.4. Entender que os acontecementos e os procesos ocorren ao longo do tempo e á vez no tempo (diacronía esincronía). | XHB3.4.1. Entende que varias culturas convivían á vez en diferentes enclaves xeográficos. | ▪ CSC<br>▪ CMCCT |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| H L ñ | B3.5. Vocabulario histórico e Artístico | B3.5. Utilizar o vocabulario histórico e artístico con precisión, inseríndoo no contexto adecuado | XHB3.5.1. Utiliza o vocabulario histórico e artístico imprescindible para cada época | ▪ CSC<br>▪ CCL |
| F L | B3.6. Evolución das especies e a hominización. | B3.6. Entender o proceso de hominización. | XHB3.6.1. Recoñece os cambios evolutivos ata chegar á espécie humana. | ▪ CSC<br>▪ CMCCT |
| F L | B3.7. Periodización da Prehistoria e a Idade Antiga. | B3.7. Datar a Prehistoria e a Idade Antiga, e distinguir a escala temporal de etapas como estas. | XHB3.7.1. Distingue etapas dentro da Prehistioria e a historia antiga. | ▪ CSC<br>▪ CMCCT |
| F G L | B3.8. Prehistoria e Idade Antiga: global. | B3.8. Identificar e localizar no tempo e no espazo os procesos acontecementos históricos máis salientables da Prehistoria e da Idade Antiga, para adquirir unha perspectiva global da súa evolución. | XHB3.8.1. Realiza diversos tipos de eixes cronolóxicos e mapas históricos. | ▪ CSC<br>▪ CMCCT<br>▪ CAA |
| C<br>G<br>H<br>L<br>N<br>ñ | ▪ B3.9.1. Paleolítico: etapas; características das formas de vida; cazadores colectores.<br>▪ B3.9.2. Neolítico: revolución agraria e expansión das sociedades humanas; sedentarismo; artesanía e comercio; organización social.<br>▪ B3.9.3. Prehistoria galega: megalitos e petróglifos. | B3.9. Coñecer as características da vida humana correspondentes aos dous períodos en que se divide a Prehistoria: Paleolítico e N eolítico. | XHB3.9.1. Explica a diferenza entre os períodos en que se divide a prehistoria e describe as características básicas da vida en cada un. | ▪ CSC<br>▪ CCL<br>▪ CAA |
| | | | XHB3.9.2. Analiza a transcendencia da revo neolítica e o papel da muller nela. | |
| | | | XHB3.9.3. Define megaltio e petroglifo e pon exemplos galegos | |
| L N | B3.10. Aparición dos ritos: restos materiais e artísticos; pintura e escultura. | B3.10. Identificar os primeiros restos artísticos do ser humano | XHB3.10.1. Recoñece características básicas das representacións artísticas e pon exemplos. | ▪ CSC<br>▪ CCEC |
| A C D<br>G H I | B3.11. Idade Antiga: primeiras civilizacións urbanas. Mesopotamia e Exipto. Sociedade, economía e Política | B3.11. Coñecer algunhas características da vida humana neste período, así como o establecemento e a difusión de diferentes culturas urbanas, despois do neolítico | XHB3.11.1. Describe formas de organización socio- económica e política, novas ata entón, como os imperios de Mesopotamia e de Exipto | ▪ CSC<br>▪ CAA<br>▪ CCL |
| G H I | B3.12. Idade Antiga: invención da escritura | B3.12. Recoñecer a importancia da descuberta da escritura. | XHB3.12.1. Diferencia entre as fontes prehistóricas (restos materiais e ágrafos) e as fontes históricas (textos). | ▪ CSC<br>▪ CAA |
| F G<br>H I | B3.13. Idade Antiga: historia de Exipto. | B3.13. Identificar as etapas en que se divide a historia de Exipto. | XHB3.13.1. Interpreta un mapa cronolóxico-xeográfico da expansión exipcia. | ▪ CSC<br>▪ CMCCT<br>▪ CCA<br>▪ CCL |
| | | | XHB3.13.2. Describe as principais características das etapas históricas en que se divide Exipto. | |
| G H I | B3.14. Idade Antiga: relixión | B3.14. Identificar as principais características da relixión exipcia. | XHB3.14.1. Describe como | ▪ CSC |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| | exipcia. | | materializaban os exipcios asúa crenza na vida do alén e recoñece divinidades excipcias | ▪ CCEC<br>▪ CCL |
| G H I | B3.15. Idade Antiga:<br>arte en Mesopotamia e Exipto. | B3.15. Identificar as etapas da evolución politica en Mesopotamia coas súas manifestacións artísticas e describir exemplos arquitectónicos de Mesopotamia e Exipto | XHB3.15.1. Identifica e diferenza as Características da arte exipcia e Mesopotâmica recoñecendo exemplos senlleiros | ▪ CSC<br>▪ CCEC |
| A C<br>D G<br>H I | B3.16. Mundo clásico. Grecia: as "polis" gregas e a súa expansión. | B3.16. Coñecer os trazos principais das polis gregas e a transcendencia do concepto de democracia | XHB3.16.1. Identifica trazos da organización socio- política e económica das polis gregas opoñendo polis democráticas e polis aristocráticas.<br>XHB3.16.2. Describe algunhas das diferenzas entre ademocracia grega e as democracias actuais. | ▪ CSC<br>▪ CCL<br>▪ CAA |
| G<br>L | B3.17. Mudo clásico. Grecia: expansión comercial epolítica das polis gregas. | B3.17. Entender a transcendencia do concepto de colonización. | XHB3.17.1. Diferencia os conceptos de Colónia e metrópole<br>XHB3.17.2.Identifica nun mapa as fases da expansión colonial e recoñece colonias e metrópoles. | ▪ CSC<br>▪ CAA<br>▪ CCL |
| A C D<br>G I | B3.18. Mundo clásico.<br>Imperio de Alexandre Magno e os seus sucesores: helenismo | B3.18. Distinguir entre o sistema político grego e o helenístico. | XHB3.18.1. Elabora un mapa do imperio de Alexandre.<br>XHB3.18.2. Compara trazos políticos da clásica e helenística | ▪ CSC<br>▪ CAA |
| F<br>G<br>H<br>L<br>N | B3.19. Mundo clásico. Grecia e o helenismo: arte, ciencia, teatro e filosofía. | B3.19. Entender o alcance do clásico na arte e na cultura occidentais. | XHB3.19.1. Identifica as características esenciais da arte grega e a súa evolución no tempo<br>XHB3.19.2. Dá exemplos representativos das áreas do saber grego, e aporta razóns por que se considera que a cultura europea parte da Grecia clásica. | ▪ CSC<br>▪ CCEC<br>▪ CMCCT<br>▪ CAA<br>▪ CCL |
| A<br>C<br>D<br>G<br>I | B3.20. Mundo clásico: orixe e etapas da historia de Roma. República e imperio: organización política eexpansión colonial polo Mediterráneo. Cristianismo. | B3.20. Caracterizar os trazos principais da sociedade, aeconomía e a cultura romanas, e recoñecer os conceptos de cambio e continuidade na historia da Roma antiga | XHB3.20.1. Confecciona un mapa coas etapas da expansión de Roma.<br>XHB3.20.2.Diferencia os conceptos poltícos relacionados coa república e co imperio e recoñece a orixe do cristianismo. | ▪ CSC<br>▪ CAA |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| G L<br>N ñ | B3.21. Mundo clásico. Arte romana: arquitectura, escultura e pintura. | B3.21. Identificar e describir os trazos característicos de obras da arte grega e romana, diferenciando entre os que son específicos. | XHB3.21.1.Clasifica nun esquema os Tipos arquitectónicos romanos | ▪ CSC<br>▪ CCEC<br>▪ CAA |
| G<br>L<br>N<br>ñ | B3.22. Península Ibérica: prerromanos; Hispania romana; Gallaecia. Proceso de romanización. A cidade e o campo. | B3.22. Establecer conexións entre o pasado da Hispania romana e o presente. | XHB3.22.1. Fai mapas da evolución da división provincial da península ibérica e interpreta un mapa da Gallaecia. | ▪ CSC<br>▪ CCEC<br>▪ CAA |
| | | | XHB3.22.2.Define o concepto de romanización, identifica factores romanizadores e cambios aparellados | |
| | | | XHB3.22.3.Elabora un mapa dos pobos prerromanos e identifica as características da cultura castrexa | |
| | | | XHB3.22.4. Analiza exemplos do legado romano que sobreviven na actualidade. | |

### 1.8-Concrecións metodolóxicas que require a materia.

Entendemos que nesta materia imos enfrontar unha serie de dificultades que condicionarán en parte as nosas orientacións metodolóxicas: A principal vai estar na complexidade conceptual de boa parte dos contidos no bloque 3, é dicir nos temas de **historia**: conceptos como *sociedade, política, economía, evolución, causalidade*... poden ser aínda difíciles para o alumnado de 12 anos, entre os cales ademais as diferenzas de maduración poden ser abismais. Metodoloxicamente isto supón facer unha iniciación á complexidade do proceso histórico dende exemplos moi prácticos, intentando fomentar entre o alumnado a empatía que lle permita comprender mellor as formas de vida dun cazador neanderthal, un campesiño exipcio, un hoplita grego ou un escravo romano. A vantaxe está en que a historia adoita ser unha materia agradecida e que adoita gustar aos rapaces, especialmente os períodos que se estudan neste curso e sobre todo se se incide máis na perspectiva da historia da vida cotiá e menos na historia factual, na historia política pura e dura. De feito, intentaremos complementar o uso de fontes históricas con lecturas ficcionadas que fan máis doados eses procesos empáticos, lecturas que recollemos noutro apartado desta programación.

Tamén insistiremos na adquisición dunha serie de habilidades ou técnicas que terán que usar ao longo de toda a secundaria nas materias do noso departamento: interpretación de climogramas, de gráficas, de mapas temáticos, de mapas históricos, de eixos temporais, lectura de textos históricos, análise de obras artísticas... ; e insistiremos na necesidade de utilizar un vocabulario preciso, propio da materia, que o entendan e que se acostumen a usar este léxico cando transmitan o seu coñecemento xeográfico e histórico.

Fomentaremos a participación activa na aula, o traballo colaborativo, a transmisión ao resto dos compañeiros dos coñecementos adquiridos facendo incidencia nas exposicións orais, que adoitan quedar moi relegadas na dinámica da clase, onde parece que só a profesora ou profesor poden ensinar.

Co fin de orientar a nosa actividade docente en canto ao método se refire, concretaremos os principios metodolóxicos para a ESO establecidos no artigo 11 do Decreto 86/2015, adaptándoos ao noso curso e á nosa materia:

*1. Os centros docentes elaborarán as súas propostas pedagóxicas para esta etapa desde a consideración da atención á diversidade e do acceso de todo o alumnado á educación común. Así mesmo, arbitrarán métodos que teñan en conta os diferentes ritmos de aprendizaxe, favorezan a capacidade de aprender por si mesmos e promovan a aprendizaxe en equipo.*

No caso da nosa materia o alumnado presenta diferentes ritmos de aprendizaxe de xeito moi marcado. Porén será necesario realizar actividades de ampliación pero sobre todo de reforzo para o caso de alumnas e alumnos de aprendizaxe rápido e de aprendizaxe lento respectivamente. Por outra banda, adaptaranse moi especialmente as actividades de aula ao diferente ritmo dos rapaces. Unha metodoloxía moi útil para adaptar os diferentes ritmos implica a adopción de distintos roles por parte do alumnado á hora de realizar unha tarefa de aula, especialmente de carácter práctico. Para isto utilizaremos os roles de "profesorxs" e "alumnxs". Esta metodoloxía consiste na presentación dunha actividade que teña unha connotación práctica por parte do docente e a explicación da súa resolución. No caso de que exista unha porcentaxe aproximada ao 50% de alumnas ou alumnos que poden resolvela con facilidade, mentres que o outro 50% presente dificultades, estableceremos estes roles nos que serán os propios compañeiros os que expliquen e axuden a resolver a tarefa. Deste xeito adaptámonos aos diferentes ritmos favorecendo que os alumnos cunha aprendizaxe máis rápida consoliden os

coñecementos e as competencias, e que os alumnos cunha aprendizaxe lenta poidan mellorar e traballar os mesmos axudados polo grupo.

*2.A metodoloxía didáctica nesta etapa será nomeadamente activa e participativa, favorecendo o traballo individual e o cooperativo do alumnado, así como o logro dos obxectivos e das competencias correspondentes.*

Para poder desenvolver unha aprendizaxe activa e participativa nesta etapa partiremos sempre da cooperación do alumnado nas explicacións. A través do método de "pregunta-resposta" presentaremos os contidos a partir de clases encamiñadas a facer dubidar ao alumnado, e á presentación dos contidos partindo dos seus coñecementos previos. Por outra banda, realizaremos traballos individuais que favorezan a autonomía persoal do alumnado, e tamén en grupo que favorezan o traballo cooperativo e os valores que o mesmo fomenta. Todas as clases do tipo que sexan encamiñaranse á consecución dunha aprendizaxe competencial na que os alumnos desenvolvan habilidades aplicables a distintos contextos. Tamén desenvolveremos procesos de autoavaliación e coavaliación que incitan a unha maior implicación do alumnado no proceso de ensino-aprendizaxe.

*3. Procurarase o traballo en equipo do profesorado co obxecto de proporcionar un enfoque multidisciplinar do proceso educativo, garantindo a coordinación de todos os membros do equipo docente de cada grupo.*

Sempre que sexa posible, desenvolveremos ao longo do curso actividades de carácter interdisciplinar que permitan a relación de contidos, competencias e obxectivos entre as distintas materias. Trataremos de coordinar polo tanto aqueles aspectos que se poidan traballar en máis dunha delas, especialmente o tratamento das competencias clave.

*4.No proxecto educativo e nas programacións didácticas fixaranse as estratexias que desenvolverá o profesorado para alcanzar os estándares de aprendizaxe avaliables previstos en cada materia e, de ser o caso, en cada ámbito, así como a adquisición das competencias.*

*5. A intervención educativa debe ter en conta como principio a diversidade do alumnado, entendendo que deste xeito se garante o desenvolvemento de todos/as os/as alumnos/as e mais unha atención personalizada en función das necesidades de cadaquén. Os mecanismos de reforzo, que se deberán pór en práctica tan pronto como se detecten dificultades de aprendizaxe, poderán ser tanto organizativos como curriculares.*

Como xa se explicou anteriormente, utilizaremos o mecanismo das actividades de reforzo e outras estratexias metodolóxicas para atender á diversidade da aula. No caso de non implicar modificacións significativas centraranse esencialmente en aspectos organizativos. De ser o caso faranse as adaptacións curriculares necesarias tanto nas avaliacións coma nos recursos e actividades para mellorar a aprendizaxe coa necesidade de adaptacións extraordinarias, sempre coa colaboración do equipo pedagóxico do centro (PT e orientación).

6. *Prestarase unha atención especial á adquisición e ao desenvolvemento das competencias, e fomentarase a correcta expresión oral e escrita, e o uso das matemáticas. De acordo co disposto no artigo 24.6 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, as tecnoloxías da información e a comunicación, o emprendemento e a educación cívica e constitucional traballaranse en todas as materias.*

O enfoque competencial da materia desenvolverase establecendo unha relación entre as competencias clave e os estándares de aprendizaxe. Desta forma cando avaliamos un estándar, estamos avaliando tamén as competencias asociadas ao mesmo.

*7. Coa finalidade de promover a comprensión de lectura e de uso da información, dedicarase un tempo á lectura na práctica docente de todas as materias.*

Traballarase a través do plan lector cos libros establecidos no mesmo e co uso integrado de textos na aula.

*8. Promoverase a integración e o uso das tecnoloxías da información e da comunicación na aula, como recurso metodolóxico eficaz para desenvolver as tarefas de ensino e aprendizaxe.*

Promoverase un uso adecuado das tecnoloxías, en concreto a través do espazo Abalar presente nas aulas nas que maioritariamente reciben clase as alumnas e alumnos de 1º da ESO do centro. Gracias ao mesmo teremos dispoñibles recursos interactivos na aula como mapas temáticos interactivos, cuestionarios, resolución de exercicios, etc. Ademais permiten a realización de traballos de investigación e de traballos colaborativos.

*9. Para unha adquisición eficaz das competencias e a súa integración efectiva no currículo, deberán deseñarse actividades de aprendizaxe integradas que lle permitan ao alumnado avanzar cara aos resultados de aprendizaxe de máis dunha competencia ao mesmo tempo. Para isto, aproveitaranse as posibilidades que ofrecen as metodoloxías de proxectos, entre outras, así como os recursos e as actividades da biblioteca escolar.*

Procurarase que os traballos, actividades e probas demostren o desenvolvemento de máis dunha competencia á vez, como xa se explicou a avaliación das mesmas asociarase á dos estándares.

*10. Os centros docentes impartirán de xeito integrado o currículo de todas as linguas da súa oferta educativa, co fin de favorecer que todos os coñecementos e as experiencias lingüísticas do alumnado contribúan ao desenvolvemento da súa competencia comunicativa plurilingüe.*

Ademais, e en xeral, non se pode dicir que un método de ensinanza sexa necesariamente mellor ca outro en termos absolutos, senón que a idoneidade dos métodos dependerá dos resultados obtidos, xa que hai que partir, en primeiro lugar de que cada persoa é diferente a outra e, polo tanto, haberá métodos máis axeitados para ensinar a un tipo de alumnado que para outro.

<u>Actividades de presentación-motivación:</u>

Para introducir ao alumnado no tema que se aborda e espertar o seu interese sobre os contidos da unidade, poderá establecerse un pequeno debate a partir dalgún artigo de prensa, noticia de actualidade, etc ., relacionado co tema a tratar, realizar un remuíño de ideas con preguntas abertas ou analizar e comentar un vídeo relacionado co tema. Como técnica común usada na liña da aprendizaxe cooperativa, recurrirase a miúdo ó *Folio xiratorio*.

<u>Actividades de avaliación de coñecementos previos:</u>

Para obter información acerca de que saben e que procedementos, destrezas e habilidades teñen desenvolvidas os/as alumnos/as sobre un tema concreto, pode realizarse unha tormenta de ideas sobre os principais conceptos da unidade, ou un “test de coñecementos previos” co que o/a profesor/a pode facerse unha idea de cada alumno/a e da clase en xeral.

<u>Actividades de desenvolvemento dos distintos contidos:</u>

Coa finalidade de que o alumnado adquira novos coñecementos, empregaranse varios métodos: fomentar a interacción na aula, proporcionar situacións de aprendizaxe que esixan unha actividade mental do alumno ou da alumna que lles leve a reflexionar e xustifica-las súas actuacións.

Para iso debemos promover e elaborar na aula unhas estratexias metodolóxicas eficaces, sustentándonos especialmente nestes principios:

− Motivación, importante ó pretender a aprendizaxe significativa.

− Diversidade, empregando técnicas de traballo diversas.

− Metodoloxía activa, coa participación do alumnado en debates, controversias, etc., sen esquecer a exposición teórica.

− Indución, como consecuencia do anterior, que o alumnado estableza relacións.

− Expositivo, pois os novos conceptos deben ser explicados.

− Interdisciplinariedade, relacionando os conceptos da materia con outros conceptos ou disciplinas diferentes, para apoiar a aprendizaxe, e lograr un coñecemento universalizado.

− Coloquial, mantendo un coloquio ó remate de cada unidade para aclarar dúbidas e resumir os novos coñecementos.

Actividades de consolidación:

Para que os/as alumnos/as contrasten as novas ideas coas previas e apliquen as novas aprendizaxes, realizarán actividades .

Actividades de síntese-resumo:

Para que o alumnado estableza a relación entre os distintos contidos aprendidos, así como contrastalos cos que xa tiñan, poden elaborar mapas conceptuais sobre os contidos da unidade ou elaborar un resume.

Actividades de reforzo:

Para aqueles/as alumnos/as que non alcancen os obxectivos ou que teñen un ritmo de aprendizaxe máis lento deseñaranse actividades destinadas a desenvolver os contidos de reforzo.

Actividades de ampliación:

Para o alumnado que teña un ritmo máis rápido de aprendizaxe realizaranse actividades como a busca de información noutras fontes das proporcionadas de xeito ordinario na aula sobre algún dos contidos do tema.

Nos distintos temas non será necesario empregar todas estas actividades, senón que haberá que axustalas ás características dos contidos e obxectivos a tratar, e ás características do alumnado.

♦**Adaptacións metodolóxicas en caso de docencia non presencial.**

O traballo organizarase nos seguintes bloques de actividades:

▪Actividades de recuperación: boletín de exercicios estruturados por contidos impartidos nas respectivas avaliacións, relacionados cos criterios e estándares recollidos na adaptación da programación didáctica.

Unha parte ou a totalidade destes exercicios poderán seren extraídos de exames realizados na aula, exercicios propostos na clase ó longo do curso e material de apoio de diversas editoriais.

▪Actividades de repaso: propostas a través da aula virtual do instituto ou do correo electrónico. Non contarán para nota.

▪ Actividades de reforzo: a demanda do alumnado interesado nel ou que consideremos que o precisa. As vías serán os medios citados no parágrafo anterior. Estas actividades consideraranse de entrega voluntaria no primeiro dos casos e obrigada no segundo. En ningún caso contarán para nota.

▪Actividades de ampliación: baseadas en podcast, vídeos, apuntes e outro material que a profesora teña en consideración.

▪Actividades de avance: no caso dun confinamento prolongado imporase o avance coa programación. O traballo sobre estas tarefas si terá consideración para as cualificacións do alumnado.

O obxectivo destas medidas será aportar ao alumando un coñecemento básico a través dun sistema de autoaprendizaxe mediante recursos axeitados ás circunstancias de confinamento das alumnas e alumnos e da profesora. Considérase insubstituíble a didáctica habitual de clases presenciais para a impartición de determinadas cuestións, que serán obviadas (traballos en grupo, por exemplo) e adaptaranse buscando que a alumna ou alumno poida realizar pequenas buscas a través da rede, aproveitar o material audiovisual dispoñible ou lendo artigos de prensa e revistas ó respecto. O método de aula maxistral vese limitado á achega de material gravado ou elaborado pola profesora e posto a disposición do alumnado, tendo en conta a dificultade de feedback ou de detección de dúbidas de xeito instantáneo.

### 1.9-Materiais e recursos didácticos.

O libro de texto de referencia é *Ciencias Sociais 1º ESO*, da Editorial Anaya. A intención do libro de texto é dao ao alumnado un punto de referencia e unha perspectiva ampla do que van ser os contidos e tamén co obxectivo de que conten con boa parte do material gráfico que necesitarán para acadar moitos dos estándares de aprendizaxe do currículo (mapas históricos, mapas físicos, climogramas, arte...).

Ao tempo, levaremos a aula todo aquel material máis recente (artigos, páxinas web, documentais, aplicacións informáticas...) que permitan desenvolver actividades o máis diversas posibles. Tamén recorreremos a toda unha serie de aplicacións na rede que poidan resultar eficaces para crear un ambiente de traballo máis atractivo e dinámico: ***kahoot, plickers, quizzlet, quizizz, edpuzzle***...

No terceiro trimestre traballaremos esencialmente con Google Earth e todas as súas aplicacións, con programas GIS e coas páxinas webs máis actualizadas de meteoroloxía. Tamén faremos uso esencialmente dos mapas interactivos en webs como **thetruesizeof, global forest watch** e **windy** entre outras, e dos recursos audiovisuais para a análise de fragmentos de documentais, imaxes por satélite e vídeos didácticos como os de **happylearning** entre outros. Nos outros dous trimestres buscaremos tamén o apoio máis visual, aproveitando as aulas Abalar e usando aquelas páxinas webs que ofrecen material, fontes e recreacións contrastadas das sociedades prehistóricas e antigas; en concreto, as páxinas oficiais de museos e xacementos arqueolóxicos adoitan dispoñer dun material didáctico moi axeitado ao nivel que buscamos. Por outra banda introduciremos de xeito adaptado o uso das fontes históricas a través dos textos, e incluiremos tamén recursos relacionados coa posta en marcha de **xogos de rol e teatralizacións** para comprender as sociedades do mundo antigo e a súa organización política, económica pero especialmente a social.

Estableceremos tamén unha serie de **lecturas**, algunhas obrigatorias, outras voluntarias, atendendo á dinámica da clase. Os títulos irán perfilándose ao longo do curso, en función da marcha do mesmo e da evolución do alumnado.

♦**Adaptación de materiais e recursos en caso de docencia non presencial.**

Nesta situación darase prioridade aos seguintes materiais:

- Apuntes elaborados pola profesora.
- Audios e vídeos elaborados pola profesora.

-Material audiovisual adaptado ó nivel educativo dispoñible na rede de xeito gratuíto (nunca baixo subscripción).

- Artigos de prensa e revistas axeitados ó nivel educativo.

-Actividades e tarefas relacionados cos apuntes, vídeos e material escrito citados anteriormente, elaborados pola profesora e de dúas índoles: traballo de obrigada entrega e traballo voluntario de ampliación/reforzo.

-Boletín de recuperación para o alumnado con avaliación(s) pendente(s), elaborado a partir de exames realizados na aula, exercicios propostos na clase ó longo do curso e material de apoio de diversas editoriais.

- Videoconferencias para a resolución de dúbidas.

## 1.10-Criterios sobre a avaliación, a cualificación e a promoción do alumnado.

Como xa recollemos en apartados anteriores, combinaremos tanto probas obxectivas como actividades e tarefas, referenciándose todas elas sempre aos estándares de aprendizaxe. A idea é facer unha proba final para cada unidade e que estas probas representen a porcentaxe máis significativa da cualificación do alumno

| Medios de avaliación e porcentaxe sobre a cualific | |
|---|---|
| *Probas por unidade* | 70% |
| *Producións do alumnado* | 30% |

Polo tanto, a nota da avaliación resultará de aplicar a seguinte porcentaxe: media aritmética das probas obxectivas realizadas para cada unidade (70%). Actitude respecto ao proceso de aprendizaxe, realización de actividades, tarefas, investigacións, traballos cooperativos e presentación do caderno (30%).

No caso de que algún destes exames ou probas non sexa satisfactoriamente superado pola alumna ou alumno, é dicir, que os estándares de aprendizaxe implicados non se acaden, facilitarase ao alumnado a repetición destas probas para a súa superación. E tal e como xa comentamos anteriormente, as tarefas e resultados finais do traballo que se leve a cabo terá tamén o seu peso na cualificación final.

A avaliación levarase a cabo tendo en conta:

-A observación sistemática do traballo, a valoración da curiosidade e interese pola materia; mellora na lectura, ortografía; integración no grupo de traballo; creatividade; investigación persoal; e todas aquelas aptitudes e capacidades, competencias, valores e normas que a profesora ou profesor considere preciso ter en conta. Neste apartado inclúense as tarefas feitas na aula e en casa, o caderno e as observacións diarias feitas pola profesora. Analizarase o grao de consecución desta porcentaxe (**30%**, como se indicou anteriormente) en base ó seguinte: positivos e negativos recollidos ó longo de cada avaliación e caderno, recollido o día do último exame de cada trimestre para a comprobación do cumprimento das actividades propostas.

-Probas escritas. Realizaranse ao finalizar a explicación dunha ou dúas unidades didácticas, en función do avance xeral do grupo clase. Constarán de preguntas teóricas e prácticas, na liña das diferentes

actividades realizadas na aula ou na casa e corrixidas na clase. Na cualificación das distintas probas (**70%** da nota) terase en conta:

- como criterio xeral, as pautas básicas que rexen a expresión escrita, esencialmente a precisión léxica, a corrección da sintaxe, a claridade na expresión e a coherencia, na exposición das ideas. As faltas de ortografía reiteradas sen observarse atención e mellora poderán restar ata un máximo de 1 punto.

- a capacidade para organizar, seleccionar e expresar as ideas esenciais dos temas tratados.

- a información concreta e precisa de feitos relevantes.

En calquera caso, as probas escritas e a valoración dos traballos individuais ou en grupo serán rubricables e estas rúbricas (cos seus criterios de cualificación) serán coñecidas polo alumnado para a reflexión sobre o resultado acadado nas mesmas.

Se se apreciara intento de **fraude** nalgunha proba, esta calificarase cun cero. Considerase fraude facer pasar por propio un texto ou traballo alleo, ou copiar (ou intentalo) nun exame. O fraude pode detectarse no momento de realizalo ou durante a corrección, baixo o criterio da profesora, e sempre mediante medios que o alumnado coñecerá (os folios estarán selados ou marcados dalgún xeito para evitar "cambiazos").

-Recuperación. Tras unha avaliación suspensa, poderase recuperar nun único exame ao inicio da avaliación seguinte, agás no caso da terceira avaliación (na que se acudirá ó exame final).

-Cualificación final. Ó ter a materia contidos específicos para cada avaliación, para superala debe obterse unha cualificación de 5 puntos en cada unha das tres avaliacións. A nota final, aínda que obtida fundamentalmente a partir das cualificacións das tres avaliacións, non será a media aritmética das mesmas, pois nela valorarase a progresión na aprendizaxe, de xeito que se a cualificación das avaliacións tivera unha tendencia ascendente, a nota será máis alta que se se dese a tendencia contraria.

-Proba extraordinaria: no mes de setembro o alumnado suspenso poderá optar á superación da materia cunha proba na que deberá obter a cualificación de 5.

♦**Adaptación de avaliación e cualificación en caso de docencia non presencial.**

Para a avaliación seguiranse os seguintes criterios:

▪Procedementos: - Observación sistemática do traballo diario das alumnas e alumnos.

- Realización de probas obxectivas.

-Proposta de traballos individuais de investigación sobre diversos temas.

-Control das actividades propostas durante o período lectivo non presencial, tanto de ampliación da materia de Xeografía e Historia -avance na programación, con temas novos- como aquelas relacionadas co repaso e/ou recuperación da materia impartida.

▪ Instrumentos de avaliación: - Libro da profesora onde se tomaron as notas convenientes acerca do traballo do alumnado.

-Exames e controis periódicos, relacionados coa materia impartida, avaliados a través das súas correspondentes rúbricas de corrección e a súa evolución individual e de grupo.

- Anotacións con respecto aos traballos individuais de investigación propostos.

- Aula virtual do instituto. - Correo electrónico co dominio do instituto.

- Criterios de cualificacón: **e**n caso de docencia semipresencial o exames ordinarios poderían manterse, polo que non se modificarían as ponderacións establecidas para o escenario presencial. Só en caso de confinamento as ponderacións cambiarían pasando a valorar os exames (orais ou escritos) o 60% e as producións do alumnado o 40% da nota. Mantéñense o resto das consideracións xa fixadas para o escenario presencial.

### 1.11-Deseño da avaliación inicial e medidas a adoptar en función dos resultados.

A avaliación inicial tratará de detectar o nivel de desenvolvemento competencial máis que o nivel de coñecemento previo de contidos: o primeiro día de clase lévase a cabo unha presentación individual de cada alumna e alumno na que se lles pregunta por hábitos de traballo, dificultades recoñecidas, gustos e habilidades, expectativas sobre a materia, etc. Por outra banda, realizamos un cuestionario escrito o segundo día para valorar o nivel de competencia e coñecementos do alumnos respecto de contidos tratados anteriormente e que se tratarán durante o curso; esta proba tamén inclúe un pequeno texto con preguntas sinxelas para valorar a capacidade lectora do alumnado. O mesmo realízase de xeito individual e escrito pero coa participación activa do docente na observación da súa resolución. A partir das dúbidas que presentan os alumnos, do seu comportamento cara a resolución de exercicios, a súa capacidade para seguir instrucións e o seu nivel de contidos, detectaranse as posibles dificultades presentes no alumnado. Polo tanto, trátase dunha proba escrita pero a finalidade da mesma é observar o alumnado na súa resolución e tomar nota das súas competencias e comportamentos de cara á materia, tanto individuais como os que amosan como grupo. Atendendo aos resultados incidirase máis nun tipo de actividades ou noutras, partindo da idea de que os estándares de aprendizaxe teñen que abranguer o abano máis amplo posible de competencias clave.

### 1.12.Medidas de atención á diversidade e dificultades derivadas da fenda dixital.

Á espera de que os informes do departamento de orientación determinen se existe algunha nena ou neno para o que sexa necesario deseñar algunha adaptación curricular significativa, o desenvolvemento das aulas e das tarefas e actividades procurará identificar aqueles casos nos que a resolución dos estándares de aprendizaxe semelle ir máis lento: actividades de reforzo, replantexamento das tarefas, estratexias de traballo alternativas, etc.

Tamén se proporán actividades de ampliación, lecturas optativas de profundización, liñas de traballo de investigación... para aquel alumnado que amose un maior interese na materia (ou en aspectos concretos da mesma) e que queira afondar nela.

En atención ao posible escenario de confinamento levarase a cabo un control das alumnas e alumnos con dificultades de conexión por falta de medios físicos (ordenador, tableta) en colaboración coas titorías e a dirección do centro e o Concello da Pobra do Caramiñal, facilitándoselles os dispositivos precisos para suplir esas carencias. Todas as actividades e a impartición de novos temas ou de bloques de repaso e recuperación centraranse nunha metodoloxía a distancia, que usa plataformas diversas, principalmente: correo electrónico con dominio do centro educativo e a aula virtual da páxina web do centro, así como a plataforma Cisco Webex para as posibles videoconferencias.

### 1.13-Concreción dos elementos transversais.

Dos elementos transversais que o decreto establece no seu artigo 4, os dous primeiros puntos van ser traballados de forma continúa durante todo o curso:

1.Comprensión lectora, expresión oral e escrita, comunicación audiovisual e TIC van ser utilizados e postos en práctica en todas as tarefas por parte do alumnado. No fondo, trátase de traballar e avaliar por

competencias e estas son as competencias clave. A educación cívica e constitucional será tamén referencia constante cando se traballen as unidades de historia e se explique a evolución política e social da humanidade ata a crise do Imperio Romano, intentando en todo caso non incidir tampouco demasiado, vista a perda de importancia de esta educación para a cidadanía no currículo.

2. Os elementos recollidos neste punto 2 (igualdade efectiva de xénero, tolerancia, resolución pacífica dos conflitos, as ideas de liberdade, xustiza, igualdade, pluralismo político, paz, democracia, dereitos humanos, rexeitamento da violencia en todas as súas manifestacións, recoñecemento das diferentes opcións sexuais...) son o fío dos contidos traballados polas ciencias sociais, quizais non no caso da xeografía física (1º trimestre) pero si no caso da historia (2º e 3º trimestres) e a xeografía humana (en próximos cursos). O caso concreto do estudo do Holocausto, tal e como se recolle no texto da lei, será imposible de abordar por cuestións obvias do currículo.

3.Os elementos recollidos no punto 3 traballaranse na materia principalmente a través do traballo de aula e dos traballos individuais e colectivos, tratando de fomentar a creatividade e a confianz nas expocións dos mesmos. Para iso intentaremos crear un ambiente de aula favorable á intervención e a comunicación entre o alumnado e a profesora. Partindo desta base introduciremos ao alumnado no desenvolvemento de competencias relacionadas co traballo máis alá das probas escritas e a autonomía do alumnado. por outra banda incidiremos no desenvolvemento de dinámicas de traballo que permitan a adquisición daquelas capacidades e competencias que se realizan mellor a traverso do traballo cooperativo. Finalmente, resulta de especial relevancia na nosa materia a introdución do alumnado deste nivel no espertar dun pensamento crítico e reflexivo sobre os temas da historia e da xeografía. Para iso, tentaremos adoptar un papel de guía do alumnado, dado que polas súas características pode non estar acostumado a este tipo de reflexións. Non obstante, é preciso acostumalos a pensar con autonomía e de forma crítica. Isto pode conseguirse a traverso dunha exposición dos contidos como algo do que se pode dubidar e sobre o que reflexionar. Unha vez feito pola docente en reiteradas ocasións pedirémoslles traballos que fomenten este tipo de reflexións por si mesmos.

4.Os elementos do punto 4 abordaranse a partires da actividade *¿Qué pasa no mundo?,* na que o alumnado informarase das principais novas que sucedan ao seu arredor.

### 1.14-Actividades complementarias e extraescolares.

Ante a excepcionalidade da situación provocada pola pandemia, este curso non se contemplan actividades complementarias e extraescolares.

## 2-XEOGRAFÍA E HISTORIA: SEGUNDO CURSO ESO.

### 2.1-Introdución e contextualización.

O nivel de 2º de ESO en Xeografía e Historia podería considerarse o máis complexo de todo o currículo da materia, tanto pola densidade dos contidos como pola complexidade do período histórico obxecto de estudo: a Idade Media. O beneficio maior do currículo para este nivel, establecido no Decreto 86/2015, de 25 de xuño, ten sido a toma de conciencia do carácter absolutamente inabordable do anterior, ao reunir dous períodos históricos amplos e complexos -Idade Media e Idade Moderna- e sobre todo, tendo como destinatario un alumnado aínda moi neno. En calquera caso, o currículo segue a ser demasiado ambicioso para un ano académico e para un alumnado de 13 anos de media. Contando coa adquisición das primeiras bases no curso de 1º, neste ano pretendemos seguir avanzando nos aspectos clave do traballo nesta materia: traballo con fontes adaptadas ao nivel, metodoloxía centrada

nas técnicas de estudo, e moi importante, o dominio dos conceptos clave, do vocabulario propio da materia e do nivel para as dúas disciplinas que traballaremos.

Contaremos neste nivel con 4 grupos de referencia que reúnen un total de 66 alumnos e alumnas, distribuídos como segue: Grupo A: 14; B: 17 ; C: 17; D: 18. Hai un total de dous repetidores (un deles con adaptación curricular) e dous alumnos coa materia pendente de 1º.

Lamentamos este curso a perda da medida do agrupamento nesta medida, que foi unha loita persoal sostida durante anos, pois a experiencia fainos conscientes da especial dificultade que as nosas materias representan para o alumnado, tanto polo seu alto valor formativo como pola esixencia de traballo que implican. Entendo pois que cabe reclamar o mesmo valor e a mesma importancia que se lles dá a outras disciplinas que, de xeito automático, son contempladas para estas e outras medidas de apoio á formación do alumnado. Queremos pensar que as dificultades que impoñen as esixencias organizativas extraordinarias deste ano sexan a razón que imposibilitou a implementación desta medida, esperando que poida ser retomada en cursos sucesivos.

### 2.2-Previsión do desenvolvemento da programación nos escenarios de actividade lectiva semipresencial e/ou non presencial..

No caso de presentarse situacións particulares que obriguen ao desenvolvemento da actividade lectiva de xeito semipresencial ou no caso de docencia non presencial (confinamento), o alumnado seguirá as clases polos seguintes medios telemáticos: aula virtual do centro, correo electrónico iespobra e de darse a circunstancia a través da plataforma Cisco Webex.

A posibilidade de celebrar videoconferencias quedaría pendente da disposición horaria que establecera a direción do centro e nese caso o alumnado estaría obrigado a conectarse para asistir a clase. Estas sesións non superarían en todo caso o número de tres semanais, seguindo así a carga horaria presencial. A videoconferencia empregaríase para a exposición pola docente do tema que se estea traballando e a presentación de dúbidas ou preguntas por parte do alumnado. As tarefas presentaranse ben a través da aula virtual ou ben a través do correo, segundo se especifique en cada caso.

### 2.3-Contribución ao desenvolvemento das competencias clave.

Cabe en primeiro lugar advertir o cambio que o novo currículo introduce ao falar de *competencias clave* en lugar *de competencias básicas*, como se viña facendo, e como tamén, no curso da formación sobre as mesmas, a propia denominación e organización das competencias a considerar cambiou. Cambio que consideramos desafortunado. Entendemos que non se trata dun mero cambio nominal, pois advírtese nel unha orientación ideolóxica patente baixo a vertente pedagóxica, que é a que nos interesa e debe primar.

Enténdese por competencias clave as *capacidades para aplicar de xeito integrado os contidos propios de cada ensinanza e etapa educativa, co fin de lograr a realización adecuada de actividades e a resolución eficaz de problemas complexos.* O novo currículo relaciónaas cos estándares de aprendizaxe, en base aos cales se poderán concretar os criterios de avaliación e medir o grao de aprendizaxe. Para a concreción da relación entre competencias e estándares cinguirémonos á propia táboa do currículo.

O grao de desenvolvemento de cada competencia está naturalmente en relación coas nosas materias, sendo prioritarias unhas sobre outras, como propias das nosas disciplinas.

-<u>Competencia en Comunicación Lingüística</u> (CCL): A lingua é o principal instrumento para organizar o pensamento, para aprender e para explicar. Co discurso é posible describir, narrar, disertar e argumentar, etc. Pero ademais as propias materias de Xeografía e Historia teñen a súa propia linguaxe

técnica, con termos e expresións que lle son específicos –*relevo, chaira, precipitación, civilización, aristocracia, feudalismo*…, por exemplo-, que é preciso utilizar para aplicar os principios de pertinencia e precisión (XHB3.5.1). Por iso o profesorado prestará especial atención ó uso correcto e preciso, tanto dunha linguaxe apropiada, como duns termos técnicos elementais propios do noso saber, co fin de que a linguaxe oral e escrita cumpra o seu papel de *instrumento de comunicación, de representación, interpretación e comprensión da realidade, de construción e comunicación do coñecemento*, e se converta en ferramenta de comprensión e representación da realidade. Buscamos, en definitiva, tamén na nosa disciplina, que o alumno se achegue ao dominio das habilidades de ler e escribir diferentes tipos de textos e materiais cada vez máis complexos e que resultan fundamentais como elementos de información social e histórica (XHB3.6.1.) Trátase de ser capaces de expoñer clara e sistematicamente as ideas, argumentando con rigor e precisión.

-Competencia Matemática e Competencias básicas en Ciencia e Tecnoloxía (CMCCT): a contribución da materia de Xeografía é tamén relevante e permite relacións interdisciplinares e incluso de complementariedade con outras materias como as Ciencias Naturais. Neste sentido cumpre recordar que a Xeografía –e as súas diferentes ramas- ten por obxecto o estudo das interrelacións entre o ser humano e o medio físico no que se desenvolve. Por esas razóns os contidos de orde xeográfica permitirán *a comprensión de sucesos, a predición de consecuencias e a actividade dirixida á mellora e preservación das condicións de vida propia, das demais persoas e do resto dos seres vivos*. Así os contidos e métodos da Xeografía permitirán a adecuada percepción do espazo físico en que se desenvolven a vida e a actividade humana, tanto a grande escala, como no contorno inmediato, e as interacións entre home e espazo derivadas dos asentamentos humanos, as actividades económicas e as modificacións introducidas polo home e as paisaxes resultantes. En definitiva, interactuar co mundo físico, tanto no que ten de espazo natural como na medida en que o transforma a acción humana, é un aspecto esencial no coñecemento social, en canto permite comprender mellor o que sucede, as consecuencias dun proceso determinado e as condicións de vida de homes e mulleres, que son os suxeitos dos asuntos sociais. Contribúese á adquisición desta competencia na medida en que se asegure que a dimensión espacial impregne a aprendizaxe dos contidos xeográficos, adquirindo particular importancia o desenvolvemento de procedementos de orientación, localización, observación e interpretación de espazos, paisaxes e a súa representación cartográfica (XHB1.1.1., XHB1.3.1, XHB1.4.2, XHB1.5.1, XHB12.1.2, XHB2.3.1., XHB2.5.1, …

-Competencia Dixital (CD): poñer en práctica habilidades para buscar, obter, procesar e comunicar a información e transformala en coñecemento. As TIC resultan imprescindibles na sociedade da información en que vivimos, aumentan as posibilidades de comunicación e axilizan os intercambios, mesmo poden propiciar formas de traballo cooperativo que abarquen espazos físicos e sociais cada vez máis amplos, que son precisamente os que interesa coñecer desde esta área:

-buscar información en páxinas especializadas; (XHB1.7.1, XHB1.1.2, XHB1.1.3…)

-elaborar presentacións (XHB2.8.2)

-comprender a información e integrala nos esquemas previos de coñecemento e, así mesmo, capacitarse para a transmisión desta información do xeito máis eficaz posible. (XHB2.3.2, XHB2.5.1…)

-Competencia Aprender a Aprender (CAA): é a competencia que nos parece máis esencial, porque a aprendizaxe atópase antes que nada na vontade de aprender e de asumir o esforzo que toda aprendizaxe implica. As técnicas de traballo das nosas materias as converten en marco ideal para a posta en práctica desta competencia. Supón iniciarse na aprendizaxe e continuala dun xeito autónomo.

¡ES DA POBRA DO CARAMIÑAL
Xobre, 22. 15940-A Pobra do Caramiñal, A Coruña
Teléfono: 881867064 Fax: 881867077
Correo electrónico: ies.pobra.caraminal@edu.xunta.gal
Páxina web: www.edu.xunta.gal/centros/iespobracaraminal/



Do que se trata é de ter ferramentas que faciliten a aprendizaxe e de atopar repostas que se correspondan cun coñecemento racional, asumindo que poden ser diversas e que é posible atopalas desde distintas perspectivas metodolóxicas. Para asumir esta competencia é preciso tamén coñecer o que se sabe e o que queda por aprender, orientando os procesos de aprendizaxe ata as nosas capacidades. Noutras palabras, trátase de coñecer as propias potencialidades e as propias carencias. É a competencia que se entende debe estar presente en todo o proceso educativo (XHB1.5.2., XHB2.2.2, XHB2.6.1., XHB3.12.1…)

-Competencias Sociais e Cívicas (CSC): vinculadas directamente ás nosas materias, posto que facilitan as relacións dentro dun modelo de sociedade cada vez máis plural, e así mesmo a comprensión da realidade social. A Xeografía e a Historia estudan, analizan e explican a conformación das identidades sociais e territoriais. Na medida en que constrúen as categorías de tempo e espazo social permiten a construción de tempo e espazo persoal no alumnado. Pero, para que estas categorías se traduzan no desenvolvemento dunha competencia social democrática e posibiliten unha interacción responsable co medio, teñen que incorporar a visión de que o mundo no que vivimos é froito das decisións que tomaron os nosos antepasados máis ou menos libremente. Esta visión permitiralle ao alumnado adquirir a conciencia de que o futuro está condicionado polas nosas decisións e actuacións, e adoptar, polo tanto, unha posición comprometida e responsable ante este (XHB1.7.1., XHB2.5.2, XHB3.1.1, XHB3.4.1…

-Competencia de Sentido de Iniciativa e Espíritu Emprendedor (CSIEE): adquisición das actitudes que permitan a maduración persoal, como son a responsabilidade, o coñecemento, a autoestima, a perseveranza, o control emocional e moitas outras na mesma liña. Todo destinado a converter as ideas en accións, é dicir, conseguir a autonomía persoal básica e a iniciativa suficiente para ser capaz de emprender e desenvolver accións e proxectos con confianza, creatividade e sentido crítico. Esta é a interpretación da competencia que potenciaremos, aínda que o propio currículo non a contempla.

-Competencia de Conciencia e Expresións Culturais (CCEC): competencia propia das nosas áreas de coñecemento. Apreciar, comprender e valorar as diferentes manifestacións culturais e artísticas, materiais e inmateriais, como materializacións das capacidades máis excelsas do ser humano:

-utilizalas para o enriquecemento persoal e estimalas como elementos do patrimonio cultural de que dispoñemos e comprensión da necesidade e do valor da súa preservación:

-facilitar a selección e coñecemento de obras de arte relevantes, ben polo seu significado na caracterización de estilos e artistas, como en tanto expresión do sentir e das transformacións materiais e mentais dunha época. (XHB3.9.1., XHB3.9.2., XHB3.10.2, XHB3.12.1)

O total de 43 estándares de aprendizaxe recollidos no currículo reflexa a seguinte incidencia nas competencias clave.



Coincidimos na valoración sobre a incidencia das nosas materias na CAA, xa que son disciplinas que manifestamente contribúen de xeito moi directo na formación das capacidades intelectuais; pola contra, non podemos coincidir no resultado evidenciado respecto da CCL, que é fundamental igualmente no traballo da Xeografía e da Historia, aspecto no que con grande interese pretendemos incidir neste departamento, pois o alumnado precisa, e moito, avanzar nas súas capacidades de expresión. Entendemos que algúns dos desequilibrios advertidos poden deberse ao feito de estar máis desenvolvidos os estándares nos bloques de Xeografía, mentres que o de Historia queda, ao noso entender, especificado de xeito incompleto.

## 2.4-Concreción dos obxectivos para o curso.

Partindo do decreto 86/2015 do 25 de Xullo que establece os obxectivos xerais para a ESO, centrarémonos en mencionar aquí os que consideramos máis directamente vinculados coas nosas disciplinas neste curso.

a) Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ás demais persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e os grupos, exercitarse no diálogo, afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural, e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática. Neste nivel o alumnado comezará a afianzar fundamentalmente a súa conciencia sobre a igualdade de xénero e o sentido democrático.

b)Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo, como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal. Tratarase de avanzar no desenvolvemento da autonomía no estudo.

c) Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou manifestación de violencia contra a muller.

d)Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo e os comportamentos sexistas, e resolver pacificamente os conflitos.

e)Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información, para adquirir novos coñecementos con sentido crítico. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación. Tratarase de avanzar na autonomía das procuras simples de información .

g) Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico a nivel básico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades. Neste aspecto o alumnado deberá avanzar na súa autonomía persoal en relación coa capacidade de planificación do seu traballo e nas técnicas de estudo.

h) Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, textos e mensaxes , e iniciarse no coñecemento, na lectura. Concretarase este curso o avance neste obxectivo co inicio da comprensión e elaboración de textos breves e respostas argumentadas de maneira básica, cunha expresión máis coidada no uso do léxico. Respecto da corrección na ortografía e na caligrafía deberán corrixirse os erros básicos.

l) Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e das outras persoas, así como o patrimonio artístico e cultural. Coñecer mulleres e homes que realizaran achegas importantes á cultura e á sociedade galega, ou a outras culturas do mundo. Este obxectivo centrarase no recoñecemento de obras e personaxes senlleiros da cultura medieval.

n) Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación. Neste curso deberán asimilarse as características básicas dos estilos románico e gótico, sabendo diferencialos en liñas xerais.

ñ) Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia, participar na súa conservación e na súa mellora, e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ao exercicio deste dereito.

o) Coñecer e valorar a importancia do uso da lingua galega como elemento fundamental para o mantemento da identidade de Galicia, e como medio de relación interpersoal e expresión de riqueza cultural nun contexto plurilingüe, que permite a comunicación con outras linguas, en especial coas pertencentes á comunidade lusófona.

Con independencia da posibilidade dun confinamento que obrigue a abordar a docencia e a aprendizaxe non presenciais, consideramos que os obxectivos establecidos no currículo non teñen por que verse alterados no esencial; é máis, algúns destes obxectivos, coma os apartados a, b ou g, poden mesmo verse reforzados, ao esixir a adaptación a esta circunstancia de doses maiores de autonomía, disciplina e iniciativa por parte do alumnado.

### 2.5-Concreción das aprendizaxes imprescindibles non adquiridas o curso anterior.

En relación coa previsión da necesidade de reforzos que puidesen emendar as lagoas deixadas o curso pasado con motivo da COVID19 facemos as seguintes valoracións:

-en primeiro lugar hai que salientar que os contidos do currículo de Xeografía e Historia non son propiamente progresivos senón que responden a unha secuenciación temporal;

-en segundo lugar tomamos en consideración que a parte do temario afectada o curso pasado foi a referida ao bloque de Historia, pois quedou sen impartir o referente ás civilizacións fluviais e o mundo clásico;

-tendo en conta que, deses contidos, so entronca co presente nivel o referente á crise e caída do imperio romano e o demais non afecta á comprensión do currículo deste ano, consideramos centrarnos nese aspecto. Cabe salientar que xa o propio temario inclúe esa referencia á crise como entronque coas invasións xermánicas. Convén entón este ano insistir un pouco máis nesa conexión;

-entendemos que o currículo de 2º ESO é dabondo esixente para o alumnado e que non convén polo tanto complicalo con contidos que, lamentablemente non se puideron impartir, pero que non supoñen un aporte imprescindible para a marcha deste curso.

### 2.6-Liñas xerais do plan de reforzo e recuperación das aprendizaxes imprescindibles non adquiridas o curso anterior. Medidas metodolóxicas e organizativas.

A implementación deste aspecto levarase a cabo mediante explicación / exposición na aula de tres liñas de reforzo:

-unha síntese sobre o Imperio Romano centrada especialmente na súa locación temporal e espacial e nos rasgos básicos da civilización;

-a crise do imperio romano, como punto de inflexión;

-a comparación entre a civilización romana e a civilización xermánica como punto de enlace entre o curso anterior e o presente.

Ao mesmo tempo proporase ao alumnado a elaboración de tarefas sinxelas que axuden a asimilar os contidos básicos para enlazar co curso actual.

Farase unha corrección conxunta na aula e este material -tema teórico e tarefas- deixarase a disposición do alumnado na aula virtual. Estas tarefas non serán avaliables, a excepción das relativas ao último punto indicado.

En calquera caso, ao longo do avance da materia, faranse aquelas referencias puntuais que nos poidan conectar coa herdanza do mundo grego e romano, o que, por outra banda, é xa práctica habitual e necesaria para facer comprender o sentido da Historia.

## 2.7-Relación de estándares e concreción para cada estándar de aprendizaxe avaliable de:

- **Obxectivos e contidos desenvolvidos:** ver táboa

- **Temporalización:**

·1º trimestre: de setembro a decembro. Comezaremos polo bloque 3 do currículo: *A Historia.*

| Unidades | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares |
|---|---|---|---|
| 1-A Historia: tempo histórico, vocabulario e fontes. | B3.1 a B3.5 | B3.1.a B3.5 | XHB3.1.1 a XHB3.5.1 |
| 2-A Idade Media: caída do Imperio Romano, Imperio Bizantino e Reinos Xermánicos. | B3.6 a B3.7 | B3.6 a B3.7 | XHB3.6.1 a XHB3.7.1 |
| 3-O Islam e Al-Andalus | B3.9 e B3.12 | B3.9 e B3.12 | XHB3.9.1 a XHB3.9.2-12.1 |

·2º trimestre: de xaneiro a marzo. Continuaremos co bloque 3: *A Historia*.

| Unidades | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares |
|---|---|---|---|
| 4-O Feudalismo e o Románico | B3.8 e B3.12 | B3.8 3 B3.12 | XHB3.8.1 e XHB3.12.1 |
| 5-Os reinos cristiáns: Reconquista e Repoboación. | B3.9 e B3.10 | B3.9 e B3.10 | XHB310.1 a XHB3.10.2 |
| 6-Plena e Baixa Idade Media: a expansión e a crise. O Gótico. | B3.11 e B3.12 | B3.11 e B3.12 | XHB3.11.1 3 XHB3.12.1 |

·3º trimestre: de abril a xuño. Traballaremos os bloques 1 e 2: *O medio físico e O espazo humano.*

| Unidades | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares |
|---|---|---|---|
| 7-As coordenadas xeográficas. | B1.1 | B1.1 | XHB1.1.1 |
| 8-O medio físico de España e Galicia: relevo e hidrografía. | B1.2 a B1.4 | B1.2 a B1.4 | XHB1.2.1 a XHB2.1.4.2 |
| 9-Climas e paisaxes bioclimáticas de España | B1.5 e B1.6 | B1.5 e B1.6 | XHB1.5.1 a XHB1.6.1 |

| | | | |
|---|---|---|---|
| e Galicia. | | | |
| 10-Medio natural: diversidade e problemas ambientais en España e Galicia. | B1.7 e B2.8 | B1.7 e B2.8 | XHB1.7.1<br>XHB2.8.1 e XHB2.8.2 |
| 11-Paisaxes humanizadas e problemas ambientais en España e Galicia. | B2.9 e B2.10 | B2.9 e B2.10 | XHB2.9.1<br>XHB2.10.1 |
| 12-A Poboación | B2.1 a B2.4 | B2.1 a B2.4 | XHB2.1.1 a XHB2.4.1 |
| 13-O proceso de urbanización e a cidade. | B2.5 a B2.7 | B2.5 a B2.7 | XXHB2.5.1 a XHB2.7.1 |

### •Grao mínimo de consecución para superar a materia.

Para a superación da materia, o alumnado deberá ter en conta que serán imprescindibles os seguintes requisitos:

-Respecto dos contidos:

·O dominio dos conceptos, termos, vocabulario xeográfico, histórico e artístico pertinentes para cada unidade. Este vocabulario deberá empregarse necesariamente na resolución de exercicios, exames, actividades, xa sexan de forma oral ou escrita.

·A identificación e correcta expresión da cronoloxía histórica (anos, séculos…)

·A localización espazo-temporal adecuada, xunto cos trazos básicos da organización política, económica e social da Idade Media.

·Recoñecer as unidades principais dos mapas físicos de España e Galicia.

-Identificar os grandes conxuntos bioclimáticos coas súas características básicas.

-Saber interpretar de xeito básico unha pirámide de poboación.

-Diferenciar os trazos distintivos entre os espazos rural e urbano.

-Identificar de xeito básico os procesos de configuración territorial na Península Ibérica.

·Recoñecer os trazos básicos dos estilos artísticos e algunha obra senlleira.

-Respecto do traballo:

·Será imprescindible responder de xeito argumentativo, adecuado ao nivel. Non se valorarán as meras respostas monosilábicas. Así mesmo, esixiranse unhas condicións mínimas no coidado da caligrafía, a ortografía, o mantemento dos cadernos e a presentación dos traballos. A faltas de ortografía reiteradas sen que se amose intención de mellora poderán supoñer a baixada de ata un punto nas notas de exames ou tarefas.

·A adecuación das tarefas e actividades ás pautas indicadas para a súa realización, así como o cumprimento dos prazos de entrega de traballos propostos.

·O dominio básico das técnicas de traballo e do manexo de fontes.

·No mantemento do caderno valorarase que estea completo, corrixido e pulcro.

·Será preceptiva a realización da lectura proposta, xunto co traballo de lectura que se determine para o curso.

-Respecto das avaliacións:

·Será preciso ter as tres avaliacións aprobadas para superar o curso.

-Respecto da actitude:

·Espérase do alumnado unha actitude respectuosa dentro da aula.

·O material básico, manual e caderno, deberá estar presente na aula todos os días de clase.

### •Procedementos e instrumentos de avaliación.

| Procedementos de avaliación (**PA**) | | Instrumentos de avaliación (**IA**) |
|---|---|---|
| Observación (**O**) | Traballo cotiá na aula | Ficha do/a alumno/a (**F**) |
| Tarefas (**T**) | Na aula e na casa<br>Individuais e de grupo | Ficha do/a alumno/a (**F**)<br>Caderno do alumno/a (**C**)<br>Materiais elaborados polo alumnado (**M**)<br>Rúbricas (**R**) |
| Probas (**P**) | Escritas e / ou orais | Exames (**E**) |

Para medir o grao de consecución de cada estándar de aprendizaxe aplicaremos a seguinte rúbrica:

| **Criterio** | **a)1-2** | **b) 3-4** | **c)5-6** | **d) 7-8** | **e)9-10** |
|---|---|---|---|---|---|
| Traballo e aplicación das técnicas de aprendizaxe | Traballa de xeito moi irregular. Escaso esforzo. Serias dificultades na aplicación das técnicas de aprendizaxe. | Traballa de xeito regular con esforzo. Dificultades na aplicación das técnicas de aprendizaxe. | Traballa de xeito regular con esforzo. Aplica no esencial as técnicas de aprendizaxe. | Acada o 70% das tarefas realizadas. Aplica as técnicas de aprendizaxe con erros puntuais. | Completa todas as tarefas realizadas. Aplica de maneira adecuada as técnicas de aprendizaxe. |
| Comprensión do estándar | Non amosa comprensión ou comprensión parcial sen chegar a conclusións | Amosa comprensión parcial e chega a conclusións esperables. | Amosa comprensión e chega a conclusións esperables. | Amosa comprensión e expón conclusións múltiples. | Amosa comprensión e expón conclusións orixinais.. |
| Explicación do estándar | Non explica<br>Non usa os conceptos clave | Explica de xeito memorístico con incoherencias e comprensión deficiente.<br>Usa menos da metade dos conceptos clave | Explica coas propias palabras pero con algunha incoherencia.<br>Chega a utilizar o 50% dos conceptos clave | Explica coas propias palabras de xeito coherente<br>Utiliza ata o 80% dos conceptos clave | Explica de xeito coherente.<br>Emprega todos os conceptos clave |
| Aplicación do estándar | Non aplica.<br>Aplicación con erros que non acada o 50% de acerto | Aplicación sen erros que acada o 50% de acerto | Supera o 50% de acerto na aplicación do estándar | Acada o 70% de acerto na aplicación do estándar | Supera o 90% de acerto na aplicación do estándar |
| Relación do estándar | Non relaciona o estándar en tarefas simples e guiadas | Relaciona o estándar ata o 50% das veces en tarefas guiadas | Relaciona o estándar máis do 50% das veces en tarefas guiadas | Relaciona o estándar máis do 50% das veces sen guía | Consigue establecer relacións múltiples |

| | Xeografía e Historia. 1º ciclo de ESO. 2º curso | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave | Grao mínimo de consecución | Temporalización | Procedementos e Instrumentos |
| | Bloque 1. O medio físico | | | | | | |
| ▪ b<br>▪ e<br>▪ f<br>▪ g | ▪ B1.1. Localización. Latitude e lonxitude. | ▪ B1.1. Localizar espazos xeográficos e lugares nun mapa ou nunha imaxe de satélite, utilizando datos de coordenadas xeográficas. | ▪ XHB1.1.1. Localiza espazos xeográficos e lugares nun mapa de España e de Galicia, utilizando datos de coordenadas xeográficas. | ▪ CAA<br>▪ CMCCT<br>▪ CD | ▪ c | ▪ Sesións | ▪ O, T, P<br>▪ F, C, R, E |
| ▪ b<br>▪ e<br>▪ f<br>▪ g<br>▪ h | ▪ B1.2. Características xerais do medio físico de España e de Galicia. | ▪ B1.2. Ter unha visión global do medio físico de España e de Galicia, e das súas características xerais. | ▪ XHB1.2.1. Enumera e describe as peculiaridades do medio físico español e galego. | ▪ CAA<br>▪ CMCCT<br>▪ CD<br>▪ CCL | ▪ c | ▪ Sesións | ▪ O, T, P<br>▪ F, M, R, E |
| ▪ b<br>▪ e<br>▪ f<br>▪ g<br>▪ h | ▪ B1.3. Medio físico de España: relevo e hidrografía. | ▪ B1.3. Situar no mapa de España as unidades e os elementos principais do relevo peninsular, así como os grandes conxuntos ou espazos bioclimáticos. | ▪ XHB1.3.1. Sitúa nun mapa físico as principais unidades do relevo español. | ▪ CAA<br>▪ CMCCT<br>▪ CD | ▪ d | ▪ Sesións | ▪ O, T, P<br>▪ F, M, R, E |
| | | | ▪ XHB1.3.2. Describe as unidades de relevo con axuda do mapa físico de España. | ▪ CAA<br>▪ CMCCT<br>▪ CD<br>▪ CCL | ▪ c | ▪ Sesións | ▪ O, T, P<br>▪ F, M, R, E |
| ▪ b<br>▪ e<br>▪ f<br>▪ g<br>▪ h | ▪ B1.4. Medio físico de Galicia: relevo e hidrografía. | ▪ B1.4. Situar no mapa de Galicia as unidades e os elementos principais do relevo, así como os grandes conxuntos ou espazos bioclimáticos. | ▪ XHB1.4.1. Sitúa nun mapa físico as principais unidades do relevo galego. | ▪ CAA<br>▪ CMCCT<br>▪ CD | ▪ d | ▪ Sesións | ▪ O, T, P<br>▪ F, M, R, E |
| | | | ▪ XHB1.4.2. Describe as unidades de relevo con axuda do mapa físico de Galicia. | ▪ CAA<br>▪ CMCCT<br>▪ CD<br>▪ CCL | ▪ c | ▪ Sesións | ▪ O, T, P<br>▪ F, M, R, E |

| | Xeografía e Historia. 1º ciclo de ESO. 2º curso | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave | Grao mínimo de consecución | Temporalización | Procedementos e Instrumentos |
| ▪ b<br>▪ e<br>▪ f<br>▪ g<br>▪ h | ▪ B1.5. Clima: elementos e factores. Diversidade climática da Península Ibérica e de Galicia. | ▪ B1.5. Coñecer e describir os grandes conxuntos bioclimáticos que conforman o espazo xeográfico español e galego. | ▪ XHB1.5.1. Localiza nun mapa os grandes conxuntos ou espazos bioclimáticos de España. | ▪ CAA<br>▪ CMCCT<br>▪ CD<br>▪ CCL | ▪ d | ▪ Sesións | ▪ O, T, P<br>▪ F, M, R, E |
| | | | ▪ XHB1.5.2. Analiza e compara as zonas bioclimáticas españolas utilizando gráficos e imaxes. | ▪ CAA<br>▪ CMCCT<br>▪ CD | ▪ b | ▪ Sesións | ▪ O, T, P<br>▪ F, M, R, E |
| | | | ▪ XHB1.5.3. Localiza nun mapa os espazos bioclimáticos de Galicia. | ▪ CAA<br>▪ CMCCT<br>▪ CD | ▪ c | ▪ Sesións | ▪ O, T., P<br>▪ F, M, R, E |
| ▪ b<br>▪ e<br>▪ f<br>▪ g<br>▪ m | ▪ B1.6. Diversidade de paisaxes. Zonas bioclimáticas da Península Ibérica e de Galicia. | ▪ B1.6. Coñecer os principais espazos naturais de España e de Galicia. | ▪ XHB1.6.1. Distingue e localiza nun mapa as paisaxes de España e de Galicia. | ▪ CAA<br>▪ CMCCT<br>▪ CD | ▪ d | ▪ Sesións | ▪ O, T, P<br>▪ F, M, R, E |
| ▪ b<br>▪ e<br>▪ f<br>▪ g<br>▪ h<br>▪ m<br>▪ ñ | ▪ B1.7. Medio natural e problemas ambientais en España. | ▪ B1.7. Coñecer, describir e valorar a acción do ser humano sobre o ambiente español e galego, e as súas consecuencias. | ▪ XHB1.7.1. Realiza procuras en medios impresos e dixitais referidas a problemas ambientais actuais en España e en Galicia, e localiza páxinas e recursos da web directamente relacionados con eles. | ▪ CAA<br>▪ CMCCT<br>▪ CD<br>▪ CCL | ▪ c | ▪ Sesións | ▪ O, T<br>▪ F, M, R |
| | Bloque 2. O espazo humano | | | | | | |
| ▪ b<br>▪ c | ▪ B2.1. Poboación mundial: modelos demográficos e | ▪ B2.1. Comentar a información en mapas do mundo sobre a densidade de | ▪ XHB2.1.1. Localiza no mapa mundial os continentes e as áreas máis densamente poboadas. | ▪ CAA<br>▪ CMCCT | ▪ d | ▪ Sesións | ▪ O, T, P<br>▪ F, M, R, E |

| | Xeografía e Historia. 1º ciclo de ESO. 2º curso | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave | Grao mínimo de consecución | Temporalización | Procedementos e Instrumentos |
| ▪ e<br>▪ f<br>▪ g | movementos migratorios. | poboación e as migracións. | | ▪ CSC<br>▪ CD | | | |
| | | | ▪ XHB2.1.2. Explica o impacto das ondas migratorias nos países de orixe e nos de acollemento. | ▪ CAA<br>▪ CMCCT<br>▪ CSC<br>▪ CD | ▪ b | ▪ Semana | ▪ O, T. P<br>▪ F, C, R, E |
| ▪ b<br>▪ c<br>▪ e<br>▪ f<br>▪ g<br>▪ h | ▪ B2.2. Poboación europea: distribución e evolución. | ▪ B2.2. Analizar a poboación europea no relativo á súa distribución, evolución e dinámica, e ás súas migracións e políticas de poboación. | ▪ XHB2.2.1. Explica as características da poboación europea. | ▪ CAA<br>▪ CCL<br>▪ CSC<br>▪ CD | ▪ b | ▪ Semana | ▪ O, T, P<br>▪ F, C, R, E |
| | | | ▪ XHB2.2.2. Compara entre países a poboación europea segundo a súa distribución, a súa evolución e a súa dinámica. | ▪ CAA<br>▪ CMCCT<br>▪ CSC<br>▪ CD<br>▪ CCL | ▪ b | ▪ Semana | ▪ O, T, P<br>▪ F, C, R, E |
| ▪ b<br>▪ c<br>▪ e<br>▪ f<br>▪ g<br>▪ h | ▪ B2.3. Poboación española: evolución, distribución e dinámica. Movementos migratorios. | ▪ B2.3. Analizar as características da poboación española, a súa distribución, dinámica e evolución, e os movementos migratorios. | ▪ XHB2.3.1. Explica a pirámide de poboación de España e das súas comunidades autónomas. | ▪ CAA<br>▪ CMCCT<br>▪ CSC<br>▪ CD<br>▪ CCL | ▪ c | ▪ Semana | ▪ O, T, P<br>▪ F, M, R, E |
| | | | ▪ XHB2.3.2. Analiza en distintos medios os movementos migratorios nas últimas tres décadas en España. | ▪ CAA<br>▪ CMCCT<br>▪ CSC<br>▪ CD<br>▪ CCL | ▪ b | ▪ Semana | ▪ O, T<br>▪ F, M, R |

| | Xeografía e Historia. 1º ciclo de ESO. 2º curso | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave | Grao mínimo de consecución | Temporalización | Procedementos e Instrumentos |
| ▪ b<br>▪ c<br>▪ e<br>▪ f<br>▪ g<br>▪ h | ▪ B2.4. Poboación de Galicia: evolución, distribución e dinámica. Movementos migratorios. | ▪ B2.4. Analiza as características da poboación de Galicia, a súa distribución, dinámica e evolución, e os movementos migratorios | ▪ XHB2.4.1. Coñece o proceso da emigración galega, as súas etapas e os destinos principais. | ▪ CAA<br>▪ CMCCT<br>▪ CSC<br>▪ CD<br>▪ CCL | ▪ c | ▪ Sesións | ▪ O, T, P<br>▪ F, C, R, E |
| ▪ b<br>▪ c<br>▪ e<br>▪ f<br>▪ g<br>▪ h | ▪ B2.5. Proceso de urbanización no planeta. | ▪ B2.5. Sinalar nun mapamundi as grandes áreas urbanas, e identificar e comentar o papel das cidades mundiais como dinamizadoras da economía das súas rexións. | ▪ XHB2.5.1. Realiza un gráfico con datos da evolución do crecemento da poboación urbana no mundo. | ▪ CAA<br>▪ CMCCT<br>▪ CSC<br>▪ CD<br>▪ CCL | ▪ b | ▪ Sesións | ▪ O, T<br>▪ F, M, R |
| | | | ▪ XHB2.5.2. Sitúa no mapa do mundo as vinte cidades máis poboadas, di a que país pertencen e explica a súa posición económica. | ▪ CAA<br>▪ CMCCT<br>▪ CSC<br>▪ CD<br>▪ CCL | ▪ d | ▪ Sesións | ▪ O, T, P<br>▪ F, C, R, E |
| ▪ b<br>▪ c<br>▪ e<br>▪ f<br>▪ g<br>▪ h | ▪ B2.6. A cidade e o proceso de urbanización europeo. | ▪ B2.6. Comprender o proceso de urbanización, os seus proles e os seus contras en Europa. | ▪ XHB2.6.1. Resume elementos que diferencien o urbano e o rural en Europa. | ▪ CAA<br>▪ CMCCT<br>▪ CSC<br>▪ CD<br>▪ CCL | ▪ d | ▪ Sesións | ▪ O, T, P<br>▪ F, C, R, E |
| | | | ▪ XHB2.6.2. Distingue os tipos de cidades do noso continente. | ▪ CAA<br>▪ CMCCT<br>▪ CSC<br>▪ CD<br>▪ CCL | ▪ c | ▪ Sesións | ▪ O, T, P<br>▪ F, C, R, E |

| | Xeografía e Historia. 1º ciclo de ESO. 2º curso | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave | Grao mínimo de consecución | Temporalización | Procedementos e Instrumentos |
| ▪ b<br>▪ c<br>▪ e<br>▪ f<br>▪ g<br>▪ h<br>▪ ñ | ▪ B2.7. A cidade e o proceso de urbanización en España e en Galicia. | ▪ B2.7. Recoñecer as características das cidades españolas e galegas, e as formas de ocupación do espazo urbano. | ▪ XHB2.7.1. Interpreta textos que expliquen as características das cidades de España e de Galicia, axudándose de internet ou de medios de comunicación escrita. | ▪ CAA<br>▪ CMCCT<br>▪ CSC<br>▪ CD<br>▪ CCL | ▪ b | ▪ Sesións | ▪ O, T, P<br>▪ F. C, R |
| ▪ b<br>▪ c<br>▪ e<br>▪ f<br>▪ g<br>▪ h<br>▪ m<br>▪ ñ | ▪ B2.8. Diversidade de medios naturais en España e en Galicia. | ▪ B2.8. Coñecer os principais espazos naturais protexidos a nivel peninsular e insular. | ▪ XHB2.8.1. Sitúa os parques naturais españois nun mapa, e explica a situación actual dalgúns deles. | ▪ CAA<br>▪ CMCCT<br>▪ CSC<br>▪ CD<br>▪ CCL | ▪ b | ▪ Sesións | ▪ O, T<br>▪ F, M, R |
| | | | ▪ XHB2.8.2. Elabora gráficos de distinto tipo (lineais, de barra e de sectores) en soportes virtuais ou analóxicos, que reflictan información económica e demográfica de países ou áreas xeográficas a partir dos datos elixidos. | ▪ CAA<br>▪ CMCCT<br>▪ CCL<br>▪ CD | ▪ c | ▪ Semanas | ▪ O, T, P<br>▪ F, C, M, R, E |
| ▪ b<br>▪ c<br>▪ e<br>▪ f<br>▪ g<br>▪ h<br>▪ m<br>▪ ñ | ▪ B2.9. Paisaxes no territorio español e galego. | ▪ B2.9. Identificar as principais paisaxes humanizadas españolas e galegas, e identificalas por comunidades autónomas. | ▪ XHB2.9.1. Clasifica as principais paisaxes humanizadas españolas a través de imaxes. | ▪ CAA<br>▪ CMCCT<br>▪ CSC<br>▪ CD<br>▪ CCL | ▪ c | ▪ Sesións | ▪ O, T, P<br>▪ F, C, R, E |
| ▪ b<br>▪ c | ▪ B2.10. Principais retos e problemas ambientais en | ▪ B2.10. Coñecer e analizar os problemas e os retos ambientais que afronta | ▪ XHB2.10.1. Compara paisaxes humanizadas españolas segundo a súa actividade económica. | ▪ CAA<br>▪ CMCCT | ▪ c | ▪ Semana | ▪ O, T, P<br>▪ F, C. R, E |

| | Xeografía e Historia. 1º ciclo de ESO. 2º curso | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave | Grao mínimo de consecución | Temporalización | Procedementos e Instrumentos |
| ▪ e<br>▪ f<br>▪ g<br>▪ h<br>▪ m<br>▪ ñ | España. | España, a súa orixe e as posibles vías para afrontar estes problemas. | | ▪ CSC<br>▪ CD<br>▪ CCL | | | |
| | Bloque 3. A historia | | | | | | |
| ▪ f<br>▪ l<br>▪ ñ | ▪ B3.1. Relación entre o pasado, o presente e o futuro a través da historia. | ▪ B3.1. Recoñecer que o pasado non está "morto e enterrado", senón que determina o presente e os posibles futuros e espazos, ou inflúe neles. | ▪ XHB3.1.1. Identifica elementos materiais, culturais ou ideolóxicos que son herdanza do pasado. | ▪ CSC<br>▪ CCEC | ▪ d | ▪ Todo o curso | ▪ O, T, P<br>▪ F, C, M., R, E |
| ▪ g<br>▪ l<br>▪ ñ | ▪ B3.2. Fontes históricas. | ▪ B3.2. Identificar, nomear e clasificar fontes históricas, e explicar diferenzas entre interpretacións de fontes diversas. | ▪ XHB3.2.1. Nomea e identifica catro clases de fontes históricas. | ▪ CSC<br>▪ CAA | ▪ d | ▪ Todo o curso | ▪ O, T, P<br>▪ F. C., M. R. E |
| | | | ▪ XHB3.2.2. Comprende que a historia non se pode escribir sen fontes, xa sexan restos materiais ou textuais. | ▪ CSC<br>▪ CAA | ▪ c | ▪ Todo o curso | ▪ O, T<br>▪ F, M, R |
| ▪ l<br>▪ ñ | ▪ B3.3. Cambio e continuidade. | ▪ B3.3. Explicar as características de cada tempo histórico e certos acontecementos que determinaron cambios fundamentais no rumbo da historia, diferenciando períodos que facilitan o seu estudo e a súa interpretación. | ▪ XHB3.3.1. Ordena temporalmente algúns feitos históricos e outros feitos salientables, utilizando para iso as nocións básicas de sucesión, duración e simultaneidade. | ▪ CSC<br>▪ CMCCT | ▪ d | ▪ Todo o curso | ▪ O, T, P<br>▪ F, C, R, E |

| | Xeografía e Historia. 1º ciclo de ESO. 2º curso | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave | Grao mínimo de consecución | Temporalización | Procedementos e Instrumentos |
| | | | ▪ XHB3.3.2. Realiza diversos tipos de eixes cronolóxicos e mapas históricos. | ▪ CSC<br>▪ CMCCT | ▪ d | ▪ Todo o curso | ▪ O, T, P<br>▪ F, C, M, R, E |
| ▪ f<br>▪ l<br>▪ ñ | ▪ B3.4. Tempo histórico. | ▪ B3.4. Entender que os acontecementos e os procesos ocorren ao longo do tempo e á vez no tempo (diacronía e sincronía). | ▪ XHB3.4.1. Entende que varias culturas convivían á vez en diferentes enclaves xeográficos. | ▪ CSC<br>▪ CMCCT | ▪ c | ▪ Todo o curso | ▪ O, T, P<br>▪ F, C, R, E |
| ▪ l<br>▪ h<br>▪ ñ | ▪ B3.5. Vocabulario histórico e artístico. | ▪ B3.5. Utilizar o vocabulario histórico e artístico con precisión, inseríndoo no contexto adecuado. | ▪ XHB3.5.1. Utiliza o vocabulario histórico e artístico imprescindible para cada época. | ▪ CSC<br>▪ CCL | ▪ d | ▪ Todo do curso | ▪ O, T, P<br>▪ F, C, M, R, E |
| ▪ g<br>▪ l | ▪ B3.6. Idade Media: concepto e as subetapas (alta, plena e baixa Idade Media). | ▪ B3.6. Caracterizar a alta Idade Media en Europa e recoñecer a dificultade da falta de fontes históricas neste período. | ▪ XHB3.6.1. Utiliza as fontes históricas e entende os límites do que se pode escribir sobre o pasado. | ▪ CSC<br>▪ CAA | ▪ b | ▪ Todo o curso | ▪ O, T<br>▪ F, R |
| ▪ a<br>▪ c<br>▪ d<br>▪ g<br>▪ l | ▪ B3.7. Caída do Imperio Romano en Occidente: división política e invasións xermánicas. Imperio Bizantino e reinos xermánicos. | B3.7. Describir a nova situación económica, social e política dos reinos xermánicos. | ▪ XHB3.7.1. Compara as formas de vida (en diversos aspectos) do Imperio Romano coas dos reinos xermánicos | ▪ CSC<br>▪ CAA | ▪ c | ▪ Semana | ▪ O, T, P<br>▪ F, C, M, R, E |
| ▪ a<br>▪ c<br>▪ d<br>▪ g<br>▪ l | ▪ B3.8. Feudalismo. | ▪ B3.8. Explicar a organización feudal e as súas consecuencias. | ▪ XHB3.8.1. Caracteriza a sociedade feudal e as relacións entre señores e campesiños. | ▪ CSC | ▪ c | ▪ Trimestre | ▪ O, T, P<br>▪ F, C, M, R, E |

| | Xeografía e Historia. 1º ciclo de ESO. 2º curso | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave | Grao mínimo de consecución | Temporalización | Procedementos e Instrumentos |
| ▪ a<br>▪ c<br>▪ d<br>▪ f<br>▪ h<br>▪ l<br>▪ n | ▪ B3.9. Islam. Península Ibérica: invasión musulmá. Evolución de Al-Andalus e dos reinos cristiáns. | ▪ B3.9. Analizar a evolución dos reinos cristiáns e musulmáns, nos seus aspectos socioeconómicos, políticos e culturais. | ▪ XHB3.9.1. Comprende as orixes do Islam e o seu alcance posterior. | ▪ CSC<br>▪ CCEC | ▪ c | ▪ Trimestre | ▪ O, T, P<br>▪ F, C, M, R, E |
| | | | ▪ XHB3.9.2. Explica a importancia de Al-Andalus na Idade Media. | ▪ CSC<br>▪ CCEC<br>▪ CMCCT<br>▪ CCL | ▪ c | ▪ Trimestre | ▪ O, T, P<br>▪ F, C. M ,R, E |
| ▪ g<br>▪ h<br>▪ l<br>▪ n<br>▪ ñ | ▪ B3.10. Reconquista e repoboación. | ▪ B3.10. Entender o proceso das conquistas e a repoboación dos reinos cristiáns na Península Ibérica e as súas relacións con Al-Andalus. | ▪ XHB3.10.1. Interpreta mapas que describen os procesos de conquista e repoboación cristiás na Península Ibérica. | ▪ CSC<br>▪ CAA | ▪ c | ▪ Trimestre | ▪ O, T, P<br>▪ F, C, M, R, E |
| | | | ▪ XHB3.10.2. Explica a importancia do Camiño de Santiago. | ▪ CSC<br>▪ CCEC<br>▪ CCL | ▪ b | ▪ Trimestre | ▪ O, T, P<br>▪ F, M, R, E |
| ▪ l | ▪ B3.11. Expansión comercial europea e recuperación das cidades. Crise da baixa Idade Media: a 'Peste Negra' e as súas consecuencias. | ▪ B3.11. Entender o concepto de crise e as súas consecuencias económicas e sociais. | ▪ XHB3.11.1. Comprende o impacto dunha crise demográfica e económica nas sociedades medievais europeas. | ▪ CSC | ▪ c | ▪ Trimestre | ▪ O, T, P<br>▪ F, C, M, R, E |
| ▪ l<br>▪ h<br>▪ n<br>▪ ñ | ▪ B3.12. Arte románica, gótica e islámica. | ▪ B3.12. Comprender as características e as funcións da arte na Idade Media. | ▪ XHB3.12.1. Describe características da arte románica, gótica e islámica. | ▪ CSC<br>▪ CCEC<br>▪ CCL | ▪ c | ▪ Dous trimestres | ▪ O, T, P<br>▪ F, C, M, R, E |

## ♦Adaptación de aprendizaxes imprescindibles en caso de docencia non presencial

| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias |
|---|---|---|---|---|
| B E F G | B1.1. Localización. Latitude e lonxitude | B1.1. Localizar espazos xeográficos e lugares nun mapa ou nunha imaxe de satélite, utilizando datos de coordenadas xeográficas. | XHB1.1.1. Localiza espazos xeográficos e lugares nun mapa de España e de Galicia, utilizando datos de coordenadas xeográficas. | ▪ CAA<br>▪ CMCCT<br>▪ CD |
| B E F<br>G H | B1.2. Características xerais do medio físico de España e de Galicia | B1.2. Ter unha visión global do medio físico de España e de Galicia, e das súas características xerais. | XHB1.2.1. Enumera e describe as peculiaridades do medio físico español e galego. | ▪ CAA<br>▪ CMCCT<br>▪ CD<br>▪ CCL |
| B E F<br>G H | B1.3. Medio físico de España: relevo e hidrografía. | B1.3. Situar no mapa de España as unidades e os elementos principais do relevo peninsular, así como os grandes conxuntos bioclimáticos | XHB1.3.1. Sitúa nun mapa físico as principais unidades do relevo español. | ▪ CAA<br>▪ CMCCT<br>▪ CD |
| B E F<br>G H | B1.4. Medio físico de Galicia: relevo e hidrografía | B1.4. Situar no mapa de Galicia as unidades e os elementos principais do relevo | XHB1.4.1. Sitúa nun mapa físico as principais unidades do relevo<br>Galego. | ▪ CAA<br>▪ CMCCT<br>▪ CD |
| B E F<br>G H | B1.5. Clima: elementos e factores. Diversidade climática da Península Ibérica e de Galicia. | B1.5. Coñecer e describir os grandes conxuntos bioclimáticos que conforman o espazo xeográfico español e galego. | XHB1.5.1. Localiza nun mapa os grandes conxunto ou espazos bioclimáticos de España e recoñece as características do clima oceánico.<br>XHB1.5.2. Describe e compara as zonas bioclimáticas españolas utilizando gráficos e imaxes. | ▪ CAA<br>▪ CMCCT<br>▪ CD<br>▪ CCL |
| B E F<br>G M | B1.6. Diversidade de paisaxes. bioclimáticas da Península Ibérica e de Galicia. | B1.6.. Coñecer os tipos de paisaxes bioclimáticas de España e Galicia | XHB1.6.1 Clasifica imaxes de paisaxes de España e Galicia. | ▪ CAA<br>▪ CMCCT<br>▪ CD |
| B E F G<br>H M n | B1.7. Medio natural e problemas ambientais en España. | B1.7. Coñecer, describir e valorar a acción do ser humano sobre o ambiente español e galego, e as súas consecuencias. | XHB1.7.1.Localiza un problema ambiental na súa contorna e Localiiza recursos dixitais relacionados | ▪ CAA<br>▪ CMCCT<br>▪ CD<br>▪ CCL |
| B C<br>E F | B2.1. Poboación mundial: modelos demográficos e movementos migratorios | B2.1. Comentar a información en mapas do mundo sobre a densidade de poboación e as migracións. | XHB2.1.1. Identifica nun mapa mundial as áreas áis densamente poboadas e as direccións dos fluxos migratorios<br>XHB2.1.2.Reflexiona sobre as consecuencias do sobrepoboamento e dos procesos migratorios en orixe e destino | ▪ CAA<br>▪ CMCCT<br>▪ CSC<br>▪ CCL |
| | B2.2. Poboación europea: distribución e | B2.2. Analizar a poboación europea no relativo | ▪ XHB2.2.1. Explica as características da poboación europea. | ▪ CAA |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| | evolución | á súa distribución, evolución e dinámica, e ás súas migracións e políticas de poboación. | ▪XHB2.2.2. Compara a poboación dun país do nortee do sur de Europa: distribución, evolución e dinámica | ▪ CMCCT<br>▪ CSC<br>▪ CD<br>▪ CCL |
| B C E<br>F G H | B2.3. Poboación española: evolución, distribución e dinámica. Movementos migratorios. | B2.3. Analizar as características da poboación español a, a súa distribución, dinámica e evolución, e os movementos migratorios. | XHB2.3.1.Compara pirámides de poboación de España<br>XHB2.3.2 Identifica nun mapa o sentido dos fluxos migratorios en España e saca conclusións | ▪ CAA<br>▪ CMCCT<br>▪ CSC<br>▪ CD<br>▪ CCL |
| B C E<br>F G H | B2.4. Poboación de Galicia: evolución, distribución e dinámica. Movementos migratorios | B2.4. Analiza as características da poboación de Galicia, a súa distribución, dinámica e evolución, e os movementos migratorios | XHB2.4.1. Coñece o proceso da emigración galega, as súas etapas e os destinos principais.<br>XHB2.4.2.Recoñece características xerais da poboación da Galiicia actual | ▪ CAA<br>▪ CMCCT<br>▪ CSC<br>▪ CCL |
| B C E<br>F G H | B2.5. Proceso de urbanización no planeta. | B2.5. Sinalar nun mapamundi as grandes áreas urbanas, e identificar e comentar o papel das cidades mundiais como dinamizadoras da economía das súas rexións. | XHB2.5.1. Sitúa no mapa do mundo as vinte cidades máis poboadas, di a que país pertencen e explica a súa posición económica. | ▪ CAA<br>▪ CMCCT<br>▪ CSC<br>▪ CD<br>▪ CCL |
| B C E<br>F G H | B2.6. A cidade e o proceso de urbanización europeo. | B2.6. Comprender o proceso de urbanización, os seus proles e os seus contras en Europa. | XHB2.6.1Elabora unha táboa comparativa entre rural e urbano indicando e contras en cada caso | ▪ CAA<br>▪ CSC<br>▪ CCL |
| B C E<br>F G H n | B2.7. A cidade e o proceso de urbanización en España e en Galicia. | B2.7. Recoñecer as características das cidades españolas e galegas, e as formas de ocupación do espazo urbano. | XHB2.7.1Elabora un traballo descritivo sobre unha cidade española ou galega | ▪ CAA<br>▪ CMCCT<br>▪ CSC<br>▪ CD |
| B C E F<br>G H M ñ | B2.8. Diversidade de medios naturais en España e en Galicia | B2.8. Coñecer os principais espazos naturais protexidos a nivel peninsular e insular. | XHB2.8.1. Sitúa os parques naturais españois nun mapa, e explica a situación actual dalgúns deles | ▪ CAA<br>▪ CMCCT<br>▪ CSC<br>▪ CD<br>▪ CCL |
| B C E<br>F G H | B2.9. Paisaxes no territorio español e galego. | B2.9. Identificar as principais paisaxes humanizadas españolas e galegas, e identificalas por comunidades autónomas. | XHB2.9.1. Clasifica as principais paisaxes humanizadas españolas a través de imaxes.e as relaciona cunha comunidade autónoma | ▪ CAA<br>▪ CMCCT |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| M ñ | | | | ▪ CSC<br>▪ CD<br>▪ CCL |
| B C E<br>G F H<br>M ñ | B2.10. Principais retos e problemas ambientais en España. | B2.10. Coñecer e analizar os problemas e os retos ambientais que afronta España, a súa orixe e as posibles vías para afrontar estes problemas | XHB2.10.1Elabora un pequeno informe sobre un problema ambiental en España, Galicia ou a propia contorna | ▪ CAA<br>▪ CMCCT<br>▪ CSC<br>▪ CD<br>▪ CCL |
| F L ñ | B3.1. Relación entre o pasado, o presente e o futuro a través da historia. | B3.1. Recoñecer que o pasado non está "morto e enterrado", senón que determina o presente e os posibles futuros e espazos, ou inflúe neles. | XHB3.1.1. Identifica elementos materiais, culturais ou ideolóxicos que son herdanza do pasado. | ▪ CSC<br>▪ CCEC |
| G L ñ | B3.2. Fontes históricas. | B3.2. Identificar, nomear e clasificar fontes históricas, e explicar diferenzas entre interpretacións de fontes diversas. | XHB3.2.1. Nomea e identifica catro clases de fontes históricas.<br>XHB3.2.2. Extrae información de fontes históricas diversas sobre un mesmo tema | ▪ CSC<br>▪ CAA |
| L ñ | B3.3. Cambio e continuidade. | B3.3. Explicar as características de cada tempo histórico e certos acontecementos que determinaron cambios fundamentais no rumbo da historia, diferenciando períodos que facilitan o seu estudo e a súa interpretación. | XHB3.3.1.Compara un mapa do imperio romano con outro da Europa altomedieval e establece diferenzas e semellanzas entre as civilizacións nunha táboa | ▪ CSC<br>▪ CMCCT |
| F L ñ | B3.4. Tempo histórico. | B3.4. Entender que os acontecementos e os procesos ocorren ao longo do tempo e á vez no tempo (diacronía e sincronía). | XHB3.4.1Elabora unha liña do tempo das etapas históricas singularizando os feitos que marcan o cambio de etapa (diacronía) e comparando civilizacións (sincronía) | ▪ CSC<br>▪ CMCCT |
| L H ñ | B3.5. Vocabulario histórico e artístico. | B3.5. Utilizar o vocabulario histórico e artístico con precisión, inseríndoo no contexto adecuado. | XHB3.5.1. Utiliza o vocabulario histórico e artístico imprescindible para cada época e tema | ▪ CSC<br>▪ CCL |
| G L | B3.6. Idade Media: concepto e as subetapas (alta, plena e baixa Idade Media). | B3.6.Caracterizar en liñas xerais as tres etapas da Idade Meidia | XHB3.6.1.Elabora unha liña do tempo da Idade Media | ▪ CSC<br>▪ CAA |
| A C D<br>G L | B3.7. Caída do Imperio Romano en Occidente: división política e invasións xermánicas. Imperio Bizantino e reinos xermánicos. | B3.7. Describir a nova situación económica, social e política dos reinos xermánicos. | XHB3.7.1Coñece o proceso político do reino visigodo de Toledo | ▪ CSC<br>▪ CAA<br>▪ CCL |
| A C D<br>G L | B3.8. Feudalismo. | B3.8. Explicar a organización feudal e as súas consecuencias | XHB3.8.1. Caracteriza a sociedade feudal e distingue entre relación de vasalaxe e relación de servidume | CSC<br>CCL |
| A C D | B3.9. Islam. Península Ibérica: invasión | B3.9. Analizar a evolución dos reinos cristiáns e | XHB3.9.1. Comprende as orixes do Islam e o seu alcance posterior | ▪ CSC |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| F H | musulmá. Evolución de Al-Andalus e dos reinos cristiáns. | musulmáns, nos seus aspectos socioeconómicos, políticos e culturais | así como a importancia cultural de Al-Andalus<br>XHB3.9.2Elabora unha liña ou esquema das etapasda evolución de Al-Andalus | ▪ CCEC<br>▪ CCL |
| G H L<br>N ñ | B3.10. Reconquista e repoboación. | B3.10. Entender o proceso das conquistas e a repoboación dos reinos cristiáns na Península Ibérica e as súas relacións con Al-Andalus. | XHB3.10.1Interpreta mapas da evolución dos reinos cristiáns peninsulares<br>XHB3.10.2.Elabora un esquema sobre os tipo de repoboación<br>XHB3.10.3. Identifica e explica a importancia do Camiño de Santiago | ▪ CSC<br>▪ CAA<br>▪ CCL |
| L | B3.11. Expansión comercial europea e recuperación das cidades. Crise da baixa Idade Media: a 'Peste Negra' e as súas consecuencias. | B3.11.1.Entender as claves do crecemento plenomedieval | XHB3.11.1Elab ora un mapa das rutas do comercio medieval | ▪ CSC<br>▪ CCEC<br>▪ CCL |
| | | B3.11. Entender o concepto de crise e as súas consecuencias económicas e sociais | XHB3.11.2Elabora un esquema sobre as crises baixomedievais | |
| L H<br>N ñ | B3.12. Arte románica, gótica e islámica. | B3.12. Comprender as características e as funcións da arte na Idade Media. | XHB3.12.1.Identifica e diferenza elementos e características da arte románica, gótica e islámica. | ▪ CSC<br>▪ CCEC<br>▪ CCL |

### 2.8-Concrecións metodolóxicas que require a materia.

1-Estratexias expositivas: nas exposicións explicativas dos diferentes aspectos a estudar, o profesorado intentará impulsar a participación do alumno fronte á simple recepción pasiva dos contidos impartidos na aula. Promoverá o diálogo constante e interactivo entre os propios alumnos e entre estes e a profesora. Fomentará as preguntas aclaratorias e a participación procurando erradicar temores, medos (ao ridículo por exemplo), receos, etc.

2-Estratexias referenciais: A profesora terá unha relación constante coa realidade inmediata. Nas materias de Historia aproveitará a existencia de restos arqueolóxicos de diversas épocas, vivendas, mosteiros, igrexas, ou outros edificios significativos da historia comarcal e local, etc., para posibilitar unha memorización máis comprensiva e aprendizaxes mais significativas. Nas materias de Xeografía as referencias poden ser: os caracteres máis destacados da xeografía local, explotacións agrícolas existentes na bisbarra, características urbanas mais destacables da vila, a xeografía industrial da Pobra do Caramiñal que presenta unhas facetas moi definidas, etc..-. Trátase, tanto en Historia como en Xeografía, de partir das realidades mais concretas e inmediatas para chegar ó estudo das mais xerais e universais.

3-Estratexias de indagación para a asimilación de contidos e hábitos, técnicas e métodos de traballo e estudo: pequenos traballos de síntese máis que de investigación (con bibliografía variada), iniciación ao traballo con fontes textuais, comentarios de mapas históricos e gráficos, traballos sobre mapas topográficos e planos catastrais locais, consulta da prensa diaria para a selección de novas relacionadas cos contidos da materia (aspectos ecolóxicos, arqueolóxicos, históricos ou museísticos)..

4-Estratexias de intercambio e debate: para a consecución de criterios e personalidade propios, para asimilación crítica dunha serie de valores e actitudes. Fomento de debates, comentario de filmes, pequenas dramatizacións, xogos de simulación, saídas ao entorno mais próximo, etc..

5-Darase prioridade a unha metodoloxía globalizadora de todo os aspectos que caracterizan cada civilización -económicos, sociais, culturais e políticos- fronte a unha visión excesivamente especializada e marcada polos acontecementos.

6-Lugar central na metodoloxía a seguir xogarao a competencia de aprender a aprender, polo que centraremos moito o traballo no desenvolvemento das técnicas de estudo para fomentar uns hábitos e métodos de aprendizaxe adecuados e eficaces.

♦**Adaptacións metodolóxicas en caso de docencia non presencial.**

A non presencialidade non suporá cambios significativos na metodoloxía de traballo, salvo que tanto as exposicións coma as tarefas e probas e material de traballo aportado ao alumnado serán realizadas polas vías telemáticas xa indicadas.

### 2.9-Materiais e recursos didácticos.

*Libro de Texto: 2º ESO: Xeografía e Historia. Editorial Anaya.

*Libro de lectura: SANCHA, Sheila: *Unha aldea na Idade Media: Luttrell*. Bilbao: Ediciones Mensajero, 1988. Proporcionarase ao alumnado unha tradución ao galego realizada pola propia docente.

*Proxecto Terra. Arquitectura Popular e Identidade Territorial.

Mapas Murais da Editorial ECIR:

* Europa na Alta Idade Media

* Europa na Baixa Idade Media

* Mapamundi Físico e Político

* Mapas Continentais Físicos e Políticos de: Europa, Asia, África, América e Oceanía.

* Mapa Físico e Político de España

* Textos históricos seleccionados do libro de texto oficial e os das editoriais Vicens Vives, Santillana e Oxford.

* Plano topográfico 1:25.000 da Pobra do Caramiñal.

* Mapas políticos murais mudos. Ed. VICENS VIVES.

*Recursos Web: imaxes, sitios, … (Clío, claseshistoria.com, mapas flash…)

*Youtube: vídeos.

*Presentacións en PowerPoint elaboradas pola docente.

## 2.10-Criterios sobre a avaliación, a cualificación e a promoción do alumnado.

### •Procedementos /Instrumentos de avaliación.

Para a avaliación da consecución dos estándares de aprendizaxe por parte do alumnado realizaranse:

-Actividades, exercicios e tarefas a resolver no curso das sesións ou na casa, que requirirán a participación oral do alumnado ou ben a súa elaboración escrita.

-Realización de exames escritos e / ou orais en cada avaliación. Un exame por tema.

-Toma en consideración da participación activa do alumnado na marcha das clases.

-Realización do traballo de lectura.

-Os instrumentos de avaliación dentro desta planificación serán:

1 Observación: permitiranos comprobar o ritmo de adquisición de contidos conceptuais, das técnicas e da metodoloxía de traballo, e das actitudes do alumnado (interese pola materia e actitudes sociais máis relevantes como a convivencia, tolerancia, solidariedade, etc.) e o nivel de participación na clase.

2 As probas: exames. Serán fundamentalmente escritos, pero tamén poderán realizarse exames de tipo oral. Ateranse sempre a contidos desenvolvidos na clase mediante explicación da profesora ou exposición de traballos e debates protagonizados polos alumnos. O plantexamento dos exames orientarase cara a unha demostración de comprensión dos contidos, das capacidades de interrelación multicausal nun nivel simple, capacidades de expresión, adecuación das técnicas de traballo (comentario de textos, gráficos, mapas), razoamento con exemplificacións que concreten eses coñecementos, etc..

3 Traballos individuais: consistirán fundamentalmente en actividades coas que se porán en práctica competencias, adquisición de contidos e técnicas de traballo, utilizando diferentes tipos de materiais (mapas, imaxes, gráficas, textos) a realizar, tanto na aula coma na casa polos alumnos. Valoraranse os principios propios destas probas: capacidade de interrelación, de análise, de pertinencia no desenvolvemento dos contidos, de expresión, etc, nun nivel simple. Teranse en conta a atención ou o caso omiso do alumnado ás directrices indicadas pola docente para a adquisición da técnica na realización das actividades. O traballo de lectura será unha das tarefas determinantes neste apartado.

## •Criterios de cualificación.

As probas serán fundamentalmente escritas, pero poderán realizarse tamén algunhas de tipo oral. En cada avaliación faranse probas parciais que servirán para facer a media da avaliación. Será preciso non baixar do 3'5 para compensar cos exames aprobados. Á hora de redondear notas con decimais terase en conta a corrección ortográfica e caligráfica, tanto cara arriba como cara abaixo. Darase ao alumnado que o precise a posibilidade de realizar un exame de recuperación por avaliación, que poderá facerse antes ou despois da mesma, en función da marcha do curso; de facerse despois, terá que ser nas dúas semanas posteriores, para evitar demoras que compliquen o seguimento do curso. O alumnado deberá expresar a súa vontade e compromiso á hora de aproveitar esta nova oportunidade; de non ser así o caso, entenderase que o alumno/a renuncia á mesma. Dado que a recuperación se fará sobre cuestións xa previamente examinadas, esta medida só dará acceso ao recoñecemento da suficiencia, pero non a nota, que o alumnado deberá procurar no primeiro exame. Dentro de cada bloque de contidos poderá facerse unha proba de conxunto a modo de repaso.

De darse a situación, procurarase celebrar as probas en horario lectivo que vaia seguido ou precedido dalgún dos recreos para dar a posibilidade ao alumnado que o precise de aproveitar ese tempo, co gaio de completar satisfactoriamente o exame.

-A asistencia aos exames é obrigada nas datas e horas indicadas. Só por razón moi grave e debidamente xustificada desculparase a falta de asistencia aos mesmos; noutro caso, perderase a opción do exame correspondente, tendo que pasar á proba de recuperación.

-A hora do exame é única e exclusivamente para a realización do mesmo. Non se permitirá en ningún caso a realización doutras tarefas, mesmo cando o alumno/a diga ter rematado. O alumno/a tampouco poderá saír da aula mentres non remate o tempo destinado á realización do exame.

-Aqueles alumnos/as que, chegado o remate do curso, teñan unha única avaliación suspensa, aínda despois de ter intentado as previas probas de recuperación, terán dereito a intentar recuperala de novo antes do final do curso. Aqueles que cheguen ao final con dúas avaliacións suspensas, despois de térense realizado as correspondentes probas de recuperación, deberán pasar a recuperar na proba de setembro.

-O traballo de lectura individual deberá realizarse a man; non se aceptarán os traballos feitos a ordenador para evitar posibles copias (corta-pega). A presenza de mans adultas en calquera aspecto da elaboración do traballo impedirá a consecución de nota, ao igual que a copia do traballo. Haberá dous prazos para a entrega do traballo: o primeiro ao longo da primeira semana á volta das vacacións de Nadal, o segundo ao longo da primeira semana á volta das vacacións de Semana Santa. Despois deste último prazo non se recollerán traballos. Aquela parte do alumnado que non teña entregado o traballo de lectura en prazo deberá entregalo en setembro.

-Tomarase en conta o caderno para a valoración das notas trimestrais, tendo en conta a realización das tarefas que se propoñan, tanto para aula como para casa, a corrección das mesmas e o estado do propio caderno. Tomarase en consideración a realización e a adecuación das tarefas ás pautas indicadas. O caderno recibirá unha nota numérica que fará media cos exames na porcentaxe correspondente.

-A fraude na realización de traballos e/ou exames implicará o suspenso inmediato coa mínima nota. Enténdese por fraude a copia en calquera das súas formas e a entrega de tarefas feitas por un terceiro (en especial adultos). A fraude poderá detectarse no momento da súa comisión ou durante a corrección baixo o criterio da profesora.

-Os criterios de cualificación a aplicar son os seguintes:

1) Os contidos e o rigor na expresión conceptual e as competencias avalíanse mediante exames convencionais parciais por cada avaliación, e computan un 70% nas notas das tres avaliacións e da nota final. Na avaliación dos exames teranse en conta os seguintes aspectos: contidos (grao de adquisición e utilización dos conceptos clave), adecuación (o exercicio deberá axustarse ao tenor do enunciado, é dicir, non se poderá responder cun texto cando o que se pide é unha táboa ou esquema, etc.), e redación (deberá coidarse a corrección na expresión, así como a ortografía e a caligrafía). As faltas de ortografía reiteradas serán penalizadas con redondeos de nota negativos.

2) Os traballos complementarios, tarefas, caderno, computan un 30% nas notas das tres avaliacións e da nota final.

### •Criterios de avaliación.

-Os criterios de avaliación para cada estándar de aprendizaxe serán os recollidos no propio decreto 86/2015 de 25 de xullo no seu cadro para a materia.

-Procedementos e instrumentos: nas probas escritas, tarefas de caderno, traballos, exposicións orais, o alumnado deberá amosar:

1) Se selecciona, comprende e asimila conceptos e procesos propios das materias de Xeografía e Historia, e se os utiliza de xeito coherente e adecuado ao seu nivel.

2) Se aplica as técnicas e métodos de traballo axeitados para estudar materiais propios das nosas disciplinas como documentos, restos históricos, edificios (pazos, igrexas, mosteiros, etc.), mapas topográficos e temáticos, fotografías, diapositivas, ou a propia paisaxe do entorno, imaxes, cine, literatura, coa finalidade de obter información, interpretala e avaliala.

3) Se expresa correctamente e de forma precisa as ideas e conceptos obtidos no proceso de aprendizaxe, utilizando a terminoloxía axeitada, é dicir, utilizando os conceptos clave en cada caso.

4) Se manifesta capacidade (creatividade) para relacionar, seleccionar e reelaborar a información e comprender problemas e procesos de forma estrutural.

### •Proba extraordinaria.

A proba extraordinaria de setembro proporcionará a ocasión de superar a materia ao alumnado suspenso en xuño, é dicir, aquel que despois das respectivas probas de recuperación de cada trimestre chegue a final de curso con algunha avaliación suspensa. Esta proba versará sobre os mínimos establecidos para a superación da materia, polo que só permitirá acadar a suficiencia na cualificación (5). Para facilitar a preparación do exame de setembro proporcionarase ao alumnado implicado un conxunto de tarefas de repaso de cada tema. O exame constará dunha selección de preguntas extraídas do traballo de repaso.

**♦Adaptación de avaliación e cualificación en caso de docencia non presencial.**

Para a avaliación seguiranse os seguintes criterios:

▪<u>Procedementos</u>: - Observación sistemática do traballo diario das alumnas e alumnos.

- Realización de probas obxectivas. Tentarase buscar unha vía que asegure a realización de exames sen sospeita de fraude.

-Control das actividades propostas durante o período lectivo non presencial, tanto de ampliación da materia de Xeografía e Historia -avance na programación, con temas novos- como aquelas relacionadas co repaso e/ou recuperación da materia impartida.

▪ Instrumentos de avaliación: - Libro da profesora onde se tomaron as notas convenientes acerca do traballo do alumnado.

-Exames e controis periódicos, orais ou escritos, relacionados coa materia impartida. No caso de exames orais darase un tempo limitado (minutos) de resposta sobre unha ou dúas preguntas.

- As tarefas propostas deberán seren entregadas dentro do prazo indicado. Todo traballo ou tarefa entregado fóra de prazo non será tomado en consideración para a cualificación e figurará como non entregado.

-Participación activa na clase a través de videoconferencia.

- Aula virtual do instituto. - Correo electrónico co dominio do instituto.

▪Criterios de avaliación e cualificación: -A orixinalidade das tarefas e traballos realizados serán un criterio fundamental a ter en conta, podendo chegar ata o 50% da nota final.

-A participación significativa na clase a través de videoconferencia ata o 10% da nota final.

-Poderase recuperar materia mediante actividades de recuperación.

-As tarefas de ampliación servirán para subir ou consolidar nota ao alumnado coa parte presencial do curso aprobada. Para o resto do alumnado non serán obrigatorias.

-O alumnado con algunha avaliación suspensa deberá facer tarefas específicas de repaso con vistas a unha proba de recuperación.

-Modifícanse as porcentaxes establecidas para exames, que pasan a contar o 60% e tarefas, que aportarán o 40% da nota final. Mantense a nota de corte para facer media.

-Avaliación extraordinaria: salvo que unha circunstancia excepcional o impida, mantense a proba presencial de setembro segundo se indica nesta programación.

### 2.11-Deseño da avaliación inicial e medidas a adoptar en función dos resultados.

Nas primeiras sesións de setembro levarase a cabo unha avaliación inicial do alumnado consistente na realización dunhas probas escritas orientadas a analizar o dominio de contidos básicos e competencias clave, en particular a competencia lingüística, a artística e cultural, a de aprender a aprender, a social e cidadá e a interacción co mundo físico. Tratarase de traballar con diversos materiais: textuais, gráficos, mapas e imaxes. As probas serán seguidas da súa corrección inmediata na aula por parte do propio alumnado en conxunto. Aos resultados destas probas sumarase a información achegada polos titores correspondentes. A avaliación inicial permitiranos ter un primeiro coñecemento das necesidades particulares de cada alumno e propoñer modificacións na dinámica da clase, exercicios de reforzo e seguir dun xeito máis específico a aprendizaxe do alumnado con dificultades, ou ben, detectar alumnado con maiores capacidades para poder ofrecerlle a opción de avanzar ao seu ritmo. En casos de dificultades máis acusadas, poderá propoñerse a derivación de alumnado ao agrupamento ou a aplicación dunha adaptación curricular

### 2.12-Medidas de atención á diversidade e dificultades derivadas da fenda dixital

Como xa anunciamos na introdución desta programación. Lamentamos este curso a desaparición da medida do *agrupamento* nas nosas materias, queremos pensar que a causa das necesidades

excepcionais de organización do centro que impón a pandemia. Insistimos no beneficio que tal medida ten reportado nos cursos precedentes nos que si se mantivo, sendo o curso de 2º ESO o máis indicado para a súa implementación, dadas a complexidade e a esixencia que supón para o alumnado, en particular a parte de Historia. Esperamos que a medida poida recuperarse nos cursos seguintes e. en todo caso, este departamento volverá loitar por ela.

Haberá que esperar, a medida que avance o curso, para poder advertir dificultades particulares no alumnado dos grupos de referencia, que tratarán de seren remediadas coa proposta de prácticas extraordinarias, atención individual ao alumnado que o requira, adaptacións curriculares, orientando e reforzando aqueles aspectos nos que se atopen maiores dificultades, ou ben fomentando e favorecendo o avance daquel alumnado que amose capacidades ou intereses maiores. De entrada, contamos xa cun alumno repetidor con adaptación curricular do curso pasado e é posible a realización de adaptacións con nivel de 1º ESO para outros dous alumnos máis, aspecto que se decidirá tras a realización da sesión de avaliación inicial.

En atención ao posible escenario de confinamento levarase a cabo un control das alumnas e alumnos con dificultades de conexión por falta de medios físicos (ordenador, tableta) en colaboración coas titorías e a dirección do centro e o Concello da Pobra do Caramiñal, facilitándoselles os dispositivos precisos para suplir esas carencias. Todas as actividades e a impartición de novos temas ou de bloques de repaso e recuperación centraranse nunha metodoloxía a distancia, que usa plataformas diversas, principalmente: correo electrónico con dominio do centro educativo e a aula virtual da páxina web do centro, así como a plataforma Cisco Webex para as posibles videoconferencias.

### 2.13-Concreción dos elementos transversais.

A riqueza de contidos, xunto coa convivencia das tres disciplinas -Xeografía, Historia e Arte- fan que o currículo de 2º ESO se enriqueza de elementos considerados “transversais” noutras materias, pero que no noso ámbito pasan a seren contidos básicos, traballados directamente seguindo o disposto nos diferentes estándares de aprendizaxe.

-*Educar para a paz:* o traballo sobre o concepto da *cruzada* na Idade Media, das relacións de convivencia e enfrontamentos entre credos relixiosos nesa etapa levará seguramente a que se expoñan cuestións sobre a realidade actual do terrorismo yihadista, o que poranos no contexto para que aprendan a respectar e valorar as opinións alleas. A tolerancia, a discrepancia, a defensa dos valores democráticos veranse por contraste no achegamento ao funcionamento da sociedade trifuncional medieval, no inicio das revoltas urbanas, pero tamén no tratamento do tema das migracións, tan de actualidade. Isto debería contribuír a desenvolver o respecto polas opinións e as crenzas dos demais, sen renunciar ás propias. Estes contidos desenvólvense particularmente no bloque 3 de Historia e na temática da poboación en Xeografía.

-*Educar para a igualdade entre os sexos*: o estudo da Historia faralles ver que as actitudes discriminatorias por razón de sexo eran asumidas de xeito “natural” pola sociedade medieval (unidades 3 e 4). Aínda na actualidade o son en maior ou menor grao segundo os países. Tomar conciencia desta situación permitirá que desenvolvan unha actitude crítica ante a discriminación de calquera tipo, pero en particular a sexual. Tentarase non caer en expresións que poidan inducir a unha interpretación sexista, procurando falar sempre de mulleres e homes, alumnas e alumnos, etc.

-No caso das unidades de Xeografía, o traballo sobre o proceso de urbanización e os problemas medioambientais (unidades 11 e 13) permitiranos incidir sobre a *educación para o consumo responsable.*

-A reflexión sobre o modo de vida urbano será a base para que o alumnado adopte unha postura activa e favorable de cara ao *desenvolvemento sustentable* (unidades 11 e 13); o achegamento e a valoración do medio natural, comezando polo da contorna, favorecerá o fomento dunha *conciencia medioambiental* (unidades 8 e 10).

-Tamén a percepción dos estilos artísticos (unidades 2, 3, 4 e 6), como a materialización dun sistema de crezas e valores sociais, relixiosos e políticos,, como expresión dunha ideoloxía, é un campo de debate excelente para reforzar os valores cívicos e democráticos presentes na nosa sociedade (*educación moral e cívica*).

### 2.14-Actividades complementarias e extraescolares.

Ante a excepcionalidade da situación provocada pola pandemia, este curso non se contemplan actividades complementarias e extraescolares.

## 3-XEOGRAFÍA E HISTORIA: TERCEIRO CURSO ESO.

### 3.1-Introdución e contextualización.

O coñecemento da sociedade, a súa organización e o seu funcionamento ao longo do tempo, é esencial para poder entender o mundo actual. Coñecer o espazo onde se desenvolven as sociedades, os recursos naturais e o uso que se lles deu achéganos datos sobre o pasado e permítenos anticipar algúns dos problemas do futuro.

As disciplinas de Xeografía e Historia son dous importantes eixes vertebradores para o coñecemento da sociedade, xa que abranguen a realidade humana e social desde unha perspectiva global e integradora, e ofrecen unha maior capacidade para a estruturación dos feitos sociais. Malia isto, a sociedade actual, cada vez máis complexa, require a intervención doutras disciplinas como a economía, a socioloxía, a ecoloxía ou a historia da arte, que achegan análises diferentes e complementarias, para a mellor comprensión da realidade social.

Dende a introdución do currículo da LOMCE neste nivel, que trouxo como cambio máis notable a introdución dos temas de Historia Moderna en combinación coa Xeografía, a nova distribución de contidos veu equilibrar unha situación que de todo punto facía imposible abarcar o curso de segundo, e levaba a sacrificar necesariamente o traballo sobre este período histórico. Consideramos por isto que a grande virtude deste novo currículo neste nivel é a achega dun equilibrio que implica aos dous cursos sucesivos e permite unha preparación do alumnado máis conforme ás dispoñibilidades de temporalización e, sobre todo, ás súas capacidades de asimilación. Por outra banda, aporta unha continuidade efectiva na concatenación do estudo dos períodos históricos, pois o alumnado pode xa chegar a enfrontarse á época contemporánea coa base necesaria dos tempos modernos, que antes en moitos casos faltaba.

Neste curso traballaremos cun total de 67 alumnas e alumnos distribuídos en tres grupos (A, 23 alumnxs; B, 23 alumnxs; C, 21 alumnos), tres horas á semana en cada grupo.

### 3.2-Previsión do desenvolvemento da programación nos escenarios de actividade lectiva semipresencial e/ou non presencial.

Se por calquera motivo derivado da pandemia da COVID-19 temos que dar as clases en modalidade non presencial, seguiremos esta mesma programación variando só a metodoloxía e os recursos para impartir os contidos da materia, que neste caso será a través da Aula Virtual do centro e a través da plataforma dixital Webex.

O alumnado estará obrigado a realizar o traballo e as actividades de clase a través da Aula Virtual, así como a realización de calquera proba proposta pola profesora e realización de exames. Se é necesario tamén se poderán realizar exames orais a través da plataforma Webex.

A relación alumno/a – profesora se realizará a través da Aula Virtual na cal estarán matriculados todo o alumnado, os cales terán a obrigación de entrar como mínimo 3 horas a semana tal como estipula o currículo para a materia de Xeografía e Historia en 3º da ESO. A comunicación da profesora co alumnado ou viceversa se poderá completar a través do correo electrónico corporativo do Centro e da plataforma Webex.

### 3.3-Contribución ao desenvolvemento das competencias clave.

Cabe en primeiro lugar advertir o cambio que o novo currículo introduce ao falar de *competencias clave* en lugar *de competencias básicas*, como se viña facendo, e como tamén, no curso da formación sobre as mesmas, a propia denominación e organización das competencias a considerar cambiou. Cambio que consideramos desafortunado. Entendemos que non se trata dun mero cambio nominal, pois advírtese nel unha orientación ideolóxica patente baixo a vertente pedagóxica, que é a que nos interesa e debe primar.

Enténdese por competencias clave as *capacidades para aplicar de xeito integrado os contidos propios de cada ensinanza e etapa educativa, co fin de lograr a realización adecuada de actividades e a resolución eficaz de problemas complexos.* O novo currículo relaciónaas cos estándares de aprendizaxe, en base aos cales se poderán concretar os criterios de avaliación e medir o grao de aprendizaxe. Para a concreción da relación entre competencias e estándares cinguirémonos á propia táboa do currículo.

O grao de desenvolvemento de cada competencia está naturalmente en relación coas nosas materias, sendo prioritarias unhas sobre outras, como propias das nosas disciplinas.

-Competencia en Comunicación Lingüística (CCL): A lingua é o principal instrumento para organizar o pensamento, para aprender e para explicar. Co discurso é posible describir, narrar, disertar e argumentar, etc. Pero ademais as propias materias de Xeografía e Historia teñen a súa propia linguaxe técnica, con termos e expresións que lle son específicos –relevo, chaira, precipitación, civilización, aristocracia, antigo réxime…, por exemplo-, que é preciso utilizar para aplicar os principios de pertinencia e precisión (XHB2.10.1). Por iso o profesorado prestará especial atención ó uso correcto e preciso, tanto dunha linguaxe apropiada, como duns termos técnicos elementais propios do noso saber, coa fin de que a linguaxe oral e escrita cumpra o seu papel de *instrumento de comunicación oral e escrita, de representación, interpretación e comprensión da realidade, de construción e comunicación do coñecemento*, e se converta en ferramenta de comprensión e representación da realidade. Buscamos, en definitiva, tamén na nosa disciplina, que o alumno se achegue ao dominio das habilidades de ler e escribir diferentes tipos de textos e materiais cada vez máis complexos e que resultan fundamentais como elementos de información social e histórica (XHB3.12.1., XHB2.10.2) Trátase de ser capaces de expoñer clara e sistematicamente as ideas, argumentando con rigor e precisión.

-Competencia Matemática e Competencias básicas en Ciencia e Tecnoloxía (CMCCT): a contribución da materia de Xeografía é tamén relevante e permite relacións interdisciplinares e incluso de complementariedade con outras materias como as Ciencias Naturais. Neste sentido cumpre recordar que a Xeografía –e as súas diferentes ramas- ten por obxecto o estudo das interrelacións entre o ser humano e o medio físico no que se desenvolve. Por esas razóns os contidos de orde xeográfica permitirán *a comprensión de sucesos, a predición de consecuencias e a actividade dirixida á mellora e preservación das condicións de vida propia, das demais persoas e do resto dos seres vivos*. Así os contidos e métodos da Xeografía permitirán a adecuada percepción do espazo físico en que se desenvolven a vida e a actividade humana, tanto a grande escala, como no contorno inmediato, e as interactuacións entre home e espazo derivadas dos asentamentos humanos, actividades económicas e as modificacións introducidas polo home e as paisaxes resultantes. En definitiva, interactuar co mundo físico, tanto no que ten de espazo natural como na medida en que o transforma a acción humana, é un aspecto esencial no coñecemento social, en canto permite comprender mellor o que sucede, as consecuencias dun proceso determinado e as condicións de vida de homes e mulleres, que son os suxeitos dos asuntos sociais. Contribúese á adquisición desta competencia na medida en que se asegure que a dimensión espacial impregne a aprendizaxe dos contidos xeográficos, adquirindo particular importancia o desenvolvemento de procedementos de orientación, localización, observación e interpretación de espazos, paisaxes e a súa representación cartográfica (XHB1.1.1., XHB1.1.2, XHB1.1.3, XHB2.1.1, XXHB2.2.1, XHB2.3.1., XHB2.5.1, …

-Competencia Dixital (CD): poñer en práctica habilidades para buscar, obter, procesar e comunicar a información e transformala en coñecemento. As TIC resultan imprescindibles na sociedade da información en que vivimos, aumentan as posibilidades de comunicación e axilizan os intercambios, mesmo poden propiciar formas de traballo cooperativo que abarquen espazos físicos e sociais cada vez máis amplos, que son precisamente os que interesa coñecer desde esta área:

-buscar información en páxinas especializadas; (XHB1.1.1, XHB1.1.2, XHB1.1.3…)

-elaborar presentación (XHB2.11.1)

-comprender a información e integrala nos esquemas previos de coñecemento e, así mesmo, capacitarse para a transmisión desta información do xeito máis eficaz posible. (XHB2.12.2, XHB2.12.3…)

-Competencia Aprender a Aprender (CAA): é a competencia que nos parece máis esencial, porque a aprendizaxe atópase antes que nada na vontade de aprender e de asumir o esforzo que toda aprendizaxe implica. As técnicas de traballo das nosas materias as converten en marco ideal para a posta en práctica desta competencia. Supón iniciarse na aprendizaxe e continuala dun xeito autónomo. Do que se trata é de ter ferramentas que faciliten a aprendizaxe e de atopar repostas que se correspondan cun coñecemento racional, asumindo que poden ser diversas e que é posible atopalas desde distintas perspectivas metodolóxicas. Para asumir esta competencia é preciso tamén coñecer o que se sabe e o que queda por aprender, orientando os procesos de aprendizaxe ata as nosas capacidades. Noutras palabras, trátase de coñecer as propias potencialidades e as propias carencias. É a competencia que se entende debe estar presente en todo o proceso educativo (XHB2.2.1., XHB2.10.1, XHB3.1.1., XHB3.6.1…)

-Competencias Sociais e Cívicas (CSC): vinculadas directamente ás nosas materias, posto que facilitan as relacións dentro dun modelo de sociedade cada vez máis plural, e así mesmo a comprensión da realidade social. A Xeografía e a Historia estudan, analizan e explican a conformación das identidades sociais e territoriais. Na medida en que constrúen as categorías de tempo e espazo social permiten a

construción de tempo e espacio persoal no alumnado. Pero, para que estas categorías se traduzan no desenvolvemento dunha competencia social democrática e posibiliten unha interacción responsable co medio, teñen que incorporar a visión de que o mundo en que vivimos é froito das decisións que tomaron os nosos antepasados máis ou menos libremente. Esta visión permitiralle ao alumnado adquirir a conciencia de que o futuro está condicionado polas nosas decisións e actuacións, e adoptar, polo tanto, unha posición comprometida e responsable ante este (XHB2.1.1., XHB2.2.1, XHB3.1.1, XHB3.4.1…

-Competencia de Sentido de Iniciativa e Espírito Emprendedor (CSIEE): adquisición das actitudes que permitan a maduración persoal, como son a responsabilidade, o coñecemento, a autoestima, a perseveranza, o control emocional e moitas outras na mesma liña. Todo destinado a converter as ideas en accións, é dicir, conseguir a autonomía persoal básica e a iniciativa suficiente para ser capaz de emprender e desenvolver accións e proxectos con confianza, creatividade e sentido crítico.

(XHB2.4.1, XHB2.6.2, XXHB2.9.1, XHB2.11.1…)

-Competencia de Conciencia e Expresións Culturais (CCEC): competencia propia das nosas áreas de coñecemento. Apreciar, comprender e valorar as diferentes manifestacións culturais e artísticas, materiais e inmateriais, como materializacións das capacidades máis excelsas do ser humano:

-utilizalas para o enriquecemento persoal e estimalas como elementos do patrimonio cultural de que dispoñemos e comprensión da necesidade e do valor da súa preservación:

-facilitar a selección e coñecemento de obras de arte relevantes, ben polo seu significado na caracterización de estilos e artistas, como en tanto expresión do sentir e das transformacións materiais e mentais dunha época. (XHB3.1.1., XHB3.7.1., XHB3.8.1, XHB3.9.1).

### 3.4-Concreción dos obxectivos para o curso.

Partindo do decreto 86/2015 do 25 de Xullo que establece os obxectivos xerais para a ESO, centrarémonos en mencionar aquí os que consideramos máis directamente vinculados coas nosas materias neste curso.

a) Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ás demais persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e os grupos, exercitarse no diálogo, afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural, e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática. Neste nivel o alumnado afianzará fundamentalmente a súa conciencia sobre a igualdade de xénero e o sentido democrático.

b)Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo, como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal. Tratarase de avanzar no desenvolvemento da autonomía no estudo.

c) Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller.

d)Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo e os comportamentos sexistas, e resolver pacificamente os conflitos.

e)Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información, para adquirir novos coñecementos con sentido crítico. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación. Tratarase de avanzar na autonomía das procuras de información .

g) Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades. Neste aspecto o alumnado deberá avanzar na súa autonomía persoal en relación coa capacidade de planificación do seu traballo e nas técnicas de estudo.

h) Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, textos e mensaxes complexas, e iniciarse no coñecemento, na lectura. Concretarase este curso o avance neste obxectivo co dominio da comprensión e elaboración de textos de maior extensión, cunha expresión máis coidada no uso do léxico. Respecto da corrección na ortografía e na caligrafía non deberá haber xa problemas.

l) Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e das outras persoas, así como o patrimonio artístico e cultural. Coñecer mulleres e homes que realizaran achegas importantes á cultura e á sociedade galega, ou a outras culturas do mundo. Este obxectivo centrarase no recoñecemento de obras e autores senlleiros da cultura galega na Idade Moderna.

n) Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.

ñ) Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia, participar na súa conservación e na súa mellora, e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ao exercicio deste dereito.

o) Coñecer e valorar a importancia do uso da lingua galega como elemento fundamental para o mantemento da identidade de Galicia, e como medio de relación interpersoal e expresión de riqueza cultural nun contexto plurilingüe, que permite a comunicación con outras linguas, en especial coas pertencentes á comunidade lusófona.

### 3.5-Concreción das aprendizaxes imprescindibles non adquiridas o curso anterior.

Debido a situación creada a partir do 16 de marzo de 2020 pola pandemia da COVID-19 e baseándonos nos informes individualizados onde se reflexa os contidos que non se puideron impartir no curso 2019/2020, a comezos deste curso escolar considero necesario impartir unha unidade para retomar o tema dos reinos cristiáns en España recalcando aspectos económicos, sociais e políticos para enlazar co reinado dos Reis Católicos, contido este xa de 3º da ESO.

### 3.6-Liñas xerais do plan de reforzo e recuperación das aprendizaxes imprescindibles non adquiridas o curso anterior. Medidas metodolóxicas e organizativas.

A metodoloxía empregada será a través de exposicións explicativas por parte do profesor da unidade con tarefas e actividades para reforzar os contidos, así como comentario de mapas e textos históricos para unha maior comprensión do mesmo. No curso da Aula Virtual se colgará todo o material dado na clase e vídeos explicativos da unidade.

## 3.7-Relación de estándares e concreción para cada estándar de aprendizaxe avaliable de:

•**Obxectivos e contidos desenvolvidos:** ver táboa.

•**Temporalización**

1º trimestre: de setembro a decembro

| Unidades | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares |
|---|---|---|---|
| 1-A Historia e a Historia Moderna. | B3.1 a B3.6 | B3.1.a B3.6 | XHB3.1.1 a XHB3.6.1 |
| 2-A Europa renacentista: caracterización e arte. | B3.7 a B3.13 | B3.7 a 3.13 | XHB3.7.1 a XHB3.13.1 |
| 3-A Europa barroca: caracterización e arte | B3.8 a B3.10, B3.13 | B3.8 a B3.10, B3.13 | XHB3.8.1 a XHB3.10.1<br>XHB3.13.1 |

2º trimestre: de xaneiro a marzo.

| Unidades | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares |
|---|---|---|---|
| 4-Os mapas e as coordenadas xeográficas | B1.1 | B1.1 | XHB1.1.1 a XHB1.1.3 |
| 5-Organización política e sectores da economía en España e Europa. Os mapas políticos. | B2.1 a B2.3 | B2.1 a B2.3 | XHB2.1.1 a XHB2.3.1 |
| 6-Os sistemas económicos mundiais. Os recursos naturais e os sectores primario e secundario. | B2.4, B2.6 a B2.8 | B2.4, B2.6 a B2.8 | XHB2.4.1<br>XHB2.6.1 a XHB2.8.1 |

·3º trimestre: de abril a xuño.

| Unidades | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares |
|---|---|---|---|
| 7-Os sectores terciarios: comercio, transporte e turismo. | B2.9  B2.11 | B2.9 a B2.11 | XHB2.9.1 a XHB2.11.2 |
| 8-Desenvolvemento, subdesenvolvemento e tensións mundiais. O desenvolvemento sustentable. | B2.5, B2.12, B2.13 | B2.5, B2.12, B2.13 | XHB2.5.1<br>XHB2.12.1 a XHB2.13.2 |

•**Grao mínimo de consecución para superar a materia.**

Para a superación da materia, o alumnado deberá ter en conta que serán imprescindibles os seguintes requisitos:

-Respecto dos contidos:

- O dominio dos conceptos, termos, vocabulario xeográfico, histórico e artístico pertinentes para cada unidade. Este vocabulario deberá empregarse necesariamente na resolución de exercicios, exames, actividades, xa sexan de forma oral ou escrita.
- A identificación e correcta expresión da cronoloxía histórica (anos, séculos…)
- A ubicación espazo-temporal adecuada, xunto cos trazos básicos da organización política, económica e social da época moderna.
- Coñecer os elementos básicos da organización política e económica no mundo actual e as consecuencias políticas, sociais e medioambientais da mesma.
- Dominar os mapas políticos de España e da Unión Europea.
- Recoñecer autores e obras senlleiras, así como os trazos básicos dos estilos artísticos.

-Respecto do traballo:

·Será imprescindible responder de xeito argumentativo, adecuado ao nivel. Non se valorarán as meras respostas monosilábicas. Así mesmo, esixiranse unhas condicións mínimas no coidado da caligrafía, a ortografía, o mantemento dos cadernos e a presentación dos traballos.

·A adecuación das tarefas e actividades ás pautas indicadas para a súa realización, así como o cumprimento dos prazos de entrega de traballos propostos.

·O dominio básico das técnicas de traballo e do manexo de fontes.

·Será preceptiva a realización da lectura proposta, xunto co traballo de lectura que se determine para o curso.

-Respecto das avaliacións:

·Será preciso ter as tres avaliacións aprobadas para superar o curso.

Para medir o grao de consecución de cada estándar de aprendizaxe aplicaremos a seguinte rúbrica:

| **Criterio** | **Grao 1 Elemental** | **Grao 2 Básico** | **Grao 3 Satisfactorio** | **Grao 4 Avanzado** | **Grao 5 Excelente** |
|---|---|---|---|---|---|
| Traballo e aplicación das técnicas de aprendizaxe | Traballa de xeito irregular. Escaso esforzo. Serias dificultades na aplicación das técnicas de aprendizaxe. | Traballa de xeito regular con esforzo. Dificultades na aplicación das técnicas de aprendizaxe. | Traballa de xeito regular con esforzo. Aplica no esencial as técnicas de aprendizaxe. | Acada o 70% das tarefas realizadas. Aplica as técnicas de aprendizaxe con erros puntuais. | Completa todas as tarefas realizadas. Aplica de maneira adecuada as técnicas de aprendizaxe. |
| Comprensión do estándar | Amosa comprensión parcial sen chegar a conclusións | Amosa comprensión parcial e chega a conclusións esperables. | Amosa comprensión e chega a conclusións esperables. | Amosa comprensión e expón conclusións múltiples. | Amosa comprensión e expón conclusións orixinais.. |
| Explicación do estándar | Explica parcialmente de xeito memorístico con incoherencias | Explica de xeito memorístico | Explica coas propias palabras pero con algunha incoherencia. | Explica coas propias palabras de xeito coherente | Explica de xeito coherente usando vocabulario especializado |
| Aplicación do estándar | Aplicación con erros que acada o 50% de acerto | Aplicación sen erros que acada o 50% de acerto | Supera o 50% de acerto na aplicación do estándar | Acada o 70% de acerto na aplicación do estándar | Supera o 90% de acerto na aplicación do estándar |
| Relación do | Só relaciona o | Relaciona o | Relaciona o | Relaciona o | Consigue |

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| estándar | estándar en tarefas simples e guiadas | estándar ata o 50% das veces en tarefas guiadas | estándar máis do 50% das veces en tarefas guiadas | estándar máis do 50% das veces sen guía | establecer relacións múltiples |

### ●Procedementos e instrumentos de avaliación.

Para a avaliación da consecución dos estándares de aprendizaxe por parte do alumnado realizaranse:

-Actividades, exercicios e cuestións a resolver no curso das sesións ou na Aula Virtual, que requirirán a participación oral do alumnado ou ben a súa elaboración escrita.

-Realización de un exame cada dous temas. Un exame cada dous temas, aproximadamente, que se adaptarán en caso de necesidades específicas de cada grupo ou segundo se avance na explicación a un ritmo maior ou menor.

-Toma en consideración da participación activa do alumnado na marcha das clases e na Aula virtual.

-Realización de traballos individuais.

Os instrumentos de avaliación dentro desta planificación serán:

1 Observación: permitiranos comprobar o ritmo de adquisición de contidos conceptuais, das técnicas e da metodoloxía de traballo, e das actitudes do alumnado (interese pola materia e actitudes sociais máis relevantes como a convivencia, tolerancia, solidariedade, etc.).

2 As probas: exames. Serán fundamentalmente escritos ou de forma virtual, pero tamén poderán realizarse exames de tipo oral. Ateranse sempre a contidos desenvolvidos na clase e na Aula virtual. O plantexamento dos exames orientarase cara a unha demostración de comprensión dos contidos, das capacidades de interrelación multicausal, de capacidades de síntese, capacidades de expresión, adecuación das técnicas de traballo (comentario de textos, gráficos, mapas), razoamento con exemplificacións que concreten eses coñecementos, etc..

3.- Traballos individuais: consistirán fundamentalmente en actividades coas que se porán en práctica competencias, adquisión de contidos e técnicas de traballo, utilizando diferentes tipos de materiais (mapas, imaxes, gráficas, textos) a realizar, tanto na aula coma na casa polos alumnos, nos que se valorarán os principios propios destas probas: capacidade de interrelación, de análise, de pertinencia no desenvolvemento dos contidos, de expresión, etc. Teranse en conta a atención ou o caso omiso do alumnado ás directrices indicadas pola docente para a adquisición da técnica na realización das actividades. O traballo de lectura do libro “ Os nenos da variola “ de María Solar será unha das tarefas determinantes neste apartado.

Tras a súa lectura, realizaran un traballo. Este traballo, xunto con outros que se irán especificando ó longo do curso e que poden ser de calquera tipo de entre os recollidos nos parágrafos anteriores, serán tidos en conta na avaliación do alumno ou alumna..

Procurarase desenvolver un traballo individual por avaliación.

| Obxec-tivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Compet. clave | Grao mínimo de consecución para superar a materia | Temporalización | Procedementos e instrumentos de avaliación |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | Bloque 1. O medio físico | | | | | | |
| ▪ b<br>▪ e<br>▪ f<br>▪ g<br>▪ h | ▪ B1.1. Localización. Latitude e lonxitude | ▪ B1.1. Localizar e interpretar espazos xeográficos e lugares nun mapa ou imaxe satélite | ▪ XHB1.1.1. Clasifica e distingue tipos de mapas e imaxes satélite. | ▪ CAA<br>▪ CMCCT<br>▪ CCL<br>▪ CD | ▪ • 4 | ▪ Unha sesión | ▪ Tarefa de aula |
| | | | ▪ XHB1.1.2. Localiza espazos xeográficos e lugares nun mapa utilizando datos de coordenadas xeográficas. | ▪ CAA<br>▪ CMCCT<br>▪ CD | • 4 | ▪ Unha sesión | ▪ Tarefa de aula<br>▪ Proba escrita |
| | | | ▪ XHB1.1.3. Coñece e interpreta os tipos de mapas temáticos | ▪ CAA<br>▪ CMCCT<br>▪ CCL<br>▪ CD | ▪ • 3 | ▪ Unha sesión | ▪ Tarefa de aula<br>▪ Proba escrita |
| | Bloque 2. O espazo humano | | | | | | |
| ▪ a<br>▪ b<br>▪ e<br>▪ f<br>▪ g<br>▪ l<br>▪ h | ▪ B2.1. Organización política e territorial de España. | ▪ B2.1. Coñecer a organización administrativa e territorial de España. | ▪ XHB2.1.1. Distingue nun mapa político a distribución territorial de España: comunidades autónomas, capitais, provincias e illas. | ▪ CCL<br>▪ CMCCT<br>▪ CD<br>▪ CAA<br>▪ CSC | ▪ . • 4<br>▪ | ▪ Unha sesión | ▪ Tarefa de casa<br>▪ Proba oral<br>▪ Proba escrita |
| ▪ b<br>▪ e<br>▪ c<br>▪ f<br>▪ g | ▪ B2.2. Sectores de actividade económica. | ▪ B2.2. Analizar os datos do peso do sector terciario dun país fronte e os do sector primario e secundario, e extraer conclusións. | ▪ XHB2.2.1. Compara a poboación activa de cada sector en diversos países e analiza o grao de desenvolvemento que amosan estes datos. | ▪ CCL<br>▪ CMCCT<br>▪ CD<br>▪ CAA<br>▪ CSC | ▪ • 3 | ▪ Dúas sesións | ▪ Tarefa de aula<br>▪ Tarefa de casa<br>▪ Proba escrita |

| Obxec-tivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Compet. clave | Grao mínimo de consecución para superar a materia | Temporalización | Procedementos e instrumentos de avaliación |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| ▪ h | | | | | | | |
| ▪ b<br>▪ c<br>▪ e<br>▪ f<br>▪ g<br>▪ h | ▪ B2.3. Sectores económicos en Europa, en España e en Galicia. | ▪ B2.3. Recoñecer as actividades económicas que se realizan en Europa nos tres sectores, identificando distintas políticas económicas. | ▪ XHB2.3.1. Diferencia os sectores económicos europeos. | ▪ CCL<br>▪ CMCCT<br>▪ CAA<br>▪ CSC | ▪ • 2 | ▪ Tres sesións | ▪ Tarefa de aula<br>▪ Proba escrita |
| ▪ b<br>▪ e<br>▪ f<br>▪ g<br>▪ h | ▪ B2.4. Sistemas económicos do mundo. | ▪ B2.4. Coñecer as características de diversos tipos de sistemas económicos | ▪ XHB2.4.1. Diferencia aspectos concretos e a súa interrelación dentro dun sistema económico. | ▪ CCL<br>▪ CSIEE<br>▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CSC | ▪ • 3 | ▪ Tres sesións | ▪ Tarefa de aula<br>▪ Tarefa de casa<br>▪ Proba escrita |
| ▪ b<br>▪ c<br>▪ e<br>▪ f<br>▪ g<br>▪ h<br>▪ l<br>▪ m<br>▪ ñ | ▪ B2.5. Aproveitamento e futuro dos recursos naturais. Desenvolvemento sustentable. | ▪ B2.5. Entender a idea de desenvolvemento sustentable e as súas implicacións. | ▪ XHB2.5.1. Define o desenvolvemento sustentable e describe conceptos clave relacionados con el. | ▪ CCL<br>▪ CMCCT<br>▪ CD<br>▪ CAA<br>▪ CSC | ▪ • 3 | ▪ Dúas sesións | ▪ Traballo de grupo<br>▪ Exposición na aula |
| ▪ b<br>▪ e<br>▪ f<br>▪ g<br>▪ h | ▪ B2.6. Recursos naturais e actividades agrarias. | ▪ B2.6. Localizar os recursos agrarios e naturais no mapa mundial. | ▪ XHB2.6.1. Sitúa no mapa as principais zonas cerealeira, como exemplo de recurso agrario no mundo, e as máis importantes masas forestais do mundo. | ▪ CAA<br>▪ CD<br>▪ CMCCT | ▪ • 2 | ▪ Unha sesión | ▪ Tarefa de casa<br>▪ Proba escrita |
| | | | ▪ XHB2.6.2. Localiza e identifica nun mapa as principais zonas produtoras | ▪ CAA | ▪ • 2 | ▪ Unha sesión | ▪ Tarefa de casa |

| Obxec-tivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Compet. clave | Grao mínimo de consecución para superar a materia | Temporalización | Procedementos e instrumentos de avaliación |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | de minerais no mundo. | ▪ CSIEE<br>▪ CD<br>▪ CMCCT | | | ▪ Proba escrita |
| | | | ▪ XHB2.6.3. Localiza e identifica nun mapa as principais zonas produtoras e consumidoras de enerxía no mundo. | ▪ CD<br>▪ CAA<br>▪ CSIEE<br>▪ CMCCT | ▪ • 3 | ▪ Unha sesión | ▪ Tarefa de casa<br>▪ Proba escrita |
| | | | ▪ XHB2.6.4. Identifica e nomea algunhas enerxías alternativas. | ▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CSIEE<br>▪ CMCCT | ▪ • 3 | ▪ Unha sesión | ▪ Tarefa de casa<br>▪ Proba escrita |
| ▪ b<br>▪ c<br>▪ e<br>▪ f<br>▪ g<br>▪ h<br>▪ m | ▪ B2.7. Pesca: tipos e problemática. | ▪ B2.7. Explica e localiza os tipos de pesca e os seus problemas. | ▪ XHB2.7.1. Procura información sobre a sobreexplotación dos caladoiros de pesca, usando recursos impresos e dixitais. | ▪ CCL<br>▪ CMCCT<br>▪ CD<br>▪ CAA<br>▪ CSC<br>▪ CSIEE | ▪ • 3 | ▪ Dúas sesións | ▪ Traballo de grupo<br>▪ Exposición na aula |
| ▪ b<br>▪ e<br>▪ f<br>▪ g<br>▪ h | ▪ B2.8. Sector industrial. Rexións industrializadas do mundo. | ▪ B2.8. Explicar a distribución desigual das rexións industrializadas no mundo. | ▪ XHB2.8.1. Localiza nun mapa os países máis industrializados do mundo, a través de lendas e símbolos adecuados. | ▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CSIEE | ▪ • 3 | ▪ Unha sesión | ▪ Tarefa de aula<br>▪ Proba oral |
| ▪ b<br>▪ e<br>▪ f<br>▪ g | ▪ B2.9. Actividades terciarias: transporte. | ▪ B2.9. Analizar o impacto dos medios de transporte no seu contorno. | ▪ XHB2.9.1. Traza sobre un mapamundi o itinerario que segue un produto agrario e outro gandeiro desde a súa colleita ata o seu consumo en zonas afastadas, e | ▪ CD<br>▪ CAA<br>▪ CSC<br>▪ CSIEE | ▪ • 3 | ▪ Unha sesión | ▪ Tarefa de aula<br>▪ Debate |

| Obxec-tivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Compet. clave | Grao mínimo de consecución para superar a materia | Temporalización | Procedementos e instrumentos de avaliación |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| ▪ h | | | extrae conclusións. | | | | |
| ▪ b<br>▪ e<br>▪ f<br>▪ g<br>▪ h | ▪ B2.10. Actividades terciarias: comercio. | ▪ B2.10. Entender os fluxos e os bloques comerciais. | ▪ XHB2.10.1. Define os indicadores que miden os intercambios económicos dun país. | ▪ CAA<br>▪ CD<br>▪ CCL<br>▪ CMCCT<br>▪ CSIEE | ▪ • 3 | ▪ Unha sesión | ▪ Proba escrita<br>▪ Tarefa de casa |
| | | | ▪ XHB2.10.2. Describe as características do comercio internacional na actualidade. | ▪ CAA<br>▪ CCL<br>▪ CSC<br>▪ CSIEE | ▪ • 2 | ▪ Unha sesión | ▪ Tarefa de casa<br>▪ Proba escrita |
| | | | ▪ XHB2.10.3. Enumera as características dos bloques comerciais e as razóns polas que se constitúen. | ▪ CAA<br>▪ CCL<br>▪ CSC<br>▪ CSIEE | ▪ • 3<br>▪ . | ▪ Dúas sesións | ▪ Tarefa de aula<br>▪ Proba escrita |
| ▪ b<br>▪ e<br>▪ f<br>▪ g<br>▪ h | ▪ B2.11. Turismo. | ▪ B2.11. Analizar o desenvolvemento do turismo e a súa importancia económica. | ▪ XHB2.11.1. Identifica os tipos de turismo e os seus efectos | ▪ CAA<br>▪ CCL<br>▪ CCEC<br>▪ CSIEE<br>▪ CD | ▪ • 3. | ▪ Unha sesión | ▪ Traballo de grupo<br>▪ Exposición na aula. |
| | | | ▪ XHB2.11.2. Valora a importancia do turismo na economía española e galega. | ▪ CAA<br>▪ CCL<br>▪ CCEC<br>▪ CSIEE<br>▪ CD | ▪ • 3 | ▪ Unha sesión | ▪ Traballo de aula<br>▪ Proba escrita |
| ▪ b<br>▪ c | ▪ B2.12. Causas do desenvolvemento | ▪ B2.12. Analizar gráficos de barras por países e textos onde | ▪ XHB2.12.1. Comparar as características do consumo interior | ▪ CAA<br>▪ CCL | ▪ • 3 | ▪ Unha sesión | ▪ Tarefa de casa<br>▪ Proba escrita |

| Obxec-tivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Compet. clave | Grao mínimo de consecución para superar a materia | Temporalización | Procedementos e instrumentos de avaliación |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| ▪ e<br>▪ f<br>▪ g<br>▪ h<br>▪ m | desigual no mundo. Débeda externa. | se reflictan os niveis de consumo, o comercio desigual e a débeda externa entre países en desenvolvemento e os desenvolvidos. | de países como Brasil e Francia. | ▪ CSC<br>▪ CSIEE<br>▪ CD | | | |
| | | | ▪ XHB2.12.2. Crea mapas conceptuais, usando recursos impresos e dixitais, para explicar o funcionamento do comercio, e sinala os organismos que agrupan as zonas comerciais. | ▪ CAA<br>▪ CCL<br>▪ CSIEE<br>▪ CD | ▪ • 3 | ▪ Unha sesión | ▪ Tarefa de casa |
| | | | ▪ XHB2.12.3. Describe o funcionamento dos intercambios a nivel internacional, utilizando mapas temáticos e gráficos nos que se reflictan as liñas de intercambio. | ▪ CAA<br>▪ CMCCT<br>▪ CSIEE<br>▪ CD<br>▪ CCL | ▪ .<br>▪ • 2 | ▪ Unha sesión | ▪ Proba escrita. |
| ▪ b<br>▪ c<br>▪ d<br>▪ e<br>▪ f<br>▪ g<br>▪ h | ▪ B2.13. Tensións mundiais e subdesenvolvemento. Solucións ao problema.<br>▪ | ▪ B2.13. Relacionar áreas de conflito bélico no mundo con factores económicos. | ▪ XHB2.13.1. Realiza un informe sobre as medidas para tratar de superar as situacións de pobreza. | ▪ CAA<br>▪ CSC<br>▪ CSIEE<br>▪ CCL | ▪ .<br>▪ • 2 | ▪ • Unha sesión | ▪ Traballo de grupo<br>▪ Exposición na aula |
| | | | ▪ XHB2.13.2. Sinala áreas de conflito bélico no mapamundi e relaciónaas con factores económicos. | ▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CSC<br>▪ CSIEE | ▪ • 2 | ▪ Unha sesión | ▪ Traballo de grupo<br>▪ Exposición na aula |
| | Bloque 3. A historia | | | | | | |
| ▪ f<br>▪ l<br>▪ ñ | ▪ B3.1. Relación entre o pasado, o presente e o futuro a través da historia | ▪ B3.1. Recoñecer que o pasado non está "morto e enterrado", senón que determina o presente e os posibles futuros e espazos, ou inflúe neles. | ▪ XHB3.1.1. Identifica elementos materiais, culturais ou ideolóxicos que son herdanza do pasado | ▪ CSC<br>▪ CAA<br>▪ CCEC | ▪ .<br>▪ • 3 | ▪ Unha sesión | ▪ Traballo de aula |

| Obxec-tivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Compet. clave | Grao mínimo de consecución para superar a materia | Temporalización | Procedementos e instrumentos de avaliación |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| ▪ h<br>▪ l<br>▪ ñ | ▪ B3.2. Fontes históricas. | ▪ B3.2. Identificar, nomear e clasificar fontes históricas, e explicar diferenzas entre interpretacións de fontes diversas. | ▪ XHB3.2.1. Nomea e identifica catro clases de fontes históricas. | ▪ CSC<br>▪ CAA | ▪ • 4 | ▪ Unha sesión | ▪ Traballo de aula |
| | | | ▪ XHB3.2.2. Comprende que a historia non se pode escribir sen fontes, xa sexan estas restos materiais ou textuais. | ▪ CSC<br>▪ CAA | ▪ • 3 | ▪ Unha sesión | ▪ Traballo de aula |
| ▪ l<br>▪ ñ | ▪ B3.3. Cambio e continuidade. | ▪ B3.3. Explicar as características de cada tempo histórico e certos acontecementos que determinaron cambios fundamentais no rumbo da historia, diferenciando períodos que facilitan o seu estudo e a súa interpretación. | ▪ XHB3.3.1. Ordena temporalmente algúns feitos históricos e outros feitos salientables, utilizando para iso as nocións básicas de sucesión, duración e simultaneidade. | ▪ CSC<br>▪ CMCCT | ▪ . • 4<br>▪ . | ▪ Unha sesión | ▪ Traballo de aula<br>▪ Traballo de casa |
| | | | ▪ XHB3.3.2. Realiza diversos tipos de eixes cronolóxicos e mapas históricos. | ▪ CSC<br>▪ CMCCT | ▪ • 3 | ▪ Seis sesións | ▪ Traballlo de casa<br>▪ Proba escrita |
| ▪ f<br>▪ l<br>▪ ñ | ▪ B3.4. Tempo histórico. | ▪ B3.4. Entender que os acontecementos e os procesos ocorren ao longo do tempo e á vez no tempo (diacronía e sincronía) | ▪ XHB3.4.1. Entende que varias culturas convivían á vez en diferentes enclaves xeográficos. | ▪ CSC<br>▪ CMCCT | ▪ .<br>▪ • 3 | ▪ Unha sesión | ▪ Traballo de aula |
| ▪ h<br>▪ l<br>▪ ñ | ▪ B3.5. Vocabulario histórico e artístico. | ▪ B3.5. Utilizar o vocabulario histórico e artístico con precisión, inseríndoo no contexto adecuado. | ▪ XHB3.5.1. Utiliza o vocabulario histórico e artístico imprescindible para cada época. | ▪ CSC<br>▪ CCL | ▪ .<br>▪ • 3 | ▪ Todo o curso | ▪ Traballo na aula<br>▪ Traballo na casa<br>▪ Probas escritas<br>▪ Probas orais |
| ▪ g<br>▪ l | ▪ B3.6. Idade Moderna: concepto e datación. | ▪ B3.6. Comprender a significación histórica da etapa do Renacemento en Europa. | ▪ XHB3.6.1. Distingue modos de periodización histórica (Idade Moderna, Renacemento, Barroco, Absolutismo, etc.). | ▪ CSC<br>▪ CAA | ▪ • 3 | ▪ Todo o curso | ▪ Traballo na aula<br>▪ Traballo na casa<br>▪ Probas escritas |
| ▪ f | ▪ B3.7. | ▪ B3.7. Relacionar o alcance da | ▪ XHB3.7.1. Identifica trazos do | ▪ CSC | ▪ • 3 | ▪ Doce sesións | ▪ Traballo de casa |

| Obxec-tivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Compet. clave | Grao mínimo de consecución para superar a materia | Temporalización | Procedementos e instrumentos de avaliación |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| ▪ g<br>▪ h<br>▪ l<br>▪ n | Renacemento e Humanismo: alcance posterior. | nova ollada dos humanistas, artistas e científicos do Renacemento con etapas anteriores e posteriores. | Renacemento e do Humanismo na historia europea, a partir de fontes históricas de diversos tipos. | ▪ CCEC<br>▪ CAA<br>▪ CCL | | | ▪ Traballo de aula<br>▪ Proba escrita |
| ▪ l<br>▪ n<br>▪ ñ | ▪ B3.8. Arte renacentista e barroca. | ▪ B3.8. Coñecer a importancia da arte renacentista e barroca en Europa e en América. | ▪ XHB3.8.1. Coñece obras e legado de artistas, humanistas e científicos da época. | ▪ CSC<br>▪ CCEC<br>▪ CMCCT<br>▪ CCL | ▪ •3<br>▪ • 3 | ▪ Seis sesións | ▪ Traballo na aula<br>▪ Traballo na casa<br>▪ Proba escrita<br>▪ Proba oral |
| ▪ g<br>▪ l<br>▪ h<br>▪ n<br>▪ ñ | ▪ B3.9. Principais manifestacións da cultura dos séculos XVI e XVII. | ▪ B3.9. Coñecer a importancia dalgúns autores e obras destes séculos. | ▪ XHB3.9.1. Analiza obras, ou fragmentos delas, dalgúns autores desta época no seu contexto. | ▪ CSC<br>▪ CCEC<br>▪ CAA<br>▪ CCL | ▪ • 3. | ▪ Dúas sesións | ▪ Debate<br>▪ Proba escrita |
| ▪ a<br>▪ c<br>▪ d<br>▪ g<br>▪ l | ▪ B3.10. Estado moderno: monarquías autoritarias, parlamentarias e absolutas. | ▪ B3.10. Comprender a diferenza entre os reinos medievais e as monarquías modernas. | ▪ XHB3.10.1. Distingue as características de réximes monárquicos autoritarios, parlamentarios e absolutos. | ▪ CSC<br>▪ CAA | ▪ • 3 | ▪ Catro sesións | ▪ Traballo de aula<br>▪ Traballo de casa<br>▪ Proba escrita |
| ▪ a<br>▪ c<br>▪ d<br>▪ g<br>▪ l | ▪ B3.11. Monarquías modernas: unión dinástica de Castela e Aragón. Posición de Galicia. | ▪ B3.11. Analizar o reinado dos Reis Católicos como unha etapa de transición entre a Idade Media e a Idade Moderna. | ▪ XHB3.11.1. Comprende os conceptos de cambio e continuidade en relación co reinado dos Reis Católicos. | ▪ CSC<br>▪ CAA | ▪ .<br>▪ • 3 | ▪ Cinco sesións | ▪ Traballo na aula<br>▪ Traballo na casa<br>▪ Proba escrita |
| ▪ f<br>▪ g<br>▪ h | ▪ B3.12. Descubertas xeográficas: Castela e Portugal. | ▪ B3.12. Entender os procesos de conquista e colonización, e as súas consecuencias. | ▪ XHB3.12.1. Explica as causas que conduciron á descuberta de América para Europa, a súa conquista e a súa colonización. | ▪ CSC<br>▪ CMCCT<br>▪ CAA | ▪ • 3 | ▪ Catro sesións | ▪ Traballo de aula<br>▪ Proba escrita<br>▪ Traballo de grupo |

| Obxec-tivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Compet. clave | Grao mínimo de consecución para superar a materia | Temporalización | Procedementos e instrumentos de avaliación |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| ▪ l<br>▪ m | Conquista e colonización de América. | | | ▪ CCL | | | ▪ Exposición na aula |
| | | | ▪ XHB3.12.2. Coñece os principais feitos da expansión de Aragón e de Castela polo mundo. | ▪ CSC | ▪ • 3 | ▪ Unha sesióin | ▪ Traballo de casa |
| | | | ▪ XHB3.12.3. Sopesa interpretacións conflitivas sobre a conquista e a colonización de América. | ▪ CSC<br>▪ CAA<br>▪ CCL | ▪ .<br>▪ • 3 | ▪ Unha sesión | ▪ Debate<br>▪ Proba escrita |
| ▪ g<br>▪ l | ▪ B3.13. Os conflitos europeos nos séculos XVI e XVII a través das políticas dos Austrias: reforma, contrarreforma e guerras de relixión; loita pola hexemonía e guerra dos Trinta Anos. | ▪ B3.13. Coñecer trazos das políticas internas e as relacións exteriores dos séculos XVI e XVII en Europa. | ▪ XHB3.13.1. Analiza as relacións entre os reinos europeos que conducen a guerras como a dos "Trinta Anos". | ▪ CSC<br>▪ CAA | ▪ .<br>▪ • 3 | ▪ Doce sesións | ▪ Traballo de aula<br>▪ Traballo de casa<br>▪ Proba escrita |

### •3.8-Concrecións metodolóxicas que require a materia.

1 Estratexias expositivas: nas exposicións explicativas dos diferentes aspectos a estudar, a profesora intentará impulsar a participación do alumno fronte á simple recepción pasiva dos contidos impartidos na aula. Co gallo de aplicar unha metodoloxía activa e participativa promoverá o diálogo constante e interactivo entre os propios alumnos e entre estes e a profesora. Fomentará as preguntas aclaratorias e a participación procurando erradicar temores, medos (ao ridículo por exemplo), receos, etc.

2 Estratexias referenciais: a docente fará fincapé na atención constante á realidade inmediata. Nas materias de Historia aproveitará a existencia de restos arqueolóxicos de diversas épocas, vivendas, mosteiros, igrexas, ou outros edificios significativos da historia comarcal e local, etc., para posibilitar unha memorización mais comprensiva e aprendizaxes mais significativos. Nas materias de Xeografía as referencias poden ser: os carácteres mais destacados da xeografía local, paisaxes agrarios existentes na bisbarra, características urbanas mais destacables da vila, a xeografía industrial da Pobra do Caramiñal que presenta unhas facetas moi definidas, etc.  Trátase, tanto en Historia como en Arte e en Xeografía, de partir das realidades máis concretas e inmediatas para chegar ao estudo das máis xerais e universais, e outorgarase un destacado papel ás actividades prácticas. O recurso á prensa diaria terá un lugar destacado, tanto na achega de noticias á aula como no fomento da súa consulta polo alumnado, na busca de noticias que teñan relación cos temas traballados.

3 Estratexias de indagación para a asimilación de contidos e hábitos, técnicas e métodos de traballo e estudo: pequenos traballos de síntese mais que de investigación (con bibliografía variada), comentarios de textos que máis tarde se exporán conxuntamente, comentarios de mapas históricos e gráficos, traballos sobre mapas topográficos e planos catastrais locais, consulta da prensa diaria para a selección de novas relacionadas cos contidos da materia (aspectos ecolóxicos, arqueolóxicos ou museísticos, etc.), xogos de localización como a Busca do Tesouro (a partir de coordenadas cartográficas e con planos a gran escala),  clasificación dos tipos de industria existentes na localidade con exemplos concretos.

4 Estratexias de intercambio e debate: para a consecución de criterios e personalidade propios, para asimilación crítica dunha serie de valores e actitudes. Fomento de debates, comentario de filmes, pequenas dramatizacións, xogos de simulación, saídas ao entorno mais próximo, etc.

5 Darase prioridade a unha metodoloxía globalizadora de todos os aspectos que caracterizan cada civilización -económicos, sociais, culturais e políticos- fronte a unha visión excesivamente especializada e marcada polos acontecementos.

6 Lugar central na metodoloxía a seguir xogarão a competencia de aprender a aprender, polo que centraremos moito o traballo no desenvolvemento das técnicas de estudo para fomentar uns hábitos de aprendizaxe adecuados e eficaces.

7 Na medida do posible, procuraremos a realización de tarefas ou actividades en colaboración con outros departamentos, coma o aproveitamento de saídas didácticas para traballar un mesmo motivo baixo a óptica de distintas materias.

### 3.9-Materiais e recursos didácticos.

-Libro de texto: "Xeografía e Historia". Baía Edicións. Libro obrigatorio designado polo departamento.

-Libro de lectura: *Os nenos da variola,* María Solar, editorial Galaxia, Costa Oeste, 2017.

- Presentacións de diapositivas dixitais elaborados pola docente.

- Mapas históricos (Vicens Vives).

- Mapas mudos político ou político-territoriais.

-Mapas sobre aspectos económicos.

- Diccionarios específicos de Xeografía e Arte.

- Material xornalístico (*La Voz de Galicica, El Mundo, El País*).

- Recursos informáticos: internet e diversas aplicacións informáticas para traballo e consulta.

- Textos históricos seleccionados do libro de texto oficial e os das editoriais Vicens Vives e Oxford.

- Mapa topográfico 1:25.000 de Pobra do Caramiñal.

-Mapas políticos murais mudos. Ed. VICENS VIVES.

-Recursos webs: imaxes, sitios, … (Clío, claseshistoria.com, mapas flash…)

-Youtube: vídeos.

- Aula Virtual

-Plataforma Webex

♦**Adaptación de materiais e recursos en caso de docencia non presencial.**

En caso de que as clases se impartan de forma non presencial utilizaremos o libro da materia que ten o alumnado e os diferentes recursos e materiais que se colgaran na Aula Virtual do centro. Tamén se poderá utilizar a plataforma Webex para organizar as clases por videoconferencia.

## 3.10-Criterios sobre a avaliación, a cualificación e a promoción do alumnado

Os criterios de avaliación para cada estándar de aprendizaxe serán os recollidos no propio decreto 86/2015 de 25 de xullo no seu cadro para a materia.

### •Procedementos /Instrumentos de avaliación.

Nas probas escritas e virtuais, tarefas de caderno, exposicións orais, o alumnado deberá amosar:

1) Se selecciona, comprende e asimila conceptos e procesos propios das materias de Xeografía e Historia, e se os utiliza de xeito coherente e adecuado.

2) Se aplica as técnicas e métodos de traballo axeitados para estudar materiais propios das nosas disciplinas como documentos, restos históricos, edificios (pazos, igrexas, mosteiros, etc.), mapas topográficos e temáticos, fotografías, diapositivas, ou a propia paisaxe do entorno, imaxes, cine, literatura, coa finalidade de obter información, interpretala e avaliala.

3) Se expresa correctamente e de forma precisa as ideas e conceptos obtidos no proceso de aprendizaxe, utilizando a terminoloxía axeitada.

4) Se manifesta capacidade (creatividade) para relacionar, sintetizar, seleccionar e reelaborar a información e comprender problemas e procesos de forma estrutural.

Na avaliación do traballo individual teranse en conta aspectos como a capacidade de descrición, de relación e de análise dos problemas históricos e xeográficos, a comprensión e expresión dos mesmos tanto de forma oral como escrita, os conceptos específicos da historia, da arte e da xeografía e o desenvolvemento de actitudes de cara á materia..

♦Os procedementos e instrumentos de avaliación presentes nesta programación terán validez tanto para as clases presenciais coma non presenciais.

- **Criterios de cualificación.**

As probas serán fundamentalmente escritas ou virtuais na Aula Virtual, pero poderán realizarse tamén algunhas de tipo oral. En cada avaliación faranse probas parciais que servirán para facer a media da avaliación. Á hora de redonderar notas con decimais terase en conta a corrección ortográfica e caligráfica, tanto cara arriba como cara abaixo, e tamén a progresión positiva ou regresión negativa da alumna ou alumno ó longo do curso (valorando así a adquisición de responsabilidade e o esforzo de cadaquén independentemente da súa capacidade meramente intelectual). Darase ao alumnado que o precise a posibilidade de realizar un exame de recuperación por avaliación, que poderá facerse antes ou despois da mesma, en función da marcha do curso; de facerse despois, terá que ser nas dúas semanas posteriores, para evitar demoras que compliquen o seguimento do curso. O alumnado deberá expresar a súa vontade e compromiso á hora de aproveitar esta nova oportunidade; de non ser así o caso, entenderase que o alumno/a renuncia á mesma. Dado que a recuperación se fará sobre cuestións xa previamente examinadas, esta medida só dará acceso ao recoñecemento da suficiencia, pero non a nota, que o alumnado deberá procurar no primeiro exame. A finais de curso poderase realizar un exame de recuperación para aqueles alumnos que teñan suspensa a materia.

-A asistencia aos exames é obrigada nas datas e horas indicadas. Só por razón moi grave e debidamente xustificada desculparase a falta de asistencia aos mesmos; noutro caso, perderase a opción do exame correspondente, tendo que pasar á proba de recuperación. A preocupación por realizar o exame noutra data por parte dunha alumna ou alumno que xustifique debidamente a súa ausencia por razón grave debe partir da propia alumna ou alumno, que se debe comunicar coa docente de cara á busca doutra data ou dunha solución alternativa (do estilo incluír ese contido no exame seguinte).

-A hora do exame é única e exclusivamente para a realización do mesmo. Non se permitirá en ningún caso a realización doutras tarefas, mesmo cando o alumno/a diga ter rematado. O alumno/a tampouco poderá saír da aula mentres non remate o tempo destinado á realización do exame.

-A utilización de medios ilícitos para superar as probas (copiar dun compañeiro, do libro ou dunha chuleta, falar cun compañeiro, uso de aparatos electrónicos, etc.) conlevará que se puntúe cun cero (0) esa proba escrita. Considerase fraude facer pasar por propio un texto ou traballo alleo, ou copiar (ou intentalo) nun exame. O fraude pode detectarse no momento de realizalo ou durante a corrección, baixo o criterio da profesora, e sempre mediante medios que o alumnado coñecerá (os folios estarán selados ou marcados dalgún xeito para evitar “cambiazos”).

-Aqueles alumnos/as que, chegado o remate do curso, teñan unha única avaliación suspensa, terán dereito a recuperala antes do final do curso. Aqueles que cheguen ao final con dúas avaliacións suspensas, despois de térense realizado as correspondentes probas de recuperación, deberán pasar a recuperar na proba de suficiencia de xuño (previa á avaliación final), se así o solicitan, ou na extraordinaria de setembro.

-O traballo de lectura individual deberá realizarse a man; non se aceptarán os traballos feitos a ordenador para evitar posibles copias (corta-pega). A presenza de mans adultas en calquera aspecto da elaboración do traballo impedirá a consecución de nota, ao igual que a copia do traballo. O prazo estableceráo a docente con suficiente antelación; tras rematar este prazo non se recollerán traballos en ningún caso. Aquela parte do alumnado que non teña entregado o traballo de lectura en prazo deberá entregalo en setembro.

-En 3º ESO non se tomará en conta o caderno como tal, pero si a realización das tarefas que se propoñan, tanto para aula como para casa. A realización e a adecuación das mesmas ás pautas indicadas recibirán unha nota que será tida en conta coas notas dos exames.

♦**Adaptación dos criterios de cualificación en caso de docencia non presencial.**

Os exames serán fundamentalmente escritos ou telemáticos pero tamén poderán realizarse exames de tipo oral. Os exames que se realicen de forma telemática na Aula Virtual do centro terán a mesma duración dunha sesión de clase, é dicir, 50 minutos para a súa realización e cun só un intento. Os criterios de cualificación serán os mesmo que os de forma presencial e descritos nesta programación. Igualmente terán validez os restantes criterios de cualificación para os traballos complementarios.

A relación alumno/a – profesora se realizará a través da Aula Virtual na cal estarán matriculados todo o alumnado, os cales terán a obrigación de entrar como mínimo 3 horas a semana tal como estipula o currículum para a materia de Xeografía e Historia en 3º da ESO. A comunicación da profesora co alumnado ou viceversa se poderá completar a través do correo electrónico corporativo do Centro e da plataforma Webex.

### •Criterios de avaliación.

1) Os contidos e o rigor na expresión conceptual avalíanse mediante **exames** convencionais parciais, telemáticos, virtuais ou orais por cada avaliación, e computan un **80%** nas notas das tres avaliacións e da nota final. Na avaliación dos exames teranse en conta os seguintes aspectos: contidos (grao de adquisición e utilización dos conceptos clave), adecuación (o exercicio deberá axustarse ao tenor do enunciado, é dicir, non se poderá responder cun texto cando o que se pide é unha táboa ou esquema, etc.) e redación (deberá coidarse a corrección na expresión).

2) Os **traballos** complementarios, individuais e de lectura, computan un **20%** nas notas das tres avaliacións e da nota final.

♦Os criterios de avaliación serán os mesmos descritos nesta programación en caso de que as clases se teñan que impartir de forma non presencial.

### •Proba extraordinaria.

A proba extraordinaria de setembro proporcionará a ocasión de superar a materia ao alumnado suspenso en xuño, é dicir, aquel que despois das respectivas probas de recuperación de cada trimestre chegue a final de curso con algunha avaliación suspensa. Esta proba versará sobre os mínimos establecidos para a superación da materia, polo que só permitirá acadar a suficiencia na cualificación (5). Para facilitar a preparación do exame de setembro proporcionarase ao alumnado implicado un conxunto de tarefas de repaso de cada tema. O exame constará dunha selección de preguntas extraídas do traballo de repaso.

## 3.11-Deseño da avaliación inicial e medidas a adoptar en función dos resultados.

Nas primeiras sesións de setembro levarase a cabo unha avaliación inicial do alumnado consistente na realización dunhas probas escritas orientadas a analizar o dominio de contidos básicos e competencias clave, en particular a competencia lingüística, a artística e cultural, a de aprender a aprender, a social e cidadá e a interacción co mundo físico. Tratarase de traballar con diversos materiais: textuais, gráficos, mapas e imaxes. As probas serán seguidas da súa corrección inmediata na aula por parte do propio alumnado en conxunto. Aos resultados destas probas sumarase a información recabada dos titores correspondentes. A avaliación inicial permitiranos ter un primeiro coñecemento das necesidades

particulares de cada alumno e plantexar modificacións na dinámica da clase, propoñer exercicios de reforzo e seguir dun xeito máis específico a aprendizaxe do alumnado con dificultades, ou ben, detectar alumnado con maiores capacidades para poder ofrecerlle a opción de avanzar ao seu ritmo.

Debido a situación creada a partir do 16 de marzo de 2020 pola pandemia da COVID-19 e baseándonos nos informes individualizados onde se reflexa os contidos que non se puideron impartir no curso 2019/2020, a comezos deste curso escolar considero necesario impartir unha unidade para retomar o tema dos reinos cristiáns en España recalcando aspectos económicos, sociais e políticos para enlazar co reinado dos Reis Católicos, contido este xa de 3º da ESO.

### 3.12-Medidas de atención á diversidade e dificultades derivadas da fenda dixital.

No caso de que teñamos alumnos con necesidades educativas específicas ou que necesiten unha Adaptación Curricular, traballaremos co Departamento de Orientación a programación destes alumnos, adaptándolle a materia en tódolos apartados que o necesite, explicándolle na clase os contidos básicos, para que chegue a alcanzar os obxectivos mínimos establecidos na programación que se lle adaptará. Os exames adaptaranse ao nivel de explicación e traballo elaborados.

En calquera caso, a medida que avance o curso poderán advertirse dificultades particulares de alumnado que tratarán de ser subsanadas coa proposta de prácticas extraordinarias, atención individual ao alumnado que o requira, orientando e reforzando aqueles aspectos nos que se atopen maiores dificultades, ou ben fomentando e favorecendo o avance daquel alumnado que amose capacidades ou intereses maiores.

En atención ao posible escenario de confinamento levarase a cabo un control das alumnas e alumnos con dificultades de conexión por falta de medios físicos (ordenador, tableta) en colaboración coas titorías e a dirección do centro e o Concello da Pobra do Caramiñal, facilitándoselles os dispositivos precisos para suplir esas carencias. Todas as actividades e a impartición de novos temas ou de bloques de repaso e recuperación centraranse nunha metodoloxía a distancia, que usa plataformas diversas, principalmente: correo electrónico con dominio do centro educativo e a aula virtual da páxina web do centro, así como a plataforma Cisco Webex para as posibles videoconferencias.

### 3.13-Concreción dos elementos transversais.

A riqueza de contidos xunto coa convivencia de tres disciplinas de gran tradición académica dentro das ciencias sociais fan que o currículo de 3º da ESO se enriqueza de elementos considerados "transversais" noutras materias, pero que no noso ámbito pasan a ser contidos básicos, traballados directamente seguindo o disposto nos diferentes estándares de aprendizaxe.

Moi especialmente a comprensión lectora e a expresión oral e escrita serán obxecto de traballo cotiá ao longo do curso, como factores instrumentais esencias nas materias do ámbitos.

Do mesmo xeito, a comunicación audiovisual, as tecnoloxías da información e da comunicación e o emprendemento, en tanto capacidade de desenvolvemento autónomo, terán un tratamento práctico no quefacer diario.

*Educar para a paz*.- A discusión en clase dos temas de Historia Moderna contribuirá a que aprendan a respectar e valorar as opinións alleas. A tolerancia, a discrepancia, a defensa dos valores democráticos aprenderanse cando toquemos temas tan sensibles como a expulsión dos xudeos de España ou o papel da Inquisición durante o Antigo Réxime. Iso debería contribuir a desenvolver o respecto polas opinións e as crenzas dos demais, sen renunciar ás propias. Estes contidos desenvólvense en todas as unidades, pero especialmente na 1, 2 e 6.

*Educación para a igualdade entre os sexos*.- O estudio da Historia faralles ver que as actitudes discriminatorias por razón de sexo eran asumidas de xeito "natural" polas sociedades do Antigo Réxime. Aínda na actualidade o son en maior ou menor grao segundo en que países. Tomar conciencia desta situación permitirá que desenvolvan unha actitude crítica ante a discriminación de calquera tipo, pero especialmente a sexual. Tentarase non caer en expresións que poidan inducir a unha interpretación sexista., procurando falar sempre de homes e mulleres, de alumnas e alumnos, etc. Tratarase isto en tódalas unidades, pero especificamente no que a xeografía política se refire co tratamento específico do sufraxio feminino a nivel histório e, concretamente, os fitos deste en España xunto con outras leis que supuxeron un avance na consecución desa igualdade.

No caso das unidades de Xeografía, coñecer o funcionamento dos axentes económicos e as regras que rexen a economía de mercado desembocan de forma natural nunha *educación para o consumo responsable* (U.4,5,6); e coñecer as características das diferentes fontes enerxéticas e a evolución dos consumos enerxéticos esixidos pola actividade industrial e o modo de vida urbano é a base para que os alumnos adopten unha postura activa e favorable ao *desenvolvemento sustentable* (U.6); e a análise das alteracións provocadas no medio físico polas actividades do mundo desenvolvido é tamén a tecla que hai que pulsar para fomentar unha educación e unha *concienciación medioambiental*(U.6); e o traballo sobre as causas que están detrás do xurdimento de conflitos e guerras ao longo de todo o planeta así como o estudo do funcionamento das formas políticas non democráticas, que son temas que hai que tratar nesta materia, son tamén o mecanismo para *educar para a paz* (U.5,6); e estudar as características dos movementos migratorios actuais, os desequilibrios rexionais, as diferenzas sangrantes no IDH dos países,... levan a reforzar unha actitude crítica do alumnado cara ao racismo; e explicar os cambios sociais e laborais e de modelo de familia experimentados nas últimas décadas é o único camiño para erradicar as persistentes actitudes machistas ou homófobas ou, en xeral, intolerantes.

Tamén a percepción dos estilos artísticos como a materialización dun sistema de crenzas ó servizo de poderes habitualmente despóticos, son un campo de debate excelente para reforzar os valores cívicos e democráticos presentes na nosa sociedade (*educación moral e cívica*). Estará moi presente nas dúas primeiras unidades.

### 3.14.Actividades complementarias e extraescolares programadas.

Para este curso académico debido a situación de pandemia polo COVID-19 non procede programar actividades complementarias nin extraescolares.

## 4-XEOGRAFÍA E HISTORIA: CUARTO CURSO ESO.

### 4.1-Introducción e contextualización.

Conforme ao disposto no decreto 86/2015 do 25 de xuño para o nivel de 4º de ESO desenvolveremos neste curso un currÍculo que, a diferenza dos tres primeiros anos da ESO, só contempla un temario referente á materia de Historia, centrándose na Idade Contemporánea.

O alumnado do nivel é xa coñecido posto que impartímoslles clases en niveis anteriores. Esta circunstancia facilita a posta en marcha do traballo posto que xa son coñecedores da metodoloxía e as dinámicas a seguir. Interésanos deste xeito continuar con eles neste nivel para consolidar e completar a etapa educativa.

Contaremos neste nivel con tres grupos con 64 alumnos en total.

### 4.2-Previsión do desenvolvemento da programación nos escenarios de actividade lectiva semipresencial e/ou non presencial.

Se por calquera motivo derivado da pandemia da COVID-19 temos que dar as clases en modalidade non presencial, seguiremos esta mesma programación variando só a metodoloxía e os recursos para impartir os contidos da materia, que neste caso será a través da Aula Virtual do centro.

O alumnado estará obrigado a realizar o traballo e as actividades de clase a través da Aula Virtual, así como a realización de calquera proba proposta polo profesor e realización de exames. Si é necesario tamén se poderán realizar exames orais a través da plataforma Webex.

A relación alumno/a – profesora se realizará a través da Aula Virtual na cal estarán matriculados todo o alumnado, os cales terán a obrigación de entrar como mínimo 3 horas a semana tal como estipula o currículo para a materia de Xeografía e Historia en 4º da ESO. A comunicación da profesora co alumnado ou viceversa se poderá completar a través do correo electrónico corporativo do Centro e da plataforma Webex.

### 4.3-Contribución ao desenvolvemento das competencias clave.

Enténdese por competencias clave as *capacidades para aplicar de xeito integrado os contidos propios de cada ensinanza e etapa educativa, co fin de lograr a realización adecuada de actividades e a resolución eficaz de problemas complexos.* O novo currículo relaciónaas cos estándares de aprendizaxe, en base aos cales se poderán concretar os criterios de avaliación e medir o grao de aprendizaxe. Para a concreción da relación entre competencias e estándares cinguirémonos á propia táboa do currículo.

O grao de desenvolvemento de cada competencia está naturalmente en relación coas nosas materias, sendo prioritarias unhas sobre outras, como propias das nosas disciplinas.

-<u>Competencia en Comunicación Lingüística</u> (CCL): A lingua é o principal instrumento para organizar o pensamento, para aprender e para explicar. Co discurso é posible describir, narrar, disertar e argumentar, etc. Pero ademais as propias materias de Xeografía e Historia teñen a súa propia linguaxe técnica, con termos e expresións que lle son específicos *–foro, liberalismo, produción en candea, imperialismo colonial, soviet…*, por exemplo-, que é preciso utilizar para aplicar os principios de pertinencia e precisión (XHB10.4.1). Por iso o profesorado prestará especial atención ó uso correcto e preciso, tanto dunha linguaxe apropiada, como duns termos técnicos elementais propios do noso saber, co fin de que a linguaxe oral e escrita cumpra o seu papel de *instrumento de comunicación, de representación, interpretación e comprensión da realidade, de construción e comunicación do coñecemento*, e se converta en ferramenta de comprensión e representación da realidade. Buscamos, en definitiva, tamén na nosa disciplina, que o alumno se achegue ao dominio das habilidades de ler e escribir diferentes tipos de textos e materiais cada vez máis complexos e que resultan fundamentais como elementos de información social e histórica (XHB4.3.2; XXHB4.5.1.) Trátase de ser capaces de expoñer clara e sistematicamente as ideas, argumentando con rigor e precisión.

-<u>Competencia Matemática e Competencias básicas en Ciencia e Tecnoloxía</u> (CMCCT): na medida na que a Xeografía non está presente no currículo deste curso, a presenza e o peso desta competencia é menor por razóns obvias; en calquera caso non deixa de estar presente, en particular no relativo ao control do tempo histórico, co que o alumnado deberá dar o salto para ser competente na combinación da sincronía e a diacronía na Historia (XHB3.5.1.))

-<u>Competencia Dixital</u> (CD): poñer en práctica habilidades para buscar, obter, procesar e comunicar a información e transformala en coñecemento. As TIC resultan imprescindibles na sociedade da

información en que vivimos, aumentan as posibilidades de comunicación e axilizan os intercambios, mesmo poden propiciar formas de traballo cooperativo que abarquen espazos físicos e sociais cada vez máis amplos, que son precisamente os que interesa coñecer desde esta área:

-buscar información en medios dixitais; (XHB9.1.1, XHB1.1.2, XHB1.1.3…)

-elaborar presentacións (XHB9.3.1)

-comprender a información e integrala nos esquemas previos de coñecemento e, así mesmo, capacitarse para a transmisión desta información do xeito máis eficaz posible. (XHB9.2.1…)

-Competencia Aprender a Aprender (CAA): é a competencia que nos parece máis esencial, porque a aprendizaxe atópase antes que nada na vontade de aprender e de asumir o esforzo que toda aprendizaxe implica. As técnicas de traballo das nosas materias as converten en marco ideal para a posta en práctica desta competencia. Supón iniciarse na aprendizaxe e continuala dun xeito autónomo. Do que se trata é de ter ferramentas que faciliten a aprendizaxe e de atopar repostas que se correspondan cun coñecemento racional, asumindo que poden ser diversas e que é posible atopalas desde distintas perspectivas metodolóxicas. Para asumir esta competencia é preciso tamén coñecer o que se sabe e o que queda por aprender, orientando os procesos de aprendizaxe ata as nosas capacidades. Noutras palabras, trátase de coñecer as propias potencialidades e as propias carencias. É a competencia que se entende debe estar presente en todo o proceso educativo; neste nivel o alumnado deberá xa amosar dominio dos aspectos básicos traballados nos cursos anteriores e avanzar na conquista de técnicas de traballo máis complexas: comparar, analizar, sintetizar… (XHB1.1.1., XHB2.2.2, XHB3.1.1., XHB3.2.1…)

-Competencias Sociais e Cívicas (CSC): vinculadas directamente ás nosas materias, posto que facilitan as relacións dentro dun modelo de sociedade cada vez máis plural, e así mesmo a comprensión da realidade social. A Xeografía e a Historia estudan, analizan e explican a conformación das identidades sociais e territoriais. Na medida en que constrúen as categorías de tempo e espazo social permiten a construción de tempo e espazo persoal no alumnado. Pero, para que estas categorías se traduzan no desenvolvemento dunha competencia social democrática e posibiliten unha interacción responsable co medio, teñen que incorporar a visión de que o mundo no que vivimos é froito das decisións que tomaron os nosos devanceiros máis ou menos libremente. Esta visión permitiralle ao alumnado adquirir a conciencia de que o futuro está condicionado polas nosas decisións e actuacións, e adoptar, polo tanto, unha posición comprometida e responsable ante este (XHB2.1.1., XHB3.4.1, XHB3.4.2, XHB7.2.1…

-Competencia de Sentido de Iniciativa e Espírito Emprendedor (CSIEE): adquisición das actitudes que permitan a maduración persoal, como son a responsabilidade, o coñecemento, a autoestima, a perseveranza, o control emocional e moitas outras na mesma liña. Todo destinado a converter as ideas en accións, é dicir, conseguir a autonomía persoal básica e a iniciativa suficiente para ser capaz de emprender e desenvolver accións e proxectos con confianza, creatividade e sentido crítico. Esta é a interpretación da competencia que potenciaremos, aínda que o propio currículo non a contempla de forma clara ou está pouco presente (XHB.3.3.1, XHB9.1.1, XXHB9.3.1

-Competencia de Conciencia e Expresións Culturais (CCEC): competencia propia das nosas áreas de coñecemento. Apreciar, comprender e valorar as diferentes manifestacións culturais e artísticas, materiais e inmateriais, como materializacións das capacidades máis excelsas do ser humano:

-utilizalas para o enriquecemento persoal e estimalas como elementos do patrimonio cultural de que dispoñemos e comprensión da necesidade e do valor da súa preservación:

-facilitar a selección e coñecemento de obras de arte relevantes, ben polo seu significado na caracterización de estilos e artistas, como en tanto expresión do sentir e das transformacións materiais e mentais dunha época.

A pesares do seu lugar central nas nosas disciplinas o currículo de 4º ESO non recolle mención deste competencia máis que nun único estándar. (XHB5.5.1.)

O total de 63 estándares de aprendizaxe recollidos no currículo reflexa a seguinte incidencia nas competencias clave.




Coincidimos coa consideración do protagonismo nesta materia das competencias que acadan un maior índice de incidencia; aínda así, queda pouco recoñecido o peso doutras, como CCEC, que resultan como reflexa a gráfica en función da proposta concreta dos estándares.

### 4.4-Concreción dos obxectivos para o curso.

Partindo do decreto 86/2015 do 25 de xuño que establece os obxectivos xerais para a ESO, centrarémonos en mencionar aquí os que consideramos máis directamente vinculados coas nosas disiciplinas neste curso.

a) Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ás demais persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e os grupos, exercitarse no diálogo, afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural, e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática. Neste nivel o alumnado afianzará fundamentalmente a súa conciencia sobre a igualdade de xénero e o sentido democrático a partires da constatación dos valores positivos que a democracia aportou no ámbito social a Europa e a España en concreto, así como a toma de conciencia de que o camiño da igualdade non está aínda rematado .

b)Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo, como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal. Tratarase de avanzar no desenvolvemento da autonomía no estudo e nas capacidades intelectuais, ensaiando e poñendo as bases de técnicas máis complexas como a síntese e a relación multicausal.

c) Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres, así como

calquera manifestación de violencia contra a muller. Tomar conciencia dos casos de agresións machistas que agroman nas noticias case de xeito cotiá e expresar a repulsa dos mesmos.

d)Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo e os comportamentos sexistas, e resolver pacificamente os conflitos.

e)Desenvolver destrezas na utilización das fontes de información que comecen a superar o nivel básico, para adquirir novos coñecementos con sentido crítico. Adquirir unha maior preparación no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación. Tratarase de avanzar na autonomía das procuras de información .

g) Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades. Neste aspecto o alumnado deberá consolidar a súa autonomía persoal en relación coa capacidade de planificación do seu traballo e nas técnicas de estudo.

h) Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá,

textos e mensaxes complexas. Concretarase este curso o avance neste obxectivo co dominio da comprensión e elaboración de textos de maior extensión, cunha expresión máis coidada no uso do léxico. Chegado ao nivel de 4º trátase de consolidar no alumnado unha capacidade de expresión lingüística que lles permita disertar, argumentar, sintetizar e expoñer razoamentos de nivel medio, cun discurso que non incorra en incoherencias e con calidade formal. Respecto da corrección na ortografía e na caligrafía non deberá haber xa problemas.

l) Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e das outras persoas, así como o patrimonio artístico e cultural. Coñecer mulleres e homes que realizaran achegas importantes á cultura e á sociedade galega, ou a outras culturas do mundo. Este obxectivo centrarase no recoñecemento de obras e autores senlleiros da cultura galega na Idade Contemporánea e os protagonistas da historia recente a nivel mundial.

n) Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación. O alumnado deberá adquirir un coñecemento básico dos principais movementos artísticos que introduciron a contemporaneidade.

ñ) Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia, participar na súa conservación e na súa mellora, e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ao exercicio deste dereito. Centrarase este obxectivo, seguindo o plan do curso, nos tempos recentes da nosa historia.

o) Coñecer e valorar a importancia do uso da lingua galega como elemento fundamental para o mantemento da identidade de Galicia, e como medio de relación interpersoal e expresión de riqueza cultural nun contexto plurilingüe, que permite a comunicación con outras linguas, en especial coas pertencentes á comunidade lusófona. A materia contribuirá á normalización do uso da lingua galega no ámbito educativo.

### 4.5-Concreción das aprendizaxes imprescindibles non adquiridas no curso anterior.

Debido a situación creada a partir do 16 de marzo de 2020 pola pandemia da COVID-19 e baseándonos nos informes individualizados onde se reflexa os contidos que non se puideron impartir no

curso 2019/2020, a comezos de este curso escolar considero necesario impartir unha unidade introdutoria da crise xurdida en Europa no século XVIII, unha crise profunda que orixinou a perda da hexemonía política europea para que o alumnado poida entender os contidos do Bloque 1. O século XVIII en Europa ata 1789 de este 4º curso da ESO e que no anterior curso non foi impartido.

### 4.6-Liñas xerais do plan de reforzo e recuperación das aprendizaxes imprescindibles non adquiridas o curso anterior. Medidas metodolóxicas e organizativas.

A metodoloxía será expositiva do tema e realización de actividades para afianzar os contidos. Tamén se realizará un esquema do mesmo e prácticas con comentarios de textos históricos. No curso da Aula Virtual se colgará todo o material do tema e vídeos explicativos da unidade.

### 4.7-Relación e concreción para cada estándar de aprendizaxe avaliable de:

- **Obxectivos e contidos desenvolvidos:** ver táboa.
- **Temporalización:**

·1º trimestre: de setembro a decembro.

| Unidades | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares |
|---|---|---|---|
| 1-O Antigo Réxime | B1.1 a B1.3 | B1.1.a B1.3 | XHB1.1.1 a XHB1.3.2 |
| 2-As revolucións liberais. | B2.1 a B2.2 | B2.1 a B2.2 | XHB1.1.1 a XHB2.2.2 |
| 3-A revolución industrial | B3.1 a B3.5 | B3.1 e B3.5 | XHB3.1.1 a XHB3.5.1 |
| 4-O imperialismo colonial | B4.1 a B4.2 | B4.1 a B4.2 | XHB4.1.1 a XHB4.2.1 |

·2º trimestre: de xaneiro a marzo.

| Unidades | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares |
|---|---|---|---|
| 5-A I Guerra Mundial | B4.3 | B4. 3 | XHB4.3.1 e XHB4.3.3 |
| 6-A revolución rusa | B4.4 | B4.4 | XHB4.4.1 |
| 7-A arte no século XIX | B4.5 | B4.5 | XHB4.5.1 a XHB4.5.2 |
| 8-O período de entreguerras | B5.1 | B5.1 | XHB5.1.1 a XHB5.1.3 |
| 9-Fascismo e nazismo | B5.2 | B5.2 | XHB5.2.1 |
| 10-II República española e Guerra Civil | B5.3 | B5.3 | XHB5.3.1 a XHB5.3.2 |

·3º trimestre: de abril a xuño.

| Unidades | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares |
|---|---|---|---|
| 11-A II Guerra Mundial | B6.1 a B6.3 | B6.1 a B6.3 | XHB161.1 a XHB6.3.1 |
| 12-Guerra Fría e politica de bloques. | B6.4 | B6.2 | XHB6.4.1 a XHB6..4.2 |
| 13-A descolonización | B6.5 | B6.5 | XHB6.5.1 a XHB6.5.2 |
| 14-Capitalismo e mundo soviético | B7.1 e B7.2 | B7.1 e B7.2 | XHB1.1.1 a XHB7.2.1 |
| 15-A ditadura franquista | B7.3 | B7.3 | XHB7.3.1 a XHB7.3.2 |
| 16-O final do século XX | B8.1 a B8.4 | B8.1 a B8.4 | XHB8.1.1 a XHB8.4.1 |

| | | | |
|---|---|---|---|
| 17-Revolución tecnolóxica e globalización . | B9.1 a B9.3 | B9.1 a B9.3 | XXHB9.1.1 a XHB9.3.1 |

*O último bloque do currículo: *A relación entre o pasado, o presente e o futuro a través da Historia e da Xeografía* terá un tratamento continuo ao longo do curso.

## •Grao mínimo de consecución para superar a materia.

Para a superación da materia, o alumnado deberá ter en conta que serán imprescindibles os seguintes requisitos:

-Respecto dos contidos:

·O dominio dos conceptos, termos, vocabulario xeográfico, histórico e artístico pertinentes para cada unidade. Este vocabulario deberá empregarse necesariamente na resolución de exercicios, exames, actividades, xa sexan de forma oral ou escrita.

·A identificación e correcta expresión da cronoloxía histórica (anos, séculos…)

·A ubicación espazo-temporal adecuada, xunto cos trazos básicos da organización política, económica e social que caracterizan os séculos contemporáneos.

·Diferenciar con claridade causas e consecuencias dos fenómenos e procesos históricos.

·Recoñecer os rasgos básicos dos estilos artísticos e algunha obra senlleira.

-Respecto do traballo:

·Será imprescindible responder de xeito argumentativo, adecuado ao nivel. Non se valorarán as meras respostas monosilábicas. Así mesmo, esixiranse unhas condicións mínimas no coidado da caligrafía, a ortografía, o mantemento dos cadernos e a presentación dos traballos.

·A adecuación das tarefas e actividades ás pautas indicadas para a súa realización, así como o cumprimento dos prazos de entrega de traballos propostos.

·O dominio das técnicas de traballo e do manexo de fontes.

·Será preceptiva a realización da lectura proposta, xunto co traballo de lectura que se determine para o curso.

-Respecto das avaliacións:

·Será preciso ter as tres avaliacións aprobadas para superar o curso.

-Respecto da actitude:

·Espérase do alumnado unha actitude respectuosa dentro da aula.

·O material básico, manual e caderno, deberá estar presente na aula todos os días de clase

Para medir o grao de consecución de cada estándar de aprendizaxe aplicaremos a seguinte rúbrica:

| Criterio | Grao 1 Elemental | Grao 2 Básico | Grao 3 Satisfactorio | Grao 4 Avanzado | Grao 5 Excelente |
|---|---|---|---|---|---|
| Traballo e aplicación das técnicas de aprendizaxe | Traballa de xeito irregular. Escaso esforzo. Serias dificultades na aplicación das | Traballa de xeito regular con esforzo. Dificultades na aplicación das | Traballa de xeito regular con esforzo. Aplica no esencial as | Acada o 70% das tarefas realizadas. Aplica as técnicas de aprendizaxe con erros | Completa todas as tarefas realizadas. Aplica de maneira adecuada as |

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| | técnicas de aprendizaxe. | técnicas de aprendizaxe. | técnicas de aprendizaxe. | puntuais. | técnicas de aprendizaxe. |
| Comprensión do estándar | Amosa comprensión parcial sen chegar a conclusións | Amosa comprensión parcial e chega a conclusións esperables. | Amosa comprensión e chega a conclusións esperables. | Amosa comprensión e expón conclusións múltiples. | Amosa comprensión e expón conclusións orixinais.. |
| Explicación do estándar | Explica parcialmente de xeito memorístico con incoherencias | Explica de xeito memorístico | Explica coas propias palabras pero con algunha incoherencia. | Explica coas propias palabras de xeito coherente | Explica de xeito coherente usando vocabulario especializado |
| Aplicación do estándar | Aplicación con erros que acada o 50% de acerto | Aplicación sen erros que acada o 50% de acerto | Supera o 50% de acerto na aplicación do estándar | Acada o 70% de acerto na aplicación do estándar | Supera o 90% de acerto na aplicación do estándar |
| Relación do estándar | Só relaciona o estándar en tarefas simples e guiadas | Relaciona o estándar ata o 50% das veces en tarefas guiadas | Relaciona o estándar máis do 50% das veces en tarefas guiadas | Relaciona o estándar máis do 50% das veces sen guía | Consigue establecer relacións múltiples |

**•Procedementos e instrumentos de avaliación.**

| Procedementos de avaliación (**PA**) | | Instrumentos de avaliación (**IA**) |
|---|---|---|
| Observación (**O**) | Traballo cotiá na aula ou na Au virtual | Ficha do/a alumno/a (**F**) |
| Tarefas (**T**) | Na aula,na casa, e na Aula virtual | Ficha do/a alumno/a (**F**)<br>Caderno do alumno/a (**C**)<br>Materiais elaborados polo alumnado (**M**<br>Rúbricas (**R**) |
| Probas (**P**) | Escritas, telemáticas / ou orais | Exames (**E**) |

♦Estes procedementos e instrumentos terán validez tanto para as clases presenciais como as non presenciais realizadas mediante a Aula Virtual ou a plataforma webex.

| | Xeografía e Historia. 4º de ESO | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave | Grao mínimo | Temporalización | Procedementos e instrumentos |
| | Bloque 1. O século XVIII en Europa ata 1789 | | | | | | |
| ▪ a<br>▪ c<br>▪ d<br>▪ g<br>▪ h<br>▪ l<br>▪ ñ | ▪ B1.1. Século XVIII en Europa: do feudalismo ao absolutismo e o parlamentarismo das minorías. Francia, Inglaterra, España e Galicia. | ▪ B1.1. Explicar as características do Antigo Réxime nos seus sentidos político, social e económico. | ▪ XHB1.1.1. Establece, a través da análise de textos, a diferenza entre o Absolutismo e o Parlamentarismo. | ▪ CSC<br>▪ CAA<br>▪ CCL | ▪ 4 | ▪ Semanas | ▪ O, T.P<br>▪ F, C, R, E |
| | | | ▪ XHB1.1.2. Distingue conceptos históricos como Antigo Réxime e Ilustración. | ▪ CSC<br>▪ CAA<br>▪ CCL | ▪ 4 | ▪ Semanas | ▪ O, T. P<br>▪ F, C, R, E |
| ▪ f<br>▪ h<br>▪ l<br>▪ n<br>▪ ñ | ▪ B1.2. Ilustración. | ▪ B1.2. Coñecer o alcance da Ilustración como novo movemento cultural e social en Europa e en América. | ▪ XHB1.2.1. Describe as características da cultura da Ilustración e as implicacións que ten nalgunhas monarquías. | ▪ CSC<br>▪ CCEC<br>▪ CCL | ▪ 4 | ▪ Semana | ▪ O, T. P<br>▪ F, C, R ,E |
| ▪ f<br>▪ g<br>▪ l<br>▪ n | ▪ B1.3. Arte e ciencia en Europa no século XVIII. | ▪ B1.3. Coñecer os avances da Revolución Científica desde os séculos XVII e XVIII. | ▪ XHB1.3.1. Aprecia os avances científicos e a súa aplicación á vida diaria, e contextualiza o papel dos científicos na súa propia época. | ▪ CSC<br>▪ CMCCT<br>▪ CAA | ▪ 2 | ▪ Sesións | ▪ O, T,<br>▪ F, R |
| | | | ▪ XHB1.3.2. Comprende as implicacións do empirismo e o método científico nunha variedade de áreas. | ▪ CSC<br>▪ CMCCT | ▪ 2 | ▪ Sesión | ▪ O, T<br>▪ F, R |
| | Bloque 2. A era das revolucións liberais | | | | | | |
| ▪ a<br>▪ c<br>▪ d<br>▪ g<br>▪ h | ▪ B2.1. Revolucións burguesas nos séculos XVIII e XIX: bases ideolóxicas (liberalismo,nacionalismo e rexionalismo), económicas e sociais; principais consecuencias. | ▪ B2.1. Comprender o alcance e as limitacións dos procesos revolucionarios dos séculos XVIII e XIX. | ▪ XHB2.1.1. Sopesa as razóns dos revolucionarios para actuar como o fixeron. | ▪ CSC<br>▪ CAA<br>▪ CCL | ▪ 4 | ▪ Semanas | ▪ O, T, P<br>▪ F, C, M, R, E |
| | | | ▪ XHB2.1.2. Recoñece, mediante a análise de | ▪ CSC | ▪ 3 | ▪ Todo o curso | ▪ O, T, P |

| | Xeografía e Historia. 4º de ESO | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave | Grao mínimo | Temporalización | Procedementos e instrumentos |
| ▪ l | | | fontes de diversas épocas, o valor destas non só como información senón tamén como evidencia para os/as historiadores/as. | ▪ CAA<br>▪ CCL | | | ▪ F, C, R, E |
| ▪ a<br>▪ c<br>▪ d<br>▪ g<br>▪ h<br>▪ l<br>▪ ñ | ▪ B2.2. Revolucións burguesas nos séculos XVIII e XIX: periodización e feitos principais. Restauración. Procesos unificadores e independentistas. O caso español | ▪ B2.2. Identificar os principais feitos das revolucións liberais burguesas en Europa e América nos séculos XVIII e XIX. | ▪ XHB2.2.1. Redacta unha narrativa sintética cos principais feitos dalgunha das revolucións burguesas da primeira metade do século XIX, acudindo a explicacións causais, e sinala os proles e os contras. | ▪ CSC<br>▪ CAA<br>▪ CCL | ▪ 3 | ▪ Semanas | ▪ O, T, P<br>▪ F, M, R, E |
| | | | ▪ XHB2.2.2. Redacta unha narrativa sintética cos principais feitos dalgunha das revolucións burguesas do século XVIII, acudindo a explicacións causais, e indica os proles e os contras. | ▪ CSC<br>▪ CAA<br>▪ CCL | ▪ 3 | ▪ Semanas | ▪ O, T, P<br>▪ F, M, R, E |
| | | | ▪ XHB2.2.3. Discute as implicacións da violencia empregando diversos tipos de fontes. | ▪ CSC<br>▪ CAA<br>▪ CCL | ▪ 4 | ▪ Sesión | ▪ O, T<br>▪ F, M, R |
| | Bloque 3. A Revolución Industrial | | | | | | |
| ▪ f<br>▪ g<br>▪ h<br>▪ l | ▪ B3.1. Revolución Industrial: concepto; factores económicos, sociais e ideolóxicos que a fan posible. | ▪ B3.1. Describir os feitos salientables da Revolución Industrial e o seu encadeamento causal. | ▪ XHB3.1.1. Analiza os proles e os contras da primeira Revolución Industrial en Inglaterra. | ▪ CSC<br>▪ CAA<br>▪ CCL | ▪ 4 | ▪ Semana | ▪ O, T, P<br>▪ F, C, R, E |
| ▪ g<br>▪ h<br>▪ l | ▪ B3.2. Revolución Industrial: desde Gran Bretaña ao resto de Europa. | ▪ B3.2. Analizar as vantaxes e os inconvenientes de ser un país pioneiro nos cambios. | ▪ XHB3.2.1. Analiza e compara a industrialización de diferentes países de Europa, América e Asia, nas súas distintas escalas temporais e xeográficas. | ▪ CSC<br>▪ CAA<br>▪ CCL | ▪ 3 | ▪ Sesións | ▪ O, T,P<br>▪ F, C, R, E |
| | | | ▪ XHB3.2.1. Compara o proceso de industrialización en Inglaterra e en España.. | ▪ CSC<br>▪ CAA | ▪ 4 | ▪ Semana | ▪ O, T,P<br>▪ F, M, R, E |

| | Xeografía e Historia. 4º de ESO | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave | Grao mínimo | Temporalización | Procedementos e instrumentos |
| | | | | ▪ CCL | | | |
| ▪ a<br>▪ c<br>▪ d<br>▪ h<br>▪ l<br>▪ m | ▪ B3.3. Consecuencias da Revolución Industrial. Movemento obreiro (orixes, ideoloxías e formas de organización). | ▪ B3.3. Entender o concepto de progreso, e os sacrificios e os avances que leva consigo. | ▪ XHB3.3.1. Explica a situación laboral feminina e infantil nas cidades industriais. | ▪ CSC<br>▪ CSIEE<br>▪ CCL | ▪ 3 | ▪ Sesións | ▪ O, T<br>▪ F, M, R |
| ▪ l<br>▪ ñ | ▪ B3.4. Discusión en torno ás características da industrialización en España e Galicia: éxito ou fracaso? | ▪ B3.4. Analizar a evolución dos cambios económicos en España e en Galicia, a raíz da industrialización parcial do país. | ▪ XHB3.4.1. Especifica algunhas repercusións políticas como consecuencia dos cambios económicos en España. | ▪ CSC | ▪ 4 | ▪ Semana | ▪ O, T, P<br>▪ F, C, R, E |
| ▪ g<br>▪ l<br>▪ m | ▪ B3.5. A ciencia no século XIX. | ▪ B3.5. Coñecer os principais avances científicos e tecnolóxicos do século XIX, e a súa relación coas revolucións industriais | ▪ XHB3.5.1. Elabora un eixe cronolóxico, diacrónico e sincrónico, cos principais avances científicos e tecnolóxicos do século XIX. | ▪ CSC<br>▪ CAA<br>▪ CMCCT | ▪ 3 | ▪ Sesión | ▪ O, T<br>▪ M, R |
| | Bloque 4. O Imperialismo do século XIX e a I Guerra Mundial | | | | | | |
| ▪ g<br>▪ h<br>▪ l | ▪ B4.1. O imperialismo no século XIX: concepto. | ▪ B4.1. Identificar as potencias imperialistas e a repartición de poder económico e político no mundo no derradeiro cuarto do século XIX e no principio do XX. | ▪ XHB4.1.1. Explica razoadamente que o concepto imperialismo reflicte unha realidade que influirá na xeopolítica mundial e nas relacións económicas transnacionais. | ▪ CSC<br>▪ CAA<br>▪ CCL | ▪ 3 | ▪ Semana | ▪ O, T, P<br>▪ F, C, R, E |
| | | | ▪ XHB4.1.2. Elabora discusións sobre eurocentrismo e a globalización. | ▪ CSC<br>▪ CAA<br>▪ CCL | ▪ 2 | ▪ Sesións | ▪ O, T<br>▪ M. R |
| ▪ g<br>▪ l | ▪ B4.2. Imperialismo: causas, desenvolvemento e consecuencias. | ▪ B4.2. Establecer xerarquías causais (aspecto e escala temporal) da evolución do | ▪ XHB4.2.1. Sabe recoñecer cadeas e interconexións causais entre colonialismo, | ▪ CSC<br>▪ CAA | ▪ 4 | ▪ Trimestre | ▪ O, T, P<br>▪ F, C, R, E |

| | Xeografía e Historia. 4º de ESO | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave | Grao mínimo | Temporalización | Procedementos e instrumentos |
| | | imperialismo. | imperialismo e a Gran Guerra de 1914. | | | | |
| ▪ g<br>▪ h<br>▪ l | ▪ B4.3. Causas e consecuencias da Gran Guerra (1914-1919) ou I Guerra Mundial. | ▪ B4.3. Coñecer os principais acontecementos da Gran Guerra, as súas interconexións coa Revolución Rusa e as consecuencias dos tratados de Versalles. | ▪ XHB4.3.1. Diferenza os acontecementos dos procesos, nunha explicación histórica, da I Guerra Mundial. | ▪ CSC<br>▪ CAA | ▪ 4 | ▪ Trimestre | ▪ O, T, P<br>▪ F, C, M, R, E |
| | | | ▪ XHB4.3.2. Analiza o novo mapa político de Europa. | ▪ CSC<br>▪ CAA | ▪ 4 | ▪ Semana | ▪ O, T, P<br>▪ F, M, R, E |
| | | | ▪ XHB4.3.3. Describe a derrota de Alemaña desde a súa propia perspectiva e desde a dos aliados. | ▪ CSC<br>▪ CAA<br>▪ CCL | ▪ 3 | ▪ Semana | ▪ O, T, P<br>▪ C, R, E |
| ▪ a<br>▪ c<br>▪ d<br>▪ g<br>▪ h<br>▪ l | ▪ B4.4. Revolución Rusa. | ▪ B4.4. Esquematizar a orixe, o desenvolvemento e as consecuencias da Revolución Rusa. | ▪ XHB4.4.1. Contrasta algunhas interpretacións do alcance da Revolución Rusa na súa época e na actualidade. | ▪ CSC<br>▪ CAA<br>▪ CCL | ▪ 3 | ▪ Semanas | ▪ O, T, P<br>▪ C, R, E |
| ▪ g<br>▪ h<br>▪ l<br>▪ n | ▪ B4.5. A arte no século XIX. | ▪ B4.5. Relacionar movementos culturais como o romanticismo, en distintas áreas, e recoñecer a orixinalidade de movementos artísticos como o impresionismo, o expresionismo e outros "ismos" en Europa. | ▪ XHB4.5.1. Comenta analiticamente cadros, esculturas e exemplos arquitectónicos da arte do século XIX. | ▪ CSC<br>▪ CAA<br>▪ CCL<br>▪ CCEC | ▪ 3 | ▪ Semana | ▪ O, T, P<br>▪ M, R, E |
| | | | ▪ XHB4.5.2. Compara movementos artísticos europeos e asiáticos. | ▪ CSC<br>▪ CAA<br>▪ CCL<br>▪ CCEC | ▪ 2 | ▪ Sesión | ▪ O, T<br>▪ M, R |
| | Bloque 5. A época de entreguerras (1919-1945) | | | | | | |

| | Xeografía e Historia. 4º de ESO | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave | Grao mínimo | Temporalización | Procedementos e instrumentos |
| ▪ g<br>▪ h<br>▪ l | ▪ B5.1. Período de entreguerras: do final da Gran Guerra ao crac do 29 e a Gran Depresión. | ▪ B5.1. Coñecer e comprender os acontecementos, os feitos e os procesos máis importantes do período de entreguerras, e a súa conexión co presente, e estudar a xerarquía causal nas explicacións históricas sobre esta época. | ▪ XHB5.1.1. Analiza interpretacións diversas de fontes históricas e historiográficas de distinta procedencia. | ▪ CSC<br>▪ CAA<br>▪ CCL | ▪ 3 | ▪ Todo o curso | ▪ O, T, P<br>▪ C, R, E |
| | | | ▪ XHB5.1.2. Relaciona algunhas cuestións concretas do pasado co presente e as posibilidades do futuro, como o alcance das crises financeiras de 1929 e de 2008. | ▪ CSC<br>▪ CAA | ▪ 3 | ▪ Semanas | ▪ O, T, P<br>▪ C, R, E |
| | | | ▪ XHB5.1.3. Discute as circunstancias da loita polo sufraxio da muller. | ▪ CSC<br>▪ CAA<br>▪ CCL | ▪ 3 | ▪ Sesión | ▪ O, T<br>▪ M, R |
| ▪ a<br>▪ c<br>▪ d<br>▪ h<br>▪ l | ▪ B5.2. Fascismo italiano e nazismo alemán. | ▪ B5.2. Analizar as causas do auxe dos fascismos en Europa. | ▪ XHB5.2.1. Explica diversos factores que fixeron posible o auxe do fascismo en Europa. | ▪ CSC<br>▪ CCL | ▪ 4 | ▪ Semana | ▪ O, T, P<br>▪ C, R, E |
| ▪ a<br>▪ c<br>▪ d<br>▪ g<br>▪ h<br>▪ l | ▪ B5.3. II República española e a Guerra Civil. | ▪ B5.3. Coñecer as tensións que levaron en España á proclamación da II República e ao estoupido da Guerra Civil | ▪ XHB5.3.1. Explica as principais reformas durante a II República española, e reaccións a elas. | ▪ CSC<br>▪ CCL | ▪ 4 | ▪ Semanas | ▪ O, T, P<br>▪ F, C, R, E |
| | | | ▪ XHB5.3.2. Explica as causas da Guerra Civil española no contexto europeo e internacional. | ▪ CSC<br>▪ CAA<br>▪ CCL | ▪ 4 | ▪ Semana | ▪ O, T, P<br>▪ F, C, R, E |
| | Bloque 6. As causas e consecuencias da II Guerra Mundial (1939-1945) | | | | | | |
| ▪ g<br>▪ l | ▪ B6.1. Orixes da II Guerra Mundial. | ▪ B6.1. Coñecer as causas da II Guerra Mundial. | ▪ XHB6.1.1. Recoñece a xerarquía causal (diferente importancia dunhas causas ou outras segundo as narrativas). | ▪ CSC<br>▪ CAA | ▪ 3 | ▪ Todo o curso | ▪ O, T, P<br>▪ F, C, R, E |

| | Xeografía e Historia. 4º de ESO | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave | Grao mínimo | Temporalización | Procedementos e instrumentos |
| ▪ g<br>▪ h<br>▪ l | ▪ B6.2. Desenvolvemento da II Guerra Mundial: extensión, fases, formas de guerra e principais consecuencias. | ▪ B6.2. Coñecer os principais feitos da II Guerra Mundial, diferenciar as escalas xeográficas nesta guerra (europea e mundial) e entender o concepto de guerra total. | ▪ XHB6.2.1. Sitúa nun mapa as fases do conflito. | ▪ CSC<br>▪ CAA | ▪ 2 | ▪ Sesión | ▪ O, T<br>▪ M, R |
| | | | ▪ XHB6.2.2. Dá unha interpretación de por que rematou antes a guerra europea que a mundial. | ▪ CSC<br>▪ CAA<br>▪ CCL | ▪ 3 | ▪ Sesión | ▪ O, T<br>▪ C, R |
| | | | ▪ XHB6.2.3. Elabora unha narrativa explicativa das causas e as consecuencias da II Guerra Mundial, a distintos niveis temporais e xeográficos. | ▪ CSC<br>▪ CAA<br>▪ CCL | ▪ 4 | ▪ Semana | ▪ O, T, P<br>▪ M, R, E |
| ▪ a<br>▪ d<br>▪ l | ▪ B6.3. O Holocausto. | ▪ B6.3. Entender o contexto en que se desenvolveu o Holocausto na guerra europea e as súas consecuencias. | ▪ XHB6.3.1. Recoñece a significación do Holocausto na historia mundial. | ▪ CSC | ▪ 3 | ▪ Sesión | ▪ O, T<br>▪ M, R |
| ▪ g<br>▪ h<br>▪ l | ▪ B6.4. Nova xeopolítica mundial: Guerra Fría e plans de reconstrución posbélica. | ▪ B6.4. Comprender o concepto de Guerra Fría no contexto de despois de 1945, e as relacións entre os dous bloques, os EEUU e a URSS. | ▪ XHB6.4.1. Utilizando fontes históricas e historiográficas, explica algúns dos conflitos enmarcados na época da Guerra Fría. | ▪ CSC<br>▪ CAA<br>▪ CCL | ▪ 3 | ▪ Sesión | ▪ O, T<br>▪ M, R |
| | | | ▪ XHB6.4.2. Describe as consecuencias da guerra de Vietnam. | ▪ CSC<br>▪ CAA<br>▪ CCL | ▪ 3 | ▪ Sesión | ▪ O, T, P<br>▪ F, C, R, E |
| ▪ a<br>▪ d<br>▪ g<br>▪ h<br>▪ l | ▪ B6.5. Procesos de descolonización en Asia e África. | ▪ B6.5. Organizar os feitos máis importantes da descolonización de posguerra no século XX e comprender os límites da descolonización e da independencia nun mundo desigual. | ▪ XHB6.5.1. Describe os feitos relevantes do proceso descolonizador. | ▪ CSC<br>▪ CCL | ▪ 4 | ▪ Semana | ▪ O, T, P<br>▪ M, R, E |
| | | | ▪ XHB6.5.2. Distingue entre contextos diferentes do mesmo proceso, por exemplo, África subsahariana (anos 50 e 60) e a India (1947). | ▪ CSC<br>▪ CAA | ▪ 3 | ▪ Semanas | ▪ O, T, P<br>▪ C, R., E |
| | Bloque 7. A estabilización do Capitalismo e o illamento económico do bloque soviético | | | | | | |

| | Xeografía e Historia. 4º de ESO | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave | Grao mínimo | Temporalización | Procedementos e instrumentos |
| ▪ a<br>▪ d<br>▪ g<br>▪ h<br>▪ l | ▪ B7.1. Evolución dos bloques soviético e capitalista. O "Welfare State". | ▪ B7.1. Entender os avances económicos dos réximes soviéticos e os perigos do seu illamento interno, así como os avances económicos do "Welfare State" en Europa. | ▪ XHB7.1.1. Explica os avances dos réximes soviéticos e do "Welfare State" en Europa. | ▪ CSC<br>▪ CAA<br>▪ CCL | ▪ 3 | ▪ Semanas | ▪ O, T, P<br>▪ C, R, E |
| | | | ▪ XHB7.1.2. Recoñece os cambios sociais derivados da incorporación da muller ao traballo asalariado. | ▪ CSC | ▪ 4 | ▪ Sesións | ▪ O, T<br>▪ M, R |
| ▪ f<br>▪ g<br>▪ h<br>▪ l<br>▪ m | ▪ B7.2. Crise do petróleo (1973). | ▪ B7.2. Comprender o concepto de crise económica e a súa repercusión mundial nun caso concreto. | ▪ XHB7.2.1. Compara a crise enerxética de 1973 coa financeira de 2008. | ▪ CSC<br>▪ CAA<br>▪ CCL | ▪ 3 | ▪ Semana | ▪ O, T, P<br>▪ C, R, E |
| ▪ a<br>▪ c<br>▪ d<br>▪ g<br>▪ h<br>▪ l<br>▪ ñ | ▪ B7.3. Ditadura de Franco en España. | ▪ B7.3. Explicar as causas de que se establecera unha ditadura en España tras a Guerra Civil, e como foi evolucionando esa ditadura desde 1939 a 1975. | ▪ XHB7.3.1. Coñece a situación da posguerra e a represión en España, así como as fases da ditadura de Franco | ▪ CSC | ▪ 4 | ▪ Semanas | ▪ O, T, P<br>▪ F, M, R, E |
| | | | ▪ XHB7.3.2. Discute como se entende en España e en Europa o concepto de memoria histórica | ▪ CSC<br>▪ CAA<br>▪ CCL | ▪ 3 | ▪ Sesión | ▪ O, T<br>▪ M, R |
| | Bloque 8. O mundo recente entre os séculos XX e XXI | | | | | | |
| ▪ a<br>▪ d<br>▪ g<br>▪ l | ▪ B8.1. Formas económicas e sociais do capitalismo no mundo. | ▪ B8.1. Interpretar procesos a medio prazo de cambios económicos, sociais e políticos a nivel mundial. | ▪ XHB8.1.1. Interpreta o renacemento e o declive das nacións no novo mapa político europeo desa época | ▪ CSC<br>▪ CAA | ▪ 3 | ▪ Sesión | ▪ O, T<br>▪ M, R |
| | | | ▪ XHB8.1.2. Comprende os proles e contras do estado do benestar. | ▪ CSC | ▪ 4 | ▪ Sesións | ▪ O, T,<br>▪ M, R |
| ▪ a | ▪ B8.2. Colapso dos réximes | ▪ B8.2. Coñecer as causas e as | ▪ XHB8.2.1. Analiza aspectos políticos, | ▪ CSC | ▪ 3 | ▪ Semana | ▪ O, T, P |

| | Xeografía e Historia. 4º de ESO | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave | Grao mínimo | Temporalización | Procedementos e instrumentos |
| ▪ d<br>▪ g<br>▪ h<br>▪ l | soviéticos e as súas consecuencias. | consecuencias inmediatas do colapso da URSS e outros réximes socialistas. | económicos e culturais dos cambios producidos tralo colapso da URSS. | ▪ CAA<br>▪ CCL | | | ▪ C, R, E |
| ▪ a<br>▪ c<br>▪ d<br>▪ g<br>▪ h<br>▪ l<br>▪ ñ | ▪ B8.3. Transición política en España: da ditadura á democracia (1975-1982). | ▪ B8.3. Coñecer os principais feitos que conduciron ao cambio político e social en España despois de 1975, e sopesar distintas interpretacións sobre ese proceso. | ▪ XHB8.3.1. Compara interpretacións sobre a Transición española nos anos setenta do século XX e na actualidade. | ▪ CSC<br>▪ CAA<br>▪ CCL | ▪ 4 | ▪ Sesións | ▪ O, T, P<br>▪ M, R, E |
| | | | ▪ XHB8.3.2. Enumera e describe algúns dos principais fitos que deron lugar ao cambio na sociedade española da transición: coroación de Xoán Carlos I, lei para a reforma política de 1976, lei de amnistía de 1977, apertura de Cortes Constituíntes, aprobación da Constitución de 1978, primeiras eleccións xerais, creación do Estado das autonomías, etc. | ▪ CSC<br>▪ CCL | ▪ 4 | ▪ Semanas | ▪ O, T, P<br>▪ M, R, E |
| | | | ▪ XHB8.3.3. Analiza o problema do terrorismo en España durante esta etapa (ETA, GRAPO, Terra Lliure, etc.): a xénese e a historia das organizacións terroristas, a aparición dos primeiros movementos asociativos en defensa das vítimas, etc. | ▪ CSC<br>▪ CAA<br>▪ CCL | ▪ 3 | ▪ Sesións | ▪ O, T<br>▪ M, R |
| ▪ a<br>▪ c<br>▪ d<br>▪ g<br>▪ h<br>▪ l | ▪ B8.4. Camiño cara a Unión Europea: desde a unión económica a unha futura unión política supranacional. | ▪ B8.4. Entender a evolución da construción da Unión Europea. | ▪ XHB8.4.1. Discute sobre a construción da Unión Europea e do seu futuro. | ▪ CSC<br>▪ CAA<br>▪ CCL | ▪ 3 | ▪ Sesión | ▪ O, T<br>▪ M, R |

| | Xeografía e Historia. 4º de ESO | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave | Grao mínimo | Temporalización | Procedementos e instrumentos |
| | Bloque 9. A Revolución Tecnolóxica e a globalización a finais do século XX e principio do XXI | | | | | | |
| ▪ e<br>▪ g<br>▪ h<br>▪ l | ▪ B9.1. A globalización económica: concepto e características. | ▪ B9.1. Definir a globalización e identificar algúns dos seus factores. | ▪ XHB9.1.1. Procura na prensa novas dalgún sector con relacións globalizadas, e elabora argumentos a favor e en contra. | ▪ CSC<br>▪ CD<br>▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CSIEE | ▪ 4 | ▪ Sesión | ▪ O, T<br>▪ M, R |
| | | | ▪ XHB9.1.2. Elabora discusións sobre o eurocentrismo e a globalización. | ▪ CSC<br>▪ CAA<br>▪ CCL | ▪ 3 | ▪ Sesión | ▪ O, T, P<br>▪ M, R, E |
| ▪ e<br>▪ f<br>▪ g<br>▪ h<br>▪ l | ▪ B9.2. Papel da Revolución Tecnolóxica na globalización. | ▪ B9.2. Identificar algúns dos cambios fundamentais que supón a Revolución Tecnolóxica. | ▪ XHB9.2.1. Analiza algunhas ideas de progreso e retroceso na implantación das recentes tecnoloxías da información e da comunicación, a distintos niveis xeográficos. | ▪ CSC<br>▪ CAA<br>▪ CCL<br>▪ CD | ▪ 3 | ▪ Sesións | ▪ O, T<br>▪ M, R |
| ▪ e<br>▪ g<br>▪ h<br>▪ l<br>▪ m<br>▪ ñ | ▪ B9.3. Consecuencias da globalización. Relacións interrexionais; focos de conflito. | ▪ B9.3. Recoñecer o impacto destes cambios a nivel local, autonómico, estatal e global, prevendo posibles escenarios máis e menos desexables de cuestións ambientais transnacionais, e discutir as novas realidades do espazo globalizado. | ▪ XHB9.3.1. Crea contidos que inclúen recursos como textos, mapas e gráficos, para presentar algún aspecto conflitivo das condicións sociais do proceso de globalización. | ▪ CSC<br>▪ CD<br>▪ CAA<br>▪ CCL<br>▪ CMCCT<br>▪ CSIEE | ▪ 4 | ▪ Sesión | ▪ O, T<br>▪ M, R |
| | Bloque 10. A relación entre o pasado, o presente e o futuro a través da historia e a xeografía | | | | | | |
| ▪ g<br>▪ h<br>▪ l<br>▪ ñ | ▪ B10.1. Relación entre o pasado, o presente e o futuro a través da historia e a xeografía. | ▪ B10.1. Recoñecer que o pasado non está "morto e enterrado", senón que determina o presente e os posibles futuros e espazos, ou inflúe neles. | ▪ XHB10.1.1. Formula posibles beneficios e desvantaxes para as sociedades humanas e para o medio natural dalgunhas consecuencias do quecemento global, como o desxeo do Báltico. | ▪ CSC<br>▪ CMCCT<br>▪ CAA<br>▪ CCL | ▪ 4 | ▪ Sesión | ▪ O, T<br>▪ M, R |

| | Xeografía e Historia. 4º de ESO | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave | Grao mínimo | Temporalización | Procedementos e instrumentos |
| | | | ▪ XHB10.1.2. Sopesa como unha Europa en guerra durante o século XX pode chegar a unha unión económica e política no século XXI. | ▪ CSC<br>▪ CAA | ▪ 3 | ▪ Sesión | ▪ O, T<br>▪ M, R |
| | | | ▪ XHB10.1.3. Compara (nun aspecto ou en varios) as revolucións industriais do século XIX coa revolución tecnolóxica de finais do século XX e principio do XXI. | ▪ CSC<br>▪ CMCCT<br>▪ CAA | ▪ 3 | ▪ Sesións | ▪ O, T<br>▪ M, R |
| ▪ f<br>▪ l<br>▪ ñ | ▪ B10.2. Cambio e continuidade. | ▪ B10.2. Explicar as características de cada tempo histórico e certos acontecementos que determinaron cambios fundamentais no rumbo da historia, diferenciando períodos que facilitan o seu estudo e a súa interpretación. | ▪ XHB10.2.1. Ordena temporalmente algúns feitos históricos e outros feitos salientables, utilizando para iso as nocións básicas de sucesión, duración e simultaneidade. | ▪ CSC<br>▪ CMCCT | ▪ 4 | ▪ Todo o curso | ▪ O, T, P<br>▪ F, M, R, E |
| | | | ▪ XHB10.2.2. Realiza diversos tipos de eixes cronolóxicos e mapas históricos. | ▪ CSC<br>▪ CMCCT | ▪ 4 | ▪ Todo o curso | ▪ O, T, P<br>▪ F, M, R, E |
| ▪ f<br>▪ l<br>▪ ñ | ▪ B10.3. Tempo histórico. | ▪ B10.3. Entender que os acontecementos e os procesos ocorren ao longo do tempo e á vez no tempo (diacronía e sincronía). | ▪ XHB10.3.1. Entende que varias culturas convivían á vez en diferentes enclaves xeográficos. | ▪ CSC<br>▪ CMCCT | ▪ 4 | ▪ Todo o curso | ▪ O, T, P<br>▪ F, M, R, E |
| ▪ h<br>▪ l<br>▪ ñ | ▪ B10.4. Vocabulario histórico e artístico: Idade Contemporánea. | ▪ B10.4. Utilizar o vocabulario histórico e artístico con precisión, inseríndoo no contexto adecuado. | ▪ XHB10.4.1. Utiliza con fluidez e precisión o vocabulario histórico e artístico necesario. | ▪ CSC<br>▪ CCL | ▪ 4 | ▪ Todo o curso | ▪ O, T, P<br>▪ F, C, M ,R, E |

### 4.8-Concrecións metodolóxicas que require a materia.

1-Estratexias expositivas: nas exposicións explicativas dos diferentes aspectos a estudar, o profesorado intentará impulsar a participación do alumno fronte á simple recepción pasiva dos contidos impartidos na aula. Promoverá o diálogo constante e interactivo entre os propios alumnos e entre estes e a profesora. Fomentará as preguntas aclaratorias e a participación procurando erradicar temores, medos (ao ridículo por exemplo), receos, etc.

2-Estratexias referenciais: A profesora terá unha relación constante coa realidade inmediata. Aproveitaremos a propia historia da vila no seu protagonismo en relación co proceso de industrialización na ría de Arousa, posibilitando así unha memorización máis comprensiva e unha aprendizaxe máis significativa. A historia oral servirá de recurso, na medida do posible, para o traballo sobre a guerra e a posguerra españolas.

3-Estratexias de indagación para a asimilación de contidos e hábitos, técnicas e métodos de traballo e estudo: traballos de síntese a partires de prácticas de investigación básica (con bibliografía variada e recurso a fontes secundarias), iniciación ao traballo con fontes textuais (mesmo primarias en formato dixital), comentarios de mapas históricos e gráficos, traballos sobre mapas topográficos e planos catastrais locais, consulta da prensa diaria para a selección de novas relacionadas cos contidos da materia (aspectos ecolóxicos, arqueolóxicos, históricos ou museísticos)..

4-Estratexias de intercambio e debate: para a consecución de criterios e personalidade propios, para asimilación crítica dunha serie de valores e actitudes. Fomento de debates, comentario de filmes, etc..

5-Darase prioridade a unha metodoloxía globalizadora de todos os aspectos que caracterizan cada civilización -económicos, sociais, culturais e políticos- fronte a unha visión excesivamente especializada e marcada polos acontecementos.

6-Lugar central na metodoloxía a seguir xogarao a competencia de aprender a aprender, polo que centraremos moito o traballo no desenvolvemento das técnicas de estudo para fomentar e consolidar uns hábitos e métodos de aprendizaxe adecuados e eficaces.

### 4.9-Materiais e recursos didácticos.

- O libro de texto que se vai utilizar este curso será: *Historia*, da Serie Descubre. Editorial Santillana-Obradoiro.
- -Libro de lectura: Os nenos da variola, María Solar, Editorial Galaxia, Costa Oeste, 2017
- Memoria de España, RTVE.
- Mapas murais, ed. Vicens Vives.
- La II Guerra Mundial. DVD, El Mundo.
- Youtube: videos sobre diversos contidos da materia.
- Bibliografía diversa sobre textos de historia contemporánea.
- Presentacións e utros materiais propios elaborados pola profesora da materia.
- Prensa diaria.
- Aula Virtual
- Plataforma Webex

♦En caso de que as clases se impartan de forma non presencial utilizaremos o libro da materia que ten o alumnado e os diferentes recursos e materiais que se colgaran na Aula Virtual do centro. Tamén se poderá utilizar a plataforma Webex para organizar as clases por videoconferencia.

### 4.10-Criterios sobre a avaliación, a cualificación e a promoción do alumnado.

#### •Procedementos /Instrumentos de avaliación.

Para a avaliación da consecución dos estándares de aprendizaxe por parte do alumnado realizaranse:

-Actividades, exercicios e tarefas a resolver no curso das sesións ou na casa a través da Aula Virtual, que requirirán a participación oral do alumnado ou ben a súa elaboración escrita.

-Realización de exames escritos, na Aula Virtual ou orais en cada avaliación. Un exame cada dous temas.

-Toma en consideración da participación activa do alumnado na marcha das clases.

-Realización do traballo de lectura.

-Realización do traballo individual

-Os instrumentos de avaliación dentro desta planificación serán:

1 Observación: permitiranos comprobar o ritmo de adquisición de contidos conceptuais, das técnicas e da metodoloxía de traballo, e das actitudes do alumnado (interese pola materia e actitudes sociais máis relevantes como a convivencia, tolerancia, solidariedade, etc.).

2 As probas: exames. Serán fundamentalmente escritos ou telemáticos pero tamén poderán realizarse exames de tipo oral. Ateranse sempre a contidos desenvolvidos na clase mediante explicación da profesora ou exposición de traballos e debates protagonizados polos alumnos. O plantexamento dos exames orientarase cara a unha demostración de comprensión dos contidos, das capacidades de interrelación multicausal nun nivel medio, capacidades de expresión, adecuación das técnicas de traballo (comentario de textos, gráficos, mapas), razoamento con exemplificacións que concreten eses coñecementos, etc..

3 Traballos individuais: consistirán fundamentalmente en actividades coas que se porán en práctica competencias, adquisición de contidos e técnicas de traballo, utilizando diferentes tipos de materiais (mapas, imaxes, gráficas, textos) a realizar, tanto na aula coma na casa polos alumnos. Valoraranse os principios propios destas probas: capacidade de interrelación, de análise, de pertinencia no desenvolvemento dos contidos, de expresión, etc, nun nivel medio. Teranse en conta a atención ou o caso omiso do alumnado ás directrices indicadas pola docente para a adquisición da técnica na realización das actividades. O traballo de lectura será unha das tarefas determinantes neste apartado.

♦ Os procedementos e instrumentos de avaliación en caso de impartir as clases non presenciais serán de forma telemática través da Aula Virtual.

#### •Criterios de cualificación.

As probas serán fundamentalmente escritas, pero poderán realizarse tamén algunhas de tipo oral ou a través da plataforma da Aula Virtual no caso de impartir as clases de forma non presencial. En cada avaliación faranse probas parciais que servirán para facer a media da avaliación. Á hora de redondear notas con decimais terase en conta a corrección ortográfica e caligráfica, tanto cara arriba como cara abaixo. Darase ao alumnado que o precise a posibilidade de realizar un exame de recuperación por avaliación, que poderá facerse antes ou despois da mesma, en función da marcha do curso; de facerse despois, terá que ser nas dúas semanas posteriores, para evitar demoras que compliquen o seguimento

do curso. O alumnado deberá expresar a súa vontade e compromiso á hora de aproveitar esta nova oportunidade; de non ser así o caso, entenderase que o alumno/a renuncia á mesma. Dado que a recuperación se fará sobre cuestións xa previamente examinadas, esta medida só dará acceso ao recoñecemento da suficiencia, pero non a nota, que o alumnado deberá procurar no primeiro exame. Dentro de cada bloque de contidos poderá facerse unha proba de conxunto a modo de repaso.

De darse a situación, procurarase celebrar as probas en horario lectivo que vaia seguido ou precedido dalgún dos recreos para dar a posibilidade ao alumnado que o precise de aproveitar ese tempo, co gaio de completar satisfactoriamente o exame.

-A asistencia aos exames é obrigada nas datas e horas indicadas. Só por razón moi grave e debidamente xustificada desculparase a falta de asistencia aos mesmos; noutro caso, perderase a opción do exame correspondente, tendo que pasar á proba de recuperación.

-A hora do exame é única e exclusivamente para a realización do mesmo. Non se permitirá en ningún caso a realización doutras tarefas, mesmo cando o alumno/a diga ter rematado. O alumno/a tampouco poderá saír da aula mentres non remate o tempo destinado á realización do exame.

-Aqueles alumnos/as que cheguen ao final con algunha avaliación suspensa, despois de térense realizado as correspondentes probas de recuperación, deberán recuperar a materia das mesmas nun último exame de recuperación en xuño e se non recuperan pasarán a proba de setembro.

-O traballo de lectura individual deberá realizarse a man; non se aceptarán os traballos feitos a ordenador para evitar posibles copias (corta-pega). A presenza de mans adultas en calquera aspecto da elaboración do traballo impedirá a consecución de nota, ao igual que a copia do traballo. Haberá dous prazos para a entrega do traballo: o primeiro ao longo da primeira semana á volta das vacacións de Nadal, o segundo ao longo da primeira semana á volta das vacacións de Semana Santa. Despois deste último prazo non se recollerán traballos. Aquela parte do alumnado que non teña entregado o traballo de lectura en prazo deberá entregalo en setembro.

-Para a valoración das notas trimestrais terase en conta a realización das tarefas que se propoñan, tanto para aula como para casa e a corrección das mesmas. Tomarase en consideración a realización e a adecuación das tarefas ás pautas indicadas. Esta valoración reportará unha nota numérica que fará media cos exames na porcentaxe correspondente.

-A fraude na realización de traballos e/ou exames implicará o suspenso inmediato coa mínima nota. Enténdese por fraude a copia en calquera das súas formas e a entrega de tarefas feitas por un terceiro (en especial adultos). A fraude poderá detectarse no momento da súa comisión ou durante a corrección, baixo o criterio da profesora, e sempre mediante medios que o alumnado coñecerá (os folios estarán selados ou marcados dalgún xeito para evitar "cambiazos").

-Os criterios de cualificación a aplicar son os seguintes:

1) Os contidos e o rigor na expresión conceptual e as competencias avalíanse mediante exames convencionais parciais por cada avaliación, e computan un 80% nas notas das tres avaliacións e da nota final. Na avaliación dos exames teranse en conta os seguintes aspectos: contidos (grao de adquisición e utilización dos conceptos clave), adecuación (o exercicio deberá axustarse ao tenor do enunciado, é dicir, non se poderá responder cun texto cando o que se pide é unha táboa ou esquema, etc.) e redación (deberá coidarse a corrección na expresión).

2) Os traballos complementarios, individuais e de lectura computan un 20% nas notas das tres avaliacións e da nota final.

♦**Adaptación dos criterios de cualificación en caso de docencia non presencial.**

Os exames serán fundamentalmente escritos ou telemáticos pero tamén poderán realizarse exames de tipo oral. Os exames que se realicen telemáticamente na Aula Virtual terán a mesma duración dunha sesión de clase, é dicir, 50 minutos para a súa realización e cun só un intento. Os criterios de cualificación serán os mesmo que os de forma presencial e descritos nesta programación. Igualmente terán validez os restantes criterios de cualificación para os traballos complementarios e individuais.

A relación alumno/a – profesora se realizará a través da Aula Virtual na cal estarán matriculados todo o alumnado, os cales terán a obrigación de entrar como mínimo 3 horas a semana tal como estipula o currículo para a materia de Xeografía e Historia en 4º da ESO. A comunicación da profesora co alumnado ou viceversa se poderá completar a través do correo electrónico corporativo do Centro e da plataforma Webex.

### •Criterios de avaliación.

Os criterios de avaliación para cada estándar de aprendizaxe serán os recollidos no propio decreto 86/2015 de 25 de xuño no seu cadro para a materia.

-Procedementos e instrumentos: nas probas escritas, tarefas de caderno, traballos individuais, exposicións orais, o alumnado deberá amosar:

1) Se selecciona, comprende e asimila conceptos e procesos propios das materias de Xeografía e Historia, e se os utiliza de xeito coherente e adecuado ao seu nivel.

2) Se aplica as técnicas e métodos de traballo axeitados para estudar materiais propios das nosas disciplinas como documentos, restos históricos, edificios (pazos, igrexas, mosteiros, etc.), mapas topográficos e temáticos, fotografías, diapositivas, ou a propia paisaxe do entorno, imaxes, cine, literatura, coa finalidade de obter información, interpretala e avaliala.

3) Se expresa correctamente e de forma precisa as ideas e conceptos obtidos no proceso de aprendizaxe, utilizando a terminoloxía axeitada, é dicir, utilizando os conceptos clave en cada caso.

4) Se manifesta capacidade (creatividade) para relacionar, seleccionar e reelaborar a información e comprender problemas e procesos de forma estrutural.

Na avaliación do traballo individual teranse en conta aspectos como a capacidade de descrición, de relación e de análise dos problemas históricos e xeográficos, a comprensión e expresión dos mesmos tanto de forma oral como escrita, os conceptos específicos da historia, da arte e da xeografía e o desenvolvemento de actitudes de cara á materia.

♦Os criterios de avaliación serán os mesmos descritos nesta programación en caso de que as clases se teñan que impartir de forma non presencial.

### •Proba extraordinaria.

A proba extraordinaria de setembro proporcionará a ocasión de superar a materia ao alumnado suspenso en xuño, é dicir, aquel que despois das respectivas probas de recuperación de cada trimestre chegue a final de curso con algunha avaliación suspensa. Esta proba versará sobre os mínimos establecidos para a superación da materia, polo que só permitirá acadar a suficiencia na cualificación (5). Para facilitar a preparación do exame de setembro proporcionarase ao alumnado implicado un

conxunto de tarefas de repaso de cada tema. O exame constará dunha selección de preguntas extraídas do traballo de repaso.

### 4.11-Deseño da avaliación inicial e medidas a adoptar en función dos resultados

Nas primeiras sesións de setembro levarase a cabo unha avaliación inicial do alumnado consistente na realización dunhas probas escritas orientadas a analizar o dominio de contidos básicos e competencias clave, en particular a competencia lingüística, a artística e cultural, a de aprender a aprender, a social e cidadá e a interacción co mundo físico. Tratarase de traballar con diversos materiais: textuais, gráficos, mapas e imaxes. As probas serán seguidas da súa corrección inmediata na aula por parte do propio alumnado en conxunto. Aos resultados destas probas sumarase a información achegada polos titores correspondentes. A avaliación inicial permitiranos ter un primeiro coñecemento das necesidades particulares de cada alumno e propoñer modificacións na dinámica da clase, exercicios de reforzo e seguir dun xeito máis específico a aprendizaxe do alumnado con dificultades, ou ben, detectar alumnado con maiores capacidades para poder ofrecerlle a opción de avanzar ao seu ritmo.

### 4.12-Medidas de atención á diversidade e dificultades derivadas da fenda dixital.

No caso de que teñamos alumnos con necesidades educativas específicas ou que necesiten unha Adaptación Curricular, traballaremos co Departamento de Orientación a programación destes alumnos, adaptándolle a materia en tódolos apartados que o necesite, explicándolle na clase os contidos básicos, para que chegue a alcanzar os obxectivos mínimos establecidos na programación que se lle adaptará. Os exames adaptaranse ao nivel de explicación e traballo elaborados.

En atención ao posible escenario de confinamento levarase a cabo un control das alumnas e alumnos con dificultades de conexión por falta de medios físicos (ordenador, tableta) en colaboración coas titorías e a dirección do centro e o Concello da Pobra do Caramiñal, facilitándoselles os dispositivos precisos para suplir esas carencias. Todas as actividades e a impartición de novos temas ou de bloques de repaso e recuperación centraranse nunha metodoloxía a distancia, que usa plataformas diversas, principalmente: correo electrónico con dominio do centro educativo e a aula virtual da páxina web do centro, así como a plataforma Cisco Webex para as posibles videoconferencias.

### 4.13-Concreción dos elementos transversais.

A riqueza de contidos do currículo de 4º da ESO enlaza en grande medida cos elementos considerados "transversais" noutras materias, pero que no noso ámbito pasan a ser contidos básicos, traballados directamente seguindo o disposto nos diferentes estándares de aprendizaxe.

-*Educar para a paz*: O traballo sobre as guerras mundiais ou a propia guerra civil española levará seguramente a que se expoñan cuestións sobre a realidade dos conflitos bélicos no mundo actual e comparar as motivacións dos enfrontamentos e as actitudes das distintas sociedades ao longo dos séculos na nosa época histórica, o que poranos no contexto para que aprendan a respectar e valorar as opinións alleas A tolerancia, a discrepancia, a defensa dos valores democráticos veranse por contraste no paso da sociedade estamental á sociedade de clases e do absolutismo ao liberalismo, cao irrupción das revolucións liberais, pero tamén no tratamento do tema das migracións, tan de actualidade. Isto debería contribuír a desenvolver o respecto polas opinións e as crenzas dos demais, sen renunciar ás propias. Estes aspectos desenvólvense particularmente nos bloques 1, 2. 4, 5 e 6.

-*Educación para a igualdade entre os sexos*: O traballo sobre o bloque 3 do currículo (revolución industrial), o 7 (o capitalismo) e o 9 (a globalización), permitiranos reflexionar sobre o papel da muller nos ámbitos laborais e sociais, os avances cara a igualdade e eivas que persisten nos nosos días, comparando no tempo actitudes discriminatorias asumidas nalgúns espazos e momentos como algo natural. Aínda na actualidade o son en maior ou menor grao segundo en que países. Tomar conciencia desta situación permitirá que desenvolvan unha actitude crítica ante a discriminación de calquera tipo, pero especialmente a sexual. Tentarase non caer en expresións que poidan inducir a unha interpretación sexista., procurando falar sempre de homes e mulleres, de alumnas e alumnos, etc.

-Nos bloques 8 (o mundo recente) e 9 (revolución tecnolóxica e globalización) atoparemos o contexto para traballar aspectos relacionados coa *educación para o consumo responsable,* tratando de incidir na toma de conciencia das novas xeracións sobre a súa responsabilidade consciente e activa, nun contexto no que a mocidade está a reclamar o seu papel na sociedade como actor con capacidade de decisión .

-Estes mesmos bloques enlazan cos temas do *desenvolvemento sustentable* e co fomento dunha *concienciación medioambiental*, cuestións da máxima actualidade, a nivel mundial (como temas a debate) e a nivel da mocidade mundial (que está a asumir o papel de "conciencia da humanidade")

-Tamén a percepción dos estilos e manifestacións artísticos (bloque 4.5) como a materialización dun sistema de crenzas e valores sociais, relixiosos e políticos, como expresión dunha ideoloxía (bloques 2, 5), son un campo de debate excelente para reforzar os valores cívicos e democráticos presentes na nosa sociedade (*educación moral e cívica).*

### 4.14.Actividades complementarias e extraescolares programadas.

Para este curso académico debido a situación de pandemia polo COVID-19 non procede programar actividades complementarias nin extraescolares.

# II-PROGRAMACIÓN DE XEOGRAFÍA E HISTORIA. BACHARELATO.

## 1-HISTORIA DO MUNDO CONTEMPORÁNEO: PRIMEIRO CURSO BAC.

### 1.1-Introdución e contextualización.

Este é o único nivel no que o noso departamento só ten presenza de xeito optativo para aqueles alumnos de Humanidades e Ciencias Sociais. Imos traballar pois cun grupo relativamente pequeno, que vai profundar nos contidos curriculares da materia obrigatoria de Xeografía e Historia cursada en 4º, e que vai asentar unha base máis sólida para, no ano seguinte, volver a cursar unha materia obrigatoria para todo o alumnado (a *Hª de España*). As condicións de traballo, de partida, son pois moi interesantes, tanto en canto a ratio, como ao número de horas de clase, como aos coñecementos -tanto curriculares coma competenciais-, previos que se lles supón.

Nun sentido máis práctico, esta materia supón unha oportunidade para ir asentando os métodos que sustentan a base de traballo no estudio da Historia (investigación e tratamento da información, análise e comentario de documentos históricos, desenvolvemento de textos expositivos e explicativos, estruturación de contido....).

Neste curso contamos cun grupo de 12 alumnas e alumnos, procedentes 5 do grupo A e 7 do grupo B. A meirande parte é alumnado da rama de Ciencias Sociais e dous decantados pola opción de Letras.

Coa excepción dun alumno procedente dun centro de fóra da vila, o resto do alumnado e xa coñecido por nós, e nós por eles, pois impartímoslles clase xa nos cursos anteriores. Soe ser habitual que

o alumnado mellor cualificado competencialmente se decante polas ciencias, de xeito que nos atopamos en 1º de Bac con grupos nos que o nivel de partida non é alto. Deste grupo, poderían destacar dúas alumnas das que nos consta o seu nivel de traballo e esperamos que axuden a tirar do grupo en xeral. Polo demais, non hai repetidores, pero si alumnado con dificultades que chega ao bacharelato con eivas importantes para afrontar o nivel, situación que a desfeita do curso pasado non contribuíu a solucionar. Sentimos que con este alumnado estará todo por facer; trataremos de conseguir dar algún salto cara adiante.

### 1.2-Previsión do desenvolvemento da programación nos escenarios de actividade lectiva semipresencial e/ou non presencial.

No caso de presentarse situacións particulares que obriguen ao desenvolvemento da actividade lectiva de xeito semipresencial ou no caso de docencia non presencial (confinamento), o alumnado seguirá as clases polos seguintes medios telemáticos: aula virtual do centro, correo electrónico iespobra e de darse a circunstancia a través da plataforma Cisco Webex.

A posibilidade de celebrar videoconferencias quedaría pendente da disposición horaria que establecera a direción do centro e nese caso o alumnado estaría obrigado a conectarse para asistir a clase. Estas sesións non superarían en todo caso o número de catro semanais, seguindo así a carga horaria presencial. A videoconferencia empregaríase para a exposición pola docente do tema que se estea traballando e a presentación de dúbidas ou preguntas por parte do alumnado. As tarefas presentaranse ben a través da aula virtual ou ben a través do correo, segundo se especifique en cada caso.

### 1.3-Contribución ao desenvolvemento das competencias clave.

Estamos plenamente convencidos de que, tal e como establece o decreto, o proceso de aprendizaxe se ten que basear no acadamento das competencias clave; e que estas competencias teñen que ser traballadas e avaliadas en todas as materias. Ao mesmo tempo, parécenos que o propio currículo incide nesta presenza constante e consciente das competencias ao relacionar de forma orientativa cada estándar de aprendizaxe con aquelas CC.CC. que máis claramente se requiren para acadar o devandito estándar. Esta relación ven establecida xa no currículo. Sen embargo, entendemos que este emparellamento estándar-competencia non pode ser algo rixo, senón que tamén vai depender do tipo de actividades ou tarefas cos que se aborde en cada momento estes estándares.

En calquera caso, está claro que de entre as sete CC.CC., as sociais e cívicas (**CSC**) e a de conciencia e expresións culturais (**CCEC**) son esenciais polos propios contidos da materia, e polo tanto son competencias que van estar traballando e traballándose en todas as unidades, actividades, proxectos... que se leven a cabo.

Logo, atendendo á tipoloxía das tarefas que se deseñen, incidiremos máis nunhas competencias que noutras (análise de textos históricos, lectura de mapas, de gráficas, de obras artísticas..., elaboración de eixos cronolóxicos, de presentacións en ppt, exposicións orais, elaboración de pequenos traballos de investigación...) e trataremos sempre de que as competencias se traballen de forma conxunta e de dispoñer de medios de avaliación para cada unha delas: a lingüística (**CLC**), a matemático-tecnolóxica (**CMCCT**) e a dixital (**CD**).

Tamén se potenciarán as tarefas encamiñadas a que o propio alumno sexa consciente do seu propio proceso de aprendizaxe e organice de forma autónoma as estratexias necesarias para avanzar e

resolver: a competencia de aprender a aprender (**CAA**) é dende logo clave nun mundo cambiante que esixe capacidade constante de adaptación.

Sen embargo, sen dubidar da súa importancia, non vemos como pode ter cabida nesta programación o sentido da iniciativa e espírito emprendedor (**CSIEE**) e de feito o propio currículo non é capaz de asignala de xeito explícito a ningún estándar de aprendizaxe.

Para comprobar as competencias clave e as súa relación cos contidos, criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe ver cadro anexo final desta programación de Historia do Mundo Contemporáneo de 1º de Bacharelato**.**

### 1.4-Concreción dos obxectivos para o curso.

A nosa materia contribúe xunto co resto das materias á consecución dos obxectivos xerais de etapa que establece o currículo segundo o decreto 86/2015, pero entendemos que a nosa colaboración se centra nomeadamente nos seguintes:

*a) Exercer a cidadanía democrática, desde unha perspectiva global, e adquirir unha conciencia cívica responsable, inspirada polos valores da Constitución española e do Estatuto de autonomía de Galicia, así como polos dereitos humanos, que fomente a corresponsabilidade na construción dunha sociedade xusta e equitativa e favoreza a sustentabilidade.*

*b) Consolidar unha madureza persoal e social que lle permita actuar de forma responsable e autónoma e desenvolver o seu espírito crítico. Ser quen de prever e resolver pacificamente os conflitos persoais, familiares e sociais.*

*c) Fomentar a igualdade efectiva de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres, analizar e valorar criticamente as desigualdades e discriminacións existentes e, en particular, a violencia contra a muller, e impulsar a igualdade real e a non discriminación das persoas por calquera condición ou circunstancia persoal ou social, con atención especial ás persoas con discapacidade.*

*d) Afianzar os hábitos de lectura, estudo e disciplina, como condicións necesarias para o eficaz aproveitamento da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.*

*e) Dominar, tanto na súa expresión oral como na escrita, a lingua galega e a lingua castelá.*

*g) Utilizar con solvencia e responsabilidade as tecnoloxías da información e da comunicación.*

*h) Coñecer e valorar criticamente as realidades do mundo contemporáneo, os seus antecedentes históricos e os principais factores da súa evolución. Participar de xeito solidario no desenvolvemento e na mellora do seu contorno social.*

*m) Afianzar o espírito emprendedor con actitudes de creatividade, flexibilidade, iniciativa, traballo en equipo, confianza nun mesmo e sentido crítico.*

*n) Desenvolver a sensibilidade artística e literaria, así como o criterio estético, como fontes de formación e enriquecemento cultural.*

*p) Valorar, respectar e afianzar o patrimonio material e inmaterial de Galicia, e contribuír á súa conservación e mellora no contexto dun mundo globalizado.*

### 1.5-Concreción das aprendizaxes imprescindibles non adquiridas no curso anterior.

Dado que con este alumnado comezamos unha nova etapa educativa non procede un reforzo respecto do curso anterior. En definitiva, o propio curso de 1º Bac nesta materia convértese nun reforzo en si mesmo dos contidos estudados en 4º, nos que se afondará, xuntos coas técnicas de traballo nas

que se procurará avanzar cun salto cara adiante que permita abordar o último curso do bacharelato con maiores garantías.

### 1.6-Liñas xerais do plan de reforzo e recuperación das aprendizaxes imprescindibles non adquiridas o curso anterior. Medidas metodolóxicas e organizativas.

Non procede polo indicado anteriormente.

### 1.7-Relación e concreción para cada estándar de aprendizaxe avaliable de:

#### •Temporalización.

Os contidos e os estándares de aprendizaxe fixados polo currículo vanse organizar en nove unidades didácticas repartidas ao longo dos tres trimestres da seguinte forma:

1º trimestre: de setembro a decembro

| Unidade | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe |
|---|---|---|---|
| **1-*O Antigo Réxime: trazos e transformacións*** | B1.1 – B1.6 | B1.1 – B1.6 | HCMB1.1.1 – HCMB1.6.1 |
| **2-*Rrevolucións industriais: transformacións económicas e sociais*** | B2.1 – B2.6 | B2.1 -B2.6 | HCMB2.1.1 – HCMB2.6.2 |
| **3-*Revolucións liberais: cambios e movementos políticos na Europa do s.XIX*** | B3.1 – B3.9 | B3.1 – B3.9 | HCMB3.1.1 – HCMB3.9.1 |

2º trimestre: de xaneiro a marzo

| Unidade | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe |
|---|---|---|---|
| **4-*Do imperialismo colonial á I Guerra Mundial*** | B4.1 – B4.5 | B4.1 – B4.5 | HCMB4.1.1 – HCMB4.5.4 |
| **5-*O período de entreguerras*** | B5.1 – B5.5 | B5.1 – B5.5 | HCMB5.1.1 – HCMB5.5.2 |
| **6-*A II Guerra Mundial e o seu contexto*** | B5.6 - B5.11 | B5.6 - B5.11 | HCMB5.6.1 – HCMB5.11.1 |

3º trimestre: de abril a xuño

| Unidade | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe |
|---|---|---|---|
| **7-*A Guerra fría: o mundo dividido en bloques*** | B6.1 – B6.4 | B6.1 – B6.4 | HCMB6.1.1 – HCMB6.4.4 |
| **8-*Descolonización e Terceiro mundo*** | B7.1 – B7.5 | B7.1 – B7.5 | HCMB7.1.1 – HCMB7.5.1 |
| **9-*O mundo actual: caída do muro e das torres xemelgas*** | B8.1 – B10.8 | B8.1 – B10.8 | HCMB8.1.1 – B10.8.2 |

Sobre esta distribución dos contidos curriculares, criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe, cómpre aclarar que o bloque 11 (de carácter máis instrumental) será traballado e avaliado ao longo do

curso porque fai referencia ao manexo da información, á utilización do vocabulario histórico axeitado así como ao manexo dos conceptos de diacronía e sincronía dos procesos históricos.

A temporalización é orientativa, e poderase flexibilizar en función das necesidades concretas que presente o alumnado.

### •Grao mínimo de consecución para superar a materia.

Esta é a parte máis complexa de explicitar, polo que conviría facer algunha apreciación:

-Nesta materia (e en xeral en todas as do noso departamento) o grao de concreción dos estándares de aprendizaxe é altísimo; por poñer só algún exemplo: HCMB2.4.1. *Describe a partir dun plano a cidade industrial británica*, HCMB3.3.2. *Explica esquematicamente o desenvolvemento da Revolución Francesa*, HCMB6.1.1. *Localiza nun mapa os países que formaban os bloques comunista e capitalista*...

-Esta concreción é positiva en canto que permite que o profesorado se mova por territorio firme; pero tamén resulta negativa por un par de razóns: porque é desmesurada, inabarcable, e porque o propio concepto de "estándar de aprendizaxe" fai que ningún estándar poida ser escamoteado, é dicir, que unha descrición do grao mínimo de consecución da materia non pode consistir nunha selección daqueles estándares que o profesor considere máis importantes.

-Aínda así, é certo que algúns estándares son máis importantes que outros: claro que imos traballar máis o HCMB4.3.1. *Identifica e explica razoadamente as causas e as consecuencias da expansión colonial da segunda metade do s. XIX*, do que o HCMB4.5.2. *Comenta símbolos conmemorativos vencellados á I Guerra Mundial*. O peso dun estándares será maior que o de outros á hora de elaborar probas, organizar tarefas e avaliar resultados, pero todos e cada un deles teñen que ser, na súa expresión mínima, parte do grao mínimo de consecución para superar a materia.

Para establecer o grao mínimo de consecución de cada estándar de aprendizaxe establecemos a seguinte gradación en 4 niveis:

**Grao 1. Insuficiente**: O/a alumno/a non traballa, ten dificultades na aprendizaxe ou non aplica os procesos intelectuais (análise, ordenación e enumeración, xerarquización e comparación, interpretación e comprensión, recoñecemento de conceptos clave e expresión, debate e discusión …) na aplicación de coñecementos en actividades prácticas (individuais e colectivas, documentais, gráficas e cartográficas, numéricas…) referidas no estándar e, xa que logo, **non acada o grao mínimo esixible** de consecución para o devandito estándar de aprendizaxe.

**Grao 2: Suficiente, aínda que mellorable**: O/a alumno/a traballa con boa actitude, aínda que con algunha dificultade na aprendizaxe, aplica con algún erro os procesos intelectuais (análise, ordenación e enumeración, xerarquización e comparación, interpretación e comprensión, recoñecemento de conceptos clave e expresión, debate e discusión…) na aplicación de coñecementos en actividades prácticas individuais e colectivas, documentais, gráficas e cartográficas, numéricas…) referidas no estándar e, xa que logo**, acada o grao mínimo esixible** de consecución para o devandito estándar de aprendizaxe.

**Grao3: Bo**: O/a alumno/a traballa con boa actitude, sen dificultades na aprendizaxe, sen erros significativos nos procesos intelectuais (análise, ordenación e enumeración, xerarquización e comparación, interpretación e comprensión, recoñecemento de conceptos clave e expresión, debate e discusión…) e na aplicación de coñecementos en actividades prácticas (individuais e colectivas,

documentais, gráficas e cartográficas, numéricas…) referidas no estándar e, xa que logo**, acada un bo grao esixible** de consecución para o devandito estándar de aprendizaxe.

**Grao 4: Excelente**: O/a alumno/a traballa con moi boa actitude, con facilidade na aprendizaxe, sen erros nos procesos intelectuais (análise, ordenación e enumeración, xerarquización e comparación, interpretación e comprensión, recoñecemento de conceptos clave e expresión, debate e discusión…) e na aplicación de coñecementos en actividades prácticas (individuais e colectivas, documentais, gráficas e cartográficas, numéricas…) referidas no estándar e, xa que logo**, acada un excelente grao esixible** de consecución para o devandito estándar de aprendizaxe.

Cómpre aclarar que será preciso:

- acadar como mínimo a resolución dun 50% dos estándares de aprendizaxe en cada avaliación;

-a adecuación das tarefas e actividades ás pautas indicadas para a súa realización, así como o cumprimento dos prazos de entrega de traballos propostos. No caso dos comentarios históricos, deberán completar os distintos apartados propostos para a súa elaboración;

-será preciso ter as tres avaliacións aprobadas para superar o curso;

-realizar o traballo individual de ampliación sobre un tema de libre elección entre os propostos en cada tema.

**•Procedementos e instrumentos de avaliación.**

| *Procedementos de avaliación (**PA**)* | | *Instrumentos de avaliación (**IA**)* |
|---|---|---|
| *Observación (**O**)* | *Traballo cotiá na aula* | *Ficha do/a alumno/a (**F**)* |
| *Tarefas (**T**)* | *Na aula e na casa*<br>*Individuais e de grupo* | *Ficha do/a alumno/a (**F**)*<br>*Caderno do alumno/a (**C**)*<br>*Materiais elaborados polo alumnado (**M**)*<br>*Rúbricas (**R**)* |
| *Probas (**P**)* | *Escritas e / ou orais* | *Exames (**E**)* |

Para medir o grao de consecución de cada estándar de aprendizaxe aplicaremos unha rúbrica coa que se establece a seguinte relación cos graos enriba mencionados: 1=a, b; 2=c; 3=d; 4=e

| **Criterio** | **a)1-2** | **b) 3-4** | **c)5-6** | **d) 7-8** | **e)9-10** |
|---|---|---|---|---|---|
| Traballo e aplicación das técnicas de aprendizaxe | Traballa de xeito moi irregular. Escaso esforzo. Serias dificultades na aplicación das técnicas de aprendizaxe. | Traballa de xeito regular con esforzo. Dificultades na aplicación das técnicas de aprendizaxe. | Traballa de xeito regular con esforzo. Aplica no esencial as técnicas de aprendizaxe. | Acada o 70% das tarefas realizadas. Aplica as técnicas de aprendizaxe con erros puntuais. | Completa todas as tarefas realizadas. Aplica de maneira adecuada as técnicas de aprendizaxe. |
| Comprensión do estándar | Non amosa comprensión ou comprensión parcial sen chegar a conclusións | Amosa comprensión parcial e chega a conclusións esperables. | Amosa comprensión e chega a conclusións esperables. | Amosa comprensión e expón conclusións múltiples. | Amosa comprensión e expón conclusións orixinais.. |
| Explicación do estándar | Non explica. Non usa conceptos clave | Explica de xeito memorístico parcialmente con incoherencias e | Explica coas propias palabras pero con algunha incoherencia. | Explica coas propias palabras de xeito coherente. | Explica de xeito coherente usando vocabulario especializado |

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| | | comprensión deficiente.<br>Usa menos do 50% dos conceptos clave | Chega a utilizar o 50% dos conceptos clave | Utiliza ata o 80% dos conceptos clave | Emprega máis do 80% dos conceptos clave |
| Aplicación do estándar | Non aplica.<br>Aplicación con erros que non acada<br>o 50% de acerto | Aplicación sen erros que acada o 50% de acerto | Supera o 50% de acerto na aplicación do estándar | Acada o 70% de acerto na aplicación do estándar | Supera o 90% de acerto na aplicación do estándar |
| Relación do estándar | Non relaciona o estándar en tarefas simples e guiadas | Relaciona o estándar ata o 50% das veces en tarefas guiadas | Relaciona o estándar máis do 50% das veces en tarefas guiadas | Relaciona o estándar máis do 50% das veces sen guía | Consigue establecer relacións múltiples |

# Historia do Mundo Contemporáneo. 1º de Bacharelato

| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Grao mínimo de consecución | Competencias clave |
|---|---|---|---|---|---|
| **Bloque 1. O Antigo Réxime** | | | | | |
| ▪ a<br>▪ b<br>▪ c<br>▪ d<br>▪ e<br>▪ h | ▪ B1.1. Trazos do Antigo Réxime. | ▪ B1.1. Definir e esquematizar os trazos do Antigo Réxime, describindo os seus aspectos demográficos, económicos, políticos, sociais e culturais, utilizando diferentes tipos de diagramas. | ▪ HMCB1.1.1. Extrae os trazos do Antigo Réxime dun texto proposto que os conteña. | ▪ 3 | ▪ CSC<br>▪ CAA<br>▪ CCL |
| | | | ▪ HMCB1.1.2. Obtén e selecciona información escrita e gráfica relevante, utilizando fontes primarias ou secundarias, relativa ao Antigo Réxime. | ▪ 3 | ▪ CSC<br>▪ CAA<br>▪ CCL<br>▪ CD |
| | | | ▪ HMCB1.1.3. Clasifica os trazos do Antigo Réxime en aspectos demográficos, económicos, políticos, sociais e culturais. | ▪ 3 | ▪ CSC<br>▪ CAA<br>▪ CCL<br>▪ CCEC |
| | | | ▪ HMCB1.1.4. Elabora mapas conceptuais que explican os trazos característicos do Antigo Réxime. | ▪ 2 | ▪ CSC<br>▪ CAA<br>▪ CCL |
| ▪ a<br>▪ b<br>▪ c | ▪ B1.2. Transformacións no Antigo Réxime: economía, poboación e sociedade. | ▪ B1.2. Distinguir as transformacións no Antigo Réxime enumerar as que afectan a economía, a poboación e a sociedade. | ▪ HMCB1.2.1. Explica as transformacións do Antigo Réxime que afectan a economía, a poboación e a sociedade. | ▪ 3 | ▪ CSC<br>▪ CAA<br>▪ CCL |

# Historia do Mundo Contemporáneo. 1º de Bacharelato

| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Grao mínimo de consecución | Competencias clave |
|---|---|---|---|---|---|
| ▪ d<br>▪ e<br>▪ h | | | ▪ HMCB1.2.2. Analiza a evolución dos trazos do Antigo Réxime do século XVII e o século XVIII. | ▪ 2 | ▪ CSC<br>▪ CAA<br>▪ CCL |
| ▪ a<br>▪ b<br>▪ c<br>▪ d<br>▪ e<br>▪ h | ▪ B1.3. Revolucións e parlamentarismo en Inglaterra. | ▪ B1.3. Explicar o parlamentarismo inglés do século XVII resumindo as características esenciais do sistema e valorando o papel das revolucións para alcanzar as transformacións necesarias para logralo. | ▪ HMCB1.3.1. Describe as características do parlamentarismo inglés a partir de fontes históricas. | ▪ 2 | ▪ CSC<br>▪ CCEC<br>▪ CCL |
| | | | ▪ HMCB1.3.2. Distingue as revolucións inglesas do século XVII como formas que promoven o cambio político do Antigo Réxime. | ▪ 2 | ▪ CSC<br>▪ CCEC<br>▪ CCL |
| ▪ a<br>▪ b<br>▪ c<br>▪ d<br>▪ e<br>▪ h | ▪ B1.4. O pensamento da Ilustración. | ▪ B1.4. Relacionar as ideas da Ilustración co Liberalismo de comezo do século XIX, establecendo elementos de coincidencia entre ambas as ideoloxías. | ▪ HMCB1.4.1. Enumera e describe as ideas da Ilustración e as do Liberalismo de comezos do século XIX. | ▪ 4 | ▪ CSC<br>▪ CCEC<br>▪ CCL |
| | | | ▪ HMCB1.4.2. Establece as semellanzas e AS diferenzas entre as ideas da Ilustración e o Liberalismo de comezos do século XIX. | ▪ 3 | ▪ CSC<br>▪ CCEC<br>▪ CCL |

| Historia do Mundo Contemporáneo. 1º de Bacharelato | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Grao mínimo de consecución | Competencias clave |
| ▪ a<br>▪ b<br>▪ c<br>▪ d<br>▪ e<br>▪ g<br>▪ h | ▪ B1.5. Relacións internacionais: equilibrio europeo. | ▪ B1.5. Describir as relacións internacionais do Antigo Réxime demostrando a idea de equilibrio europeo. | ▪ HMCB1.5.1. Sitúa en mapas de Europa os países ou reinos en función dos conflitos en que interveñen. | ▪ 4 | ▪ CSC<br>▪ CAA<br>▪ CD |
| ▪ a<br>▪ b<br>▪ c<br>▪ d<br>▪ e<br>▪ h<br>▪ m<br>▪ n<br>▪<br>▪ | ▪ B1.6. Manifestacións artísticas do momento. | ▪ B1.6. Diferenciar manifestacións artísticas do Antigo Réxime e seleccionar as obras máis destacadas. | ▪ HMCB1.6.1. Distingue e caracteriza obras de arte do Rococó. | ▪ 3 | ▪ CSC<br>▪ CCEC<br>▪ CCL<br>▪ CAA |
| Bloque 2. As revolucións industriais e as súas consecuencias sociais | | | | | |

| Historia do Mundo Contemporáneo. 1º de Bacharelato | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Grao mínimo de consecución | Competencias clave |
| ▪ a<br>▪ b<br>▪ c<br>▪ d<br>▪ e<br>▪ h<br>▪ l | ▪ B2.1. Revolución industrial: concepto, factores que a fan posible (económicos, sociais e ideolóxicos). | ▪ B2.1. Obter información que permita explicar as revolucións industriais do século XIX, seleccionándoa das fontes bibliográficas ou en liña nas que se ache dispoñible. | ▪ HMCB2.1.1. Identifica as causas da primeira Revolución Industrial. | ▪ 4 | ▪ CSC<br>▪ CAA<br>▪ CCL |
| ▪ a<br>▪ b<br>▪ c<br>▪ d<br>▪ e<br>▪ h<br>▪ l | ▪ B2.2. Revolución ou revolucións industriais: características. Transformacións técnicas e novas fontes de enerxía. | ▪ B2.2. Describir as Revolucións Industriais do século XIX e establecer os seus trazos característicos e as súas consecuencias sociais | ▪ HMCB2.2.1. Explica razoadamente a evolución cara á segunda Revolución Industrial. | ▪ 3 | ▪ CSC<br>▪ CAA<br>▪ CCL |
| | | | ▪ HMCB2.2.2. Analiza comparativa e esquematicamente as dúas revolucións industriais. | ▪ 3 | ▪ CSC<br>▪ CAA<br>▪ CCL |
| ▪ a<br>▪ b<br>▪ c | ▪ B2.3. Protagonismo de Gran Bretaña e extensión do proceso de industrialización a outras zonas de Europa. | ▪ B2.3. Enumerar os países que iniciaron a industrialización, localizalos adecuadamente e establecer as rexións onde se produce ese avance. | ▪ HMCB2.3.1. Localiza nun mapa os países industrializados e as súas rexións industriais. | ▪ 4 | ▪ CSC<br>▪ CAA<br>▪ CD |

## Historia do Mundo Contemporáneo. 1º de Bacharelato

| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Grao mínimo de consecución | Competencias clave |
|---|---|---|---|---|---|
| ▪ d<br>▪ e<br>▪ g<br>▪ h<br>▪ m<br>▪ p | Industrialización extraeuropea. Industrialización española e galega. | | ▪ HMCB2.3.2. Analiza aspectos que expliquen o desenvolvemento económico do sector industrial dos primeiros países industrializados, a partir de fontes historiográficas. | ▪ 2 | ▪ CSC<br>▪ CAA<br>▪ CCL<br>▪ CMCCT |
| | | | ▪ HMCB2.3.3. Debate en torno ao éxito ou o fracaso da industrialización en España e en Galicia. | ▪ 2 | ▪ CSC<br>▪ CAA |
| ▪ a<br>▪ b<br>▪ c<br>▪ d<br>▪ e<br>▪ g<br>▪ h<br>▪ l | ▪ B2.4. Cambios debidos á Revolución Industrial: transportes, agricultura, poboación (migracións e novo concepto de cidade). | ▪ B2.4. Identificar os cambios nos transportes, na agricultura e na poboación que influíron ou foron consecuencia da Revolución Industrial do século XIX. | ▪ HMCB2.4.1. Sinala os cambios sociais máis relevantes do século XIX asociándoos ao proceso da Revolución Industrial. | ▪ 4 | ▪ CSC<br>▪ CAA<br>▪ CSIEE |
| | | | ▪ HMCB2.4.2. Describe a partir dun plano a cidade industrial británica. | ▪ 3 | ▪ CSC<br>▪ CAA<br>▪ CCL |
| | | | ▪ HMCB2.4.3. Identifica en imaxes os elementos propios da vida nunha cidade industrial do século XIX. | ▪ 4 | ▪ CSC<br>▪ CAA<br>▪ CCL<br>▪ CD |

## Historia do Mundo Contemporáneo. 1º de Bacharelato

| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Grao mínimo de consecución | Competencias clave |
|---|---|---|---|---|---|
| | | | ▪ HMCB2.4.4. Comenta mapas que expliquen a evolución da extensión das redes de transporte: ferrocarril, estradas e canles. | ▪ 3 | ▪ CSC<br>▪ CCL<br>▪ CD |
| ▪ a<br>▪ b<br>▪ c<br>▪ d<br>▪ e<br>▪ h<br>▪ m | ▪ B2.5. Economía industrial: pensamento e primeiras crises. | ▪ B2.5. Analizar e seleccionar ideas que identifiquen as características da economía industrial e do liberalismo económico. | ▪ HMCB2.5.1. Explica as causas e consecuencias das crises económicas e as súas posibles solucións a partir de fontes históricas. | ▪ 3 | ▪ CSC<br>▪ CAA<br>▪ CCL |
| ▪ a<br>▪ b<br>▪ c<br>▪ d<br>▪ e<br>▪ h | ▪ B2.6. Nacemento do proletariado e organización da clase obreira: orixes do sindicalismo e correntes de pensamento; partidos políticos obreiros. | ▪ B2.6. Coñecer as correntes de pensamento que pretenden mellorar a situación da clase obreira do século XIX. | ▪ HMCB2.6.1. Compara as correntes de pensamento social da época da Revolución Industrial: socialismo utópico, socialismo científico e anarquismo. | ▪ 2 | ▪ CSC<br>▪ CAA<br>▪ CCL |
| | | | ▪ HMCB2.6.2. Distingue e explica as características dos tipos de asociacionismo obreiro. | ▪ 3 | ▪ CSC<br>▪ CCL |

| Historia do Mundo Contemporáneo. 1º de Bacharelato | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Grao mínimo de consecución | Competencias clave |
| ▪ m | | | | | |
| | Bloque 3. A crise do Antigo Réxime | | | | |
| ▪ a<br>▪ b<br>▪ c<br>▪ d<br>▪ e<br>▪ h<br>▪ i | ▪ B3.1. Crise do Antigo Réxime: visión global. | ▪ B3.1. Analizar a evolución política, económica, social, cultural e de pensamento que caracteriza a primeira metade do século XIX, distinguindo os feitos, os personaxes e os símbolos, e encadrándoos en cada variable analizada. | ▪ HMCB3.1.1. Realiza eixes cronolóxicos que inclúan diacronía e sincronía dos acontecementos da primeira metade do século XIX. | ▪ 4 | ▪ CSC<br>▪ CAA<br>▪ CMCCT |
| ▪ a<br>▪ b<br>▪ c<br>▪ d<br>▪ e<br>▪ h | ▪ B3.2. Nacemento dos EEUU. | ▪ B3.2. Describir as causas e o desenvolvemento da independencia de Estados Unidos, e establecer as causas máis inmediatas e as etapas da independencia. | ▪ HMCB3.2.1. Identifica xerarquías causais na guerra de independencia dos Estados Unidos a partir de fontes historiográficas. | ▪ 3 | ▪ CSC<br>▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪<br>▪<br>▪<br>▪<br>▪ |
| ▪ a<br>▪ b | ▪ B3.3. Revolución Francesa de 1789: aspectos políticos e | ▪ B3.3. Explicar, a partir de información obtida en internet, a Revolución Francesa de 1789, incluíndo | ▪ HMCB3.3.1. Explica as causas da Revolución Francesa de 1789. | ▪ 3 | ▪ CSC<br>▪ CCL |

| Historia do Mundo Contemporáneo. 1º de Bacharelato | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Grao mínimo de consecución | Competencias clave |
| ▪ c<br>▪ d<br>▪ e<br>▪ h | sociais. | cada idea obtida nas causas, no desenvolvemento e nas consecuencias. | ▪ HMCB3.3.2. Explica esquematicamente o desenvolvemento da Revolución Francesa. | ▪ 3 | ▪ CSC<br>▪ CCL<br>▪ CAA |
| ▪ a<br>▪ b<br>▪ c<br>▪ d<br>▪ e<br>▪ g<br>▪ h | ▪ B3.4. Imperio Napoleónico. | ▪ B3.4. Identificar o Imperio Napoleónico, localizar a súa expansión europea e establecer as súas consecuencias. | ▪ HMCB3.4.1. Identifica nun mapa histórico a extensión do Imperio Napoleónico. | ▪ 4 | ▪ CSC<br>▪ CAA<br>▪ CD |
| ▪ a<br>▪ b<br>▪ c<br>▪ d<br>▪ e<br>▪ h | ▪ B3.5. O Congreso de Viena e o Absolutismo. | ▪ B3.5. Analizar a transcendencia para Europa do Congreso de Viena e a restauración do absolutismo, e identificar as súas consecuencias para os países implicados. | ▪ HMCB3.5.1. Analiza as ideas defendidas e as conclusións do Congreso de Viena, e relaciónaas coas súas consecuencias. | ▪ 3 | ▪ CSC<br>▪ CCL<br>▪ CAA |

# Historia do Mundo Contemporáneo. 1º de Bacharelato

| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Grao mínimo de consecución | Competencias clave |
|---|---|---|---|---|---|
| ▪ a<br>▪ b<br>▪ c<br>▪ d<br>▪ e<br>▪ h<br>▪ p | ▪ B3.6. Revolucións liberais ou burguesas de 1820, 1830 e 1848. O caso español. | ▪ B3.6. Identificar as revolucións burguesas de 1820, 1830 e 1848, e relacionar as súas causas e o seu desenvolvemento. | ▪ HMCB3.6.1. Compara as causas e o desenvolvemento das revolucións de 1820, 1830 e 1848. | ▪ 2 | ▪ CSC<br>▪ CCL |
| ▪ a<br>▪ b<br>▪ c<br>▪ d<br>▪ e<br>▪ g<br>▪ h | ▪ B3.7. O Nacionalismo: unificacións de Italia e Alemaña. | ▪ B3.7. Coñecer o proceso de Unificación de Italia e Alemaña, obtendo o seu desenvolvemento a partir da análise de fontes gráficas. | ▪ HMCB3.7.1. Describe e explica a unificación de Italia e a de Alemaña a partir de fontes gráficas. | ▪ 3 | ▪ CSC<br>▪ CCL<br>▪ CD |
| ▪ a<br>▪ b<br>▪ c<br>▪ d<br>▪ e<br>▪ h | ▪ B3.8. Cultura e Arte: Europa entre o neoclasicismo e o romanticismo. | ▪ B3.8. Descubrir as manifestacións artísticas de comezos do século XIX, obtendo información de medios bibliográficos ou de internet e presentándoa adecuadamente. | ▪ HMCB3.8.1. Establece as características propias da pintura, a escultura e a arquitectura do Neoclasicismo e o Romanticismo a partir de fontes gráficas. | ▪ 3 | ▪ CSC<br>▪ CCEC<br>▪ CCL<br>▪ CAA |

| Historia do Mundo Contemporáneo. 1º de Bacharelato | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Grao mínimo de consecución | Competencias clave |
| ▪ m<br>▪ n | | | | | |
| ▪ a<br>▪ b<br>▪ c<br>▪ d<br>▪ e<br>▪ h<br>▪<br>▪<br>▪<br>▪<br>▪<br>▪<br>▪ | ▪ B3.9. Independencia das colonias hispano-americanas. | ▪ B3.9. Analizar utilizando fontes gráficas a independencia de Hispanoamérica. | ▪ HMCB3.9.1. Realiza un friso cronolóxico explicativo da independencia das colonias hispanoamericanas ao comezo do século XIX. | ▪ 3 | ▪ CSC<br>▪ CMCCT<br>▪ CAA |
| Bloque 4. A dominación europea do mundo e a I Guerra Mundial | | | | | |

## Historia do Mundo Contemporáneo. 1º de Bacharelato

| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Grao mínimo de consecución | Competencias clave |
|---|---|---|---|---|---|
| ▪ a<br>▪ b<br>▪ c<br>▪ d<br>▪ e<br>▪ h | ▪ B4.1. Tránsito do século XIX ao XX: visión global. | ▪ B4.1. Describir as transformacións e os conflitos xurdidos a finais do século XIX e comezos do século XX, e distinguir o seu desenvolvemento e os factores desencadeadores. | ▪ HMCB4.1.1. Realiza un diagrama en que se expliquen as cadeas causais e os procesos dentro do período de finais do século XIX e comezos do XX. | ▪ 2 | ▪ CSC<br>▪ CAA |
| ▪ a<br>▪ b<br>▪ c<br>▪ d<br>▪ e<br>▪ h | ▪ B4.2. Evolución dos principais Estados en Europa, América e Asia: Inglaterra vitoriana; Francia (III República e II Imperio); Alemaña bismarckiana; o Imperio Austrohúngaro; Rusia; os Estados Unidos (da Guerra Civil ata comezos do século XX) e Xapón (transformacións de finais do século XIX). | ▪ B4.2. Analizar a evolución política, social e económica dos principais países europeos, ademais de Xapón e os Estados Unidos a finais do século XIX, e presentar información que explique tales feitos. | ▪ HMCB4.2.1. Elabora un eixe cronolóxico con feitos que explican a evolución durante a segunda metade do século XIX de Inglaterra, Francia, Alemaña, o Imperio Austrohúngaro, Rusia, os Estados Unidos e Xapón. | ▪ 3 | ▪ CSC<br>▪ CMCCT<br>▪ CAA |
| | | | ▪ HMCB4.2.2. Explica a partir de imaxes as características que permiten identificar a Inglaterra vitoriana. | ▪ 3 | ▪ CSC<br>▪ CAA<br>▪ CCL<br>▪ CD |
| | | | ▪ HMCB4.2.3. Analiza textos relativos á época de Napoleón III en Francia. | ▪ 2 | ▪ CSC<br>▪ CAA<br>▪ CCL |
| | | | ▪ HMCB4.2.4. Identifica e explica razoadamente os feitos que converten Alemaña nunha potencia europea durante o mandato de Bismarck. | ▪ 3 | ▪ CSC<br>▪ CAA |

# Historia do Mundo Contemporáneo. 1º de Bacharelato

| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Grao mínimo de consecución | Competencias clave |
|---|---|---|---|---|---|
| | | | | | ▪ CCL |
| ▪ a<br>▪ b<br>▪ c<br>▪ d<br>▪ e<br>▪ h | ▪ B4.3. Expansión colonial dos países industriais: causas; colonización e reparto de Asia, África e outros enclaves coloniais; consecuencias. | ▪ B4.3. Describir a expansión imperialista de europeos, xaponeses e estadounidenses a finais do século XIX, e establecer as súas consecuencias. | ▪ HMCB4.3.1. Identifica e explica razoadamente as causas e as consecuencias da expansión colonial da segunda metade do século XIX. | ▪ 4 | ▪ CSC<br>▪ CAA<br>▪ CCL |
| | | | ▪ HMCB4.3.2. Localiza nun mapamundi as colonias das potencias imperialistas. | ▪ 3 | ▪ CSC<br>▪ CD<br>▪ CAA |
| | | | ▪ HMCB4.3.3. Sabe recoñecer cadeas e interconexións causais entre colonialismo, imperialismo e a Gran Guerra de 1914. | ▪ 2 | ▪ CSC<br>▪ CAA<br>▪ CCL |
| ▪ a<br>▪ b<br>▪ c<br>▪ d<br>▪ e<br>▪ h | ▪ B4.4. Relacións internacionais. Paz Armada: a Tripla Alianza e a Tripla Entente. | ▪ B4.4. Comparar sinteticamente os sistemas de alianzas do período da Paz Armada. | ▪ HMCB4.4.1. Describe as alianzas dos países máis destacados durante a Paz Armada. | ▪ 3 | ▪ CSC<br>▪ CCL |

| Historia do Mundo Contemporáneo. 1º de Bacharelato | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Grao mínimo de consecución | Competencias clave |
| ▪ a<br>▪ b<br>▪ c<br>▪ d<br>▪ e<br>▪ g<br>▪ h | ▪ B4.5. I Guerra Mundial: causas, desenvolvemento e consecuencias. | ▪ B4.5. Distinguir os acontecementos que conducen á declaración das hostilidades da I Guerra Mundial, e desenvolver as súas etapas e as súas consecuencias. | ▪ HMCB4.5.1. Identifica a partir de fontes históricas ou historiográficas as causas da I Guerra Mundial. | ▪ 3 | ▪ CSC<br>▪ CAA<br>▪ CCL |
| | | | ▪ HMCB4.5.2. Comenta símbolos conmemorativos vinculados á I Guerra Mundial. | ▪ 3 | ▪ CSC<br>▪ CCL |
| | | | ▪ HMCB4.5.3. Analiza e explica as etapas da Gran Guerra a partir de mapas históricos. | ▪ 3 | ▪ CSC<br>▪ CAA<br>▪ CCL<br>▪ CD |
| | | | ▪ HMCB4.5.4. Extrae conclusións de gráficos e imaxes sobre as consecuencias da I Guerra Mundial. | ▪ 3 | ▪ CSC<br>▪ CAA<br>▪ CCL<br>▪ |
| Bloque 5. O período de entreguerras, a II Guerra Mundial e as súas consecuencias | | | | | |
| ▪ a<br>▪ b<br>▪ c<br>▪ d | ▪ B5.1. Economía, sociedade e cultura da época: os anos vinte. | ▪ B5.1. Recoñecer as características do período de Entreguerras inseríndoas nos correspondentes aspectos políticos, económicos, sociais ou culturais. | ▪ HMCB5.1.1. Explica as características do período de Entreguerras a partir de manifestacións artísticas e culturais de comezos do século XX. | ▪ 2 | ▪ CSC<br>▪ CCL |

# Historia do Mundo Contemporáneo. 1º de Bacharelato

| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Grao mínimo de consecución | Competencias clave |
|---|---|---|---|---|---|
| ▪ e<br>▪ h | | | | | |
| ▪ a<br>▪ b<br>▪ c<br>▪ d<br>▪ e<br>▪ h | ▪ B5.2. Revolución Rusa; formación e desenvolvemento da URSS. | ▪ B5.2. Esquematizar o desenvolvemento da Revolución Rusa de 1917 recoñecendo as súas etapas e os seus protagonistas máis significativos, e establecer as súas consecuencias. | ▪ HMCB5.2.1. Identifica e explica algunhas das causas da Revolución Rusa de 1917. | ▪ 2 | ▪ CSC<br>▪ CCL |
| | | | ▪ HMCB5.2.2. Compara a Revolución Rusa de febreiro de 1917 coa de outubro de 1917. | ▪ 2 | ▪ CSC<br>▪ CAA<br>▪ CCL |
| ▪ a<br>▪ b<br>▪ c<br>▪ d<br>▪ e<br>▪ h | ▪ B5.3. Tratados de Paz e reaxuste internacional: Sociedade de Nacións. | ▪ B5.3. Identificar os tratados de paz da I Guerra Mundial e establecer como unha consecuencia o xurdimento da Sociedade de Nacións. | ▪ HMCB5.3.1. Explica os acordos dos tratados de paz da I Guerra Mundial e analiza as súas consecuencias a curto prazo. | ▪ 3 | ▪ CSC<br>▪ CCL<br>▪ CAA |
| | | | ▪ HMCB5.3.2. Analiza o papel que xoga a Sociedade de Nacións nas relacións internacionais, a partir de fontes históricas. | ▪ 2 | ▪ CSC<br>▪ CCL |
| ▪ a<br>▪ b<br>▪ c | ▪ B5.4. Estados Unidos e a crise de 1929: a Gran Depresión e o "New Deal". | ▪ B5.4. Explicar a Gran Depresión e describir os factores desencadeadores e as súas influencias na vida cotiá. | ▪ HMCB5.4.1. Interpreta imaxes da Gran Depresión. | ▪ 3 | ▪ CSC<br>▪ CCL<br>▪ CAA |

| Historia do Mundo Contemporáneo. 1º de Bacharelato | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Grao mínimo de consecución | Competencias clave |
| ▪ d<br>▪ e<br>▪ h | | | | | ▪ CD |
| | | | ▪ HMCB5.4.2. Comenta gráficas que explican a crise económica de 1929. | ▪ 3 | ▪ CSC<br>▪ CCL<br>▪ CMCCT |
| ▪ a<br>▪ b<br>▪ c<br>▪ d<br>▪ e<br>▪ h<br>▪ m | ▪ B5.5. Fascismos europeos e nazismo alemán. | ▪ B5.5. Recoñecer a transcendencia dos fascismos europeos como ideoloxías que conduciron ao desencadeamento de conflitos no panorama europeo do momento. | ▪ HMCB5.5.1. Compara o fascismo italiano e o nazismo alemán. | ▪ 2 | ▪ CSC<br>▪ CCL |
| | | | ▪ HMCB5.5.2. Distingue símbolos dos fascismos europeos da primeira metade do século XX. | ▪ 4 | ▪ CSC |
| ▪ a<br>▪ b<br>▪ c<br>▪ d<br>▪ e<br>▪ h | ▪ B5.6. Relacións internacionais do período de entreguerras; viraxes cara á guerra. | ▪ B5.6. Comprender as relacións internacionais no período de entreguerras como elementos importantes das causas da II Guerra Mundial. | ▪ HMCB5.5.3. Analiza a partir de fontes contrapostas as relacións internacionais anteriores ao estoupido da II Guerra Mundial. | ▪ 2 | ▪ CSC<br>▪ CAA<br>▪ CCL |

| Historia do Mundo Contemporáneo. 1º de Bacharelato | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Grao mínimo de consecución | Competencias clave |
| ▪ a<br>▪ b<br>▪ c<br>▪ d<br>▪ e<br>▪ h | ▪ B5.7. II Guerra Mundial: orixes do conflito e características xerais. | ▪ B5.7. Identificar e explicar as desencadeadores da II Guerra Mundial, así como os feitos máis característicos. | ▪ HMCB5.7.1. Identifica e explica as causas desencadeadores da II Guerra Mundial a partir de fontes históricas. | ▪ 3 | ▪ CSC<br>▪ CAA<br>▪ CCL |
| ▪ a<br>▪ b<br>▪ c<br>▪ d<br>▪ e<br>▪ h | ▪ B5.8. Desenvolvemento da II Guerra Mundial. | ▪ B5.8. Establecer as etapas do desenvolvemento da II Guerra Mundial, distinguindo as que afectaron a Europa e as que afectaron aos Estados Unidos e a Xapón. | ▪ HMCB5.8.1. Explica as etapas da II Guerra Mundial tanto na fronte europea como na guerra do Pacífico. | ▪ 3 | ▪ CSC<br>▪ CAA<br>▪ CCL |
| | | | ▪ HMCB5.8.2. Analiza o desenvolvemento da II Guerra Mundial a partir de mapas históricos. | ▪ 3 | ▪ CSC<br>▪ CAA<br>▪ CCL |
| ▪ a<br>▪ b<br>▪ c<br>▪ d<br>▪ e<br>▪ h | ▪ B5.9. Consecuencias da II Guerra Mundial. | ▪ B5.9. Analizar o papel da guerra mundial como elemento de transformación da vida cotiá. | ▪ HMCB5.9.1. Describe as consecuencias da II Guerra Mundial. | ▪ 4 | ▪ CSC<br>▪ CAA<br>▪ CCL |

| Historia do Mundo Contemporáneo. 1º de Bacharelato | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Grao mínimo de consecución | Competencias clave |
| ▪ a<br>▪ b<br>▪ c<br>▪ d<br>▪ e<br>▪ h<br>▪ m | ▪ B5.10. Antisemitismo: o Holocausto. | ▪ B5.10. Entender o contexto en que se desenvolveu o Holocausto na guerra europea e as súas consecuencias. | ▪ HMCB5.10.1. Analiza imaxes que explican o Holocausto levado a cabo pola Alemaña nazi. | ▪ 4 | ▪ CSC<br>▪ CAA<br>▪ CD |
| | | | ▪ HMCB5.10.2. Recoñece a significación do Holocausto na historia mundial. | ▪ 4 | ▪ CSC<br>▪ CAA<br>▪ CCL |
| ▪ a<br>▪ b<br>▪ c<br>▪ d<br>▪ e<br>▪ h | ▪ B5.11. Preparación da Paz e a ONU. | ▪ B5.11. Obter e seleccionar información escrita e gráfica relevante, utilizando fontes primarias ou secundarias, relativa á posguerra. | ▪ HMCB5.11.1. Sintetiza textos que explican a intervención da ONU nas relacións internacionais e nos asuntos de descolonización. | ▪ 4 | ▪ CSC<br>▪ CCL<br>▪ CAA |
| Bloque 6. Evolución de dous mundos diferentes e os seus enfrontamentos | | | | | |
| ▪ a<br>▪ b<br>▪ c<br>▪ d<br>▪ e | ▪ B6.1. Formación do bloque comunista fronte ao bloque capitalista: Guerra Fría. | ▪ B6.1. Describir os feitos políticos, económicos, sociais e culturais que explican o xurdimento dos dous bloques antagónicos, clasificándoos e presentándoos adecuadamente. | ▪ HMCB6.1.1. Localiza nun mapa os países que formaban os bloques comunista e capitalista. | ▪ 4 | ▪ CSC<br>▪ CD |

| Historia do Mundo Contemporáneo. 1º de Bacharelato | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Grao mínimo de consecución | Competencias clave |
| ▪ h | | | | | |
| ▪ a<br>▪ b<br>▪ c<br>▪ d<br>▪ e<br>▪ h | ▪ B6.2. Evolución das relacións entre as dúas superpotencias. Conflitos: da Guerra Fría á coexistencia pacífica e a distensión. | ▪ B6.2. Interpretar a Guerra Fría, a coexistencia pacífica e a distensión, e as súas consecuencias, e establecer acontecementos que exemplifiquen cada unha destas etapas das relacións internacionais. | ▪ HMCB6.2.1. Identifica e explica os conflitos da Guerra Fría a partir dun mapa histórico. | ▪ 3 | ▪ CSC<br>▪ CAA<br>▪ CCL<br>▪ CD |
| ▪ a<br>▪ b<br>▪ c<br>▪ d<br>▪ e<br>▪ h | ▪ B6.3. Evolución da economía mundial de posguerra. | ▪ B6.3. Distinguir feitos que explican o enfrontamento entre os bloques comunista e capitalista, revisando as novas dos medios de comunicación da época. | ▪ HMCB6.3.1. Selecciona símbolos e imaxes que se identifiquen co mundo capitalista e o mundo comunista. | ▪ 4 | ▪ CSC |
| | | | ▪ HMCB6.3.2. Extrae conclusións dos textos, imaxes, mapas e gráficas que expliquen a evolución de ambos os bloques enfrontados na Guerra Fría, e sinala a que bloque pertence e algúns motivos que explican esa pertenza. | ▪ 3 | ▪ CSC<br>▪ CAA<br>▪ CCL<br>▪ CD<br>▪ CMCCT |
| ▪ a<br>▪ b | ▪ B6.4. Características sociais e culturais de dous modelos | ▪ B6.4. Comparar e analizar o modelo capitalista co comunista desde os puntos de vista político, | ▪ HMCB6.4.1. Explica algunhas características da economía capitalista a partir de gráficas. | ▪ 3 | ▪ CSC<br>▪ CCL |

## Historia do Mundo Contemporáneo. 1º de Bacharelato

| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Grao mínimo de consecución | Competencias clave |
|---|---|---|---|---|---|
| ▪ c<br>▪ d<br>▪ e<br>▪ h | políticos diferentes: comunismo e capitalismo. | social, económico e cultural, e exemplificar coa selección de feitos que durante este período afectan as dúas grandes superpotencias: a URSS e os Estados Unidos. | | | ▪ CMCCT |
| | | | ▪ HMCB6.4.2. Explica algunhas características da economía comunista a partir de gráficos. | ▪ 3 | ▪ CSC<br>▪ CCL<br>▪ CMCCT |
| | | | ▪ HMCB6.4.3. Establece razoadamente e comparativamente as diferenzas entre o mundo capitalista e o comunista. | ▪ 3 | ▪ CSC<br>▪ CAA<br>▪ CCL |
| | | | ▪ HMCB6.4.4. Identifica formas políticas do mundo occidental e do mundo comunista. | ▪ 3 | ▪ CSC<br>▪ CCL |
| Bloque 7. A descolonización e o terceiro mundo | | | | | |
| ▪ a<br>▪ b<br>▪ c<br>▪ d<br>▪ e<br>▪ h | ▪ B7.1. Orixes, causas e factores da descolonización. | ▪ B7.1. Explicar os motivos e os feitos que conducen á descolonización, e establecer as causas e os factores que explican o proceso. | ▪ HMCB7.1.1. Localiza nun mapa as zonas afectadas pola descolonización e os seus conflitos. | ▪ 3 | ▪ CSC<br>▪ CCL<br>▪ CD |

| Historia do Mundo Contemporáneo. 1º de Bacharelato | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Grao mínimo de consecución | Competencias clave |
| ▪ a<br>▪ b<br>▪ c<br>▪ d<br>▪ e<br>▪ h | ▪ B7.2. Etapas e modelos de descolonización. | ▪ B7.2. Describir as etapas e as consecuencias do proceso descolonizador, e identificar as que afectan a unhas colonias e a outras, establecendo feitos e personaxes significativos de cada proceso. | ▪ HMCB7.2.1. Establece de xeito razoado as causas, os feitos e os factores que desencadean e explican o proceso descolonización. | ▪ 3 | ▪ CSC<br>▪ CCL<br>▪ CAA |
| | | | ▪ HMCB7.2.2. Identifica e compara as características da descolonización de Asia e de África. | ▪ 2 | ▪ CSC<br>▪ CCL |
| ▪ a<br>▪ b<br>▪ c<br>▪ d<br>▪ e<br>▪ h | ▪ B7.3. Desenvolvemento do proceso descolonizador: papel da ONU. | ▪ B7.3. Definir o papel da ONU na descolonización, analizando información que demostre as súas actuacións. | ▪ HMCB7.3.1. Explica as actuacións da ONU no proceso descolonizador a partir de fontes históricas. | ▪ 2 | ▪ CSC<br>▪ CCL |
| ▪ a<br>▪ b<br>▪ c<br>▪ d<br>▪ e<br>▪ h<br>▪ m | ▪ B7.4. O terceiro mundo e o Movemento de Países Non Aliñados: problemas dos países do terceiro mundo. | ▪ B7.4. Analizar o subdesenvolvemento do terceiro mundo e establecer as causas que o explican. | ▪ HMCB7.4.1. Analiza as características dos países do terceiro mundo a partir de gráficas. | ▪ 3 | ▪ CSC<br>▪ CCL<br>▪ CMCCT |
| | | | ▪ HMCB7.4.2. Localiza nun mapa os países do terceiro mundo. | ▪ 3 | ▪ CSC<br>▪ CD |
| | | | ▪ HMCB7.4.3. Analiza textos e imaxes do Movemento de Países Non Aliñados e dos países subdesenvolvidos. | ▪ 2 | ▪ CSC |

| Historia do Mundo Contemporáneo. 1º de Bacharelato | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Grao mínimo de consecución | Competencias clave |
| | | | | | ▪ CCL |
| ▪ a<br>▪ b<br>▪ c<br>▪ d<br>▪ e<br>▪ h | ▪ B7.5. Relacións entre os países desenvolvidos e non desenvolvidos; nacemento da axuda internacional. | ▪ B7.5. Apreciar o nacemento da axuda internacional e o xurdimento das relacións entre os países desenvolvidos e subdesenvolvidos, reproducindo as formas de axuda ao desenvolvemento e describindo as formas de neocolonialismo dentro da política de bloques. | ▪ HMCB7.5.1. Explica a evolución das relacións entre os países desenvolvidos e os países en vías de desenvolvemento, comparando a axuda internacional coa intervención neocolonialista. | ▪ 2 | ▪ CSC<br>▪ CCL<br>▪ CAA |
| Bloque 8. A crise do bloque comunista | | | | | |
Contamos cun manual de referencia (***Historia do Mundo Contemporáneo***, de Xosé Alfeirán e Ana Romero Masiá, Baía Edicións), aínda que o alumnado pode usar o que considere; a elección desta obra en concreto débese á abundancia de documentos históricos que recolle, xa que como indicamos máis arriba, esta vai ser a principal liña de traballo. A maiores, entregaranse na aula periodicamente máis textos seleccionados polo profesor e tamén se proxectarán outros documentos históricos de carácter audiovisual (arte, fotografía, podcast, grabacións históricas...).

Outros materiais serán:

Presentacións dos contidos elaboradas pola docente.

Mapas murais históricos da Editorial Vicens Vives.

Comentarios de fontes tomados do propio libro de texto, de xornais, de páxinas web

Bibliografía diversa (exemplos):

* BAAMONDE, A.- VILLARES, R.: El Mundo Contemporáneo, siglos XIX y XX. Editorial Taurus.

* BAAMONDE, A.-VILLARES, R.: Hª do mundo contemporáneo. Santillana.

* ARTOLA, Miguel: “Textos fundamentais para la Historia”. Alianza Universidad Textos.

* LÓPEZ CORDÓN MªV.-MARTÍNEZ CARRERAS, J.U.: Análisis y comentarios de textos históricos II. Edad Moderna y Contemporánea. Alhambra Universidad.

* Prensa cotiá: para consulta e traballo.

*Películas de cine e documentais :“Daens” (sobre a que se fará un traballo obrigatorio), “Promises”, “The march”, “El efecto Iguazú”, etc,

*Recursos informáticos: internet e diversas aplicacións informáticas para traballo e consulta.

Ofrecerase tamén ao alumnado unha lista de bibliografía, historiográfica e narrativa, como opción a lectura que contará como tarefa de ampliación e sobre a que se realizará unha recensión.

♦**Adaptación de materiais e recursos en caso de docencia non presencial.**

Nesta situación darase prioridade aos seguintes materiais:

- Apuntes elaborados pola profesora. - Audios e vídeos seleccionados pola profesora.

-Material audiovisual adaptado ó nivel educativo dispoñible na rede de xeito gratuíto (nunca baixo subscrición).

- Artigos de prensa e revistas axeitados ó nivel educativo.

-Actividades e tarefas relacionados cos apuntes, vídeos e material escrito citados anteriormente, elaborados pola profesora e de dúas índoles: traballo de obrigada entrega e traballo voluntario de ampliación/reforzo.

-Boletín de recuperación para o alumnado con avaliación(s) pendente(s), elaborado a partir de exames realizados na aula, exercicios propostos na clase ó longo do curso e material de apoio de diversas editoriais.

- Videoconferencias para a resolución de dúbidas.

Utilizaranse como vías de comunicación o correo co dominio .iespobra e a aula virtual do centro.

## 1.10-Criterios sobre a avaliación, a cualificación e a promoción do alumnado.

### •Procedementos /Instrumentos de avaliación.

Para a avaliación da consecución dos estándares de aprendizaxe por parte do alumnado realizaranse:

-Actividades, exercicios e tarefas a resolver no curso das sesións ou na casa, que requirirán a participación oral do alumnado ou ben a súa elaboración escrita. Neste nivel terán especial protagonismo as prácticas de comentario de textos, gráficas, mapas e imaxe… Tratarase de iniciar e consolidar no alumnado unhas bases seguras na realización deste tipo de exercicios que requiren unha insistencia especial na súa

práctica. Tamén se traballará a composición de textos para ir habituando ao alumnado a esta práctica de cara a 2º de Bac e a proba ABAU.

-Realización de exames escritos e / ou orais en cada avaliación. Cada exame versará sobre dúas unidades como norma xeral.

-Toma en consideración da participación activa do alumnado na marcha das clases.

-Realización de tarefas de ampliación e recuperación.

-Os instrumentos de avaliación dentro desta planificación serán:

1 Observación: permitiranos comprobar o ritmo de adquisición de contidos conceptuais, das técnicas e da metodoloxía de traballo, e das actitudes do alumnado (interese pola materia e actitudes sociais máis relevantes como a convivencia, tolerancia, solidariedade, etc.) e o nivel de participación na clase.

2 As probas: exames. Serán fundamentalmente escritos, pero tamén poderán realizarse exames de tipo oral. Ateranse sempre a contidos desenvolvidos na clase mediante explicación da profesora ou exposición de traballos e debates protagonizados polos alumnos. O plantexamento dos exames orientarase cara a unha demostración de comprensión dos contidos, das capacidades de interrelación multicausal, capacidades de expresión, adecuación das técnicas de traballo (comentario de textos, gráficos, mapas), razoamento con exemplificacións que concreten eses coñecementos, uso dos conceptos clave, etc..

3 Traballos individuais: consistirán fundamentalmente en actividades coas que se porán en práctica competencias, adquisición de contidos e técnicas de traballo, utilizando diferentes tipos de materiais (mapas, imaxes, gráficas, textos) a realizar, tanto na aula coma na casa polos alumnos. Valoraranse os principios propios destas probas: capacidade de interrelación, de análise, de pertinencia no desenvolvemento dos contidos, de expresión, uso dos conceptos clave, etc. Teranse en conta a atención ou o caso omiso do alumnado ás directrices indicadas pola docente para a adquisición da técnica na realización das actividades, moi particularmente no referente ao comentario histórico.

### •Criterios de cualificación.

As probas serán fundamentalmente escritas, pero poderán realizarse tamén algunhas de tipo oral. En cada avaliación faranse probas parciais que servirán para facer a media da avaliación. Será preciso non baixar do 3’75 para compensar cos exames aprobados. Á hora de redondear notas con decimais terase en conta a corrección ortográfica e caligráfica, tanto cara arriba como cara abaixo. Darase ao alumnado que o precise a posibilidade de realizar un exame de recuperación por avaliación, que poderá facerse antes ou despois da mesma, en función da marcha do curso; de facerse despois, terá que ser nas dúas semanas posteriores, para evitar demoras que compliquen o seguimento do curso. O alumnado deberá expresar a súa vontade e compromiso á hora de aproveitar esta nova oportunidade; de non ser así o caso, entenderase que o alumno/a renuncia á mesma. Dado que a recuperación se fará sobre cuestións xa previamente examinadas, esta medida só dará acceso ao recoñecemento da suficiencia, pero non a nota, que o alumnado deberá procurar no primeiro exame. Dentro de cada bloque de contidos poderá facerse unha proba de conxunto a modo de repaso.

De darse a situación, procurarase celebrar as probas en horario de tarde para adaptalas á duración ás condicións das probas ABAU e, sobre todo, habituar ao alumnado a esta duración dos exames.

-A asistencia aos exames é obrigada nas datas e horas indicadas. Só por razón moi grave e debidamente xustificada desculparase a falta de asistencia aos mesmos; noutro caso, perderase a opción do exame correspondente, tendo que pasar á proba de recuperación.

-A hora do exame é única e exclusivamente para a realización do mesmo. Non se permitirá en ningún caso a realización doutras tarefas, mesmo cando o alumno/a diga ter rematado. O alumno/a tampouco poderá saír da aula mentres non remate o tempo destinado á realización do exame.

-Aqueles alumnos/as que, chegado o remate do curso, teñan unha única avaliación suspensa, terán dereito a recuperala antes do final do curso. Aqueles que cheguen ao final con dúas avaliacións suspensas, despois de térense realizado as correspondentes probas de recuperación, deberán pasar a recuperar na proba de setembro.

-A presenza de mans adultas en calquera aspecto da elaboración dos traballos impedirá a consecución de nota.

-A fraude na realización de traballos e/ou exames implicará o suspenso inmediato coa mínima nota. Enténdese por fraude a copia en calquera das súas formas e a entrega de tarefas feitas por un terceiro (en especial adultos). A fraude poderá detectarse no momento da súa comisión ou durante a corrección, baixo o criterio da profesora, e sempre mediante medios que o alumnado coñecerá (os folios estarán selados ou marcados dalgún xeito para evitar “cambiazos”).

-Os criterios de cualificación a aplicar son os seguintes:

| Apartado | Aspectos a ser avaliados | % na nota final |
|---|---|---|
| Traballos individuais, en grupo, proxectos, comentarios de documentos e traballo diario. | • Traballo de clase e de casa<br>• Traballos dixitais.<br>• Intervencións, participación, interese e traballo diario na aula axeitados. | 20% |
| Exames. | • Terán coma obxectivo amosar o nivel competencial do alumnado en relación co temario explicado ó longo das sesións.<br>• Contidos: grao de adquisición, utilización de conceptos clave<br>• Adecuación: axuste ao tenor do enunciado (é dicir, non se poderá responder cun texto cando se pide unha táboa ou esquema, etc.)<br>• Redación: corrección na expresión, ortografía, caligrafía. As faltas de ortografía reiteradas serán penalizadas con redondeo de notas negativo. | 80% |

### •Criterios de avaliación.

-Os criterios de avaliación para cada estándar de aprendizaxe serán os recollidos no propio decreto 86/2015 de 25 de xullo no seu cadro para a materia.

-Procedementos e instrumentos: nas probas escritas, tarefas de caderno, traballos individuais e de grupo, exposicións orais, o alumnado deberá amosar:

1) Se selecciona, comprende e asimila conceptos e procesos propios das materias de Xeografía e Historia, e se os utiliza de xeito coherente e adecuado ao seu nivel.

2) Se aplica as técnicas e métodos de traballo axeitados para estudar materiais propios das nosas disciplinas como documentos, restos históricos, edificios (pazos, igrexas, mosteiros, etc.), mapas topográficos e temáticos, fotografías, diapositivas, ou a propia paisaxe do entorno, imaxes, cine, literatura, coa finalidade de obter información, interpretala e avaliala.

3) Se expresa correctamente e de forma precisa as ideas e conceptos obtidos no proceso de aprendizaxe, utilizando a terminoloxía axeitada, é dicir, utilizando os conceptos clave en cada caso.

4) Se manifesta capacidade (creatividade) para relacionar, seleccionar e reelaborar a información e comprender problemas e procesos de forma estrutural.

Na avaliación do traballo individual teranse en conta aspectos como a capacidade de descrición, de relación e de análise dos problemas históricos e xeográficos, a comprensión e expresión dos mesmos tanto de forma oral como escrita, os conceptos específicos da historia, da arte e da xeografía e o desenvolvemento de actitudes de cara á materia.

### •Proba extraordinaria.

A proba extraordinaria de setembro proporcionará a ocasión de superar a materia ao alumnado suspenso en xuño, é dicir, aquel que despois das respectivas probas de recuperación de cada trimestre chegue a final de curso con algunha avaliación suspensa. Esta proba versará sobre os mínimos establecidos para a superación da materia, polo que só permitirá acadar a suficiencia na cualificación

(5). Para facilitar a preparación do exame de setembro proporcionarase ao alumnado implicado un conxunto de tarefas de repaso de cada tema. O exame constará dunha selección de preguntas extraídas do traballo de repaso.

♦**Adaptación de avaliación e cualificación en caso de docencia non presencial.**

Para a avaliación seguiranse os seguintes criterios:

▪Procedementos: - Observación sistemática do traballo diario das alumnas e alumnos.

- Realización de probas obxectivas. Tentarase buscar unha vía que asegure a realización de exames sen sospeita de fraude.

-Proposta de traballos individuais de investigación sobre diversos temas.

-Control das actividades propostas durante o período lectivo non presencial, tanto de ampliación da materia de Histoira do Mundo Contemporáneo -avance na programación, con temas novos- como aquelas relacionadas co repaso e/ou recuperación da materia impartida.

▪ Instrumentos de avaliación: - Libro da profesora onde se tomaron as notas convenientes acerca do traballo do alumnado.

-Exames e controis periódicos, orais ou escritos, relacionados coa materia impartida. No caso de exames orais darase un tempo limitado (minutos) de resposta sobre unha ou dúas preguntas.

- Anotacións con respecto aos traballos individuais de investigación e demais tarefas propostas que deberán ser entregadas dentro do prazo indicado. Todo traballo ou tarefa entregado fóra de prazo non será tomado en consideración para a cualificación e figurará como non entregado.

-Participación activa na clase a través de videoconferencia.

- Aula virtual do instituto. - Correo electrónico co dominio do instituto.

▪Criterios de avaliación e cualificación: -A orixinalidade das tarefas e traballos realizados serán un criterio fundamental a ter en conta, podendo chegar ata o 50% da nota final.

-A participación significativa na clase a través de videoconferencia ata o 10% da nota final.

-Poderase recuperar materia mediante actividades de recuperación.

-As tarefas de ampliación servirán para subir ou consolidar nota ao alumnado coa parte presencial do curso aprobada. Para o resto do alumnado non serán obrigatorias.

-O alumnado con algunha avaliación suspensa deberá facer tarefas específicas de repaso con vistas a unha proba de recuperación.

-Modifícanse as porcentaxes establecidas para exames, que pasan a contar o 70% e tarefas, que aportarán o 30% da nota final. Mantense a nota de corte para facer media.

-Avaliación extraordinaria: salvo que unha circunstancia excepcional o impida, mantense a proba presencial de setembro segundo se indica nesta programación.

## 1.11-Deseño da avaliación inicial e medidas a adoptar en función dos resultados.

O feito xa antes mencionado de que hai unha grande coincidencia de contidos entre esta materia e a cursada en 4º, leva a que esta avaliación inicial se dispoña como un valoración do grao no que o alumnado os mantén frescos, así como unha percepción de que partes do currículo non puideron ser traballados na aula no curso anterior (non é ningunha novidade constatar que o temario de 4º faise

difícil de abarcar con tres horas semanais). Todo máis este curso, que comeza coas eivas herdadas do anterior por causa da COVID19. Así pois, os primeiros días faremos un repaso usando un cuestionario deseñado ex profeso para a ocasión, e propoñeráselles tamén a realización dun comentario de texto para valorar o nivel que posúen neste tipo de actividade, sobre a que xirará unha parte considerable da materia (como xa se indicou anteriormente, preparamos deste xeito ás alumnas e alumnos para o seguinte nivel educativo, 2º de bacharelato, no que a materia de Historia de España si é obrigatoria e na que o comentario de texto histórico supón unha parte moi importante da cualificación tanto no curso escolar coma nas probas ABAU). Tamén nos primeiros días, faremos a lectura de diferentes textos e proxectaranse diversas imaxes para comprobar como están de familiarizados co uso de documentos históricos; esta análise levarase a cabo de xeito oral, coa participación, a ser posible, da maioría das alumnas e alumnos da aula. Neste caso, cómpre ter claro que, non sendo este un obxectivo principal do currículo de 4º, si que o é do de 1º de bacharelato. A idea é ir concienciando ao alumnado de que o achegamento aos procesos históricos que estudaremos farase principalmente a través de diferentes tipos de documentos contemporáneos (de natureza primaria ou secundaria). Procederase á corrección destas tarefas na aula, directamente co alumnado,

A avaliación inicial permitiranos ter un primeiro coñecemento das necesidades particulares de cada alumno e tomar en consideración modificacións na dinámica da clase, propoñer exercicios de reforzo e titorizar dun xeito máis específico a aprendizaxe do alumnado con dificultades.

### 1.12-Medidas de atención á diversidade e dificultades derivadas da fenda dixital.

En principio, ao tratarse dunha materia de Bacharelato, enténdese que as medidas de atención á diversidade que esixan algún tipo de apoio ou adaptación curricular só se necesitarían nalgún caso moi extraordinario, e sempre seguindo os informes e indicacións do departamento de Orientación. En calquera caso, sempre que se aprecien casos nos que o proceso para acadar os estándares de aprendizaxe sexa máis lento ou dificultoso, artellaranse as actividades de reforzo necesarias, ou ben axeitaranse as formas ou instrumentos de avaliación, ou a organización de traballo en aula.

Tamén proporanse actividades de ampliación, lecturas optativas para afondar nas temáticas, liñas de traballo de investigación... para aquel alumnado que amose un maior interese na materia (ou en aspectos concretos da mesma) e que queira avanzar nela.

En atención ao posible escenario de confinamento levarase a cabo un control das alumnas e alumnos con dificultades de conexión por falta de medios físicos (ordenador, tableta) en colaboración coas titorías e a dirección do centro e o Concello da Pobra do Caramiñal, facilitándoselles os dispositivos precisos para suplir esas carencias. Todas as actividades e a impartición de novos temas ou de bloques de repaso e recuperación centraranse nunha metodoloxía a distancia, que usa plataformas diversas, principalmente: correo electrónico con dominio do centro educativo e a aula virtual da páxina web do centro, así como a plataforma Cisco Webex para as posibles videoconferencias.

### 1.13-Concreción dos elementos transversais.

Dos elementos transversais que o decreto establece no seu artigo 4, os dous primeiros puntos van ser traballados de forma continúa durante todo o curso:

1. Comprensión lectora, expresión oral e escrita, comunicación audiovisual e TIC van ser utilizados e postos en práctica en todas as tarefas por parte do alumnado. No fondo, trátase de traballar e avaliar por competencias e estas son as competencias clave. A educación cívica e constitucional será tamén referencia constante na medida en que boa parte do currículo se centra no nacemento e desenvolvemento do Estado liberal no XIX, base da nosa idea do civismo e constitucionalismo, e logo no século XX, onde os episodios máis negros do totalitarismo reflictan as ameazas ás que están sometidos os sistemas democráticos. En todo caso, e como xa se dixo para niveis inferiores, intentaremos non incidir tampouco demasiado, vista a perda de importancia desta *Educación para a Cidadanía* coa LOMCE.

2. Os elementos recollidos neste punto 2 (igualdade efectiva de xénero, tolerancia, resolución pacífica dos conflitos, as ideas de liberdade, xustiza, igualdade, pluralismo político, paz, democracia, dereitos humanos, rexeitamento da violencia en todas as súas manifestacións, recoñecemento das diferentes opcións sexuais...) son o fío dos contidos traballados polas ciencias sociais, e de xeito especial nunha *Historia do Mundo Contemporáneo*, entendida como a historia da loita pola consecución destes dereitos. O caso concreto do estudo do Holocausto, tal e como se recolle no texto da lei, é un contido explicitamente recollido no currículo.

O resto de temas transversais, recollidos nos puntos 3 (espírito emprendedor) e 4 (seguridade vial), son de máis difícil tratamento nesta programación.

### 1.14-Actividades complementarias e extraescolares.

Ante a excepcionalidade da situación provocada pola pandemia, este curso non se contemplan actividades complementarias e extraescolares.

## 2-HISTORIA DE ESPAÑA: SEGUNDO CURSO BAC.

### 2.1-Introdución e contextualización.

A materia de Historia de España impártese nos tres grupos existentes de segundo de Bacharelato: o grupo A de 20 alumnos/as, o B de 18 e o C de 12 alumnos/as. A referencia destes grupos son boas, tanto no que se refire á convivencia como ao rendemento académico, polo que as expectativas sobre os resultados académicos e o traballo na aula para este curso son positivas.

### 2.2-Previsión do desenvolvemento da programación nos escenarios de actividade lectiva semipresencial e/ou non presencial.

No caso de ter que seguir o curso de modo non presencial, por mor das medidas tomadas en canto a prevención de contaxio do covid-19, os contidos manteranse inalterables debido á preparación das probas ABAU e que nos obriga a dar os contidos na súa totalidade.

A través da Aula Virtual do centro o alumnado recibirá, ademais da información relacionada cas probas ABAU, os contidos cada quince días e deberá elaborar as actividades propostas cando se indique. Tamén a través da Aula Virtual o alumnado enviará a resolución das tarefas propostas nas datas indicadas. Contemplamos a exposición de contidos de relevancia de modo telemático onde o alumnado poderá seguir as clases en tempo real e poderá preguntar aquelas dúbidas que vaian xurdindo en relación coa materia e as probas escritas. O seguimento e control do traballo do alumnado será continuo, cun rexistro de entrega de tarefas e de asistencia ás clases virtuais.

En relación ás probas escritas e as actividades propostas para o alumnado, estas seguirán o formato indicado polo grupo de traballo ABAU e deberán ser entregadas na datas sinaladas. A non entrega das probas escritas e das actividades supón que o alumnado deberá recuperar esa parte da materia non entregada.

O correo electrónico do centro será un modo de conexión co alumnado e as súas familias co centro e o profesor da materia.

### 2.3-Contribución ao desenvolvemento das competencias clave.

A nosa programación didáctica ten como fin último un óptimo manexo de aqueles recursos que sirvan ao alumnado a comprender e integrarse na realidade cultural, social e económica do mundo actual e no contexto social no que viven. Como docentes, trataremos de desenvolver aquelas capacidades entre o alumnado que consideramos necesarias para acadar a nosa meta, tendo en conta as diferentes características das nosas alumnas e alumnos.

Partindo desta base, o camiño é contribuír ao desenvolvemento global do nivel do alumnado en canto ás competencias clave, a saber:

• Comunicación lingüística (CCL): traballo da expresión escrita e oral do alumnado a través da elaboración de composicións históricas, elaboración de temas referidos á Historia de España desde o Neolítico ata o século XVIII, confección dun glosario de termos específicos da materia, chuvia de ideas….

•Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCCT): a través do comentario de diferentes gráficas, táboas de datos numéricos, estatísticas, etc.

• Competencia dixital (CD): empregando as tics no ámbito educativo, tanto por parte do docente como por parte do alumnado, por medio do visionado de material audiovisual relacionado coa materia tanto, tanto de tipo histórico como contemporáneo.

• Aprender a aprender (CAA): a través de diferentes actividades de investigación e ampliación que se lles proporá aos alumnos e alumnas.

• Competencias sociais e cívicas (CSC): nunha materia como Historia de España, o traballo desta competencia será unha constante ao largo de todas as sesións do curso, sendo baixo a nosa consideración, a base da nosa materia.

• Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE): a través das diferentes discusións e debates que propoñeremos na aula, así como tamén a través dos diferentes traballos grupais e individuais do curso.

• Conciencia e expresións culturais (CCEC): a través do análise directo e indirecto das formas artísticas e culturais presentes no currículo.

### 2.4-Concreción, de ser o caso, dos obxectivos para o curso.

Desde a nosa programación, un obxectivo fundamental será aportar unha serie de recursos ou competencias que axuden aos alumnos e alumnas a comprender a dinámica do mundo actual no que viven. Xunto a este, debemos mencionar outros obxectivo á hora de levar a cabo a nosa práctica educativa.

Sen obviar que a materia de Historia de España xunto co resto das materias contribúe a acadar os obxectivos fixados para a etapa educativa, entendemos que a nosa contribución, seguindo o currículo oficial do Bacharelato, centrarase de xeito especial nos seguintes:

-Exercer a cidadanía democrática e adquirir una conciencia cívica responsábel, inspirada polos valores da Constitución española e do Estatuto de autonomía de Galicia, así como polos dereitos humanos, que fomente a corresponsabilidade na construción dunha sociedade xusta e equitativa e favoreza a sustentabilidade.

-Consolidar una madureza persoal e social que lle permita actuar de forma responsábel e autónoma e desenvolver o seu espírito crítico. Ser quen de prever e resolver pacificamente os conflitos persoais, familiares e sociais.

-Fomentar a igualdade efectiva de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres, analizar e valorar criticamente as desigualdades e discriminacións existentes e impulsar a non discriminación das persoas por calquera condición ou circunstancia.

-Afianzar os hábitos de lectura, estudo e disciplina, como condicións necesarias para o eficaz aproveitamento da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.

-Dominar, tanto na súa expresión oral como na escrita, a lingua galega e a lingua castelá.

-Utilizar con solvencia e responsabilidade as tecnoloxías da información e da comunicación.

-Coñecer e valorar criticamente as realidades do mundo contemporáneo, os seus antecedentes históricos e os principais factores da súa evolución.

-Afianzar o espírito emprendedor con actitudes de creatividade, flexibilidade, iniciativa, traballo en equipo, confianza nun mesmo e sentido crítico.

### 2.5-Concreción para cada estándar de aprendizaxe avaliable de:

#### •Temporalización.

Dividimos os contidos do curso en 12 unidades didácticas diferentes que se corresponden cos diferentes bloques presentes no currículo, puidendo observar no cadro a súa temporalización, sendo o bloque 0 tratado de forma transversal.

A temporalización e distribución dos contidos por avaliación é a seguinte:

1ª Avaliación: Temas do 1 a 8 (bloques 1 e 2) Composicións históricas do século XIX (1 a 8)
Termos dos bloques 1 e 2

2ª Avaliación: Temas do 9 a 17 (bloques 3 e 4). Composicións históricas do século XIX e XX
(9 a 18) (reinado de Afonso XII, II República e Guerra Civil).

3ª Avaliación: Repaso dos temas cortos. Composicións históricas do século XX (da 19 a 25).
O franquismo, a transición política e a democracia.

#### •Grao mínimo de consecución para superar a materia.

Os estándares de aprendizaxe presentan un carácter observable, medible e avaliable a través das diferentes tarefas, actividades ou probas. De tal xeito que, o grao mínimo para superar a materia consistirá non na superación de un determinado estándar, senón nunha graduación de cada un deles. Para iso, deseñaremos a seguinte rúbrica aplicable a cada estándar para que nos permitan medir o grao de consecución de cada un deles, podendo observar a súa gradación no cadro de concreción dos estándares de aprendizaxe (2.5.4). Do mesmo xeito, recollemos unha concreción dos procedementos e instrumentos de forma abreviada para cada estándar de aprendizaxe no cadro do punto 2.5.4.

| | Excelente<br>5 | Moi avanzado<br>4 | Avanzado<br>3 | Satisfactorio<br>2 | Básico<br>1 |
|---|---|---|---|---|---|
| Compresión<br>Do estándar de aprendizaxe<br>25% | Entende completamente e é capaz de chegar a conclusións | Entende o estándar e, normalmente chega ás conclusións esperadas | Entende o estándar, pero non sempre chega a conclusións | Entende parcialmente o estándar, chegando a conclusións o 50% das veces | Entende parcialmente chegando a conclusións menos do 25% das veces. |
| Explicación<br>Do estándar de aprendizaxe<br>25% | Pode explicalo coas súas palabras e empregando tamén vocabulario técnico/específico | Explica coas súas palabras, de xeito coloquial, pero coherente | Non reproduce memorísticamente, realiza unha explicación cas súas palabras, pero non sempre chega a unha explicación coherente | Reproduce memorísticamente pero non sempre chega a unha explicación coherente | Reproduce memorísticamente partes do estándar sen chegar a unha explicación coherente. |
| Aplicación<br>Fai unha aplicación práctica do estándar nas actividades<br>25% | Sempre, tanto inmediatamente despois das explicacións como mesturando actividades vinculadas a outros estándares | Si, sempre nas actividades individualizadas e >75% das veces nas que se mesturan con actividades vinculadas a outros estándares | Si, case na totalidade das actividades individualizadas e >50% das veces que se mesturan con actividades vinculadas a outros estándares | Entre o 25-50% das veces que están individualizados e >25% das veces en actividades onde se mesturan con outros estándares | Un 25% das veces ou menos cando están individualizados, e ao redor do 10% cando se mesturan con actividades vinculadas a outros estándares |
| Relación<br>Relaciona o estándar con outros<br>25% | Si, sempre | Si, sempre que se traballan os estándares de forma conxunta. Se non son consecutivas, relaciónaos o 75% das veces | A maior parte das veces | Soamente se as actividades son consecutivas | Un 25% das veces ou menos |

## •Procedementos e instrumentos de avaliación.

Para a avaliación da consecución dos estándares de aprendizaxe por parte do alumnado presentamos o seguinte cadro no que se mostran os diferentes procedementos e instrumentos á hora de avaliar ao alumnado:

| Procedementos de avaliación (PA) | | Instrumentos de avaliación (IA) | Criterios de cualificación |
|---|---|---|---|
| Observación sistemática **(O)** | Traballo diario na aula | Ficha de rexistro persoal do/a alumno/a **(F)** | **10%** |
| Traballo diario **(TD)** | Dentro e fóra da aula. Elaboración de composicións históricas a partir de documentos que poden ser textos, gráficas ou táboas de datos. | Ficha do rexistro persoal do/a alumno/a **(F)**<br>Rúbricas | |
| Probas escritas **(P)** | Probas co modelo de exame da ABAU. | Proba Escrita **(PE)** | **90%** |

| | Historia de España. 2º de bacharelato | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave | Grao Mínimo de Consecución | Temporalización | Procedementos (PA) e instrumentos de avaliación (IA) |
| | Bloque 0: Como se escribe a Historia. Criterios comúns | | | | | | |
| ▪ d<br>▪ e<br>▪ g<br>▪ h<br>▪ i<br>▪ l<br>▪ m | ▪ B0.1. Método histórico. Fontes e perspectivas. | ▪ B0.1. Localizar fontes primarias (históricas) e secundarias (historiográficas) en bibliotecas, internet, etc., e extraer información salientable sobre o tratado, valorando criticamente a súa fiabilidade. | ▪ HEB0.1.1. Procura información de interese (en libros e internet) sobre a importancia cultural e artística dun personaxe historicamente salientable, un feito ou un proceso histórico, e elabora unha breve exposición. | ▪ CCL<br>▪ CD<br>▪ CAA<br>▪ CSC<br>▪ CSIEE<br>▪ CCEC | ▪ 2 | ▪ Transversal | ▪ PA: O, TD<br>▪<br>▪<br>▪ IA: PE, F |
| ▪ d<br>▪ e<br>▪ h<br>▪ i<br>▪ l | ▪ B0.2. Análise e comentario de fontes. | ▪ B0.2. Elaborar mapas e liñas de tempo, localizando as fontes adecuadas, utilizando os datos proporcionados ou servíndose dos coñecementos xa adquiridos. | ▪ HEB0.2.1. Representa unha liña do tempo situando nunha ringleira os principais acontecementos relativos a determinados feitos ou procesos históricos. | ▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CSC | ▪ 2 | ▪ Transversal | ▪ PA: O, TD<br>▪<br>▪<br>▪ IA: PE, F |

| | Historia de España. 2º de bacharelato | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave | Grao Mínimo de Consecución | Temporalización | Procedementos (PA) e instrumentos de avaliación (IA) |
| ▪ h<br>▪ i<br>▪ l | ▪ B0.3. Utilidade das fontes. | ▪ B0.3. Comentar e interpretar fontes primarias (históricas) e secundarias (historiográficas), relacionando a súa información cos coñecementos previos. | ▪ HEB0.3.1. Responde a cuestións propostas a partir de fontes históricas e historiográficas. | ▪ CMCCT<br>▪ CAA<br>▪ CSC | ▪ 3 | ▪ Transversal | ▪ PA: O, TD<br>▪<br>▪<br>▪ IA: PE, F |
| ▪ d<br>▪ e<br>▪ h<br>▪ i<br>▪ l | ▪ B0.4. Mapas e liñas do tempo. | ▪ B0.4. Recoñecer a utilidade das fontes para o/a historiador/a, á parte da súa fiabilidade. | ▪ HEB0.4.1. Distingue o carácter das fontes históricas non só como información, senón tamén como proba para responder ás preguntas que se formulan os/as historiadores/as. | ▪ CMCCT<br>▪ CAA<br>▪ CSC | ▪ 3 | ▪ Transversal | ▪ PA: O, TD<br>▪<br>▪<br>▪ IA: PE, F |
| | Bloque 1. A Península Ibérica desde os primeiros humanos ata a desaparición da monarquía Visigoda (711) | | | | | | |
| ▪ d<br>▪ e<br>▪ h | ▪ B1.1. Da prehistoria á monarquía visigoda: | ▪ B1.1. Explicar as características dos principais feitos e procesos históricos da Península Ibérica desde a prehistoria ata a | ▪ HEB1.1.1. Explica as diferenzas entre a economía e a organización social do Paleolítico e do Neolítico, e as causas do cambio. | ▪ CCL<br>▪ CCS | ▪ 2 | ▪ Setembro | ▪ PA: O, TD<br>▪<br>▪ |

| | Historia de España. 2º de bacharelato | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave | Grao Mínimo de Consecución | Temporalización | Procedementos (PA) e instrumentos de avaliación (IA) |
| ▪ i<br>▪ l<br>▪ n<br>▪ p | prehistoria (evolución do Paleolítico ao Neolítico; pintura cantábrica e levantina; importancia da metalurxia); configuración das áreas celta e ibérica (Tartesos, indoeuropeos e colonizadore | desaparición da monarquía visigoda, e identificar as súas causas e consecuencias. | | | | | ▪ IA: PE, F |
| | | | ▪ HEB1.1.2. Identifica as diferenzas entre unha imaxe de pintura cantábrica e outra de pintura levantina. | ▪ CCEC | ▪ 2 | ▪ Setembro | ▪ PA: O, TD<br>▪<br>▪<br>▪ IA: PE, F |
| | | | ▪ HEB1.1.3. Describe os avances no coñecemento das técnicas metalúrxicas e explica as súas repercusións. | ▪ CCL<br>▪ CMCCT<br>▪ CSC | ▪ 2 | ▪ Setembro | ▪ PA: O, TD<br>▪<br>▪<br>▪ IA: PE, F |
| | | | ▪ HEB1.1.4. Resume as características principais do reino de Tartesos e cita as fontes históricas para o seu coñecemento. | ▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CSC | ▪ 2 | ▪ Setembro | ▪ PA: O, TD<br>▪<br>▪<br>▪ IA: PE, F |

| | Historia de España. 2º de bacharelato | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave | Grao Mínimo de Consecución | Temporalización | Procedementos (PA) e instrumentos de avaliación (IA) |
| | s orientais; cultura castrexa); Hispania romana (conquista e romanización da Península; legado cultural romano; exemplo galego); monarquía visigoda (ruralización da | | ▪ HEB1.1.5. Explica o diferente nivel de desenvolvemento das áreas celta e ibérica en vésperas da conquista romana en relación coa influencia recibida dos indoeuropeos, o reino de Tartesos e os colonizadores fenicios e gregos. | ▪ CCL<br>▪ CSC<br>▪ CCEC | ▪ 2 | ▪ Outubro | ▪ PA: O, TD<br>▪<br>▪<br>▪ IA: PE, F |
| | | | ▪ HEB1.1.6. Debuxa un mapa esquemático da Península Ibérica e delimita nel as áreas ibérica e celta. | ▪ CAA<br>▪ CSC | ▪ 2 | ▪ Outubro | ▪ PA: O, TD<br>▪<br>▪<br>▪ IA: PE, F |
| | | | ▪ HEB1.1.7. Define o concepto de romanización e describe os medios empregados para levala a cabo. | ▪ CCL<br>▪ CSC<br>▪ CCEC | ▪ 2 | ▪ Outubro | ▪ PA: O, TD<br>▪<br>▪<br>▪ IA: PE, F |

| | Historia de España. 2º de bacharelato | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave | Grao Mínimo de Consecución | Temporalización | Procedementos (PA) e instrumentos de avaliación (IA) |
| | economía; poder da Igrexa e a nobreza). | | ▪ HEB1.1.8. Compara o ritmo e grao de romanización dos territorios peninsulares. | ▪ CCL<br>▪ CSC<br>▪ CCEC | ▪ 2 | ▪ Outubro | ▪ PA: O, TD<br>▪<br>▪<br>▪ IA: PE, F |
| | | | ▪ HEB1.1.9. Resume as características da monarquía visigoda e explica por que alcanzou tanto poder a igrexa e a nobreza. | ▪ CCL<br>▪ CSC | ▪ 2 | ▪ Outubro | ▪ PA: O, TD<br>▪<br>▪<br>▪ IA: PE, F |
| | | | ▪ HEB1.1.10. Procura información de interese (en libros e internet) sobre o mantemento cultural e artístico do legado romano na España actual, e elabora unha breve exposición. | ▪ CCL<br>▪ CD<br>▪ CAA<br>▪ CSIEE<br>▪ CCEC | ▪ 3 | ▪ Outubro | ▪ PA: O, TD<br>▪<br>▪<br>▪ IA: PE, F |
| | | | ▪ HEB1.1.11. Representa unha liña do | ▪ CMCCT | ▪ 3 | ▪ Outubro | ▪ PA: O, TD |

| | Historia de España. 2º de bacharelato | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave | Grao Mínimo de Consecución | Temporalización | Procedementos (PA) e instrumentos de avaliación (IA) |
| | | | tempo desde 250 a.C. ata 711 d.C., e sitúa nela os principais acontecementos históricos. | ▪ CAA<br>▪ CSC | | | ▪<br>▪<br>▪ IA: PE, F |
| | | | ▪ HEB1.1.12. Partindo de fontes historiográficas, responde a cuestións ou situacións. | ▪ CCL<br>▪ CSC<br>▪ | ▪ 3 | ▪ Outubro | ▪ PA: O, TD<br>▪<br>▪<br>▪ IA: PE, F |
| | Bloque 2. A Idade Media: tres culturas e un mapa político en constante cambio (711-1474) | | | | | | |
| ▪ d<br>▪ e<br>▪ h<br>▪ i<br>▪ n | ▪ B2.1. Al-Andalus: conquista musulmá da Península; evolución política de Al-Andalus; revitalización económica e urbana; estrutura social; relixión, cultura e arte. | ▪ B2.1. Explicar a evolución dos territorios musulmáns na Península, describindo as súas etapas políticas e os cambios económicos, sociais e culturais que introduciron. | ▪ HEB2.1.1. Explica as causas da invasión musulmá e da súa rápida ocupación da Península. | ▪ CCL<br>▪ CSC | ▪ 3 | ▪ Outubro | ▪ PA: O, TD<br>▪<br>▪<br>▪ IA: PE, F |
| | | | ▪ HEB2.1.2. Representa unha liña do tempo desde 711 ata 1474 e sitúa nunha ringleira os principais | ▪ CMCCT<br>▪ CAA | ▪ 2 | ▪ Outubro | ▪ PA: O, TD<br>▪<br>▪ |

| | Historia de España. 2º de bacharelato | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave | Grao Mínimo de Consecución | Temporalización | Procedementos (PA) e instrumentos de avaliación (IA) |
| | | | acontecementos relativos a Al-Andalus e noutra os relativos aos reinos cristiáns. | ▪ CSC | | | ▪ IA: PE, F |
| | | | ▪ HEB2.1.3. Describe a evolución política de Al-Andalus. | ▪ CCL<br>▪ CSC | ▪ 3 | ▪ Octubre | ▪ PA: O, TD<br>▪<br>▪<br>▪ IA: PE, F |
| | | | ▪ HEB2.1.4. Resume os cambios económicos, sociais e culturais introducidos polos musulmáns en Al-Andalus. | ▪ CCL<br>▪ CSC<br>▪ CCEC | ▪ 3 | ▪ Outubro | ▪ PA: O, TD<br>▪<br>▪<br>▪ IA: PE, F |
| ▪ d<br>▪ e<br>▪ h | ▪ B2.2. Os reinos cristiáns do século XIII ao XV: evolución política; nacemento das | ▪ B2.2. Explicar a evolución e configuración política dos reinos cristiáns, en | ▪ HEB2.2.1. Describe as grandes etapas e as causas xerais que conducen ao mapa político da Península Ibérica ao remate da Idade Media. | ▪ CCL<br>▪ CSC | ▪ 2 | ▪ Outubro | ▪ PA: O, TD<br>▪<br>▪<br>▪ IA: PE, F |

| | Historia de España. 2º de bacharelato | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave | Grao Mínimo de Consecución | Temporalización | Procedementos (PA) e instrumentos de avaliación (IA) |
| ▪ i<br>▪ p | Cortes. Os reinos cristiáns na baixa Idade Media (séculos XIV e XV): diferente evolución e organización política das coroas de Castela, Aragón e Navarra. Proceso de reconquista e repoboación. | relación co proceso de reconquista e o concepto patrimonial da monarquía. | ▪ HEB2.2.2. Explica a orixe das Cortes nos reinos cristiáns e as súas principais funcións. | ▪ CCL<br>▪ CSC | ▪ 2 | ▪ Outubro | ▪ PA: O, TD<br>▪<br>▪<br>▪ IA: PE, F |
| | | | ▪ HEB2.2.3. Compara a organización política da coroa de Castela, a de Aragón e o reino de Navarra ao remate da Idade Media. | ▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CSC | ▪ 2 | ▪ Outubro | ▪ PA: O, TD<br>▪<br>▪<br>▪ IA: PE, F |
| | | | ▪ HEB2.2.4. Comenta o ámbito territorial e as características de cada sistema de repoboación, así como as súas causas e as súas consecuencias. | ▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CSC | ▪ 2 | ▪ Outubro | ▪ PA: O, TD<br>▪<br>▪<br>▪ IA: PE, F |
| ▪ d<br>▪ e | ▪ B2.3. Os reinos cristiáns na Idade Media: réxime señorial | ▪ B2.3. Diferenciar as tres grandes fases da evolución económica dos | ▪ HEB2.3.1. Describe as grandes fases da evolución económica dos territorios cristiáns durante a Idade Media. | ▪ CCL<br>▪ CSC | ▪ 2 | ▪ Outubro | ▪ PA: O, TD<br>▪<br>▪ |

| | Historia de España. 2º de bacharelato | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave | Grao Mínimo de Consecución | Temporalización | Procedementos (PA) e instrumentos de avaliación (IA) |
| ▪ h<br>▪ i<br>▪ p | e sociedade estamental. Tensións sociais. | reinos cristiáns durante toda a Idade Media (estancamento, expansión e crise), e sinalar os seus factores e as súas características. | | | | | ▪ IA: PE, F |
| ▪ d<br>▪ e<br>▪ h<br>▪ i<br>▪ p | ▪ B2.4. Os reinos cristiáns na Idade Media: do estancamento á expansión económica. Crises agraria e demográfica. | ▪ B2.4. Analizar a estrutura social dos reinos cristiáns e describir o réxime señorial e as características da sociedade estamental. | ▪ HEB2.4.1. Explica a orixe e as características do réxime señorial e a sociedade estamental no ámbito cristián. | ▪ CCL<br>▪ CMCCT<br>▪ CSC | ▪ 2 | ▪ Outubro | ▪ PA: O, TD<br>▪<br>▪<br>▪ IA: PE, F |
| ▪ d<br>▪ e<br>▪ g | ▪ B2.5. O Camiño de Santiago. Unha cultura plural: cristiáns, musulmáns e xudeus. | ▪ B2.5. Describir as relacións culturais de cristiáns, musulmáns e xudeus, e especificar as | ▪ HEB2.5.1. Describe o labor dos centros de tradución. | ▪ CCL<br>▪ CSC<br>▪ CCEC | ▪ 2 | ▪ Outubro | ▪ PA: O, TD<br>▪<br>▪<br>▪ IA: PE, F |

| | Historia de España. 2º de bacharelato | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave | Grao Mínimo de Consecución | Temporalización | Procedementos (PA) e instrumentos de avaliación (IA) |
| ▪ h<br>▪ m<br>▪ n<br>▪ p | Manifestacións artísticas. | súas colaboracións e as influencias mutuas. | ▪ HEB2.5.2. Procura información de interese (en libros e internet) sobre a importancia cultural e artística do Camiño de Santiago, e elabora unha breve exposición. | ▪ CCL<br>▪ CD<br>▪ CAA<br>▪ CSIEE<br>▪ CCEC | ▪ 3 | ▪ Outubro | ▪ PA: O, TD<br>▪<br>▪<br>▪ IA: PE, F |
| | Bloque 3. A formación da monarquía hispánica e a súa expansión mundial (1474-1700) | | | | | | |
| ▪ d<br>▪ e<br>▪ h<br>▪ i<br>▪ p | ▪ B3.1. Os Reis Católicos: unión dinástica de Castela e Aragón; reorganización do Estado; política relixiosa; conquista de Granada; descuberta de América; incorporación de Navarra; relacións con Portugal. | ▪ B3.1. Analizar o reinado dos Reis Católicos como unha etapa de transición entre a Idade Media e a Idade Moderna, e identificar as reminiscencias medievais e os feitos salientables que abren o camiño á modernidade. | ▪ HEB3.1.1. Define o concepto de unión dinástica aplicado a Castela e Aragón en tempos dos Reis Católicos e describe as características do novo Estado. | ▪ CCL<br>▪ CSC | ▪ 3 | ▪ Outubro | ▪ PA: O, TD<br>▪<br>▪<br>▪ IA: PE, F |
| | | | ▪ HEB3.1.2. Explica as causas e as consecuencias dos feitos máis relevantes de 1492. | ▪ CCL<br>▪ CSC | ▪ 3 | ▪ Outubro | ▪ PA: O, TD<br>▪<br>▪<br>▪ IA: PE, F |

| | Historia de España. 2º de bacharelato | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave | Grao Mínimo de Consecución | Temporalización | Procedementos (PA) e instrumentos de avaliación (IA) |
| | | | ▪ HEB3.1.3. Analiza as relacións dos Reis Católicos con Portugal e os obxectivos que perseguían. | ▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CSC | ▪ 2 | ▪ Outubro | ▪ PA: O, TD<br>▪<br>▪<br>▪ IA: PE, F |
| ▪ d<br>▪ e<br>▪ h<br>▪ i | ▪ B3.2. Auxe do Imperio no século XVI: dominios de Carlos I e de Filipe II; modelo político dos Austrias; conflitos internos; conflitos relixiosos no seo do Imperio; conflitos exteriores; exploración e colonización de América e do Pacífico; política económica respecto a América; a revolución dos prezos | ▪ B3.2. Explicar a evolución e a expansión da monarquía hispánica durante o século XVI, diferenciando os reinados de Carlos I e Filipe II. | ▪ HEB3.2.1. Compara os imperios territoriais de Carlos I e de Filipe II, e explica os problemas que provocaron. | ▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CSC | ▪ 3 | ▪ Outubro | ▪ PA: O, TD<br>▪<br>▪<br>▪ IA: PE, F |
| | | | ▪ HEB3.2.2. Explica a expansión colonial en América e no Pacífico durante o século XVI. | ▪ CCL<br>▪ CSC | ▪ 3 | ▪ Outubro | ▪ PA: O, TD<br>▪<br>▪<br>▪ IA: PE, F |
| | | | ▪ HEB3.2.3. Analiza a política respecto a América no século XVI e as súas consecuencias para España, Europa e | ▪ CCL<br>▪ CAA | ▪ 2 | ▪ Outubro | ▪ PA: O, TD<br>▪<br>▪ |

| | Historia de España. 2º de bacharelato | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave | Grao Mínimo de Consecución | Temporalización | Procedementos (PA) e instrumentos de avaliación (IA) |
| | e o custo do Imperio. | | a poboación americana. | ▪ CSC | | | ▪ IA: PE, F |
| ▪ d<br>▪ e<br>▪ h<br>▪ i | ▪ B3.3. Crise e decadencia do Imperio no século XVII: os validos; expulsión dos mouriscos; proxectos de reforma de Olivares; guerra dos Trinta Anos e perda da hexemonía en Europa en favor de Francia; rebelións de Cataluña e Portugal en 1640; Carlos II e o problema sucesorio; crise demográfica e económica. | ▪ B3.3. Explicar as causas e as consecuencias da decadencia da monarquía hispánica no século XVII, relacionando os problemas internos, a política exterior e a crise económica e demográfica. | ▪ HEB3.3.1. Describe a práctica do valemento e os seus efectos na crise da monarquía. | ▪ CCL<br>▪ CSC | ▪ 2 | ▪ Novembro | ▪ PA: O, TD<br>▪<br>▪<br>▪ IA: PE, F |
| | | | ▪ HEB3.3.2. Explica os principais proxectos de reforma do Conde Duque de Olivares. | ▪ CCL<br>▪ CSC | ▪ 2 | ▪ Novembro | ▪ PA: O, TD<br>▪<br>▪<br>▪ IA: PE, F |
| | | | ▪ HEB3.3.3. Analiza as causas da guerra dos Trinta Anos e as súas consecuencias para a monarquía hispánica e para Europa. | ▪ CCL<br>▪ CSC<br>▪ CAA | ▪ 2 | ▪ Novembro | ▪ PA: O, TD<br>▪<br>▪<br>▪ IA: PE, F |

| | Historia de España. 2º de bacharelato | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave | Grao Mínimo de Consecución | Temporalización | Procedementos (PA) e instrumentos de avaliación (IA) |
| | | | ▪ HEB3.3.4. Compara e comenta as rebelións de Cataluña e Portugal de 1640. | ▪ CCL<br>▪ CSC<br>▪ CAA | ▪ 2 | ▪ Novembro | ▪ PA: O, TD<br>▪<br>▪<br>▪ IA: PE, F |
| | | | ▪ HEB3.3.5. Explica os principais factores da crise demográfica e económica do século XVII, e as súas consecuencias. | ▪ CCL<br>▪ CSC | ▪ 3 | ▪ Novembro | ▪ PA: O, TD<br>▪<br>▪<br>▪ IA: PE, F |
| | | | ▪ HEB3.3.6. Representa unha liña do tempo desde 1474 ata 1700, e sitúa nela os principais acontecementos históricos. | ▪ CMCCT<br>▪ CAA<br>▪ CSC | ▪ 2 | ▪ Novembro | ▪ PA: O, TD<br>▪<br>▪<br>▪ IA: PE, F |

| | Historia de España. 2º de bacharelato | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave | Grao Mínimo de Consecución | Temporalización | Procedementos (PA) e instrumentos de avaliación (IA) |
| ▪ d<br>▪ e<br>▪ g<br>▪ h<br>▪ i<br>▪ m<br>▪ n<br>▪ p | ▪ B3.4. Século de Ouro español: do Humanismo á Contrarreforma; Renacemento e Barroco na literatura e na arte. | ▪ B3.4. Recoñecer as grandes achegas culturais e artísticas do Século de Ouro español, extraendo información de interese en fontes primarias e secundarias (en bibliotecas, internet, etc.). | ▪ HEB3.4.1. Procura información de interese (en libros e internet) e elabora unha breve exposición sobre os seguintes pintores do Século de Ouro español: El Greco, Ribera, Zurbarán, Velázquez e Murillo. | ▪ CCL<br>▪ CD<br>▪ CAA<br>▪ CSC<br>▪ CCEC | ▪ 3 | ▪ Novembro | ▪ PA: O, TD<br>▪<br>▪<br>▪ IA: PE, F |
| | Bloque 4. España na órbita francesa: o reformismo dos primeiros Borbóns (1700-1788) | | | | | | |
| ▪ d<br>▪ e<br>▪ h | ▪ B4.1. Cambio dinástico e Guerra de Sucesión: unha contenda civil e europea; a Paz de | ▪ B4.1. Analizar a Guerra de Sucesión española como contenda civil e europea, e explicar as | ▪ HEB4.1.1. Explica as causas da Guerra de Sucesión Española e a composición dos bandos en conflito. | ▪ CCL<br>▪ CSC | ▪ 2 | ▪ Novembro | ▪ PA: O, TD<br>▪<br>▪<br>▪ IA: PE, F |

| | Historia de España. 2º de bacharelato | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave | Grao Mínimo de Consecución | Temporalización | Procedementos (PA) e instrumentos de avaliación (IA) |
| ▪ i | Utrecht e o novo equilibrio europeo; os pactos de familia con Francia. | súas consecuencias para a política exterior española e a nova orde internacional. | ▪ HEB4.1.2. Representa unha liña do tempo desde 1700 ata 1788, e sitúa nela os principais acontecementos históricos. | ▪ CMCCT<br>▪ CAA<br>▪ CSC | ▪ 2 | ▪ Novembro | ▪ PA: O, TD<br>▪<br>▪<br>▪ IA: PE, F |
| | | | ▪ HEB4.1.3. Detalla as características da nova orde europea xurdida da Paz de Utrecht e o papel de España nela. | ▪ CCL<br>▪ CSC | ▪ 2 | ▪ Novembro | ▪ PA: O, TD<br>▪<br>▪<br>▪ IA: PE, F |
Posto que a proba de avaliación final de bacharelato é o punto de referencia para a preparación desta materia, seguiremos a estrutura dos exames da ABAU como modelo de referencia desde a primeira avaliación. O obxectivo destes exames é comprobar a destreza dos alumnos e alumnas á hora de preparar as diferentes partes da proba, ademais de avaliar a súa capacidade de asimilación, transmisión e comprensión dos diferentes contidos. Empregaremos as diferentes rúbricas presentes nos exemplos da Ciuga.

Tomando como referencia, entón, o modelo proposto pola Ciuga para o exame de xuño de 2020 as probas escritas presentaremos nas tres avaliacións terán a seguinte estrutura:

- 1ª pregunta: Definición de catro termos, a escoller entre seis dos propostos (2 ptos, 0,50 c/u)
- 2ª pregunta: Temas dos bloques en 30/35 liñas (3 ptos)
- 3º pregunta: Composición histórica dos séculos XIX ou XX a partir de 3 documentos (5 ptos)

A avaliación será global e terase en conta se o alumno ou alumna responde correctamente ao tema e orientación formuladas e as calidades formais da exposición -claridade expositiva, capacidade crítica, rigor conceptual, emprego de terminoloxía axeitada, redacción e comprensión dos feitos históricos. Ademais, para simular todo o posible á proba ABAU empregaremos as rúbricas expostas na CIUGA como modelo de corrección, sendo o alumnado avaliado segundo os criterios que aí se recollen.

Haberá dúas probas escritas en cada avaliación e un exame de recuperación de cada avaliación non superada. As notas das probas parciais farán media para a nota de cada avaliación e considerarase non superada cando a media das probas non acade o 5. As faltas de ortografía nas probas escritas descontará 0,10 ptos por cada unha da nota final dos mesmos.

A nota final será a media das tres avaliacións. No mes de maio os alumnos e as alumnas terán a oportunidade de facer un exame final de recuperación das avaliacións non superadas:

- Os que teñan unha avaliación suspensa poderán recuperala.
- Os que teñan dúas ou máis terán que recuperar a totalidade da materia explicada.
- Na proba extraordinaria de xuño examinaranse da totalidade da materia.

Se algunha avaliación se aproba na recuperación, a nota para facer media será 5, non a nota do exame. Hai que ter as tres avaliacións aprobadas para poder superar a materia.

A proba extraordinaria da materia terá lugar no mes de xuño e terá unha estrutura similar á proba de xuño tendo en conta a proba de ABAU que terá lugar no mes de xullo.

**♦Adaptación dos criterios de avaliación e cualificación en caso de docencia non presencial.**

- Procedementos de avaliación: Realización de actividades similares ás propostas ao longo do curso. Control das actividades propostas durante o período lectivo non presencial relacionadas ca materia.

Instrumentos de avaliación: Seguimento do alumnado mediante o rexistro e control das actividades e as probas escritas propostas.

-Criterios de avaliación: Os criterios serán os mesmos que no caso do ensino presencial. A cualificación final obterase mediante a nota media das tres avaliacións. Este alumnado ten a posibilidade de subir nota, ata un máximo de 1 punto, se realizan e entregan en tempo as actividades voluntarias propostas. Todos os alumnos e alumnas poderán recuperar aquela avaliación ou avaliacións suspensas mediante actividades de recuperación que gardan un formato similar cos exames feitos durante o curso. Aqueles que teñan suspensas as tres avaliacións poderán alcanzar a nota máxima de 5 na nota final ordinaria. En caso de ter algunha das avaliacións aprobadas, podería alcanzar a nota máxima de 6 sempre e cando teña na/s avaliación/s suspensas máis dun 3,5.

### 2.9-Deseño da avaliación inicial e medidas a adoptar en función dos resultados.

A avaliación inicial realizarase a comezos do curso, no transcurso da primeira unidade didáctica, na cal iremos observando o nivel tanto xeral (do conxunto do grupo) como individual, para así poder adaptar tanto a nosa metodoloxía como os contidos a traballar aos coñecementos previos do alumnado.

### 2.10-Medidas de atención á diversidade.

Non se prevé a presenza de alumnado con necesidades especiais pero, de tódolos xeitos, a medida que avance o curso, de advertirse dificultades particulares, trataremos de darlles resposta a través da realización de diversas actividades de reforzo.

### 2.11-Concreción dos elementos transversais.

Nunha materia como Historia de España, consideramos que podemos aportar ao alumnado moito máis unha formación restritivamente académica. O estudo da historia pódenos proporcionar unha maior capacidade para comprender os fenómenos sociais dende unha perspectiva global e integradora, así como tamén aprender dos erros dun pasado para non repetilos no futuro, á vez que aporta ao alumnado unha maior integración no seu contexto social.

A través dos contidos, así como das actividades individuais e colaborativas que pensabamos levar a cabo, consideramos que podemos promover a aprendizaxe de elementos transversais que afectan a todos os ámbitos da vida do estudantado, aportando valores que apoien a liberade, a igualdade, o pluralismo político e ideolóxico, a paz, a democracia, o respecto aos dereitos humanos, a igualdade entre homes e mulleres, a prevención contra calquera tipo de violencia así como a prevención e resolución de conflitos. Por outra parte, co traballo desempeñado no curso consideramos que tamén aportamos á comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, as tecnoloxías da información e da comunicación, o emprendemento e a educación cívica e constitucional.

### 2.12-Actividades complementarias e extraescolares programada

Entendemos a materia de Historia de España nun contexto de tensións e presións pola presenza das probas da ABAU. A escaso número de sesión das que dispoñemos para abarcar todos os contidos e preparar, ademais, un determinado modelo de exame, fai que se nos presenten dificultades para abordar diferentes aspectos históricos que poderían ser interesantes para o alumnado. Hai que engadir que non contemplamos facer saídas extraescolares para este curso escolar. Sen embargo, a medida que avancemos no curso, poderemos propoñer algunha actividade que se nos amose interesante sempre que se axuste ao tempo do que dispoñemos para impartir a nosa materia.

## 3-XEOGRAFÍA DE ESPAÑA: SEGUNDO CURSO BAC.

### 3.1-Introdución e contextualización.

A Xeografía ocúpase especificamente do espazo, as paisaxes e as actividades que se desenvolven sobre o territorio, e analiza a relación entre a natureza e a sociedade, así como as súas consecuencias. Ten como obxectivo a comprensión do territorio, produto da interrelación de múltiples factores, e, ademais, que o alumnado poida explicar a realidade xeográfica española, con especial atención ao territorio galego, como referente e identidade próxima. Grazas a este coñecemento adquirido, a Xeografía pode transmitir a idea de responsabilidade dentro da sociedade, posto que o ser humano é o principal axente de transformación do medio natural: desta maneira, a materia de Xeografía participa moi profundamente na formación en valores no eido dos principios do desenvolvemento sustentable e o medio, como recurso escaso e non renovable.

O uso dos instrumentos propios desta disciplina (entre outros a cartografía, imaxes ou estatísticas de distinto tipo) achega a posibilidade de analizar e realizar interpretacións globais, sistemáticas e integradas da realidade, identificar as unidades territoriais, as paisaxes e os resultados da actividade humana para poder coñecer e comprender o espazo. Deste xeito, a materia de Xeografía proposta neste curso ten como obxectivos fundamentais dar unha interpretación global e interrelacionada de cada fenómeno xeográfico, e ofrecer os mecanismos que sirvan para dar respostas e explicacións aos problemas do territorio español; unhas aprendizaxes que leven á comprensión da coevolución socioecolóxica dos territorios.

A distribución de contidos que se propón pretende afianzar os coñecementos sobre Xeografía adquiridos na ESO e, por outra banda, afondar no coñecemento da ciencia xeográfica para proporcionar as conexións con opcións posteriores.

A Xeografía de España non pode concivirse só na diversidade que lle proporcionan as comunidades autónomas, senón que é necesario coñecer ademais as interdependenzas que a vinculan co resto do mundo, en especial coa Unión Europea (UE), xa que estes aspectos teñen a súa tradución nos procesos de organización do territorio. Os conxuntos espaciais cos que o noso país se relaciona (UE, áreas xeograficamente próximas e outras zonas do mundo cuxos aspectos políticos, sociais e económicos manteñen relacións con España) inclúense nun tema final que contextualizará España nas súas relacións coa UE e co resto do mundo. Ademais, a través destes coñecementos rescátanse os aspectos aprendidos polo alumnado que non deben perderse.

Os primeiros temas conteñen os coñecementos básicos para a construción do coñecemento xeográfico do país e para explicar a variedade de paisaxes de España.

Dado que o alumnado terá que realizar un exame externo da materia ao final do curso dentro das Probas de Acceso á Universidade (PAU), é inevitable que o deseño da materia se vexa fortemente influído polas directrices publicadas polo grupo de traballo de Xeografía da Comisión Interuniversitaria de Galicia (CIUG) para ditas probas (ver http://ciug.cesga.es/grupos/xeografia.php).

### 3.2-Previsión do desenvolvemento da programación nos escenarios de actividade lectiva semipresencial e/ou non presencial.

No caso de ter que seguir o curso de modo non presencial, por mor das medidas tomadas en canto a prevención de contaxio do covid-19, os contidos manteranse inalterables debido á preparación das probas ABAU e que nos obriga a dar os contidos na súa totalidade.

A través da Aula Virtual do centro o alumnado recibirá, ademais da información relacionada cas probas ABAU, os contidos cada quince días e deberá elaborar as actividades propostas cando se indique. Tamén a través da Aula Virtual o alumnado enviará a resolución das tarefas propostas nas datas indicadas. Contemplamos a exposición de contidos de relevancia de modo telemático onde o alumnado poderá seguir as clases en tempo real e poderá preguntar aquelas dúbidas que vaian xurdindo en relación coa materia e as probas escritas. O seguemento e control do traballo do alumnado será continuo, cun rexistro de entrega de tarefas e de asistencia ás clases virtuais.

En relación ás probas escritas e as actividades propostas para o alumnado, estas seguirán o formato indicado polo grupo de traballo ABAU e deberán ser entregadas na datas sinaladas. A non entrega das probas escritas e das actividades supón que o alumnado deberá recuperar esa parte da materia non entregada.

O correo electrónico do centro será un modo de conexión co alumnado e as súas familias co centro e o profesor da materia.

### 3.3-Contribución ao desenvolvemento das competencias clave.

-CCL : Competencia en Comunicación Lingüística.- na medida en que a linguaxe é un vehículo natural de comunicación no proceso de ensinanza-aprendizaxe, a competencia en comunicación lingüística resulta imprescindible. O seu desenvolvemento cotiá permitirá ao alumnado perfeccionar aspectos xa traballados na ESO e madurar na súa capacidade de expresión, tanto escrita coma oral:

- narrar, disertar e argumentar con correción ortográfica, léxica e sintáctica; (XHB1.1.1, XHB1.2.1…)

-adquirir un vocabulario preciso e específico da Xeografía que deberá asumir o alumnado, como tamén a capacidade para utilizalo correctamente; (XHB2.1.1, XHB2.7.1…)

-ler, interpretar e escribir diferentes tipos de textos complexos e que resultan fundamentais como elementos de información; ((XHB2.1.1, XHB3.3.1…)

-ser capaces de expoñer clara e sistematicamente as ideas, argumentando con rigor e precisión. (XHB3.4.1, XHB3.9.2…)

-CMCCT : Competencia Matemática e Competencias básicas en Ciencia e Tecnoloxía.- a competencia clave matemática traballarase coa utilización de elementos e razoamentos matemáticos para interpretar e producir información; moi especialmente, as competencias en ciencia e tecnoloxía están moi presentes, xa que en Xeografía requírese abordar aprendizaxes de feitos e procedementos propios das ciencias da terra ou da estatística. Contribúese á adquisición desta competencia na medida en que se asegure que a dimensión espacial impregne a aprendizaxe dos contidos xeográficos, adquirindo particular importancia o desenvolvemento de procedementos de orientación, localización, observación e interpretación de espazos, paisaxes e a súa representación cartográfica.(XHB4.3.1, XHB4.5.2…)

-CD : Competencia Dixital: cobra especial protagonismo a traverso da universalización da cartografía dixital e o tratamento cotiá das imaxes por satélite. A materia permite poñer en práctica habilidades para buscar, obter, procesar e comunicar a información e transformala en coñecemento.

-buscar información en páxinas especializadas; (XHB4.6.1, XHB5.4.3…)

-elaborar presentacións (XHB6.10.1, XHB12.6.1…)

-comprender a información e integrala nos esquemas previos de coñecemento e, así mesmo, capacitarse para a transmisión desta información do xeito máis eficaz posible. (XHB9.1.1…)

-CAA : Competencia Aprender a Aprender: avanzar na aprendizaxe dun xeito cada vez máis autónomo, ideando estratexias, buscando recursos e orientándose cara a aprendizaxe no ensino superior: (XHB1.2.2, XHB3.2.1…)

-consolidar e avanzar no uso de ferramentas que faciliten a aprendizaxe;

-atopar repostas que se correspondan cun coñecemento racional, asumindo que poden ser diversas e que é posible atopalas desde distintas perspectivas metodolóxicas.

Para asumir esta competencia é preciso tamén coñecer o que se sabe e o que queda por aprender, orientando os procesos de aprendizaxe ata as nosas capacidades. Noutras palabras, trátase de coñecer as propias potencialidades e as propias carencias.

-CSC : Competencias Sociais e Cívicas: reciben un tratamento moi específico relacionado cos contidos propios da Xeografía como o desenvolvemento sustentable, que ademais é un elemento transversal ao longo da etapa. A Xeografía expresa e reflicte a conformación das identidades sociais e territoriais. Na medida en que constrúe as categorías de tempo e espazo social permite a construción de tempo e espazo persoal no alumnado. Pero, para que estas categorías se traduzan no desenvolvemento dunha competencia social fomentarase:

-as relacións dentro dun modelo de sociedade cada vez máis plural coa comprensión da realidade social cambiante e a asimilación de valores democráticos, solidarios e igualitarios;

-a conformación das identidades sociais e territoriais; (XHB5.1.2, XHB12.4.1…)

-posibilitar unha interacción responsable co medio. O mundo en que vivimos é froito das decisións que tomaron os nosos antepasados máis ou menos libremente. Esta visión permitiralle ao alumnado adquirir a conciencia de que o futuro está condicionado polas nosas decisións e actuacións, e adoptar, polo tanto, unha posición comprometida e responsable ante este; (XHB5.2.1, XHB5.2.2…)

-metodoloxías participativas, interactivas e dialóxicas, que propicien habilidades para participar na vida cívica, para asumir os valores democráticos e para o cumprimento dos deberes.

-CSIEE : Competencia de Sentido de Iniciativa e Espírito Emprendedor: adquisición das actitudes que permitan a maduración persoal, como son a responsabilidade, o coñecemento, a autoestima, a responsabilidade, a perseveranza, o control emocional e moitas outras na mesma liña. Todo destinado a converter as ideas en accións, é dicir, conseguir a autonomía persoal básica e a iniciativa suficiente para ser capaz de emprender e desenvolver accións e proxectos con confianza, creatividade e sentido crítico. Curiosamente, ningún dos estándares marcados polo curriculum para esta materia establece relación con esta competencia.

-CCEC : Competencia de Conciencia e Expresións Culturais: apreciar, comprender e valorar as diferentes manifestacións culturais materiais e inmateriais, como materializacións das capacidades máis excelsas do ser humano;

-utilizalas para o enriquecemento persoal e estimalas como elementos do patrimonio cultural de que dispoñemos e comprensión da necesidade de do valor da súa preservación;

-descubrir e establecer as relacións entre o medio físico e social e as producións culturais que son o seu froito.

Novamente, o decreto non recolle relación entre os estándares de aprendizaxe e esta competencia.

## 3.4-Concreción, de ser o caso, dos obxectivos para o curso.

De entre os obxectivos establecidos polo Decreto 86/2015 de 25 de xullo para o currículo de bacharelato, indicamos aqueles que implican máis directamente a materia de Xeografía:

a) Exercer a cidadanía democrática, desde unha perspectiva global, e adquirir unha conciencia cívica responsable, inspirada polos valores da Constitución española e do Estatuto de autonomía de Galicia, así como polos dereitos humanos, que fomente a corresponsabilidade na construción dunha sociedade xusta e equitativa e favoreza a sustentabilidade.

b) Consolidar unha madureza persoal e social que lle permita actuar de forma responsable e autónoma e desenvolver o seu espírito crítico. Ser quen de prever e resolver pacificamente os conflitos persoais, familiares e sociais.

c) Fomentar a igualdade efectiva de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres, analizar e valorar criticamente as desigualdades e discriminacións existentes e, en particular, a violencia contra a muller, e impulsar a igualdade real e a non discriminación das persoas por calquera condición ou circunstancia persoal ou social, con atención especial ás persoas con discapacidade.

d) Afianzar os hábitos de lectura, estudo e disciplina, como condicións necesarias para o eficaz aproveitamento da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.

h) Coñecer e valorar criticamente as realidades do mundo contemporáneo, os seus antecedentes históricos e os principais factores da súa evolución. Participar de xeito solidario no desenvolvemento e na mellora do seu contorno social.

l) Afianzar a sensibilidade e o respecto cara ao medio ambiente e a ordenación sustentable do territorio, con especial referencia ao territorio galego.

p) Valorar, respectar e afianzar o patrimonio material e inmaterial de Galicia, e contribuír á súa conservación e mellora no contexto dun mundo globalizado.

-Perseguiranse máis en concreto con relación á materia os seguintes obxectivos:

1)Coñecer e empregar un vocabulario científico propio da Xeografía.

2)Identificar e comprender os elementos básicos da organización territorial, utilizando conceptos, procedementos e destrezas especificamente xeográficas para explicar o espazo como unha realidade dinámica, diversa e complexa, na que interveñen múltiples factores.

3)Comprender e analizar a realidade xeográfica de España e de Galicia como un espazo dinámico, que é o resultado da interacción de procesos sociais, económicos, tecnolóxicos e culturais, que actuaron nun marco natural e histórico particular.  espazos supranacionais con actitude solidaria e participativa.

4)Comprender e explicar a diversidade e a pluralidade do espazo xeográfico español, e identificar os grandes contrastes e a complexidade territorial derivada dos distintos factores naturais, históricos e de organización espacial que foron modelando a sociedade, a cultura e o territorio de forma interdependente.

5)Explicar a posición de España e de Galicia nun mundo cada vez máis interrelacionado, no que coexisten a un tempo, procesos de globalización na economía e de desigualdade socioeconómica, ante a que se formulan respostas locais, prestando unha atención especial á Unión Europea, ás súas características territoriais e ás consecuencias da integración en España e en Galicia.

6)Valorar a función do medio natural, dos recursos naturais e das actividades produtivas na configuración do espazo xeográfico español, recoñecer a súa relación mutua coa sociedade, percibir a condición do home como o axente de actuación máis poderoso e rápido sobre o medio.

7)Entender a poboación como o recurso esencial coas características cuantitativas e cualitativas que interveñen de forma eminente na configuración e no dinamismo dos procesos que definen o espazo.

8)Saber argumentar a desigual distribución xeográfica da poboación española, nas súas diferentes categorías, comprendendo a súa dinámica, a súa estrutura e os problemas demográficos que poidan formularse no futuro.

9)Comprender a interdependencia de todos os territorios que integran España, así como a Unión Europea e outros ámbitos xeográficos mundiais, para desenvolver actitudes de coñecemento, respecto, aprezo e cooperación con espacios próximos e afastados do hábitat do alumno e prestar especial atención á superación dos distintos niveis de desenvolvemento e de saúde das poboacións do planeta.

10)Adquirir conciencia espacial para participar de forma activa e responsable nas decisións que afecten á ordenación do territorio, e valorar a necesidade de potenciar o equilibrio natural e a equidade social.

11)Comprender e empregar os procedementos específicos do coñecemento xeográfico para explicar unha situación territorial, partindo das percepcións espontáneas e contrastándoas cos argumentos científicos para elaborar novas e verificables hipóteses a través de datos.

12)Ser conscientes da inestabilidade dos medios xeográficos de Galicia, de España e de Europa e dos graves problemas producidos a causa de actuacións incorrectas: contaminación, degradación urbana, deforestación, degradación ambiental, desertización, especulación urbanística, etc.

### 3.5-Concreción para cada estándar de aprendizaxe avaliable de:

#### •Temporalización.

•Primeiro trimestre: de setembro a decembro. Traballaremos os bloques 1 a 4 do currículo.

| Unidades | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares |
|---|---|---|---|
| 1-A Xeografía e o espazo xeográfico. Procedementos de traballo. | B1.1 a B1.6 | B1.1 a B1.6 | XHB1.1.1 a XHB1.6.1 |
| 2-O relevo de España. | B2.1 a B2.7 | B2.1 a B2.7 | XHB2.1.1 a XHB 2.7.2 |
| 3-Climas e paisaxes climáticas de España. | B3.1 a B3.9 | B3.1 a B3.9 | XHB3.1.1 a XHB3.9.2 |
| 4-Hidrografía en España. | B4.1 a B4.6 | B4.1 a B4.6 | XHB4.1.1 a XHB4.6.1 |

•Segundo trimestre: de xaneiro a marzo. Traballaremos os bloques 5 a 8 do currículo.

| Unidades | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares |
|---|---|---|---|
| 5-Paisaxes naturais en España e interacción humana | B5.1 a B5.5 | B5.1 a B5.5 | XHB5.1.1 a XHB5.5.1 |
| 6-A poboación española. | B6.1 a B6.10 | B6.1 a B6.10 | XHB6.1.1 a XHB6.10.1 |
| 7-O sector primario en España. | B7.1 a B7.8 | B7.1 a B7.8 | XHB7.1.1 a XHB7.8.1 |
| 8-O sector industrial español | B8.1 a B8.6 | B8.1 a B8.6 | XHB8.1.1 a XHB8.6.1 |

·Terceiro trimestre: de abril a xuño. Traballaremos os bloques 9 a 12 do currículo.

| Unidades | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares |
|---|---|---|---|
| 9-O sector servizos en España. | B9.1 a B9.7 | B9.1 a B9.7 | XHB9.1.1 a XHB9.7.1 |
| 10-O espazo urbano español. | B10.1 a B10.8 | B10.1 a B10.8 | XHB10.1.1 a XHB10.8.1 |
| 11-A organización territorial do Estado español. | B11.1 a B11.5 | B11.1 a B11.5 | XHB11.1.1 a XHB11.5.2 |
| 12-España nos contextos europeo e mundial. | B12.1 a B12.6 | B12.1 a B12.6 | XHB12.1.1 a XHB12.6.1 |

### •Grao mínimo de consecución para superar a materia.

Para a superación da materia o alumnado deberá ter en conta utilizar e aplicar adecuadamente durante todo o curso os conceptos (vocabulario específico) propios da disciplina. Este vocabulario deberá empregarse necesariamente na resolución de exercicios, exames, actividades, xa sexan de forma oral ou escrita.

·Dominio básico do traballo coas fontes e procedementos xeográficos.

·Acadar como mínimo a resolución dun 50% dos estándares de aprendizaxe en cada avaliación.

-Respecto do traballo:

·Será imprescindible responder de xeito argumentativo, adecuado ao nivel. Non se valorarán as meras respostas monosilábicas ou as frases soltas, valorándose en cambio a redación correcta e coidada.

·A adecuación das tarefas e actividades ás pautas indicadas para a súa realización, así como o cumprimento dos prazos de entrega de traballos propostos.

·Será preceptiva a realización dos traballos propostos que serán de carácter individual.

-Respecto das avaliacións:

·Será preciso ter as tres avaliacións aprobadas para superar o curso.

-Respecto da actitude:

·Espérase do alumnado unha actitude respectuosa dentro da aula.

·O material básico, deberá estar presente na aula todos os días de clase.

### •Procedementos e instrumentos de avaliación.

Para a avaliación da consecución dos estándares de aprendizaxe por parte do alumnado realizaranse:

-Acitividades, exercicios e cuestións a resolver no curso das sesións, que requirirán a participación oral do alumnado ou ben a súa elaboración escrita.

-Realización dun máximo de dous exames escritos por avaliación.

-Toma en consideración da participación activa do alumnado na marcha das clases.

-Os instrumentos de avaliación dentro desta planificación serán:

1.Observación: permitiranos comprobar o ritmo de adquisición de contidos conceptuais, das técnicas e da metodoloxía de traballo, e das actitudes do alumnado (interese pola materia e actitudes sociais máis relevantes como a convivencia, tolerancia, solidariedade, etc.).

2.As probas: exames. Ateranse sempre a contidos desenvolvidos na clase mediante explicación da profesora e ás actividades propostas. O plantexamento dos exames orientarase cara a unha demostración de comprensión dos contidos, das capacidades de interrelación multicausal, de capacidades de síntese, capacidades de expresión, adecuación das técnicas de traballo (comentario de textos, gráficos, mapas, exposición dun tema e definición de termos). A estrutura dos exames seguirá as pautas propostas polo grupo de traballo das ABAU.

3.Traballos individuais: consistirán fundamentalmente na preparación dos temas teóricos e as prácticas tendentes á preparación do exame de acceso á Universidade (ABAU).

| Unidades | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Grao mínimo de Consecución (%) |
|---|---|---|---|---|
| **1ª Avalición** | | | | |
| 1-A Xeografía e o espazo xeográfico. Procedementos de traballo. | -Concepto de Xeografía. Métodos e ferramentas propias da disciplina. | B1.1 | XHB1.1.1 | 50% |
| | -Características do espazo xeográfico. concepto de paisaxe como resultado da interación entre factores naturais e culturais. Desenvolvemento sustentable | B1.2 | XHB1.2.1<br>XHB1.2.2 | 60%<br>60% |
| | -Representación gráfica do espazo xeográfico a distintas escalas. | B1.3 | XHB1.3.1 | 70% |
| | -Planos e mapas: compoñentes e análise. O mapa topográfico nacional a escala 1:50.000. | B1.4 | XHB1.4.1<br>XHB1.4.2 | 90%<br>80% |
| | -Técnicas cartográficas. | B1.5 | XHB1.5.1 | 60% |
| | -Obtención e interpretación da Información cartográfica. Imaxes satélite. | B1.6 | XHB1.6.1 | 60% |
| 2-O relevo de España. | -España e a súa singularidade xeográfica: unidade e diversidade. | B2.1 | XHB2.1.1 | 100% |
| | -Relevo español: diversidade xeomorfolóxica. Localización dos principais accidentes xeográficos. | B2.2 | XHB2.2.1 | 70% |
| | -Evolución xeolóxica do territorio español como conformadora das diferentes morfoestruturas. | B2.3 | XHB2.3.1 | 100% |
| | -Litoloxía peninsular e insular e formas de modelaxe. | B2.4 | XHB2.4.1 | 80% |
| | -Identificación das unidades do relevo español peninsular e insular, e os trazos de cada unha. | B2.5 | XHB2.5.1 | 100% |
| | -Corte topográfico: realización e análise. | B2.6 | XHB2.6.1 | 90% |
| | -Concepto de solo. Os solos de España: variedade edáfica e as súas características. | B2.7 | XHB2.7.1<br>XHB2.7.2 | 90%<br>90% |
| 3-Climas e paisaxes climáticas de España. | -Clima e tempo atmosférico. Factores xeográficos, dinámica atmosférica e elementos do clima. | B3.1 | XHB3.1.1 | 100% |
| | -Dominios climáticos españois: as súas características e representación en climogramas. | B3.2 | XHB3.2.1 | 100% |
| | -Dominios climáticos españois: factores limitadores. | B3.3 | XHB3.3.1 | 100% |
| | -Variabilidade climática. Temperatura e | B3.4 | XHB3.4.1 | 100% |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| | precipitación.<br>-Situacións sinópticas e tipos de tempo atmosférico en España.<br>-Mapas do tempo, altura e superficie: análise e interpretación.<br>-Escenarios de cambio climático en diferentes dominios do territorio peninsular e insular.<br>-Factores xeográficos e características da vexetación. Rexións bioxeográficas.<br>-Formacións vexetais españolas e a súa distribución. Análise de cliseries de vexetación. | B3.5<br><br>B3.6<br><br>B3.7<br><br><br>B3.8<br><br>B3.9 | XHB3.5.1<br>XHB3.5.2<br>XHB3.6.1<br><br>XHB3.7.1<br>XHB3.7.2<br><br>XHB3.8.1<br><br>XHB3.9.1<br>XHB3.9.2 | 70%<br>80%<br>90%<br><br>90%<br>80%<br><br>100%<br><br>70%<br>100% |
| 4-Hidrografía en España. | -Diversidade hídrica da península e das illas. Principais elementos hídricos nas paisaxes.<br>-Vertentes hidrográficas. Principais cuncas fluviais peninsulares.<br>-Réximes fluviais predominantes.<br>-Zonas húmidas en España.<br>-Aproveitamento dos recursos hídricos: incidencia da seca e das choivas torrenciais.<br>-Augas subterráneas. | B4.1<br><br><br>B4.2<br><br>B4.3<br>B4.4<br>B4.5<br><br><br>B4.6 | XHB4.1.1<br><br><br>XHB4.2.1<br><br>XHB4.3.1<br>XHB4.4.1<br>XHB4.5.1<br>XHB4.5.2<br><br>XHB4.6.1 | 60%<br><br><br>100%<br><br>60%<br>70%<br>70%<br>80%<br><br>50% |
| **2ª Avaliación** | | | | |
| 5-Paisaxes naturais en España e interacción humana. | -Paisaxes naturais españolas.<br><br>-Influenza do medio na actividade humana. Políticas favorecedoras do patrimonio natural.<br>-Os medios humanizados e a súa interacción no espazo xeográfico. Paisaxes culturais.<br>-Aproveitamento sustentable do medio físico.<br><br>-Variedades de paisaxes naturais. | B5.1<br><br>B5.2<br><br><br>B5.3<br><br><br>B5.4<br><br><br>B5.5 | XHB5.1.1<br>XHB5.1.2<br>XHB5.2.1<br>XHB5.2.2<br><br>XHB5.3.1<br><br><br>XHB5.4.1<br>XHB5.4.2<br>XHB5.4.3<br>XHB5.5.1 | 90%<br>100%<br>70%<br>50%<br><br>90%<br><br><br>70%<br>70%<br>60%<br>80% |
| 6-A poboación española | -Fontes para o estudo da poboación. Procedementos de análise en demografía.<br>-Evolución histórica.<br><br>-Movementos naturais de poboación .<br>-Distribución territorial da poboación.<br>-Migracións.<br><br><br>-Mapa da distribución da poboación española.<br>-Mapa de densidade da poboación española.<br>-Conformación do espazo demográfico actual. Definición e cálculo de taxas demográficas.<br>-Diversidades rexionais. Estrutura, | B6.1<br><br><br>B6.2<br><br>B6.3<br><br>B6.4<br>B6.5<br><br><br>B6.6<br><br>B6.7<br><br>B6.8<br><br><br>B6.9 | XHB6.1.1<br><br><br>XHB6.2.1<br>XHB6.2.2<br>XHB6.3.1<br>XHB6.3.2<br>XHB6.4.1<br>XHB6.5.1<br>XHB6.5.2<br>XHB6.5.3<br>XHB6.6.1<br><br>XHB6.7.1<br><br>XHB6.8.1<br><br><br>XHB6.9.1 | 100%<br><br><br>100%<br>100%<br>100%<br>50%<br>100%<br>70%<br>80%<br>80%<br>90%<br><br>100%<br><br>100%<br><br><br>80% |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| | problemática actual e posibilidades de futuro da poboación española. Realidade demográfica galega.<br>-Ordenación do territorio. Peso do factor demográfico. | B6.10 | XHB6.10.1 | 80% |
| 7-O sector primario en España. | -Peso das actividades agropecuarias, forestais e pesqueiras no PIB. Poboación activa.<br>-Aspectos naturais e históricos que explican os factores agrarios.<br>-Elementos que conforman as paisaxes agrarias. Paisaxes agrarias de España: características.<br>-Estrutura da propiedade e tenencia da terra.<br>-Explotacións agrarias: características. Tipos de agricultura: coexistencia de formas avanzadas e tradicionais. transformacións agroindustriais.<br>-Políticas de reforma agraria. Situación española do sector no contexto da Unión Europea. Política Agraria Común (PAC).<br>-Actividade pesqueira: localización, características e problemas. Análise dos aspectos físicos e humanos que conforman o espazo pesqueiro. Caso galego.<br>-Silvicultura: características e desenvolvemento no territorio. | B7.1<br>B7.2<br>B7.3<br>B7.4<br>B7.5<br>B7.6<br>B7.7<br>B7.8 | XHB7.1.1<br>XHB7.1.2<br>XHB7.2.1<br>XHB7.2.2<br>XHB7.3.1<br>XHB7.4.1<br>XHB7.5.1<br>XHB7.6.1<br>XHB7.6.2<br>XHB7.7.1<br>XHB7.7.2<br>XHB7.8.1 | 100%<br>100%<br>80%<br>70%<br>90%<br>80%<br>100%<br>60%<br>100%<br>100%<br>70%<br>80% |
| 8-O sector industrial español. | -Proceso de industrialización español: características e breve evolución histórica.<br>-Localización das fontes de enerxía en España.<br>-Achega ao PIB da industria. Poboación activa. Deficiencias e problemas do sector industrial español.<br>-Elementos das paisaxes industriais. Tipoloxías de paisaxes.<br>-Rexións industriais e eixes de desenvolvemento de España: importancia das políticas territoriais no sector. Planificación e perspectivas de futuro.<br>-Influenza da política da Unión Europea na configuración da industria española. | B8.1<br>B8.2<br>B8.3<br>B8.4<br>B8.5<br>B8.6 | XHB8.1.1<br>XHB8.1.2<br>XHB8.1.3<br>XHB8.2.1<br>XHB8.3.1<br>XHB8.3.2<br>XHB8.4.1<br>XHB8.5.1<br>XHB8.5.2<br>XHB8.5.3<br>XHB8.6.1 | 90%<br>80%<br>70%<br>100%<br>90%<br>100%<br>100%<br>60%<br>100%<br>90%<br>100% |
| **3ª Avaliación** | | | | |
| 9-O sector servizos en España. | -Terciarización da economía española: influenza no PIB. Poboación activa do sector terciario.<br>-Análise dos servizos e distribución no territorio.<br>-Sistema de transportes en España. | B9.1<br>B9.2<br>B9.3 | XHB9.1.1<br>XHB9.2.1<br>XHB9.3.1 | 100%<br>80%<br>70% |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| | Impacto das infraestruturas sobre o espazo xeográfico. | | XHB9.3.2<br>XHB9.3.3<br>XHB9.3.4<br>XHB9.3.5 | 80%<br>60%<br>60%<br>50% |
| | -Desenvolvemento comercial: características, evolución e distribución territorial. | B9.4 | XHB9.4.1 | 80% |
| | -Espazos turísticos: características e evolución. | B9.5 | XHB9.5.1 | 80% |
| | -Outras actividades terciarias: sanidade, educación, finanzas e servizos públicos. | B9.6 | XHB9.6.1<br>XHB9.6.2<br>XHB9.6.3 | 100%<br>50%<br>60% |
| | -Transformacións das paisaxes nas zonas turísticas. Caso do litoral. | B9.7 | XHB9.7.1 | 100% |
| 10-O espazo urbano español. | -Concepto de cidade e a súa influenza na ordenación do territorio. | B10.1 | XHB10.1.1 | 100% |
| | -Morfoloxía e estrutura urbanas. Análise socioeconómica e política a través do plano da cidade. | B10.2 | XHB10.2.1 | 100% |
| | -Planificacións urbanas. Instrumentos do planeamento. | B10.3 | XHB10.3.1<br>XHB10.3.2 | 80%<br>60% |
| | -Características do proceso de urbanización. Áreas de influenza. | B10.4 | XHB10.4.1<br>XHB10.4.2 | 100%<br>100% |
| | -Características da paisaxe urbana. | B10.5 | XHB10.5.1<br>XHB10.5.2 | 100%<br>60% |
| | -Usos do solo urbano. Ordenación territorial. | B10.6 | XHB10.6.1 | 100% |
| | -Rede urbana española. Características do proceso de crecemento espacial das cidades. | B10.7 | XHB10.7.1 | 70% |
| | -Sistema urbano español: desenvolvemento sustentable. Cidades saudables. O territorio coma recurso. | B10.8 | XHB10.8.1 | 70% |
| 11-A organización territorial do Estado español | -Organización territorial de España. | B11.1 | XHB11.1.1 | 100% |
| | -Influenza da historia e da Constitución de 1978 no deseño territorial. | B11.2 | XHB11.2.1<br>XHB11.2.2<br>XHB11.2.3<br>XHB11.2.4 | 90%<br>100%<br>80%<br>100% |
| | -Desequilibrios e contrastes territoriais. | B11.3 | XHB11.3.1 | 90% |
| | -Comunidades Autónomas: políticas rexionais e de cohesión territorial. Comunidade Autónoma de Galicia. | B11.4 | XHB11.4.1 | 80% |
| | -A cuestión territorial na España das Autonomías. | B11.5 | XHB11.5.1<br>XHB11.5.2 | 60%<br>80% |
| 12-España nos contextos europeo e mundial. | -España: situación xeográfica; posición e localización dos territorios que conforman a unidade e a diversidade política. | B12.1 | XHB12.1.1<br>XHB12.1.2<br>XHB12.1.3 | 100%<br>90%<br>90% |
| | -España en Europa. Estrutura territorial, contrastes físicos e socioeconómicos de Europa. | B12.2 | XHB12.2.1 | 100% |
| | -Posición de España na Unión Europea. Políticas rexionais e de cohesión territorial. | B12.3 | XHB12.3.1<br>XHB12.3.2 | 100%<br>90% |
| | -España no mundo. Globalización e diversidade no mundo. | B12.4 | XHB12.4.1 | 90% |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| | -Procesos de mundialización e desigualdades territoriais. Grandes eixes mundiais. | B12.5 | XHB12.5.1 | 70% |
| | -Posición de España nas áreas socioeconómicas e xeopolíticas mundiais. | B12.6 | XHB12.6.1 | 90% |

### 3.6-Concrecións metodolóxicas que require a materia.

Estratexias expositivas: nas exposicións dos contidos da materia, o profesorado fomentará a participación do alumno fronte á simple recepción pasiva desas explicacións. Promoverá o diálogo constante e interactivo entre os propios alumnos e entre estes e o profesor con as preguntas aclaratorias etc., procurando o mellor entendemento da materia posible.

Estratexias referenciais: O profesor terá unha relación constante coa realidade inmediata e contorna -noticias de prensa, conflitos actuais, e algúns feitos significativos do ámbito comarcal ou local - e coa práctica.

Estratexias de indagación para a asimilación de contidos procedimentais e hábitos, técnicas e métodos de traballo e estudio: traballos de síntese mais que de investigación con bibliografía variada, comentarios de imaxes, mapas, táboas e gráficas, etc..

Fomento das TIC: presentacións en PowerPoint, uso de internet, xa sexa coma fonte de información e investigación, coma lugar de encontro, ou coma fondo de materiais de clase e complementarios.

### 3.7-Materiais e recursos didácticos.

*Libro de Texto: Xeografía. Editorial Anaya.

*Cartografía: Mapas murais da Península Ibérica: Físico, Político, climatolóxico, etc.

-Presentacións en PowerPoint da práctica totalidade dos temas.

- Geografía General. Editorial Hiares

- Geografía General. Editorial La Muralla

- Geografía de España. Edit. Vicens Vives.

-MARTÍN VIDE, J.: Interpretación de los mapas del tiempo. Ketres.

- PÉREZ ALBERTI, A.: A Xeografía en imaxe. Edit. Xunta de Galicia.

- PÉREZ ALBERTI, A.: O relevo da costa. Editorial Bahía.

- Diapositivas Proxecto Terra. Arquitectura Popular.

* Enderezos de Internet:

- Páxina web da CIUGA, Xeografía.

- Google Earth

- Instituto Geográfico Nacional (2002): Imagen y paisaje

* Plano topográfico 1:25.000 de Pobra do Caramiñal.

* Enderezos de Internet:

- Instituto Nacional de Meteoroloxía: http://WWW.inm.es

- Greenpeace España: http:// www.greenpeace.es

♦**Adaptación de materiais e recursos en caso de docencia non presencial.**

Os materiais a empregar serán os mesmos que no caso do ensino presencial, material elaborado pola profesora, o libro de texto en modo impreso e dixital que xa está a disposición de todo o alumnado, material audiovisual relacionado coa materia e que poderá visualizar o alumnado dende a súa propia casa e actividades elaboradas pola profesora como exemplos a seguir na preparación das probas de acceso a Universidade.

### 3.8-Criterios sobre a avaliación, a cualificación e a promoción do alumnado.

Os criterios de avaliación para cada estándar de aprendizaxe serán os recollidos no propio decreto 86/2015 de 25 de xullo para a materia de Xeografía de España.

O alumnado na avaliación deberá amosar:

1) Se selecciona, comprende e asimila conceptos e procesos propios da materia de Xeografía, e se os utilizan de xeito coherente e adecuado.

2) Se aplica as técnicas e métodos de traballo axeitados para estudar materiais propios das nosas disciplinas como documentos textuais, mapas topográficos e temáticos, fotografías, ou a propia paisaxe do entorno, imaxes, cine, literatura, coa finalidade de obter información, interpretala e avaliala.

3) Se expresa correctamente e de forma precisa as ideas e conceptos obtidos no proceso de aprendizaxe, utilizando a terminoloxía axeitada.

4) Se manifesta capacidade (creatividade) para relacionar, sintetizar, seleccionar e reelaborar a información e comprender problemas e procesos de forma estrutural.

A avaliación realizarase a nivel individual. Teranse en conta aspectos como a capacidade de descrición, de relación e de análise dos problemas históricos e xeográficos, a comprensión e expresión dos mesmos tanto de forma oral como escrita, os conceptos específicos da Xeografía e o desenvolvemento de actitudes de cara á materia.

As probas serán escritas. En cada avaliación faranse probas parciais que servirán para facer a media da avaliación. Non se farán medias con notas inferiores a 4. Á hora de redonderar notas con decimais terase en conta a corrección ortográfica e caligráfica, tanto cara arriba como cara abaixo. Darase ao alumnado que o precise a posibilidade de realizar un exame recuperación por avaliación, que poderá facerse antes ou despois da mesma, en función da marcha do curso; de facerse despois, terá que ser nas dúas semanas posteriores, para evitar demoras que compliquen o seguimento do curso. O alumnado deberá expresar a súa vontade e compromiso á hora de aproveitar esta nova oportunidade; de non ser así o caso, entenderase que o alumno/a renuncia á mesma. Dado que a recuperación se fará sobre cuestións xa previamente examinadas, esta medida só dará acceso á cualificación máxima de 5, pero non a nota, que o alumnado deberá procurar no primeiro exame.

A asistencia aos exames é obrigada nas datas e horas indicadas. Só por razón moi grave e debidamente xustificada desculparase a falta de asistencia aos mesmos; noutro caso, perderase a opción do exame correspondente, tendo que pasar á proba de recuperación.

A hora do exame é única e exclusivamente para a realización do mesmo. Non se permitirá en ningún caso a realización doutras tarefas, mesmo cando o alumno/a diga ter rematado. O alumno/a tampouco poderá saír da aula mentres non remate o tempo destinado á realización do exame.

Aqueles alumnos/as que, chegado o remate do curso, teñan unha única avaliación suspensa, terán dereito a recuperala antes do final do curso. Aqueles que cheguen ao final con dúas avaliacións suspensas, despois de térense realizado as correspondentes probas de recuperación, deberán pasar a recuperar na proba extraordinaria de xullo.

Os criterios de cualificación que se están a aplicar polo profesorado deste Departamento na materia de Xeografía de España son os seguintes:

1) Os contidos conceptuais e o rigor na expresión conceptual avalíanse mediante exames parciais por cada avaliación, e computan un 90% nas notas das tres avaliacións e da nota final. Na avaliación dos exames teranse en conta os seguintes aspectos: contidos (grao de adquisición e utilización dos conceptos clave), adecuación (o exercicio deberá axustarse ao tenor do enunciado, é dicir, non se poderá responder cun texto cando o que se pide é unha táboa ou esquema, deberá seguir as indicacións dos enunciados, etc.) e redación (deberá coidarse a corrección na expresión).

2) Os contidos procedimentais avalíanse mediante traballos complementarios individuais e que computan un 10% nas notas das tres avaliacións e da nota final.

♦**Adaptación de criterios de avaliación e cualificación en caso de docencia non presencial.**

- Procedementos de avaliación: Realización de actividades similares ás propostas ao longo do curso. Control das actividades propostas durante o período lectivo non presencial relacionadas ca materia.

Instrumentos de avaliación: Seguimento do alumnado mediante o rexistro e control das actividades e as probas escritas propostas.

- Criterios de avaliación: Os criterios serán os mesmos que no caso do ensino presencial. A cualificación final obterase mediante a nota media das tres avaliacións. Este alumnado ten a posibilidade de subir nota, ata un máximo de 1 punto, se realizan e entregan en tempo as actividades voluntarias propostas. Todos os alumnos e alumnas poderán recuperar aquela avaliación ou avaliacións suspensas mediante actividades de recuperación que gardan un formato similar cos exames feitos durante o curso. Aqueles que teñan suspensas as tres avaliacións poderán alcanzar a nota máxima de 5 na nota final ordinaria. En caso de ter algunha das avaliacións aprobadas, podería alcanzar a nota máxima de 6 sempre e cando teña na/s avaliación/s suspensas máis dun 3,5.

### 3.9-Deseño da avaliación inicial e medidas a adoptar en función dos resultados.

Nas primeiras sesións de setembro levarase a cabo unha avaliación inicial do alumnado consistente na realización de actividades orientadas en torno ás competencias clave. Recorreremos a diversos tipos de materiais: textos, gráficas, mapas e imaxes para tratar de recoñecer o grao de dominio no traballo con distintos materiais e tipos de fontes. A realización de cada actividade será inmediatamente seguida da súa corrección na aula por parte do propio alumnado en conxunto. A avaliación inicial permitiranos ter un primeiro coñecemento das necesidades particulares de cada alumno e plantexar modificacións na dinámica da clase, propoñer exercicios de reforzo e titorar dun xeito máis específico a aprendizaxe do alumnado con dificultades.

### 3.10-Medidas de atención á diversidade.

Non se prevé a presenza de alumnado con necesidades especiais. En calquera caso, a medida que avance o curso poderán advertirse dificultades particulares do alumnado que tratarán de ser subsanadas coa proposta de prácticas extraordinarias, atención individual ao alumnado que o requira, orientando e reforzando aqueles aspectos nos que se atopen maiores dificultades.

### 3.11-Concreción dos elementos transversais.

De entre os elementos transversais establecidos no decreto 86/2015 poden concretarse en relación con esta materia:

A comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, as tecnoloxías da información e da comunicación e a educación cívica e constitucional, que por outra parte integran as propias competencias clave de referencia. As primeiras mencionadas farán parte da práctica do traballo cotiá e a última vencéllase aos temas finais do currículo sobre a Xeografía política, á que se engade tamén a educación para a paz. Elementos como a igualdade efectiva de xénero, a tolerancia, a resolución pacífica dos conflitos, as ideas de liberdade, xustiza, igualdade, pluralismo político, paz, democracia, dereitos humanos, o respecto ao Estado de Dereito, o rexeitamento da violencia en todas as súas manifestacións, o recoñecemento das diferentes opcións sexuais, integran igualmente aspectos constitutivos da formación nas nosas materias, Xeografía e Historia. Neste curso traballaranse dende o ámbito da Xeografía humana.

### 3.12-Actividades complementarias e extraescolares programadas.

En 2º de bacharelato non contemplamos en principio saídas ou actividades complementarias dada a dimensión do currículo a traballar, polo que debemos priorizar a preparación do alumnado para a proba de acceso á Universidade. Só en caso excepcional, podería plantexarse algunha actividade sempre que estivese directamente relacionada coa preparación deste curso

## 4-HISTORIA DA ARTE: SEGUNDO CURSO BAC.

### 4.1-Introdución e contextualización.

A materia de Hª da Arte persegue achegar ao alumno os coñecementos necesarios para a análise, interpretación e a valoración da arte a través da linguaxe das formas e do pensamento visual. A idea é centrar o estudo nas características xerais de cada estilo e a evolución dos mesmos co paso do tempo, a través dun número limitado de obras representativas. O tratamento metodolóxico da materia débese axustar ao nivel competencial inicial do alumnado, respectando os distintos ritmos e estilos de aprendizaxe e tendo en conta a atención á diversidade.

### 4.2-Previsión do desenvolvemento da programación nos escenarios de actividade lectiva semipresencial e/ou non presencial.

Tanto no caso da semipresencialidade (corentenas individuais, parciais ou rotatorias) como na non presencialidade (volta a un confinamento), a práctica docente seguiría por medios telemáticos a través das plataformas dixitais Cisco Webex e Aula Virtual do centro e correo electrónico, preservando o dereito á educación. A metodoloxía non cambiaría especialmente, pois as clases maxistrais e as entregas de traballos se farían por estes medios. Xa temos a experiencia no curso pasado.

O alumnado estaría obrigado a conectarse ás teleconferencias segundo o horario establecido polo centro. Como nunha clase convencional, o profesor faría as exposicións e o alumnado plantexaría as dúbidas. Os comentarios se entregarían, ben a través do correo electrónico, ben a través da aula virtual.

### 4.3-Concrecións metodolóxicas.

No caso da **actividade lectiva presencial**, manteranse os criterios metodolóxicos tradicionais da materia, fundamentados nos seguintes principios:

